

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO ASOCIACIÓN MONTEVAL GDR-9

**PROGRAMA LEADER
2023-2027**



A. Descrición do proceso participativo

B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.

C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.

F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia

G. Propostas

A. Descrición do proceso participativo.

<i>A. Descrición do proceso participativo.....</i>	<i>3</i>
Introdución.....	4
Antecedentes	5
A.1. Relación de persoas e entidades participantes	6
Mapa de axentes	6
Persoas e entidades participantes	9
A.2. Cronograma das actuacións e actividades desenvolvidas e das ferramentas de participación pública empregadas	13
A.3. Metodoloxía empregada para o tratamento da información obtida	19
A.3.1. Análise dos datos das persoas convocadas e participantes, tanto de forma presencial como online.	24
A.3.2. Cuantificación e análise das aportación recibidas	26
A.3.3. Metodoloxía a empregar. Propostas	28
A.4. Resultado e conclusións do proceso de participación pública.....	31
A.4.1 Análise dos resultados obtidos	31
A.4.2. Determinación de obxectivos xerais e particulares.....	84
Bibliografía	91

Introdución

A definición dun modelo de xestión é unha misión fundamental da planificación territorial. Para acadar unha correcta xestión ten que existir vontade pública e da cidadanía para acadar a mellora do espazo xeográfico e da calidade de vida salvagardando os recursos naturais, ambientais e culturais (Fernández de Córdoba, 2010).

A procura dun modelo de xestión e gobernanza do territorio pode apoiarse tanto no coñecemento técnico como nun proceso de consulta no que sexa a propia cidadanía a que exprese os valores, positivos e negativos, do marco espacial, paisaxístico e patrimonial no que desenvolve a súa actividade vital. A implicación da cidadanía na toma de decisións por vía directa permite a transmisión de información, a conversión dos cidadáns en actores activos e a lexitimación das propostas garantindo a súa consideración práctica no caso de execución do proxecto.



Figura 1. Xornada de participación na sede do GDR-9.

Antecedentes

No ano 2021 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería de Medio Rural impulsa un *Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental de Ourense para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística*. No marco da redacción deste plan realizouse, ao longo do ano 2022, un proceso de participación pública extenso e detallado, no que se recolleron aportes da cidadanía en relación aos sectores agrogandeiro, forestal e turístico, así como outras consideracións de carácter xeral, de interese para a valorización territorial dos 10 concellos desta área suroriental de Ourense, cuxa delimitación coincide plenamente co ámbito do GDR-9.

Dada a profundidade acadada neste proceso participativo tan recente e realizado cunha planificación, medios e marco temporal amplos, e dada a súa concordancia cos obxectivos da presente estratexia, estimouse oportuno recoller toda esta información de referencia como punto de partida. A partir de aquí, o proceso de participación enfócase en realizar os eventos e entrevistas necesarios para recoller información concreta dalgúns sectores que se viran reflexados a través do proceso anterior, por non ser obxecto do mencionado plan estratéxico.

Neste documento recóllese, por tanto, a información derivada de ambos procesos, para acadar unha visión o máis detallada posible dos aportes realizados por todos os axentes do territorio que formaron parte dun ou outro proceso participativo.

A organización do proceso de participación pública debe contar con escalas programáticas a varios niveis. Esta organización previa permite determinar o deseño de actividades, a decisión da dinámica a empregar, a definición e materiais e os tempos de execución. Todo elo constitúe un plan de traballo definido en:

2. Fase organizativa:

- identificación de axentes de interese
- elección de metodoloxía de traballo
- deseño de actividades e creación de contidos

2. Fase executiva:

- loxística de preparación das aulas e dos materiais
- comunicación cos axentes involucrados
- realización dos encontros

3. Fase expositiva:

- revisión de aportes acadados
- avaliación dos aportes
- exposición de resultados

O Plan de Participación realizarase de modo transversal ás fase de execución establecidas para o desenvolvemento do Plan Estratéxico. Deste xeito, as tarefas propias do proceso participativo coexistirán coas diversas fases de análise e diagnose do proxecto.

A.1. Relación de persoas e entidades participantes

Mapa de axentes

A creación do Mapa de Actores Clave (MAC) é parte esencial do procesos de participación pública. O Mapa de Axentes debe acadar implicación e representatividade polo que é recomendable o desenvolvemento dunha metodoloxía de selección que inclúa:

- Axentes sectoriais
- Administracións e organismos
- Asociacións e colectivos

A creación dun mapa de actores en relación a unha temática sustentase nun modelo metodolóxico que establece diversos niveis de análise. Neste caso, o estudo centrácese no mapeo de actores claves (MAC), establecendo un conxunto de vínculos determinados polas relacións e a posición que cada actor ocupa nelas (Jaramillo, 2016).

Como metodoloxía sistemática fundaméntase na denominada Análise de Interesados establecendo de maneira cuantitativa a relación de cada un dos actores coa materia motivo de estudo. Desta maneira, e a través dun modelo de datos sinxelo, establécese un diagnóstico sobre o estado da cuestión e establécese unha contorna cualitativa sobre o marco de relación (European Network for Rural Development, 2015).

- **Sector.** División inicial que atende á natureza primixenia do actor. Enténdese esta división como fundamental pola orientación dos obxectivos e motivacións últimas do axente involucrado, especialmente en relación á defensa dos intereses colectivos fronte ao interese propio, aínda que non sempre sucede así.
- **Ámbito.** Referencia ao ámbito xeográfico de aplicación da toma de decisións. Sen ser un factor necesariamente determinante, se é significativo en relación á realidade social á que inflúe e ao rol que o actor cumpre nela.
- **Tipo.** A natureza e función de cada actor determinan a súa relación coa temática. Establécense cinco tipos de actores que identifican a súa temática de traballo.

Esta clasificación resulta meramente utilitaria para establecer agrupacións temáticas non valorativas que permitan o contraste entre actores en relación á súa función.

- **Variable 1: Poder / Capacidade.** A toma de decisións e a posibilidade de execución determinan o poder e a capacidade dun axente en relación á temática na que se enmarcan as súas actividades. O poder explícase non só pola capacidade de liderar procesos e ordenar a terceiros senón tamén pola posibilidade de establecer mecanismos autónomos de acción.
- **Variable 2: Influencia / Confianza.** O grao de influencia e de confianza relaciónase co interese na materia e nas garantías que o actor xera aos outros actores involucrados no proceso. A capacidade de influenciar as tomas de decisións de terceiros e o nivel de ascendencia sobre o conxunto de actores enténdense nun contexto de lexitimidade por parte do actor impulsor.

Figura 2. Cadro de criterios para desenvolver un mapa de axentes clave

01_Sector	a. Público	Satisfacción dos intereses colectivos
	b. Privado	Satisfacción de intereses particulares
	c. Mixto	Híbrido dos anteriores
02_Ambito	a. Rexional	
	b. Comarcal	
	b. Comarcal	
03_Tipo	a. Académico	Centros de educación e investigación relacionados coa materia
	b. Social	Asociacións, organismos e colectivos propios da sociedade civil
	c. Económico	Empresas e organizacións que teñen interese económico produtivo e xeran valor
	d. Comunicación	Medios que transmiten información especializada aos restantes actores
	e. Desenvolvemento	Institucións, públicas ou privadas, que contribúen ao asentamento de bases para o futuro
04_Variable1 (Poder/Capacidade)		
	3.Alto	Relación directa coa xestión do territorio
	2.Medio	Interese nas variables do territorio e na sustentabilidade do mesmo
	1.Baixo	Interese nas oportunidades do territorio
05_Variable2 (Influencia/Confianza)		
	3.Alto	Relación directa coa xestión do territorio
	2.Medio	Interese nas variables do territorio e na sustentabilidade do mesmo
	1.Baixo	Interese nas oportunidades do territorio

Tipoloxías sectoriais MAC

O cadro de criterios permite a selección final de perfís a involucrar ou que resultan recomendables para a extracción de información durante o proceso de participación pública. Nese senso, o obxectivo é acadar representatividade en función dos diversos criterios pero sen impoñerse a presenza forzosa de cada un dos perfís. Deste modo o cadro de criterios permite definir o perfil dos axentes necesarios para acadar variedade na transmisión de información. Os participantes envoltos deben ser o mías variado posibles pero o cadro de criterios non ten porque ser necesariamente cuberto en cada unha das súas combinacións. Neste caso os perfís xenéricos defínense en función aos sectores produtivos e temáticos que determinan as liñas básicas de actuación da estratexia:

- Agro-gandeiro
- Forestal
- Turístico e patrimonial

Coñecedores, reguladores, usuarios

A participación pública debe ser, por definición, aberta ao conxunto da cidadanía. Este principio democrático dos procesos é compatible coa procura da implicación de aqueles grupos ou individuos que teñan un interese específico na cuestión. En determinados procesos nos que a temática é moi específica ou especializada, resulta recomendable a implantación dun proceso de participación con obxectivos cualitativos, dado que a procura dun obxectivo cuantitativo pode desvirtuar os resultados por falta de interese, influencia dos expertos ou descoñecemento da temática concreta.

Deste modo, un modelo de participación cualitativo debe tentar ligar aos interesados na materia en cuestión, tanto pola temática en si, como polo ámbito territorial que abrangue o proceso. O interese pode vir xerado por varios motivos pero fundamentalmente considerase a aqueles colectivos ou individuos que teñen representatividade pola seu tipo de actividade ou lugar de desenvolvemento da mesma tendo influencia ou relevancia activa na cuestión motivo de análise.

O método dos coñecedores procura que os axentes envoltos no proceso teñan unha visión práctica na cuestión, máis alá da especialización como expertos. Dentro destas comunidades de interese e centrando a cuestión nas temáticas motivo de análise, existen diversas tipoloxías de colectivos en relación ao seu interese directo na cuestión (propietarios forestais, por exemplo); importancia activa na xestión territorial (agricultores e gandeiros, por exemplo) ou xestores sectoriais (turismo, por exemplo). Neste senso, a propiedade é un factor diferencial esencial dado que, se ben o coñecemento mantense, o tipo de interese nunha cuestión varía en función á división propietario / non propietario. Diversas administracións e organismos actúan como reguladores da cuestión e teñen influencia a través do establecemento de marcos normativos, sendo fundamentais na xestión territorial por vía indirecta ao definir ámbitos de actuación e posibilitar a súa execución. Deste xeito, á marxe de reguladores, actúan como facilitadores, posibilitando os procesos, dentro das capacidades estruturais de cada un deles. Por último, os usuarios, entendidos nun senso amplo, identifícanse coa cuestión pola súa relación directa co territorio sendo xestores do mesmo por interacción directa vía produción ou vía usufruto dos valores territoriais e paisaxísticos. Se ben non sempre son coñecedores da liña básica concreta, os seus intereses e a súa actividade directa mantén interacción polo que resultan igualmente relevantes.

A clasificación tipolóxica dos axentes e colectivos participantes axuda a definir un proceso de participación variado en canto a contidos e enfoques. Se ben, a implicación final de axentes non ten que ser totalmente estrita neste senso, o tentar aproximarse ao modelo proposto garante un proceso rico dende o punto de vista cuantitativo. A modo de exemplo e, tendo en conta o cadro de criterios, a definición de perfís por sector serán preferentemente os indicados no seguinte cadro.

Táboa 1. Tipoloxías de axentes por sectores.

Sector agro-gandeiro: tipoloxías de axentes

01_Coñecedores	02_Reguladores	03_Usuarios
a. Propietarios Individuais e colectivos	a. Administración Estatal	a. Propietarios forestais
b. Coñecedores non propietarios	b. Administración Rexional	b. Apicultores, cazadores, micólogos, etc.
	c. Administración Comarcal	c. Asociacións e empresas agrogandeiras locais
	d. Administración Local	d. Asociacións ecoloxistas, veciñais e culturais
		e. Ocio, turismo e deporte
		f. Outros sectores: extractivo, enerxético, etc.

Sector Forestal: tipoloxías de axentes

01_Coñecedores	02_Reguladores	03_Usuarios
a. Propietarios Individuais e colectivos	a. Administración Estatal	a. Agricultores e gandeiros
b. Coñecedores non propietarios	b. Administración Rexional	b. Apicultores, cazadores, micólogos, etc
	b. Administración Comarcal	c. Asociacións e empresas forestais locais
	c. Administración Local	d. Asociacións ecoloxistas, veciñais e culturais
		e. Ocio, turismo e deporte
		f. Outros sectores: extractivo, enerxético, etc

Sector turístico-patrimonial: tipoloxías de axentes

01_Coñecedores	02_Reguladores	03_Usuarios
a. Xestores turísticos e patrimoniais	a. Administración Estatal	a. Guías e operadores turísticos
b. Coñecedores turísticos e patrimoniais	b. administración Rexional	b. Usuarios turísticos e patrimoniais
	b. Administración Comarcal	c. Asociacións e empresas turísticas locais
	c. Administración Local	d. Asociacións ecoloxistas, veciñais e culturais
		e. Ocio, turismo e deporte
		f. Outros sectores: extractivo, enerxético, etc

Persoas e entidades participantes

Táboa 2. Relación de persoas e entidades participantes

NOME	ORGANIZACIÓN	CONCELLO	LOCALIDADE	SECTOR	TIPO
ABEL AFONSO SIERRA	APARTAMENTOS TURÍSTICOS MONTERREI	MONTERREI	MONTERREI	PRIVADO	ECONÓMICO
ADRIÁN ESTÉVEZ IGLESIAS	WIKIMEDIA ESPAÑA	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	PRIVADO	SOCIAL
ADRIÁN RODRÍGUEZ VAZ	MEL DA RIBEIRA S.C.	RIÓS	VENDAS DA BARREIRA	PRIVADO	ECONÓMICO
ALEJANDRO PRADA VILLARINO	MADEIRAS PRADA S.L. - ASERRADOIRO	OÍMBRA	OÍMBRA	PRIVADO	ECONÓMICO
ANA ISABEL ESTÉVEZ	CONCELLO DE RIÓS	RIÓS	RIÓS	PÚBLICO	ECONÓMICO
ANA MARÍA VILLARINO PARDO	CONCELLO DE OÍMBRA	OÍMBRA	OÍMBRA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
ANA PARDO PARDO	ASOCIACIÓN MONTEVAL-GDR 9	VERÍN	PAZOS	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
ANDRÉS DIZ DOMÍNGUEZ	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	OÍMBRA	RABAL	PRIVADO	SOCIAL
ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ, TOTE	TYT SERVICIOS AGRÍCOLAS Y FORESTALES SCG.	LAZA	VILAMEÁ	PRIVADO	ECONÓMICO
ANTONIO LAMIÑO ALONSO	COMUNAL DE GONDULFES	CASTRELO DO VAL	GONDULFES	PRIVADO	ECONÓMICO
ANTONIO MÉNDEZ	VITIVINÍCOLA MENASA S.L. - BODEGAS VEGA DE LUCÍA	VILARDEVÓS	BUSTELO	PRIVADO	ECONÓMICO
BELÉN RIGÜELA RODRÍGUEZ	CONCELLO DE VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	MOIALDE	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
BENJAMÍN PARDO LÓPEZ	HORTA DE OÍMBRA - IXP PEMENTO OÍMBRA	OÍMBRA	OÍMBRA	PRIVADO	ECONÓMICO

BRAIS ESTÉVEZ VILARIÑO	UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA	OÍMBRA	OÍMBRA	PRIVADO	SOCIAL
BRUNO RÚA MARTÍNS	APATRIGAL - ALDEAS DE TAMAGANIA	VERÍN	VERIN	PRIVADO	SOCIAL
CESÁREO PARADA CID	COMUNAL DE GONDULFES	CASTRELO DO VAL	GONDULFES	PRIVADO	ECONÓMICO
CRISTINA CLAVERÍA ALVES	ASOCIACIÓN OS TRES REINOS	MEZQUITA , A	A MEZQUITA	MIXTO	SOCIAL
CRISTINA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	COLECTIVO FEMINISTA A GUDIÑA	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	PRIVADO	ECONÓMICO
DANIEL BLANCO RODRÍGUEZ	CONCELLO DE LAZA	LAZA	LAZA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
DANIEL DIÉGUEZ DIÉGUEZ	APOIO SCG.	VERÍN	PAZOS	PRIVADO	DESENVOLVEMENTO
DIEGO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ	SOBREOSMUÍÑOS S.L. - PROCESADO E ENVASADO CÁRNICO	MEZQUITA , A	O PEREIRO	PRIVADO	ECONÓMICO
ELIGIO GIL SANMAMED	COMUNAL CARREIRO LADRÓN	CUALEDRO	ATÁS	PRIVADO	ECONÓMICO
ELVIRA PRIETO FERNÁNDEZ	CONCELLO DE RIÓS	RIÓS	RIÓS	PÚBLICO	ECONÓMICO
EMILIO MORAIS CASTRO, MILO	COMUNAL DE MEDA E MONTOUTO	CUALEDRO	BALDRIZ	PRIVADO	ECONÓMICO
ENCARNACIÓN LORENZO LIMIA, CHON	CONCELLO DE VERÍN	VERÍN	VERÍN	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
FAUSTINO DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ	COMUNAL SERRA DE LAROUÇO E SERRA DE SANDÍN	CUALEDRO	LUCENZA	PRIVADO	ECONÓMICO
FERNANDO DOMÍNGUEZ DAPÍA	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LUCENZA	CUALEDRO	LUCENZA	PRIVADO	SOCIAL
FRANCISCO ARMANDO VEIGA ROMERO	CONCELLO DE RIÓS	RIÓS	RIÓS	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ	CONCELLO DA MEZQUITA	MEZQUITA , A	A MEZQUITA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
GABRIEL CALDELAS FERNÁNDEZ	FORESTAL FRIEIRAS S.L. (extinta)	MEZQUITA , A	O CANIZO	PRIVADO	ECONÓMICO
GERARDO SEOANE FIDALGO	CONCELLO DE VERÍN	VERÍN	VERÍN	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
GERARDO VICENTE PAZOS	COMUNAL DE NOCEDO DO VAL	CASTRELO DO VAL	NOCEDO DO VAL	PRIVADO	ECONÓMICO
HÉCTOR SALGADO GARCÍA	ARTESANÍA MORENITA	LAZA	LAZA	PRIVADO	ECONÓMICO
IAGO DANTA FERNÁNDEZ	EMBUTIDOS A MATANZA	RIÓS	SAN CRISTOVO	PRIVADO	ECONÓMICO
JAVIER PAYO MEIRIÑO	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO AGROFORESTAL DE RIÓS - INORDE	VERÍN	VERÍN	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ DOSANTOS	HORTOFRUTICULTURA VENDAS DA BARREIRA	RIÓS	VENDAS DA BARREIRA	PRIVADO	ECONÓMICO
JOSÉ FERNÁNDEZ	BODEGA CASTRO DE LOBARZÁN S.C.	MONTE RREI	VILAZA	PRIVADO	ECONÓMICO
JOSÉ LUIS CHAN RODRÍGUEZ	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - DX PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	OUTROS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	PÚBLICO	ECONÓMICO
JOSÉ LUIS MATEO GARCÍA	BODEGAS QUINTA DA MURADELLA	VERÍN	VERÍN	PRIVADO	ECONÓMICO
JOSÉ LUIS PRIETO DOMÍNGUEZ	O RETIRO DO CONDE - CASA DE TURISMO RURAL	MONTE RREI	VILAZA	PRIVADO	ECONÓMICO

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ	CONCELLO DE MONTERREI	MONTERREI	VILAZA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
JOSÉ LUIS VAZ FERNÁNDEZ	VERÍN BIOCOOP SCG.	VERÍN	PAZOS	PRIVADO	ECONÓMICO
JOSÉ MANUEL FRANCO	BODEGA FRANCO BASALO S.L.U. - ESTELA DO VAL	CASTRELO DO VAL	FONDOUGAS	PRIVADO	ECONÓMICO
JOSÉ PAZ PAZ	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	MIXTO	DESENVOLVEMENTO
JOSÉ RODRÍGUEZ CRUZ	ASOCIACIÓN CULTURAL HISTORIA DA GUDIÑA	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	PRIVADO	SOCIAL
JOSEFA DE LEÓN BLANCO	AGROAMB PRODALT	CUALEDRO	CUALEDRO	PRIVADO	ECONÓMICO
JUAN BARREIRA DÍAZ, CRUYFF	ECOVIANESA S.L. - EXPLOTACIÓN BOVINO	VILARDEVÓS	SOUTOCHAO	PRIVADO	ECONÓMICO
JUAN JOSÉ ESTÉVEZ	GUDIAGRO S.L. - EXPLOTACIÓN BOVINO	GUDIÑA, A	MESÓN DE EROSA	PRIVADO	ECONÓMICO
LARA DA SILVA RODRÍGUEZ	CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI	VERÍN	VERÍN	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
LUCIANO RIVERO CUQUEJO	CONCELLO DE CUALEDRO	CUALEDRO	CUALEDRO	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
LUIS CID CONGIL	CONCELLO DE VERÍN	VERÍN	VERÍN	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
MANUEL CARDOSO PÉREZ	CONCELLO DE VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
MANUEL GUERRA CARNERO	COMUNAL DE NOCEDO DO VAL	CASTRELO DO VAL	NOCEDO DO VAL	PRIVADO	ECONÓMICO
MARÍA JESÚS ÁLVAREZ SÁNCHEZ	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO AGROFORESTAL DE RIÓS - INORDE	RIÓS	PROGO	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
MARÍA JESÚS BARREIRA, CHUS	SOUTO DA TRABE	VILARDEVÓS	A TRABE	PRIVADO	ECONÓMICO
MARTA LAGO CERVIÑO	XEITURA COOP. - XESTIÓN PATRIMONIO CULTURAL	OUTROS	ALLARIZ	PRIVADO	SOCIAL
MARTÍN CARRACEDO ALONSO	COMUNAL DE PEPÍN (SERVITEC)	CASTRELO DO VAL	PEPÍN	PRIVADO	ECONÓMICO
MARTIÑO VÁZQUEZ MATO	XEITURA COOP. - XESTIÓN PATRIMONIO CULTURAL	OUTROS	ALLARIZ	PRIVADO	ECONÓMICO
MIGUEL ANXO PÉREZ	AGRICULTOR	MONTERREI	INFESTA	PRIVADO	ECONÓMICO
MILAGROS PRADA PARDO	CONSELLO REGULADOR IXPPEMENTO DE OÍMBRA	OÍMBRA	OÍMBRA	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
NATALIA RIVAS VILAR	HOTEL RURAL TERRA ALMA	LAZA	AS EIRAS	PRIVADO	ECONÓMICO
NEREA PÉREZ ADRIANO	AECT EUROCIDADE CHAVES-VERÍN	CUALEDRO	CARZOÁ	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
NESTOR OGANDO	FRUTIMEL EXPLOTACIÓN APÍCOLA	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	PRIVADO	ECONÓMICO
NIDIA DA CUNHA	AECT EUROCIDADE CHAVES-VERÍN	OUTROS	CHAVES	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
NIEVES AMADO ROLÁN	UNIVERSIDADE DE VIGO	LAZA	LAZA	PÚBLICO	SOCIAL
NURIA SÁNCHEZ LIMIA	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO AGROFORESTAL DE RIÓS - INORDE	RIÓS	PROGO	PÚBLICO	DESENVOLVEMENTO
PABLO CASANOVA ITURRALDE	AS GALEGAS - CERVEXARÍA ECOLÓXICA	MONTERREI	ESTEVESEÑOS	PRIVADO	ECONÓMICO
PURIFICACIÓN CALDELAS RODRÍGUEZ	ASUBÍO TENDA ECO	VERÍN	VERÍN	PRIVADO	ECONÓMICO

PURIFICACIÓN GARCÍA	BODEGA TRIAY - GODELLO & ENOTURISMO	OÍMBRA	O ROSAL	PRIVADO	ECONÓMICO
RAFAEL CASTRO VAAMONDE	CONCELLO DE MONTERREI	MONTERREI	ALBARELLOS	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
RAFAEL PÉREZ VÁZQUEZ	CONCELLO DA MEZQUITA	MEZQUITA, A	A MEZQUITA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
ROI BARCALA DOMÍNGUEZ	RUTEA INICIATIVAS TURÍSTICAS Y AMBIENTALES S.L.	OUTROS	OURENSE	PRIVADO	ECONÓMICO
RUBÉN GARCÍA GONÇALVES	PRETICO CONSULTORES S.L. - ENXEÑARÍA E URBANISMO	LAZA	MATAMÁ	PRIVADO	ECONÓMICO
SANTIAGO PÉREZ ÁLVAREZ	PLANTAS ECOAGRO - PRODUCCIÓN PLANTA HORTÍCOLA E FORESTAL	CASTRELO DO VAL	O POULÓN	PRIVADO	ECONÓMICO
TAMARA BALBOA GARCÍA	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	MIXTO	DESENVOLVEMENTO
VICENTE GÓMEZ GARCÍA	CONCELLO DE CASTRELO DO VAL	CASTRELO DO VAL	CASTRELO DO VAL	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
VÍCTOR DOS SANTOS SARMIENTO	VDS - ESTUDIO DE TOPOGRAFÍA Y PAISAJISMO	VERÍN	FECES DE ABAIXO	PRIVADO	ECONÓMICO
XOSÉ BARXA BRANCO	COMUNAL DE CAMPOBECERRROS	CASTRELO DO VAL	CAMPOBECERRROS	PRIVADO	ECONÓMICO
XOSÉ MARÍA LAGO CABO	CONCELLO DA GUDIÑA	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
XOSÉ RAMÓN BARREAL NOVO	CONCELLO DE LAZA	LAZA	LAZA	PÚBLICO	ADMINISTRACIÓN
XOSÉ RAMÓN REIGADA	ECOLOXISTA INDEPENDENTE	VERÍN	VERÍN	PRIVADO	SOCIAL

A.2. Cronograma das actuacións e actividades desenvolvidas e das ferramentas de participación pública empregadas

Acompañamentos

Os acompañamentos son saídas a campo nas que os axentes coñecedores do ámbito mostran aspectos que consideren relevantes en relación á súa especialidade ou perfil. O proceso é abordado como un intercambio no que o equipo técnico informa sobre o desenvolvemento da estratexia e a realización do proceso de participación pública e recolle o coñecemento local. As saídas a realizáronse entre os meses de decembro de 2021 e outubro de 2022 e procuraron perfís e sectores variados a modo de mostraxe.

Táboa 3. Relación de persoas e entidades participantes nos acompañamentos

NOME	PERFIL	LUGAR	CONCELLO	DATA
ADRIÁN ESTÉVEZ	FILÓLOGO	A GUDIÑA	A GUDIÑA	16-12-2021
JOSÉ CRUZ	ETNÓGRAFO	MINAS DE BARXA	A GUDIÑA	22-12-2021
MARTA LAGO	ARQUEÓLOGA	CASTRO DA SACEDA	CUALEDRO	08-02-2022
ALEJANDRO PRADA	EMPRESARIO	MADEIRAS PRADA	OÍMBRA	09-02-2022
FERNANDO DOMÍNGUEZ	MESTRE	LUCENZA	CUALEDRO	11-02-2022
PURIFICACIÓN GARCÍA	ADEGUEIRA	BODEGAS TRIAY	OÍMBRA	17-02-2022
RAFAEL CASTRO	TÉCNICO	RÍO TÁMEGA	MONTERREI	23-02-2022
ANXO PÉREZ	AGRICULTOR	INFESTA	MONTERREI	03-03-2022
LUIS CID	CONSULTOR	POZO DO DEMO	VERÍN	03-03-2022
JUAN BARREIRA	GANDEIRO	ECOVIANESA	VERÍN	17-03-2022
MARÍA JESÚS BARREIRA	EMPRESARIA	SOUTO DA TRABE	VILARDEVÓS	22-03-2022
MVMC DE VIDEFERRE	COMUNEIROS	VIDEFERRE	OÍMBRA	30-10-2022



Entrevistas

As entrevistas individuais permitiron un achegamento personalizado a axentes de interese nos diversos ámbitos. Para acadar equidade, tanto territorial como sectorial, realizouse unha selección dun amplo listado inicial de axentes de interese.

O tipo de encontro fundamentouse en entrevistas semiestruturadas nas que, a través dos criterios de inicio, se propoñía unha serie de bloques temáticos ao entrevistado. Este modelo permite axilidade, tanto ao técnico como ao axente, ao non ter que pechar o encontro á dinámica pregunta - resposta. Co fin de acadar unha información especializada, deseñáronse catro tipos de entrevistas: agrogandeira, forestal, turístico - patrimonial e xeral (para aqueles axentes transversais ou das administracións locais).

O proceso desenvolveuse entre decembro de 2021 e febreiro de 2022, tempo no que foron entrevistados 80 axentes dos 10 concellos envoltos no ámbito do GDR-9 (incluídos os 10 alcaldes) e doutros de fora do ámbito pero con intereses no mesmo. Resaltar a excelente resposta dos axentes contactados e a máxima colaboración ofrecida por todos eles.



Figura 3. Mostra de parte dos axentes e entidades participantes na fase de entrevistas.

Para o deseño da presente estratexia ampliouse a fase de entrevistas, contactando con 8 axentes máis de sectores que non foron entrevistados no proceso de participación pública anterior, acadando así un total de 88 axentes entrevistados.

Talleres

Os talleres de participación pública teñen como premisa básica a implicación de axentes, colectivos ou cidadanía interesada na temática. O taller é un encontro no que os diversos participantes colaboran na definición de obxectivos de cara ao futuro.

Aspecto básico será a realización dunha cartografía participativa que recollerá espazos de oportunidade e aptitudes do territorio.

Táboa 4. Cronograma de realización dos talleres

CONCELLO	LUGAR	DATA	HORARIO
VERÍN	CASA DA CULTURA	20-04-2022	18.00-20.00
MONTERREI	CASA DA CULTURA	21-04-2022	18.00-20.00
OÍMBRA	CASA DO CONCELLO	22-04-2022	18.00-20.00
CUALEDRO	AULA ARQUEOLÓXICA	28-04-2022	18.00-20.00
RIÓS	CENTRO AGROFORESTAL	04-05-2022	18.00-20.00
CASTRELO DO VAL	CASA DO CONCELLO	05-05-2022	18.00-20.00
LAZA	CASA DO CONCELLO	06-05-2022	18.00-20.00
VILARDEVÓS	CASA DO CONCELLO	11-05-2022	18.00-20.00
A GUDIÑA	EDIFICIO MULTISUSOS	12-05-2022	18.00-20.00
A MEZQUITA	ASOCIACIÓN OS TRES REINOS	13-05-2022	18.00-20.00



Figura 4. Mostra de realización dos talleres.

Dinámicas do modelo de taller

Os talleres contaron cun plan tipo que organizaba tanto o tempo como o espazo de realización do evento. Estes modelos predeterminados axudan a definir os roles dos participantes e permiten desenvolver correctamente as dinámicas establecidas.

Táboa 5. Organización tipo dos talleres

Plan de taller
RECEPCIÓN
Benvida e acomodo dos participantes
Formación dos grupos de traballo por mesas
PRESENTACIÓNS
Presentación do equipo
Saúda dos representantes das administracións
Referencia á estratexia e ao marco normativo
Explicación do evento e da metodoloxía de traballo
ACTIVIDADES
Presentación de resultados da Fase 1 do proceso de participación (entrevistas) e DAFO provisional
Cuestionario individual da matriz de impacto coa ferramenta Mentimeter
Proposta cartográfica por mesas dos elementos estratéxicos para o desenvolvemento da estratexia: localización potencial de polígonos agroforestais, indicación espacial sobre aptitude agraria, aldeas de interese , bens patrimoniais, áreas de valor paisaxístico, etc.
Plenario: quenda de palabra aberta e recompilación de propostas
Exposición de resultado por mesas
AGRADECEMENTOS E DESPEDIDA

Mesas sectoriais

As mesas sectoriais completaron o proceso de participación pública aportando unha visión da xestión experta para cada unha das temáticas.

A organización das mesas contou con dinámicas diversas, adaptándose aos diferentes modelos de eventos realizados. Realizáronse un total de 6 mesas sectoriais entre os meses de abril de 2021 e maio de 2022.

Táboa 6. Cronograma das mesas sectoriais.

MESA	LUGAR	DATA
INSTITUCIONAL	CASA DA CULTURA DE VERÍN	07-04-2022
VIÑEDO E TURISMO	CASA DA CULTURA DE VERÍN	07-04-2022
MONTES COMUNAIS	CASA DO CONCELLO DE CUALEDRO	16-04-2022
AGROGANDEIRA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL (OURENSE)	25-05-2022
FORESTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL (OURENSE)	25-05-2022
COOPERACIÓN	PARADOR DE TURISMO DE VERÍN	26-05-2022



Figura 5. Mostra da realización das mesas sectoriais.

Xornadas participativas

As xornadas de participación enfocáronse en complementar o resto do proceso desenvolvido e a orientar as cuestións cara á actividade específica a desenvolver pola Asociación Monteval GDR-9.

Na primeira xornada desenvolveuse unha dinámica que permitiu avaliar a análise DAFO e priorizar unha serie de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades que, posteriormente, serviron de base a dous grupos de debate nos que se elaboraron propostas concretas. A segunda das xornadas traballou sobre as derivadas de ditas propostas, permitindo seleccionar, mediante a votación dos participantes, aqueles proxectos piloto a desenvolver de cara á estratexia.

Táboa 7. Cronograma das xornadas de participación

XORNADA	LUGAR	DATA
XORNADA DE PARTICIPACIÓN 1. VALORACIÓN DO DAFO E RECOLLIDA DE PROPOSTAS	SEDE DA ASOCIACIÓN MONTEVAL-GDR-9	08-11-2022
XORNADA DE PARTICIPACIÓN 2. SELECCIÓN DE PROXECTOS PILOTO	SEDE DA ASOCIACIÓN MONTEVAL-GDR-9	30-11-2022



Figura 6. Mostra da realización das xornadas de participación

Outros recursos de participación

Cuestionario online

Para abrir o proceso de participación a tódolos axentes interesados, incluso aqueles aos que non lles foi posible asistir aos diferentes eventos de participación realizados, elaborouse un cuestionario online que permitiu avaliar o coñecemento dos distintos axentes sobre a labor da Asociación Monteval GDR-9, así como tamén recoller achegas sobre as dinámicas territoriais, enfocadas a cumprir cos obxectivos fixados na estratexia.

Enquisa de valoración interna

Co obxecto de realizar un proceso de autoavaliación e recoller os aportes de todos os membros da xunta directiva Asociación Monteval GDR-9, realizouse unha enquisa específica para valorar o grao de acordo ou desacordo con distintos aspectos en relación ao traballo desenvolvido no marco da Estratexia 2014-2020, para poder tomar en conta estas consideracións de cara ao desenvolvemento da nova estratexia.

A.3. Metodoloxía empregada para o tratamento da información obtida

Criterios de inicio

O plan de participación pública debe incluír as canles, instrumentos e axentes implicados no proceso, coa fin de garantir a participación cidadá xeral e a específica das persoas e colectivos con interese ou influencia na temática específica. A avaliación inicial do proceso inclúe a definición de liñas estratéxicas mediante a análise da ou situación de inicio das temáticas propias do proxecto, a través do establecemento dos puntos de partida. A dirección do proxecto establecerá estas liñas básicas sempre de acordo coas partes implicadas no convenio.

Os criterios de inicio son as variables de estudo que se establecen como punto de partida do traballo. Estes factores previos serán a base das pautas sectoriais coas que se traballará para acadar o establecemento dos obxectivos de calidade que orientarán a toma de decisións posterior. A batería de criterios de inicio fórmulase a través do coñecemento técnico pero incorpora as consideracións dos axentes territoriais consultados na primeira fase da participación pública. As liñas de traballo determinadas polos criterios de inicio non definen por completo a orientación do traballo dado que a través da participación pública poderanse incorporar os criterios que os diversos axentes aporten dende o seu coñecemento e experiencia establecendo os criterios sectoriais definitivos. Deste xeito, os criterios sectoriais da proposta acádanse polo consenso entre o coñecemento experto e a experiencia práctica dos xestores territoriais.

Táboa 8. Criterios de inicio sector agrogandeiro.

SECTOR	FINALIDADE	CRITERIOS DE INICIO
AGRARIO E GANDEIRO	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO AGRARIO E GANDEIRO	AG01_1: ESPECIALIZACIÓN AGRARIA AG01_2: ESPECIALIZACIÓN GANDEIR
	02_VITICULTURA	AG02_1: D.O. MONTERREI: CARACTERIZACIÓN E MODELO PRODUTIVO AG02_2: INTEGRACIÓN MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO CULTIVO DA VIDE AG02_3: SERVIZOS DERIVADOS DA VITICULTURA
	03_MOBILIDADE DE TERRAS	AG03_1: OFERTA E DEMANDA DE TERRAS AG03_2: MECANISMOS DE MOBILIZACIÓN DA TERRA AG03_3: OPTIMIZACIÓN DA SAU E CAMBIOS DE USO DO SOLO
	04_POLÍTICA AGRARIA COMÚN	AG04_1: NOVA PAC E ESTRATEXIAS AG04_2: ECOESQUEMAS
	05_XESTIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL	AG05_01: ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AG05_2: MERCADO E DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS AG05_3: CERTIFICACIÓNS DAS PRODUCCIÓNS
	06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS	AG06_1: RURALIZACIÓN PLANIFICADA E RENATURALIZACIÓN AG06_2: SERVIZOS ECOSISTÉMICOS AG06_3: PRÁCTICAS AGRARIAS E GANDEIRAS FRONTE AOS LUMES FORESTAIS
	07_AGRICULTURA E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO	AG07_1: PRODUCCIÓN ECOLÓXICA AG07_2: MEDIO RURAL E BIOECONOMÍA AG07_3: INFRAESTRUTURA VERDE
	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	AG08_1: MODERNIZACIÓN DO SECTOR PRIMARIO AG08_2: PRODUTOS E SERVIZOS AGROGANDEIROS INNOVADORES AG08_3: FORMACIÓN E COOPERACIÓN
	09_PAISAXE	AG09_1: INTEGRACIÓN E CONSERVACIÓN PAISAXÍSTICA E REDUCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.

Táboa 9. Criterios de inicio sector forestal.

SECTOR	FINALIDADE	CRITERIOS DE INICIO
FORESTAL	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	FO01_1: CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD FO01_2: ACCESO Á PROPIEDAD E TIPO DE TENENCIA DA TERRA FO01_3: MODELO DE XESTIÓN
	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	FO02_1: HABILITACIÓN DE INSTRUMENTOS DE XESTIÓN FO02_2: AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIS FO02_3: CONCENTRACIÓNS E REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS FO02_4: MONTES PÚBLICOS, MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, MANCOMUNIDADES E OUTROS MODELOS.
	03_MOBILIDADE DE TERRAS	FO03_1: BANCO DE TERRAS FO03_2: CAMBIOS DE USO DA TERRA
	04_PRÁCTICAS DE XESTIÓN FORESTAL	FO04_1: PRÁCTICAS DE SILVICULTURA FO04_2: REDUCCIÓN DO RISCO DE INCENDIO FO04_3: SENSIBILIZACIÓN DA SOCIEDADE FRONTE AOS LUMES FORESTAIS
	05_ FERRAMENTAS TIC (TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN)	FO05_1: FERRAMENTAS E APLICACIÓNS FO05_2: FORMACIÓN TIC
	06_ESPAZOS NATURAIS, PAISAXE E XESTIÓN FORESTAL	FO06_1: ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS E CORREDORES NATURAIS FO06_2: INTEGRACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS
	07_SERVIZOS DERIVADOS DA XESTIÓN FORESTAL	FO07_1: SERVIZOS ECOSITÉMICOS DERIVADOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Táboa 10. Criterios de inicio sectores de turismo, patrimonio e paisaxe.

SECTOR	FINALIDADE	CRITERIOS DE INICIO
TURISMO, PATRIMONIO E PAISAXE	01_VALORES PATRIMONIAIS	TP01_1: BENS DE INTERESE CULTURAL TP01_2: NÚMERO E DENSIDADE DE ELEMENTOS TP01_3: INVENTARIO DE PATRIMONIO INMATERIAL
	02_VALORES NATURAIS E PAISAXÍSTICOS	TP02_1: ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS E VALORES PAISAXÍSTICOS
	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	TP03_1: DIVERSIDADE DA OFERTA TP03_2: ACCESIBILIDADE DOS RECURSOS TURÍSTICOS TP03_3: TRANSPORTE E CONEXIÓN COAS ÁREAS DE POTENCIALIDADE TURÍSTICA
	04_INNOVACIÓN TURÍSTICA	TP04_1: NOVOS MODELOS TURÍSTICOS

Táboa 11. Criterios de inicio xerais.

SECTOR	FINALIDADE	CRITERIOS DE INICIO
XERAL	01_TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	CX01_1: PLANEAMENTO URBANÍSTICO E SERVIZO BÁSICOS CX01_2: VÍAS DE COMUNICACIÓN E TRANSPORTE PÚBLICO CX01_3: TECNOLOXÍA, CONECTIVIDADE E DIXITALIZACIÓN
	02_DEMOGRAFÍA E CONTEXTO LABORAL	CX02_1: ESTRUCTURA SOCIOECONÓMICA
	03_MEDIO AMBIENTE E PAISAXE	CX03_1: CONSERVACIÓN AMBIENTAL CX03_2: PAISAXE COMO VALOR SINGULAR
	04_SISTEMA DE NÚCLEOS E RELACIÓN RURAL-URBANO	CX04_1: TIPO DE HÁBITAT CX04_02: ABANDONO E VITALIDADE DO RURAL
	05_ CULTURA, OCIO E SOCIEDADE	CX05_1: TECIDO ASOCIATIVO CX05_2: OFERTA DE OCIO

Accións participativas

A fase de consulta do proceso de participación pública constitúe o núcleo do mesmo. Neste momento de interacción directa cos axentes seleccionados prodúcese o intercambio de información que xustifica a realización do proceso.

A escolla dunha combinación de traballo individual e en grupo responde ás especificidades do plan a definir: 1) por un lado, a consulta individual garante unha interacción directa e un nivel de compromiso por parte do axente posibilitando así a transmisión de información cualitativa. Para iso é necesario ter realizado previamente unha correcta selección de axentes no Mapa de Axentes Clave. 2) por outra banda, a variante de traballo colectiva aporta diversidade interpretativa e posibilidade de deliberación, consenso e acordos, aportando así unha información equilibrada desde os puntos de vista cualitativo e cuantitativo. Os encontros procurarán achegas a través de entrevistas tipo e mesas de traballo en talleres para os axentes seleccionados.

Primeira ronda Delphi: entrevistas (presencial)

- Definición de obxectivos a valorar: batería inicial de criterios. Procura de elementos comúns.
- Preguntas abertas (cualitativas): estado das cuestións na situación actual e obxectivos a alcanzar nas mesmas.
- DAFO
- Xeración de resultados cualitativos e definición das preguntas da seguinte ronda
- Acompañamentos

Segunda ronda Delphi: mesas talleres (presencial)

- Preguntas pechadas (cuantitativas):
- Cuestións que introducen unha maior especificidade na consulta : zonificacións (PPGIS)
- Xeración de resultados cuantitativos

Terceira ronda Delphi (telemática)

- Transmisión de resultados individualizada.

Acompañamentos

Observación participante: en paralelo á fase de análise e diagnóstico territorial establecerase un marco de participación fundamentado na metodoloxía da observación participante. Aproveitando o traballo de campo desta fase do proxecto e os contactos iniciais, o equipo poderá implantar esta metodoloxía de interpretación baseada na observación cualitativa e na recollida de datos que axuden a interpretar a realidade territorial e humana do ámbito de estudo.

Esta técnica de participación non intrusiva permite a identificación de problemas non coñecidos a priori polo equipo de traballo. Para tal fin compre realizar, en paralelo ao traballo de campo, interaccións coa cidadanía local a modo de recollida informal, observación e mesmo de socialización a través de acompañamentos polo territorio. Estes traxectos permiten a lectura da paisaxe por parte de informantes clave que facilitan información técnica pero tamén establecen vínculos con potenciais axentes locais nos que se poderán apoiar as fases futuras do proceso de participación pública.

Entrevistas (Método Delphi)

a realización de entrevistas a axentes clave ou coñecedores das cuestións aportan unha información de calidade e a posibilidade de transmisión e difusión do proceso. A selección dos axentes entrevistados fundamentase nas categorías do Mapa de Axentes Clave tentado acadar unha representación efectiva dos diversos tipos de perfís, tendo en conta as limitacións estruturais e temporais do proceso.

O modelo de entrevista basease no método Delphi, que recolle a opinión de coñecedores e expertos coa fin de identificar tendencias sobre as temáticas motivo de análise. O método Delphi é un modelo de enquisa baseado nun proceso grupal e anónimo no que os entrevistados responden en paralelo as cuestións expostas sen coñecer as opinións particulares dos outros integrantes do proceso. A retroalimentación é xestionada polo equipo que en cada fase do proceso vai transmitindo, si resulta necesario, a posición xeral do grupo respecto ás cuestións abordadas.

A entrevista Delphi pode ser executada por varias vías máis neste caso recoméndase a modalidade presencial coa fin de establecer vínculo cos axentes con miras ás seguintes fases do proceso de participación.

As entrevistas permitirán a compilación de información cualitativa e cuantitativa coa que se xerarán diversas análises temáticas mediante a xeración dunha matriz de impacto.

Talleres (Grupos Focais)

A participación pública ven determinada pola implicación dos colectivos de interese no proceso polo que, en moitos casos, existe unha representatividade limitada de determinados colectivos (mulleres, por exemplo) polo que o equipo debe realizar unha completa selección inicial de axentes centrándose nas comunidades con influencia na xestión do territorio (administracións, por exemplo) ou con interese no mesmo (propietarios, por exemplo).

O modelo de Grupo Focal xera un taller no que se realizan intervencións estruturadas no que os facilitadores conducen o evento e procuran a extracción de información mediante dinámicas de grupo a modo de mesa de traballo: o moderador dirixe o debate a través de preguntas directas ofrecendo tamén respostas. A finalidade do modelo é a aportación aberta dos participantes e as sinerxías entre os facilitadores e dos propios participantes entre si.

A orientación do taller debe responder á fixación previa dun obxectivo xeral e de obxectivos secundarios para cada unha das temáticas a avaliar. Os talleres procuraran a equidade territorial programándose un evento en cada un dos concellos que forman parte do ámbito. A composición dos talleres será determinada en función ás grandes liñas de actuación do proxecto, establecéndose a maiores un calendario de mesas temáticas:

- Sectores agrario e gandeiro
- Sector forestal
- Sector patrimonial e turístico

Os talleres terán como función a definición de posibles escenarios de futuro para o sector territorial do ámbito de estudo. Para elo deberán determinarse obxectivos nos diversos eidos temáticos así como as medidas e accións necesarias para acadalos.

Comunicación

A participación pública ten a súa razón de ser na implicación da cidadanía. A proliferación de procesos de participación pública no ámbito da análise territorial, non garante o éxito dos mesmos, especialmente nos sectores agrogandeiro, forestal e turístico nos que o hábito de participar é aínda débil. A implicación dos colectivos nos procesos pasan pola correcta difusión do mesmo dado que non existen metodoloxías que garantan o compromiso dos diversos axentes sectoriais.

Deste modo, unha correcta política de difusión pode garantir o correcto desenvolvemento do proceso participativo, nomeádemete en casos como este que requiren un alto grado de especificade nun sector territorial de baixa densidade de poboación. A difusión consta de varias etapas de execución. Atendendo a experiencias previas (Abelleira-Yáñez et al., 2011) nunha liña temática e contexto territorial equiparable, serían:

- Clasificación de axentes implicados
- Estratexia de difusión adaptada aos colectivos
- Proceso de comunicación intensa
- Inicio do proceso de participación e divulgación dos eventos
- Análise estatístico

A ligazón aos participantes potenciais debe acadarse a través de modelos tradicionais de difusión pero tamén mediante procedementos ligados ás novas tecnoloxías que faciliten tanto a difusión do plan de participación como o intercambio de información cos axentes envoltos.

Difusión tradicional:

Interna

- Contacto directo cos axentes de interese (correo electrónico e chamada telefónica)
- Encontros informais

Externa


- Notas informativas
- Entrevistas e reportaxes en medios de comunicación (xornais, radio e televisión, tanto a nivel local como autonómico)
- Apoio nas administracións e institucións locais a través da difusión directa.

Novas vías de difusión:


- Páxinas WEB e Redes Sociais: resulta recomendable o uso das páxinas WEB e RRSS das institucións e organismos xestores do proxecto polo seu maior tráfico respecto a unha específica, temporal e de nova creación. Do mesmo xeito as administracións e institucións locais colaboradoras teñen un papel fundamental nesta difusión dixital.
- Creación dun PPGIS que permita tanto a difusión como a interacción directa dos participantes na transmisión de información.

A.3.1. Análise dos datos das persoas convocadas e participantes, tanto de forma presencial como online.


Entrevistas




Gráfica 1. Número de axentes contactados e participantes.



Gráfica 2. Porcentaxe de participantes por concello.




Gráfica 3. Participantes por sectores.



Gráfica 4. Participantes por xénero.

Talleres



Gráfica 5. Asistencia aos talleres por concello

Resumo proceso de participación pública

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN	PARTICIPANTES
ACOMPÑAMENTOS	12
ENTREVISTAS	88
TALLERES	162
MESAS	91
XORNADAS	24
TOTAL	379

A.3.2. Cuantificación e análise das aportación recibidas

Co obxecto de cuantificar as aportacións, realízase unha táboa que clasifica o número de aportacións realizadas por cada axente participante, clasificada en función dos eixos/sectores, a finalidade e os criterios de inicio establecidos. Finalmente contabilízase o número de propostas extraídas de estas aportacións, tendo en conta que pode haber aportacións que se repitan, o cal se avalía no apartado A4 no apartado de “frecuencia”.

Táboa 12. Cuantificación e análise das aportacións recibidas para o eixo/sector xeral

EIXO/SECTOR	FINALIDADE	CRITERIO DE INICIO	Nº APORTACIÓNS	Nº PROPOSTAS
XERAL	01_TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	1_PLANEAMENTO URBANÍSTICO E SERVIZOS BÁSICOS	6	4
		2_VÍAS DE COMUNICACIÓN E TRANSPORTE PÚBLICO	20	10
		3_TECNOLOXÍA, CONECTIVIDADE E DIXITALIZACIÓN	25	15
	02_DEMOGRAFÍA E CONTEXTO LABORAL	1_ESTRUTURA SOCIOECONÓMICA	41	11
		2_PAISAXE COMO VALOR SINGULAR	10	6
	03_MEDIO AMBIENTE E PAISAXE	1_CONSERVACIÓN AMBIENTAL	29	13
	04_SISTEMA DE NÚCLEOS E RELACIÓN URBANO-RURAL	1_TIPO DE HÁBITAT	3	3
		2_ABANDONO E VITALIDADE DO RURAL	24	10
	05_CULTURA, OCIO E SOCIEDADE	1_TECIDO ASOCIATIVO	5	2
		2_OFERTA DE OCIO	15	10
TOTAL			178	84

Táboa 13. Cuantificación e análise das aportacións recibidas para o eixo/sector agrogandeiro

EIXO/SECTOR	FINALIDADE	CRITERIO DE INICIO	Nº APORTACIÓNS	Nº PROPOSTAS
AGROGANDEIRO	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO AGRARIO E GANDEIRO	1_ESPECIALIZACIÓN AGRARIA	12	8
		2_ESPECIALIZACIÓN GANDEIRA	17	13
	02_VITICULTURA	1_D.O. MONTERREI: CARACTERIZACIÓN E MODELO PRODUTIVO	8	3
		2_INTEGRACIÓN MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO CULTIVO DA VIDE	8	7
		3_SERVIZOS DERIVADOS DA VITICULTURA	5	2
	03_MOBILIDADE DE TERRAS	1_OFERTA E DEMANDA DE TERRAS	14	7
		2_MECANISMOS DE MOBILIZACIÓN DE TERRAS	14	8
		3_OPTIMIZACIÓN DA SAU E CAMBIOS DE USOS DO SOLO	7	5
	04_POLÍTICA AGRARIA COMÚN	1_NOVA PAC E ESTRATEXIAS	12	5
		2_ECOESQUEMAS	2	2
	05_XESTIÓN EONÓMICA E COMERCIAL	1_ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS	11	6
		2_MERCADO E DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS	23	13
		3_CERTIFICACIÓN DAS PRODUCCIÓN	9	5
	06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS	1_RURALIZACIÓN PLANIFICADA E RENATURALIZACIÓN	11	6
		2_SERVIZOS ECOSISTÉMICOS	11	6
		3_PRÁCTICAS AGRARIAS E GANDEIRAS FRONTE AOS LUMES FORESTAIS	10	4
	07_AGRICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO	1_PRODUCIÓN ECOLÓXICA	4	3
		2_MEDIO RURAL E BIOECONOMÍA	8	5
		3_INFRAESTRUTURA VERDE	8	5
	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	1_MODERNIZACIÓN DO SECTOR PRIMARIO	4	3
		2_PRODUTOS E SERVIZOS AGROGANDEIROS INNOVADORES	18	9
		3_FORMACIÓN E COOPERACIÓN	8	4
	09_PAISAXE	1_INTEGRACIÓN E CONSERVACIÓN PAISAXÍSTICA E REDUCCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.	10	5
TOTAL			234	134

Táboa 14. Cuantificación e análise das aportacións recibidas para o eixo/sector forestal

EIXO/SECTOR	FINALIDADE	CRITERIO DE INICIO	Nº APORTACIÓNS	Nº PROPOSTAS
FORESTAL	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	1_CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD	4	3
		2_ACCESO Á PROPIEDAD E TIPO DE TENENCIA DA TERRA	4	2
		3_MODELO DE XESTIÓN	10	6
	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	1_HABILITACIÓN DE INSTRUMENTOS DE XESTIÓN	3	2
		2_AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIS	2	3
		3_CONCENTRACIÓNS E REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS	2	1
		4_MONTES PÚBLICOS, MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, MANCOMUNIDADES E OUTROS MODELOS.	7	4
	03_MOBILIDADE DE TERRAS FORESTAIS	1_BANCO DE TERRAS	2	2
		2_CAMBIOS DE USO DA TERRA	1	1
	04_PRÁCTICAS DE XESTIÓN FORESTAL	1_PRÁCTICAS DE SILVICULTURA	4	3
		2_REDUCIÓN DO RISCO DE INCENDIO	3	2
		3_SENSIBILIZACIÓN DA SOCIEDADE FRONTE AOS LUMES FORESTAIS	4	2
	05_FERRAMENTAS TIC E SECTOR FORESTAL	1_FERRAMENTAS E APLICACIÓNS	3	2
		2_FORMACIÓN	1	1
	06_ESPAZOS NATURAIS, PAISAXE E XESTIÓN FORESTAL	1_ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS E CORREDORES NATURAIS	1	1
		2_INTEGRACIÓN DE EXPLOTACIÓNS FORESTAIS	2	2
	07_SERVIZOS ECOSITÉMICOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DERIVADAS DA XESTIÓN FORESTAL	1_UTILIDADE DOS SERVIZOS ECOSITÉMICOS	8	6
TOTAL			61	43

Táboa 15. Cuantificación e análise das aportacións recibidas para o eixo/sector turismo, patrimonio, paisaxe

EIXO/SECTOR	FINALIDADE	CRITERIO DE INICIO	Nº APORTACIÓNS	Nº PROPOSTAS
TURISMO, PATRIMONIO, PAISAXE	01_ VALORES PATRIMONIAIS	1_BENS DE INTERESE CULTURAL	4	3
		2_NÚMERO E DENSIDADE DE ELEMENTOS	19	12
		3_INVENTARIO DE PATRIMONIO INMATERIAL	5	3
	02_ VALORES NATURAIS E PAISAXÍSTICOS	1_ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS	18	10
	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	1_DIVERSIDADE DA OFERTA	28	19
		2_ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS	20	20
		3_CONEXIÓN COAS ÁREAS DE POTENCIALIDADE TURÍSTICA	7	4
	04_INNOVACIÓN TURÍSTICA	1_NOVOS MODELOS TURÍSTICOS	17	7
TOTAL			118	78

Conclusións da análise de aportacións recibidas

Tal e como se aprecia nas táboas, recolléronse un total de 591 aportacións e 339 propostas no proceso de participación. Das aportacións, o 30% foron de carácter xeral, o 40% sobre o sector agrogandeiro, un 10% do sector forestal e o 20% restante en relación ao turismo, patrimonio e paisaxe. Se contabilizamos as propostas recollidas, o 25% son xerais, un 39% do sector agrogandeiro, o 13% forestal e un 23% relacionadas co turismo, o patrimonio e a paisaxe.

A.3.3. Metodoloxía a empregar. Propostas

Interpretación de aportes do proceso de participación: a matriz de impacto

O modelo teórico proposto establece de partida uns mecanismos de participación integrados nun conxunto predefinido. Deste modo, cada un dos pasos dados no proceso de participación alimenta aos pasos seguintes no proceso. Así, talleres e entrevistas son deseñados coa fin de acadar resultados medibles que sirvan para acadar unha diagnose efectiva a través da creación dunha matriz de impacto para cada un dos acontecementos posibles nas tres liñas básicas de actuación da estratexia: 1-Agro-gandeiro; 2- Forestal e 3-Turístico e patrimonial.

O obxectivo da matriz de impacto é establecer prioridades de intervención en relación á tendencias potenciais posibilitando así a inclusión de cuestións centrais preferentes nos procesos de planificación.

Definido o marco de estudo a través as liñas básicas de actuación da estratexia, o seguinte paso é establecer os criterios de inicio ou liñas básicas sobre as que traballar en relación ás tres temáticas fundamentais. Estes criterios de inicio son definidos polo equipo técnico pero son dinámicos no sentido de poder ser adaptados ou mesmo ampliados a petición dos axentes durante o proceso de participación no caso de detectar continxencias non contempladas.

O procedemento de aplicación está definido de antemán:

- **Criterios de Inicio:** Os Criterios de Inicio actúan como base da consulta. Cada eixo temático conta cunha proposta inicial de criterios básicos sobre a cuestión. Este listado poderá variar en función dos aportes dos axentes participantes.
- **Cuestións:** aspectos concretos a resolver sobre os criterios establecidos e que serven de base para a realización de entrevistas e encontros.
- **Matriz de Impacto:** o deseño da matriz debe ter en conta as diversas variables e combinacións:
 - Cada un dos eixes fai referencia a unha variable (probabilidade/impacto)
 - Establecer un índice de avaliación, neste caso cualitativo coa súa correspondencia cuantitativa (ver figura 03)
 - Determinar a amplitude da matriz, os parámetros e as escalas resultantes das diversas combinacións (ver figura 04)
 - Interpretación: establecer a prioridade de actuación en función da avaliación do risco (Alta / Media /Baixa)

A escala é definida segundo segue:

- Probabilidade
 - **Excepcional:** sería moi raro que sucedese
 - **Improbable:** poucas posibilidades de ocorrer
 - **Posible:** pode ou non suceder
 - **Probable:** pode ocorrer e hai razóns que o sustentan
 - **Usual:** sería moi raro que non sucedese
- Impacto
 - **Mínimo:** sen cambios
 - **Baixo:** pouca influencia
 - **Moderado:** con consecuencias
 - **Elevado:** moita influencia
 - **Máximo:** disrupción total

A construción da matriz debe resultar sinxela en canto a métricas, definindo en inicio que implica cada consideración numérica. Dada a complexidade da materia territorial e o número de criterios de inicio e variables existentes, a escala numérica escollida é reducida coa intención de facer manexable a información.

A utilización desta metodoloxía nos eventos de participación é compatible cos tipos de entrevista e taller descritos anteriormente. A apelación ao coñecemento especializado dos axentes tradúcese na implicación directa e interesada dos mesmos ao ser cuestións dos eu dominio e interese. Isto posibilita a recollida de información directa e de calidade que será utilizada como base da prospectiva que levará a definición de escenarios posibles.

Integración de aportes talleres: xeración de escenarios e obxectivos de calidade

A interpretación da matriz de impacto resultantes xerarán escenarios de futuro por cada campo temático. A matriz xerará eixes que poderán ser lido en clave de riscos entender o risco en planificación como un evento incerto con posible impacto negativo (ameaza) ou impacto positivo (oportunidade).

A resultante deixa dúas grandes posibilidades, ao descartar aquelas de baixa probabilidade de suceder ou de baixo impacto.

- Os índices de alto impacto e alta probabilidade indican prioridade na actuación.
- Aquelas con maior probabilidade de suceder e con impacto positivo son os escenarios a priorizar como obxectivos para o territorio.

En ambos casos os escenarios resultantes poden ser vinculados a obxectivos e terán unha xestión dependente á súa vez da viabilidade das medidas e accións establecidas. A xeración destes escenarios permitirá orientar a liña dos obxectivos de calidade a implantar a través de medidas e accións de aplicación directa sobre o territorio (Palang, Alumäe e Mander, 2000).

Valoración interna

O concepto de “participación efectiva” refírese a un proceso que asegura a implicación activa e a influencia da poboación no proceso oficial de planificación. Eiter e Vik (2015) propoñen cinco criterios para avaliala nunha escala en relación ao cumprimento de:

- Obxectivos
- Representatividade de axentes
- Temporalidade axeitada aos marcos da estratexia
- Confort e conveniencia das ferramentas do proceso
- Influencia e consideración dos aportes no resultado final

Este modelo de auto avaliación indica o nivel de calidade do proceso mediante un sinxelo parámetro numérico. Deste xeito o grado de consecución dos obxectivos do proceso de participación pública queda referenciado seguindo criterios internos.

Retorno

Un proceso de participación pública debe ser completado cun retorno efectivo de información aos participantes. Isto xera nos colectivos implicados confianza nos obxectivos de calidade e implicación na execución das medidas e accións determinadas no proceso.

A presentación de resultados realizarase a través dun encontro final no que se exporá un resumo executivo do informe final do proxecto asía como a análise do proceso de participación.

A.4. Resultado e conclusións do proceso de participación pública

A.4.1 Análise dos resultados obtidos

Resultados dos aportes recibidos nas entrevistas

ENTREVISTA XERAL

FINALIDADE	01_TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	CX01-1
CRITERIO DE		
INICIO	1_PLANEAMENTO URBANÍSTICO E SERVIZOS BÁSICOS	

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Dotar de solo industrial á comarca permitiría o establecemento de polos loxísticos vinculados a A-52.	2
Mellorar a oferta asistencial e de ocio á terceira idade, tendo en conta o réxime demográfico no que se atopa o ámbito territorial.	2
Establecer unha maior colaboración entre as diversas administracións. As economías municipais soportan en parte os servizos asistenciais.	1
Manter a estrutura das aldeas dando prioridade á recuperación de espazos públicos e a rehabilitación das edificacións existentes fronte á nova construción e mantendo os usos produtivos.	1

FINALIDADE	01_TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	CX01-2
CRITERIO DE		
INICIO	2_VÍAS DE COMUNICACIÓN E TRANSPORTE PÚBLICO	

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Mellorar a xestión conxunta de viarios (conservación, rozas, etc.) por resultar moi custosa para as administracións locais	5
Incrementar as comunicacións e o transporte público a nivel interno e coas capitais comarcais veciñas: Viana do Bolo, O Barco de Valdeorras, Xinzo de Limia, entre outras.	3
Recuperar a liña de transporte público entre Verín e Chaves para uso cotiá e turístico	3
Paliar as deficiencias en certos servizos: peche de oficinas bancarias, escaseza de pediatras, etc.	2
Crear un plan comarcal de mobilidade e transporte que conecte con eficiencia puntos claves da comarca (estación de ferrocarril, hospital, p.ex.)	2
A mobilidade interna no ámbito é dificultosa por falta de transporte público e alternativas sostibles	1
Mellorar a información relativa ao transporte público en canto a percorridos, horarios e enlaces	1
Promocionar A Gudiña como nodo de comunicacións a través do establecemento de servizos de apoio ás infraestruturas viarias existentes	1
Executar plans de humanización no acceso peonil e ciclable ás vilas	1
Crear unha circunvalación que retire o tráfico pesado do centro urbano de Verín	1

FINALIDADE	01_TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	CX01-3
CRITERIO DE	3_TECNOLOXÍA, CONECTIVIDADE E DIXITALIZACIÓN	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mellorar a conexión de telefonía e internet paliando as deficiencias e zonas escuras (Veiga do Seixo, p.ex.)	5
Plan de alfabetización dixital para a cidadanía local para uso de servizos bancarios, atención médica, etc.	4
Crear medios de comunicación mixtos que informen das realidades da comarca e do norte de Portugal	2
Solucionar os problemas de interferencias coa rede móbil portuguesa	2
Fomentar a creación de parques fotovoltaicos como vía para xerar emprego na comarca a través das enerxías renovables	1
Establecer oficina de delegación da Xunta que evite o desprazamento fora da comarca para xestións	1
Recuperar o sector téxtil, de longa tradición na comarca, como vía produtiva de gran valor.	2
Dar visibilidade aos casos de éxito a nivel empresarial e produtivo para mostrar referentes aos axentes locais potenciais	2
Fomentar e facilitar o teletraballo como vía de captación de residentes novos, formados e dinamizadores do rural	1
Mellorar a coordinación entre os diversos niveis das administracións para acadar un desenvolvemento conxunto	1
Procurar a especialización laboral na comarca do mantemento de infraestruturas: autovía, parque eólicos, etc.	1
Incrementar o proceso transformador no sector gandeiro (intensivo e extensivo) dada a potencialidade produtiva da comarca.	1
Fomentar a adhesión a proxectos europeos (ex. Interreg) como vía para establecer sinerxías duradeiras con Portugal.	1
Establecer programa de formación específica para dinamizadores económicos. Os existentes son de fóra e, en xeral, non se asentán no territorio.	1
Determinar mediante estudos as necesidades complementarias de cada sector produtivo dado que poden supoñer o éxito ou fracaso dos proxectos	1
Implantar regulacións específicas para concellos pouco poboados: exencións fiscais, incentivos ás pemes e comercio local	1

FINALIDADE 02_DEMOGRAFÍA E CONTEXTO LABORAL
 CRITERIO DE 1_ESTRUTURA SOCIOECONÓMICA
 INICIO

CX02-1

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Vincular a oferta formativa aos sectores produtivos da comarca.	7
Mellorar a transmisión de información a potenciais emprendedores en relación aos plans, incentivos e iniciativas empresariais	5
Fomentar e mellorar a inclusión de mulleres nos diversos ámbitos laborais, diversificando as posibilidades de incorporación ao mercado alén laborais dos roles femininos clásicos (servizos, asistencia, comercio, etc.)	5
Asesorar aos axentes emprendedores a través de programas de mentorización e a creación dunha oficina comarcal de emprendemento	4
Crear unha gran cooperativa ou sociedade gandeira que complete os procesos de produción, distribución e comercialización	4
Establecer programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.).	3
Diversificar o tecido produtivo para evitar dependencia do sector servizos (hostalaría e comercio)	3
Por en valor o gran potencial forestal instaurando industria transformadora	3
Motivar o emprendemento a través de incentivos e facilitando os procesos técnicos e administrativos	3
Atraer proxectos industriais a través da dotación de solo industrial e facilidades para a súa instalación aproveitando a posición estratéxica	2
Dotar de recoñecemento á Ribeira do Seixo como sector de alto valor estético e ecolóxico non recoñecido con figuras de protección oficiais	1
Establecer medidas de integración paisaxística para as grandes infraestruturas civís: autovía, encoros, parques eólicos, etc.	1
Permitir as queimas controladas como mecanismo de control do abandono do monte educando sobre a correcta xestión da biomasa	1
Reducir o número e incidencia de incendios forestais, principal problemática ambiental da comarca	1
Implantar as ordenanzas de xestión de biomasa arredor dos núcleos, sendo estritos no seu obrigado cumprimento	1
Frear a perda de biodiversidade debido a incendios e cambio climático a través de actuacións de mellora do medio natural	1
Solicitar á Confederación Hidrográfica do Douro unha maior eficiencia na xestión da bacía do río Támega e axilidade nas respostas	1

FINALIDADE	03_MEDIO AMBIENTE E PAISAXE	CX03-1
CRITERIO DE	1_CONSERVACIÓN AMBIENTAL	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Abordar o saneamento integral do río Támega de modo urxente xunto con medidas de recuperación ecolóxica da súa contorna.	10
Mellorar o saneamento das aldeas e vilas, necesaria actualización e unha maior eficiencia ambiental	5
Dotarse dun protocolo conxunto Galicia-Portugal de actuación en prevención e extinción de incendios.	3
Manter e rexenerar o bosque de ribeira pola súa función como corredor verde e como barreira antilume.	2
Protexer os fitos paisaxísticos polo seu valor intrínseco e simbólico (ex. Penedo do Tres Reinos, Santuario de Portas Abertas, etc.)	1
Recompensar aos propietarios dos soutos polo mantemento dun valor produtivo, estético e ecolóxico.	1

FINALIDADE	02_DEMOGRAFÍA E CONTEXTO LABORAL	CX03-2
CRITERIO DE	2_PAISAXE COMO VALOR SINGULAR	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Desenvolver un programa didáctico para a cidadanía en xeral que poña en valor a singularidade paisaxística da comarca	3
Utilizar a singularidade paisaxística como elemento diferencial da marca comarcal	2
Manter elementos estruturais das paisaxes tradicionais como lameiros, peches de pedra, sebes, etc.	2
Utilizar a variada paisaxe da comarca como unha oportunidade polo seu atractivo. Elemento motor	1
Poñer en valor o ZEC Pena Maseira como espazo que conxuga valores ambientais, etnográficos e paisaxísticos	1
Relacionar os valores territoriais do sueste da comarca co Parque Natural de Montesinhos (Portugal) a través dun programa de actividades conxunto	1

FINALIDADE	04_SISTEMA DE NÚCLEOS E RELACIÓN URBANO-RURAL	CX04-1
CRITERIO DE	1_TIPO DE HÁBITAT	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Preservar a estrutura do hábitat diferenciada con baixa densidade de núcleos e aldeas compactas.	1
Impulsar un proxecto de recuperación integral de aldeas dende o punto de vista arquitectónico dada a boa conservación estrutural das mesmas.	1

FINALIDADE	04_SISTEMA DE NÚCLEOS E RELACIÓN URBANO-RURAL	CX04-1
CRITERIO DE	1_TIPO DE HÁBITAT	
INICIO		

Deseñar sendas entre núcleos, aproveitando os viarios existentes, a modo de conexión peonil e ocio.	1
---	---

FINALIDADE	04_SISTEMA DE NÚCLEOS E RELACIÓN URBANO-RURAL	CX04-2
CRITERIO DE	2_ABANDONO E VITALIDADE DO RURAL	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Establecer políticas de conservación e recuperación das aldeas de maior relevancia patrimonial: A Pousa e Mixós (Monterrei), Muimenta (Cualedro), San Paio (Riós), entre outras.	6
Fomentar a mobilidade do mercado inmobiliario para solucionar a falta de vivenda.	3
Poñer en marcha de programas de vivenda pública que dinamicen a oferta inmobiliaria tanto de compra-venda como de aluguer.	3
Fomentar a rehabilitación e recuperación das aldeas para turismo, segunda residencia ou terceira idade.	3
Manter e fomentar a función de segunda residencia das aldeas da comarca dado que esta permite un bo estado xeral de conservación a pesar da despoboamento.	3
Procurar a implicación dos propietarios ausentes e/ou herdeiros na xestión dos bens.	2
Programa de posta en valor e divulgación da calidade de vida do rural.	1
Fomentar que as necesarias políticas de rehabilitación de vivendas primen á cidadanía residente fronte á segunda residencia.	1
Facilitar o mantemento ou a nova apertura do pequeno comercio rural e das tabernas de aldea polo servizo que prestan á cidadanía local e pola función de dinamización social.	1
Sustentar un modelo concéntrico de servizos con Verín como centro e bases satélites en cada capital municipal e aldeas.	1

FINALIDADE	05_CULTURA, OCIO E SOCIEDADE	CX05-1
CRITERIO DE	1_TECIDO ASOCIATIVO	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Incentivar os marcos de colaboración público-privados e fomentar o asociacionismo.	4
Mellorar o dinamismo social a través de procesos de participación e incluíndo ao tecido asociativo e á cidadanía na toma de decisións.	1

FINALIDADE 05_CULTURA, OCIO E SOCIEDADE
 CRITERIO DE 2_OFERTA DE OCIO
 INICIO

CX05-2

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Vincular a oferta cultural á divulgación dos valores territoriais, naturais e paisaxísticos a través do ocio activo	3
Crear un programa de visitas guiadas ao Parque Natural do Invernadeiro en colaboración cos concellos que conforman o parque e empresas de ocio e interpretación ambiental	3
Recuperar o Plan Estacións Vivas da Deputación de Ourense dando novas oportunidades de uso a estes espazos	2
Deseñar programa de divulgación dos valores do territorio entre os rapaces (campamentos e saídas a campo)	1
Promover o mantemento e recuperación de feiras e mercados como modelo de comercialización de produtos locais	1
Crear programa de divulgación dos valores patrimoniais da comarca a través da organización de visitas para locais e operadores esóxenos	1
Activar un programa comarcal compartido para diversificar a oferta de actividades formativas e de ocio para evitar o duplicado de cursos, clases, actuacións, etc.	1
Establecer en Campobecerras a porta de entrada ao Parque Natural do Invernadeiro aproveitando o edificio da antiga Estación de Ferrocarril como centro de recepción de visitantes.	1
Manter e difundir a Feira do Viño de Monterrei como un referente á posición dos produtos e da comarca nos mercados.	1
Crear unha oficina de turismo central á comarca que se complemente con postos virtuais de información nos concellos.	1

ENTREVISTA SECTOR AGROGANDEIRO

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO AGRARIO E GANDEIRO	AG01-1
CRITERIO DE	1_ESPECIALIZACIÓN AGRARIA	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Incentivar a pequena produción especializada aproveitando a orografía e as condicións biofísicas axeitadas.	3
Mobilizar terras para producir forraxes e reducir a dependencia dos insumos externos.	2
Potenciar o establecemento de plantacións de oliveiras autóctonas galegas.	2
Realizar un estudo de calidade do solo para mobilizar as terras de maior potencial agrológico.	1
Potenciar a multifuncionalidade do sector primario a través de propostas orixinais.	1
Obter especialización agraria por sectores, adaptándose ás características produtivas e sendo competitivos.	1
Potenciar os modelos extensivos como xeradores de suministros e insumos para as prácticas intensivas minimizando a dependencia exterior.	1
	1

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO AGRARIO E GANDEIRO	AG01-2
CRITERIO DE	2_ESPECIALIZACIÓN GANDEIRA	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Paliar as dificultades na implantación de modelos gandeiros extensivos derivados da xestión da propiedade.	2
Incrementar a produción local e mellorar a accesibilidade a bens insumos e consumibles primarios para o gando.	1
Establecer canles de contacto entre produtores gandeiros para incentivar colaboracións en canto a modelos de transporte e distribución.	1

FINALIDADE	02_VITICULTURA	AG02-1
CRITERIO DE	1_D.O. MONTERREI: CARACTERIZACIÓN E MODELO PRODUTIVO	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Manter a imaxe do viño de Monterrei como produto no que prima a calidade fronte a cantidade.	3
Garantir a viabilidade do modelo de adega familiar, característico da D.O. Monterrei, dado que este tipo de produtor coida a materia prima e os procesos.	3
Controlar o incremento da produción de viño porque pode poñer en perigo a calidade final do produto.	2

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO AGRARIO E GANDEIRO	AG01-2
CRITERIO DE INICIO	2_ESPECIALIZACIÓN GANDEIRA	
Ampliar a zonificación da D.O Monterrei a aquelas zonas con potencial produtivo e con vontade de establecer actividade	2	
Restringir o crecemento da produción da D.O. Monterrei a pequenas producións de alta calidade.	2	
Manter e difundir a Feira do Viño de Monterrei como un referente da posición e do produto e imaxe da comarca	2	
Superar as dificultades na xestión e comercialización da produción en ecolóxico que impiden o seu progreso dentro da D.O. Monterrei e promover a súa produción.SECTORABS	1	
Conservar os matices propios da pequena produción dentro dunha pirámide de comercialización axeitada	1	
Promover a diversificación produtiva da D.O. Monterrei dado que, actualmente, basea o seu éxito na variedade Godello.	1	
Reducir os custos dos procesos de produción e distribución dado que aínda hai marxe na cadea de valor.	1	
Establecer un plan de transformación dixital para adegueiros e viticultores (e-commerce, monitorización, etc.)	1	
Fomentar o prestixio do produto mediante a produción exclusiva	1	
Resaltar a diferenciación do viño de Monterrei a través da promoción e posta en valor do produto en feiras especializadas.	1	

FINALIDADE	02_VITICULTURA	AG02-2
CRITERIO DE INICIO	2_INTEGRACIÓN MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO CULTIVO DA VIDE	
CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA	
Limitar as concentracións parcelarias por supoñer unha ameaza para as viñas vellas e o modelo produtivo tradicional pola perda de biodiversidade.	2	
Crear un reservorio da biodiversidade vinícola da comarca para a recuperación, preservación e mellora de variedades locais.	1	
Estudar a localización histórica do viñado para optimizar rendementos por variedades.	1	
Implantar protocolos efectivos para o control de pragas a través da xestión das administracións.	1	
Incentivar a presenza de cubertas vexetais nos viñedos para reducir o estrés hídrico, fronte ao abuso do arado da terra.	1	
Estudar os ámbitos da comarca con aptitude para o cultivo da vide dado que debido ao cambio climático compre considerar as plantacións a maior altitude.	1	
	1	

FINALIDADE 02_VITICULTURA
 CRITERIO DE 3_SERVIZOS DERIVADOS DA VITICULTURA
 INICIO

AG02-3

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Establecer mecanismos de xestión que faciliten aos adegueiros a súa inclusión na Ruta do Viño.	3
Fomentar o enoturismo na comarca a través do deseño de programas que inclúan paquetes completos de visita	2

FINALIDADE 03_MOBILIDADE DE TERRAS
 CRITERIO DE 1_OFERTA E DEMANDA DE TERRAS
 INICIO

AG03-1

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mobilizar a terra a través da creación de bolsas que se poñan a disposición dos gandeiros demandantes.	3
Chegar a acordos de xestión de uso entre empresas vitivinícolas e Comunidades de Montes establecendo modelos mixtos de explotación.	3
Xestionar a demanda real de dereitos de explotación na zonificación da D.O. Monterrei.	3
Xestionar a demanda real de terras de cultivo na zonificación da D.O. Monterrei.	2
Mellorar a transmisión de información en relación á xestión práctica do Banco de Terras pola súa potencialidade como instrumento que ofrece seguridade xurídica nos procesos de mobilización de parcelas.	1
	1
Implantar un banco de explotacións comarcal para dinamizar as transmisións de terras e estruturas produtivas.	1

FINALIDADE 03_MOBILIDADE DE TERRAS
 CRITERIO DE 2_MECAISMOS DE MOBILIZACIÓN DE TERRAS
 INICIO

AG03-2

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Fomentar o aluguer de superficies comunais como solución á falta de mobilidade de terras.	3
Unificar a demanda de terras en función das necesidades de cada axente a través da xestión pública.	3
Promover o alcance de acordos de xestión de uso e/ou alugueiros entre empresas (vitivinícolas, p. ex.) e Comunidades de Montes como mecanismo idóneo para xestionar amplas superficies territoriais.	2
Instaurar medidas de cesión, aluguer, permutas ou similares para mobilizar a terra.	2
Paliar a dificultade na transmisión e mobilización da terra xerada polo amplo continxente de propietarios ausentes ou descoñecidos.	1

FINALIDADE	03_MOBILIDADE DE TERRAS	AG03-2
CRITERIO DE	2_MEKANISMOS DE MOBILIZACIÓN DE TERRAS	
INICIO		

Fomentar e divulgar os réximes de aluguer, cesión ou permuta como vías seguras e útiles para a activación da terra.	1
Mobilizar as parcelas de propietarios descoñecidos de maneira áxil e ofertándoas a produtores activos.	1
Axilizar os trámites de compra-venda da terra dado que obstaculizan os procesos de mobilidade da mesma.	1

FINALIDADE	03_MOBILIDADE DE TERRAS	AG03-3
CRITERIO DE	3_OPTIMIZACIÓN DA SAU E CAMBIOS DE USOS DO SOLO	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Establecer modelos de convenio entre particulares de cesión de terra a cambio de limpeza e xestión produtiva.	2
Crear un catálogo de usos do solo para optimizar rendementos produtivos e integrar as súas zonificacións nas ferramentas de mobilidade de terras.	2
Potenciar modelos produtivos eficientes. O actual sistema é erróneo por dimensión e alcance. Precísase maior superficie xestionada dun modo máis sostible..	1
Dar valor de mercado á terra, valorar o potencial produtivo do territorio e difundir as virtudes do ámbito.	1
Facilitar dende os GDRs a formalización dos acordos de cesión, aluguer ou permuta de terras para dar seguridade aos propietarios e produtores.	1

FINALIDADE	04_POLÍTICA AGRARIA COMÚN	AG04-1
CRITERIO DE	1_NOVA PAC E ESTRATEXIAS	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mellorar o acceso á información sobre a PAC para facilitar os procesos de adhesión.	5
Impulsar a solicitude de axudas a través da mellora na información aos propietarios.	3
Mellorar o seguimento dos procesos para impedir desleixo e un aproveitamento negligente das axudas.	2
Diversificar o perfil dos perceptores das axudas para evitar que os grandes propietarios o absorban por completo.	1
Dar un maior peso ás prácticas gandeiras na concesión de axudas e pagos verdes.	1

FINALIDADE	04_POLÍTICA AGRARIA COMÚN	AG04-2
------------	---------------------------	--------

CRITERIO DE INICIO	2_ECOESQUEMAS	
--------------------	---------------	--

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Ampliar o computo de superficies de elevado valor ecolóxico (SIES) a pequenos elementos propios do modelo parcelario galego.	1
Elaborar estudos sobre as políticas europeas para adiantarse ás problemáticas de xestión futuras e divulgar convenientemente os resultados entre os produtores primarios.	1

FINALIDADE	05_XESTIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL	
CRITERIO DE INICIO	1_ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS	AG05-1

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mellorar a formación dos agricultores e gandeiros na xestión administrativa e económica, a día de hoxe factor de desmobilización.	4
Axudar aos emprendedores con plans de asesoramento personalizado e seguimento posterior.	2
Dotar de liñas de axuda para a adquisición de maquinaria, naves industriais, etc.	2
Estudar modelos de negocio noutros sectores e localizacións.	1
Establecer modelos de economía de escala e distribución no mercado.	1
Estabilizar as liñas de financiación do ICO e outorgar axudas a fondo perdido.	1

FINALIDADE	05_XESTIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL	
CRITERIO DE INICIO	2_MERCADO E DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS	AG05-2

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Reordenar o sector da castaña a través da marca Castaña de Galicia poñendo en valor subespecies e calidades diferenciadas.	4
Constituír unha cooperativa agroalimentaria que unifique labores produtivas e de comercialización.	3
Crear marcas especializadas para os produtos propios da comarca.	3
Establecer modelos de economía de escala e distribución no mercado.	2
Diferenciar en orixe os produtos. Hoxe supón unha gran perda de valor a venda a granel (pementos, castañas, etc.).	2
Establecer unha lonxa agropecuaria comarcal que de saída á produción primaria.	2
Dotar aos produtos de Monterrei dun maior valor engadido. O mercado lineal resta potencial á produción.	1
Crear a categoría de produto tradicional como recoñecemento á labor histórica do pequeno produtor (Artesanía Alimentaria).	1

FINALIDADE 05_XESTIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL
 CRITERIO DE 2_MERCADO E DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS
 INICIO

AG05-2

Apoiar a iniciativa Pan da Mezquita, proxecto local que procura o ciclo completo dende a recuperación de especie (centeo) ata a produción e posterior comercialización.	1
Acadar o acceso aos mercados a través de acordos con empresas distribuidoras e non depender da canle HORECA.	1
Frear a dependencia de bens exteriores a través do cultivo de cereais e da fabricación de pensos.	1
Dar dimensión ao sector da castaña entre a produción actual e outorgar o valor de mercado real do produto a través de completar procesos.	1
Crear unha plataforma e polígono loxístico especializado na distribución dos produtos agro alimentarios.	1

FINALIDADE 05_XESTIÓN ECONÓMICA E COMERCIAL
 CRITERIO DE 3_CERTIFICACIÓN DAS PRODUCCIÓN
 INICIO

AG05-3

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Transmitir aos produtores as virtudes de comercializar a través das figuras de calidade diferenciada polo valor engadido do produto.	3
Mellorar o matadoiro de Verín e crear unha sala de despece no ámbito que facilite o envasado e a distribución certificada.	2
Crear unha marca de calidade diferenciada para os embutidos da comarca.	2
Establecer liñas de márketing vinculadas á conciencia ambiental das empresas como tipoloxía de produto ético e diferenciado.	1
Garantir que as marcas e selos existentes signifiquen calidade, máis alá do márketing, a través de controis e esixencia de produtos que manteñan as súas características esenciais.	1

FINALIDADE 06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTALS
 CRITERIO DE 1_RURALIZACIÓN PLANIFICADA E RENATURALIZACIÓN
 INICIO

AG06-1

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Xerar mecanismos de xestión da paisaxe polo seu valor singular como distintivo dos produtos da comarca.	3
Recoñecer, por parte das administracións, as boas prácticas agrogandeiras e aos seus xestores como factor fundamental para a xestión do territorio.	3
Crear polígonos produtivos integrados con toda a infraestrutura necesaria: accesos, regadíos, etc.	2
Adaptar a produción a modelos sostibles e ecolóxicos por responsabilidade ambiental	1

FINALIDADE	06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTAI	AG06-1
CRITERIO DE	1_RURALIZACIÓN PLANIFICADA E RENATURALIZACIÓN	
INICIO		

e diferenciación do produto: viñado biodinámico, p. ex.	
Avaliar de modo convinte os cambios de uso pola perda de valor ambiental e produtivo que poden levar parello.	1
Necesidade de recoñecemento social e administrativo do papel activo do sector primario na xestión territorial.	1

FINALIDADE	06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTAI	AG06-2
CRITERIO DE	2_SERVIZOS ECOSISTÉMICOS	
INICIO		

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mellorar a xestión dos recursos hídricos polo esgotamento dos acuíferos.	3
Incentivar a concienciación ambiental dos produtores primarios como vía para mellorar os seus aportes as funcións ecosistémicas.	2
Frear os procesos de hibridación das especies de castiñeiro propias do sector por supoñer perda de calidade.	2
Establecer mecanismos de control dos xurros en explotacións e fosas sépticas. A depuración resulta insuficiente na comarca.	2
Fomentar as prácticas biodinámicas entre soutos e o pastoreo de rabaños ovinos como modelo orgánico de aproveitamento.	1
Procurar modelos gandeiros que xeren o seu propio abono orgánico a través de procesos de xestión sostible.	1

FINALIDADE	06_XESTIÓN AMBIENTAL E CONTRA OS INCENDIOS FORESTAI	AG06-3
CRITERIO DE	3_PRÁCTICAS AGRARIAS E GANDEIRAS FRONTE AOS LUMES	
INICIO	FORESTAI	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Establecer canles de comercialización para gando caprino e ovino, moi necesario pola súa función de xestión do territorio.	5
Estabilizar a presenza de rabaños ovinos e caprinos polo seu potencial gandeiro e pola función de rozas que realizan no monte baixo.	2
Crear faixas de protección fronte ao lume na contorna dos soutos e viñedos esixindo aos propietarios lindeiros tarefas de mantemento das súas parcelas	2
Concienciar aos produtores primarios da súa función como responsables de xestión ambiental e do seu papel activo na loita contra os lumes forestais.	1

FINALIDADE	07_AGRICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO	AG07-1
------------	-----------------------------------	--------

CRITERIO DE INICIO	1_PRODUCIÓN ECOLÓXICA	
--------------------	-----------------------	--

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Establecer medidas de control nas parcelas lindeiras con modelos de produción ecolóxicos, dado que poden supoñer a perda das certificacións.	2
Aproveitar a demanda de produtos ecolóxicos para establecer dende cero modelos alternativos de cultivo e comercialización.	1
Incrementar a produción de viñedo en ecolóxico pola súa relevancia nos mercados internacionais.	1

FINALIDADE	07_AGRICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO	
CRITERIO DE INICIO	2_MEDIO RURAL E BIOECONOMÍA	AG07-2

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Corrixir as dificultades para o regadío, debido ao baixo nivel freático.	3
Crear plantas de biomasa e de compostaxe na comarca.	2
Instalar dixestores de biogás nas ganderías.	1
Instaurar programa formativo para viticultores sobre alternativas para reducir o uso de pesticidas sistémicos.	1
Facilitar os procesos para a instalación de paneis solares nas edificacións agrarias.	1

FINALIDADE	07_AGRICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO	
CRITERIO DE INICIO	3_INFRAESTRUTURA VERDE	AG07-3

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Mellorar a xestión da rede hídrica para facela máis eficiente.	3
Establecer colaboración con provedores con reducida pegada de carbono.	2
Adaptar os cultivos ás novas realidades: o incremento das temperaturas darán matices aos produtos polo que resultará necesaria un axuste gradual.	1
Mellorar os rendementos dos modelos de cultivo biodinámicos a través de tratamentos liviáns (cobre, p. ex.).	1
Traballar con datos técnicos facilitados polas administracións para adaptarse debidamente ao cambio climático dende os sectores primarios.	1

FINALIDADE	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	
CRITERIO DE INICIO	1_MODERNIZACIÓN DO SECTOR PRIMARIO	AG08-1

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Aproveitar as posibilidades de mecanización e sistematización de procesos, especialmente nos sectores vitivinícola e hortícola.	2

FINALIDADE	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	AG08-1
CRITERIO DE INICIO	1_MODERNIZACIÓN DO SECTOR PRIMARIO	

Establecer medidas de monitorización do gando en extensivo para o seu control e seguimento.	1
Mellorar a calidade apícola a través de incentivos ás boas prácticas: melloras de sabor e aroma.	1

FINALIDADE	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	AG08-2
CRITERIO DE INICIO	2_PRODUTOS E SERVIZOS AGROGANDEIROS INNOVADORES	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Implantar modelos de comercialización novidosos fundamentados nas novas tecnoloxías e na posición estratéxica do sector para a distribución.	4
Promover novos cultivos e recuperar algúns tradicionais: lúpulo, liño, arandos, pistachos, etc.	3
Comercializar produtos coa castaña como base: fariña, doce de castaña, etc.	3
Producir pataca en ecolóxico como produto diferenciado e por ser, actualmente, unha oportunidade de mercado.	2
Orientar o sector cárnico cara ao embutido como produto con potencial na comarca debido ás condicións climáticas e ao modelo gandeiro.	2
Crear un plan da horta tradicional que artelle unha rede regulada de pequenos e medianos produtores orientada ao consumo de proximidade. Incentivar a profesionalización da produción hortícola.	1
Recuperación produtiva e comercial do cultivo do liño do Támega, produto de grande tradición no ámbito ligado á industria téxtil da comarca.	1
Crear modelos de difusión novidosos e que xeren apego ao consumidor (apadriñamentos de gando, p. ex.)	1
Integrar aos produtores primarios na cadea comercial a través de novos mecanismos e dando valor ao produto de proximidade.	1

FINALIDADE	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	AG08-3
CRITERIO DE INICIO	3_FORMACIÓN E COOPERACIÓN	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Crear unha escola específica no sector bioagrario con prácticas en granxas e rabaños da zona.	3
Instituír un programa de formación en novas tecnoloxías para axentes do sector primario.	2

FINALIDADE	08_AGRICULTURA, GANDERÍA E INNOVACIÓN	AG08-3
CRITERIO DE	3_FORMACIÓN E COOPERACIÓN	
INICIO		
Establecer modelos cooperativos entre produtores con intereses semellantes para ser máis competitivos.		2
Dixitalización do sector primario a través de plataformas de xestión (administración, loxística, seguimento, etc.).		1

FINALIDADE	09_PAISAXE	AG09-1
CRITERIO DE	1_INTEGRACIÓN E CONSERVACIÓN PAISAXÍSTICA E REDUCCIÓN DE	
INICIO	IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.	
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Considerar que as industrias agroalimentarias non teñen porque estar en polígonos, poden asentarse no ámbito da produción con medidas de integración paisaxística axeitadas.		3
Establecer programas de información e dotacións efectivas en eficiencia enerxética para empresas e infraestruturas.		3
Manter e conservar os peches de pedra e os regadíos tradicionais polo seu valor ambiental e estético.		2
Preservar e rexenerar as franxas verdes vinculadas á rede hidrográfica pola súa función como conectores e como barreiras contra os incendios forestais.		1
Establecer medidas para mitigar os impactos olorosos e acústicos derivados das actividades produtivas.		1

ENTREVISTA SECTOR FORESTAL

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	FO01-1
CRITERIO DE	1_CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Axilizar o relevo xeracional nas comunidades de montes, mediante modificación normativa, permitindo ser comuneiros a herdeiros ausentes.		2
Incentivar aos propietarios forestais mediante pagos por servizos pola correcta xestión do monte.		1
		1

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	FO01-2
CRITERIO DE	2_ACCESO Á PROPIEDAD E TIPO DE TENENCIA DA TERRA	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Crear unha oficina comarcal de orientación para propietarios forestais.		3

FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	FO01-2
CRITERIO DE INICIO	2_ACCESO Á PROPIEDAD E TIPO DE TENENCIA DA TERRA	
Inventariar as parcelas de aptitude forestal da comarca para crear unha bolsa de uso público na que consultar a dispoñibilidade dos montes.		1
FINALIDADE	01_CARACTERIZACIÓN DO MODELO FORESTAL	FO01-3
CRITERIO DE INICIO	3_MODELO DE XESTIÓN	
CUESTIÓN RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Crear infraestruturas de transformación industrial para completar ciclo: serradoiros, fábrica de mobles de cociña, etc.		3
Diversificar plantacións de castiñeiro e abelá, entre outras, para evitar o monocultivo de piñeiro.		2
Introducir as plantacións de castiñeiro para madeira aproveitando as boas condicións da comarca.		2
Incentivar a inversión no monte a través de accións de melloras prácticas nas infraestruturas e xestión, non só subvencións directas.		1
Crear un viveiro propio na comarca para mellorar a accesibilidade a plantas para a repoboación forestal.		1
Conseguir que a madeira de castiñeiro autóctono sexa competitiva no mercado fronte á importada de Francia.		1
FINALIDADE	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	FO02-1
CRITERIO DE INICIO	1_HABILITACIÓN DE INSTRUMENTOS DE XESTIÓN	
CUESTIÓN RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Posicionar ao castiñeiro como elemento produtivo base nas áreas de maior tradición: Riós, Vilardevós, Laza, etc.		2
Facilitar que as industrias forestais se instalen en solo rústico para facilitar a xestión e a operatividade das empresas.		1
FINALIDADE	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	FO02-2
CRITERIO DE INICIO	2_AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS FORESTAIS	
CUESTIÓN RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Facilitar a xestión forestal a través da promoción de agrupacións de propietarios ou asociacións forestais.		2
Fomentar as figuras de ordenación forestal como vía para a correcta xestión do monte (PORF, p. ex.).		1

FINALIDADE	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	FO02-3
CRITERIO DE INICIO	3_CONCENTRACIÓNS E REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Permitir, baixos criterios técnicos, as mudanzas de uso nas concentracións parcelarias para obter superficie forestal nas terras de uso agrícola abandonadas.	2

FINALIDADE	02_INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN FORESTAL	FO02-4
CRITERIO DE INICIO	4_MONTES PÚBLICOS, MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, MANCOMUNIDADES E OUTROS MODELOS.	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Utilizar os MVMC como grandes bolsas de solo produtivo e como oportunidade para establecer montes multifuncionais e sostibles.	3
Revisar e regular de maneira convinte os procesos de compensación por absorción de CO2, establecendo mecanismos legais que garantan un tratamento xusto cara as comunidades de montes.	2
Transmitir á cidadanía a relevancia ambiental e produtiva dos montes ben xestionados, atendendo especialmente as funcións que as masas arbóreas fan no proceso de secuestro de CO2.	1
Recoñecer a labor das comunidades de montes ben xestionadas mediante pagos por servizos ecosistémicos.	1

FINALIDADE	03_MOBILIDADE DE TERRAS FORESTAIS	FO03-1
CRITERIO DE INICIO	1_BANCO DE TERRAS	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Equilibrar a oferta e a demanda do Banco de Terras a través da mobilización de axentes con propiedades sen uso.	1
Dar utilidade aos instrumentos como o Banco de Terras a través de figuras e acordos de longo prazo, tal e como precisan os usos forestais.	1

FINALIDADE	03_MOBILIDADE DE TERRAS FORESTAIS	FO03-2
CRITERIO DE INICIO	2_CAMBIOS DE USO DA TERRA	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Penalizar a acumulación de superficie forestal sen darlle un uso activo.	1

FINALIDADE	04_PRÁCTICAS DE XESTIÓN FORESTAL	FO04-1
------------	----------------------------------	--------

CRITERIO DE
INICIO

1_PRÁCTICAS DE SILVICULTURA

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Equilibrar a calidade das áreas forestais da comarca tanto a nivel plantación como na dotación de infraestruturas de explotación.	2
Mellorar a xestión de sementes para evitar a perda de variedades forestais.	1
Estender os modelos de xestión baseados na entrecorta e entresaca para acadar maior calidade produtiva.	1

FINALIDADE
CRITERIO DE
INICIO

04_PRÁCTICAS DE XESTIÓN FORESTAL
2_REDUCIÓN DO RISCO DE INCENDIO

FO04-2

CUESTIÓN RECOLLIDA	FRECUENCIA
Por en valor a xestión da biomasa como modelo de negocio e vía para reducir o risco de incendio.	2
Valorizar no mercado o produto especializado da leña para calefacción e como práctica de xestión do monte.	1

FINALIDADE	04_PRÁCTICAS DE XESTIÓN FORESTAL	FO04-3
CRITERIO DE	3_SENSIBILIZACIÓN DA SOCIEDADE FRONTE AOS LUMES	
INICIO	FORESTALS	
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Crear convenio de colaboración con Portugal en canto a prevención e extinción de lumes forestais.		3
Concienciar aos propietarios sobre a necesidade das labores de mantemento nas plantacións forestais: accesos, rozas, sementeiros, etc.		1
FINALIDADE	05_FERRAMENTAS TIC E SECTOR FORESTAL	FO05-1
CRITERIO DE	1_FERRAMENTAS E APLICACIÓNS	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Mellorar a accesibilidade e operatividade das xestións dixitais para facer o seu acceso universal a toda á cidadanía interesada (solicitudes de permisos de queimas, p. ex.).		2
Incentivar o uso de novas tecnoloxías no sector forestal a través de fondos dirixidos ás Comunidades de Montes e mediante a aplicación por parte das empresas xestoras.		1
FINALIDADE	05_FERRAMENTAS TIC E SECTOR FORESTAL	FO05-2
CRITERIO DE	2_FORMACIÓN	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Establecer programas de formación para propietarios e axentes xestores dado que son ferramentas útiles pero de complicado manexo: compra-venta de parcelas, cubicado de madeira, etc.		1
FINALIDADE	06_ESPAZOS NATURAIS, PAISAXE E XESTIÓN FORESTAL	FO06-1
CRITERIO DE	1_ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS E CORREDORES NATURAIS	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Transmitir a necesidade de xestión forestal nos espazos de valor natural dado que é un proceso compatible e necesario coa conservación natural.		1
FINALIDADE	06_ESPAZOS NATURAIS E XESTIÓN FORESTAL	FO06-2
CRITERIO DE	2_INTEGRACIÓN DE EXPLOTACIÓNS FORESTALS	
INICIO		
CUESTIÓNS RECOLLIDAS		FRECUENCIA
Establecer modelos mixtos de explotación forestal e gandeira para aproveitar a xestión que fai o gando no monte.		1
Evitar os monocultivos forestais para mellorar a variedade produtiva e polo		1

FINALIDADE	06_ESPAZOS NATURAIS E XESTIÓN FORESTAL
CRITERIO DE INICIO	2_INTEGRACIÓN DE EXPLOTACIÓNS FORESTAIS

FO06-2

empobrecemento ambiental e paisaxístico.

FINALIDADE	07_SERVIZOS ECOSITÉMICOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DERIVADAS DA XESTIÓN FORESTAL
CRITERIO DE INICIO	1_UTILIDADE DOS SERVIZOS ECOSITÉMICOS

FO07-1

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Chegar a acordos con empresas para recibir un pago pola captura de co2 nos montes con modelos de xestión definidos.	2
Promocionar a micoloxía como actividade compatible con modelos forestais sostibles con beneficios mutuos.	2
Concienciar á cidadanía da labor do monte xestionado como modelo de xestión ante o risco de incendios.	1
Transmitir aos propietarios a relevancia de acadar certificacións forestais tanto polo valor de mercado como polo que implica como modelo sostible.	1
Manter a contorna dos ríos xestionada para mellorar a presenza de especies de pesca.	1
Mellorar a rede de sendas transitables da comarca, especialmente no seu paso por zonas de curta onde sofren unha maior presión.	1

ENTREVISTA SECTOR TURÍSTICO E PATRIMONIAL

FINALIDADE	01_ VALORES PATRIMONIAIS	TP01-1
CRITERIO DE INICIO	1_BENS DE INTERESE CULTURAL	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Por en valor os elementos catalogados como BIC (fortaleza de Monterrei, castro da Saceda, igrexa de Mixós) e crear un produto turístico conxunto.	2
Artellar roteiros de interpretación patrimonial con centro no castro da Saceda.	1
Intervir na contorna da igrexa de Mixós e recuperar de maneira integral a aldea.	1

FINALIDADE	01_ VALORES PATRIMONIAIS	TP01-2
CRITERIO DE INICIO	2_NÚMERO E DENSIDADE DE ELEMENTOS	

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Trazar un Plan Director para Pozo do Demo: conxugación de valores ambientais, históricos e patrimoniais.	3
Potenciar como produto turístico a gran concentración de lagares rupestres presentes no sector.	3
Establecer un programa de valorización do patrimonio a longo prazo e orientado á cidadanía local para a mellora da autoestima colectiva.	2
Dar visibilidade á presenza de arte rupestre na comarca, por ser un elemento singular a nivel galego.	2
Entender a comarca como unha unidade patrimonial e xerar un discurso coherente e un modelo de xestión uniforme.	2
Tirar proveito económico dos valores patrimoniais presentes na comarca a través da organización de eventos, procesos investigadores, estudos, etc.	1
Mellorar a conservación efectiva dos bens patrimoniais: aposta en valor dos recursos é moi mellorable.	1
Dotar dun proxecto executivo de sinalización de sendas naturais, rurais e urbanas, identificando elementos de interese.	1
Crear un programa didáctico e de divulgación sobre os valores patrimoniais orientado á cidadanía residente e aos centros educativos.	1
Potenciar ao Casco Vello de Verín como centro activo vinculado á experiencia do enoturismo e ao gastroturismo.	1
Incentivar a participación das adegas nas actividades enoturísticas.	1
Potenciar o agroturismo vencellado a ganderías, o pemento, a castaña ou a mel.	1

FINALIDADE	01_ VALORES PATRIMONIAIS	TP01-3
CRITERIO DE INICIO	3_INVENTARIO DE PATRIMONIO INMATERIAL	

FINALIDADE	01_ VALORES PATRIMONIAIS	TP01-3
CRITERIO DE	3_INVENTARIO DE PATRIMONIO INMATERIAL	
INICIO		

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Inventariar o patrimonio inmaterial, mediante recollida oral e dixitalización, a través dun proxecto de intervención urxente polo risco de desaparición.	2
Manter, recuperar e inventariar os pequenos entroidos da comarca como parte dunha estratexia amplo de posta en valor e dar visibilidade aos valores do entroido.	2
Recoller e inventariar microtoponimia polo seu valor cultural intrínseco, polo risco de desaparición e como indicador dos usos do solo.	1

FINALIDADE	02_ VALORES NATURAIS E PAISAXÍSTICOS	TP02-1
CRITERIO DE	1_ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS	
INICIO		

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Proceder co saneamento integral do curso do río Támega e rexeneración ambiental do ZEC río Támega.	5
Potenciar a nivel turístico a paisaxe propia da comarca polo seu valor singular a nivel galego e como factor diferencial polos matices bioxeográficos propios do ámbito.	4
Xestionar as contornas dos elementos patrimoniais polo valor intrínseco e como barreira antilume xerando áreas de protección mediante a xeración de discontinuidades no territorio.	2
Divulgar os valores territoriais da comarca, singularmente o contraste territorial entre val e serra.	1
Potenciar e difundir a pertenza do ámbito á bacía do río Douro, factor singular a nivel galego.	1
Centrar na viticultura o relato como destino turístico pola compoñente estética asociada e como rasgo diferencial da comarca.	1
Identificar a paisaxe da comarca como un valor engadido para os produtos agroalimentarios do ámbito.	1
Catalogar, con algunha figura de protección ou ordenación, a contorna do río Mente como área de interese ambiental e paisaxístico.	1
Establecer unha rede de equipamentos brandos a modo de puntos de baño e áreas de recreo.	1
Establecer melloras ambientais e poñer en valor dende o punto de vista turístico o espazo protexido ZEC Pena Maseira, descoñecido mesmo no propio ámbito.	1

FINALIDADE	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	TP03-1
CRITERIO DE	1_DIVERSIDADE DA OFERTA	
INICIO		

CUESTIÓN RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Impulsar á fortaleza e vila de Monterrei como elemento motor para o destino	4

FINALIDADE	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	TP03-1
CRITERIO DE INICIO	1_DIVERSIDADE DA OFERTA	
turístico.		
Manter en bo estado a sendas oficiais e as rutas homologadas existentes.	3	
Establecer modelos de captación de visitantes en orixe, tanto no ámbito autonómico como no nacional e internacional.	2	
Consolidar a denominación do destino turístico e mellorar a imaxe corporativa.	2	
Establecer unha oferta turística na que exista equidade territorial. Cada concello pode aportar un elementos de atracción e que diferencien ao destino.	2	
Recuperar a Pista do Marroquí como elemento singular para a interpretación paisaxística e a práctica sendeirista e ciclista.	2	
Deseñar unha rede de vías ciclables con categorías establecidas por perfís en función á orografía: paseo sénior, comunicación branda, mountain bike, etc.	1	
Crear unha ruta das igrexa (Monterrei, Mixós, A Retorta, etc.) dotada de instrumentos interpretativos.	1	
Estudar casos de éxito de xestión turística en territorios equivalentes e doutros países (ex. Tras-Os-Montes).	1	
Centrar a oferta turística no sector do turismo de natureza e ocio activo como orientación fundamental da oferta do ámbito.	1	
Constituír o Arquivo da Memoria da comarca de Verín-Monterrei para a preservación da tradición oral, bibliotecas particulares, pezas musicais, etc.	1	
Por en valor, pola súa relevancia histórica, a Vía Romana Chaves-Verín.	1	
Crear unha rutas dos Pazos no ámbito Laza-Monterrei-Oímbra.	1	
Ofertar actividades de ocio novidosas para residentes e visitantes: escalada, ala-delta, trekking, etc.	1	
Dotar á comarca dun ou máis parques de caravanning que atraia a este público potencial e crear rutas por estrada fundamentas nos valores paisaxísticos da comarca.	1	
Utilizar o encoro das Portas como recurso turístico a través da creación de infraestrutura para os deportes náuticos (ex. kayak).	1	
Recuperar as "casas do tren" e a estación da Venda da Capela para uso turístico vinculado ao Camiño de Santiago.	1	
Aproveitar as condicións do Camiño de Santiago para atraer usuarios de perfil deportivo (trail, BTT...).	1	
Crear e mellorar os servizos (restauración e hospedaxe) ao longo do Camiño de Santiago.	1	

FINALIDADE	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	TP03-2
------------	-------------------------------	--------

CRITERIO DE INICIO	2_ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS	
--------------------	--	--

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Mellorar a accesibilidade aos recursos e especializarse en turismo adaptado.	1
Implantar un proxecto de sinalización turística interpretativa, uniforme, integrada e sustentable.	1
Recuperar os espazos tradicionalmente vencellados ao aguismo/balneiros.	1

FINALIDADE	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	
CRITERIO DE INICIO	3_CONEXIÓN COAS ÁREAS DE POTENCIALIDADE TURÍSTICA	TP03-3

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Crear a Gran Senda do Támega que conecte as ribeiras dende o nacemento en Laza ata a Ecovia de Portugal como tipo de senda interpretativa.	3
Artellar a conexión coa estación de ferrocarril da Gudiña para facer operativa a mobilidade da comarca, tanto para residentes como para visitantes.	2
Dinamizar, a través de percorridos turísticos (bus, tren, a presenza do AVE na comarca.	1
Divulgar a historia ferroviaria da comarca vinculada á construción do ferrocarril e as figuras dos "carrileiros".	1

FINALIDADE	04_INNOVACIÓN TURÍSTICA	
CRITERIO DE INICIO	1_NOVOS MODELOS TURÍSTICOS	TP04-1

CUESTIÓNS RECOLLIDAS	FRECUENCIA
Establecer como estratexia a posta en valor do Triángulo Máxico do Entroido como referente do turismo cultural.	3
Empregar o patrimonio (arqueoloxía, Vía da Prata, entroido, etc.) para crear unha identidade común do destino.	3
Formar, mediante programas específicos, aos profesionais e axentes do sector turístico do ámbito.	3
Crear un órgano unitario de xestión turística (ex. Consorcio Turístico da Ribeira Sacra).	2
Xerar produtos audiovisuais de calidade para a difusión dos valores patrimoniais e turísticos da comarca.	2
Implantar en Chaves-Verín un comité conxunto de xestión turística por ser o val do Támega un territorio uniforme (ex. Puigcerdá) como ámbito permeable e destino unitario.	2
Actuar como porta de entrada ao Parque Natural do Invernadeiro creando un centro de recepción de visitantes na antiga estación de ferrocarril de Campobecerros, acceso natural ao espazo.	2
Establecer sinerxías cos proxectos empresariais da auga existentes para recuperar a actividade vinculada ao auguismo.	1


FINALIDADE	03_OFERTA E DEMANDA TURÍSTICA	TP03-2
CRITERIO DE INICIO	2_ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS	
Incrementar a presenza do destino en feiras e revistas especializadas.	1	
Ofertar paquetes completos de estancia (2-3 días).	1	
Procurar a especialización da oferta turística e optimizala en relación ao aspecto estacional pola relevancia e varianza do factor estético.	1	
Establecer sinerxías cos Xeodestinos circundantes e consensos coas diversas administracións e organismos locais, para mellorar a oferta conxunta e establecer mecanismos de colaboración e optimización de recursos.	1	
Implantar programas de voluntariado para o coidado de recursos patrimoniais e a súa valorización entre os residentes.	1	
Creación de minicentros turísticos de recepción de visitantes con novas tecnoloxías (3D, QR, etc.).	1	
Orientar o destino cara o turismo de eventos e congresos ligados ao patrimonio.	1	
Creación de sendas brandas que permitan o tránsito seguro entre elementos de interese (Ex. Pozo do Demo-Verín-Ecovía do Támega).	1	
Establecer un sistema de apertura de monumentos ou modelos de visita que permitan que os elementos poidan ser visitados.	1	
Dotar a Verín dun plan de soportes culturais que dea contido a programas continuados: Museo Central, Academia Taboada Chivite, Museo da Cornamusa, etc.	1	
Xestionar proxectos europeos turísticos de modo conxunto Galicia - Norte de Portugal a través da Eurocidade.	1	
Implantar un sistema de transporte sostible e temático para rutas turísticas (ex. buses eléctricos para percorridos circulares en fin de semana).	1	
Mellorar a conexión con Chaves mediante un modelo de transporte diario para viaxeiros e turístico en períodos de vacacións.	1	
Programar actividades vinculadas á estacionalidade dos ciclos vitivinícolas.	1	
Crear rutas a cabalo para achegar aos visitantes ao territorio dunha maneira sostible e novidosa.	1	
Apoiarse nos axentes locais activos e procurar <i>influencers</i> con interese na zona (ex. Rubén Riós).	1	

Principal valor ou recurso para dinamizar o territorio



98


Territorial



114

Servizos e cultura


Mentimeter



112

Viticultura


Mentimeter



100

Soutos


Mentimeter



133

Gandaría


Mentimeter



119

Outras producións agrogandeiras


Mentimeter



114

Estruturación do sector agrario


Mentimeter



117

Forestal I


Mentimeter



113

Forestal II


Mentimeter



114

Paisaxe e Medio ambiente

Mentimeter




113



Mobilidade de terras

Mentimeter




111



Destino Turístico


Mentimeter



111

Dinamización e innovación turística


Mentimeter



112

Turismo termal / auguismo


Mentimeter



101

Enogastroturismo


Mentimeter



110

Ordena as seguintes accións, sendo a primeira (1º) a que consideras máis importante:


Mentimeter



102

Valora os seguintes aspectos da mesa temática

Mentimeter



52


Priorización da análise DAFO nas xornadas

Cuestionarios mentimeter

DEBILIDADES



OUTRAS DEBILIDADES APORTADAS



AMEAZAS



OUTRAS AMEAZAS

Falta de ciclos formativos de FP acelerados aos recursos do territorio

Falta de visibilidade de novas oportunidades no agro: plantacións distintas das actuais, por falta de información, descoñecemento...por exemplo plantas medicinais,

A forma de actuar de grandes empresas (enerxéticas etc.)

FORTALEZAS



OUTRAS FORTALEZAS

Conexión con Portugal: porta de entrada ao mercado lusófono.

Boas comunicacións terrestres: A-52, A-75, AVE...

Marxe de mellora moi amplo

Servizos públicos


Hai boas ideas de emprendemento

Alta tradición comercial e emprendedora

OPORTUNIDADES



OUTRAS OPORTUNIDADES



Resultados dos aportes recibidos nas xornadas

Táboa 16. Aportes en relación ás debilidades tratadas

DEBILIDADE 1.	
ABANDONO TERRITORIAL, DESPOBOACMENTO E FALTA DE OPORTUNIDADES LABORAIS	
1.1	Cambiar a mentalidade da xente.
1.2	Incentivar o emprendemento entre a xente xove.
1.3	Mellorar as condicións para por en marcha as oportunidades laborais.
1.4	Axustar os prazos dos polígonos agroforestais aos usos.
1.5	Campañas de comunicación específicas.
1.6	Axilizar a administración para resolver rápido as iniciativas.
1.7	Mellorar as condicións de traballar no campo para que sexa máis rentable.
1.8	Promover beneficios fiscais e infraestrutura necesaria: parcelas grandes para xestionar.
1.9	Explicar os beneficios das novas figuras da lei para propietarios e xestores.
DEBILIDADE 2.	
CUESTIÓN DEMOGRÁFICA, POBOACIÓN ENVELLECIDA, AUSENCIA DE RELEVO XERACIONAL NOS SECTORES PRODUCTIVOS E ESCASA TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO	
2.1	Non recortar servizos básicos.
2.2	Manter e ampliar o transporte público coas aldeas.
2.3	Apostar por calidade fronte a cantidade
2.4	Pago de prezo xusto dos produtos, nin de máis nin de menos.
2.5	Facilitar regreso de xubilados e que as súas familias teñan conexión co territorio.
2.6	Favorecer a inmigración de estranxeiros e o retorno de galegos e fillos de galegos.
2.7	Promover o consumo de produtos locais, con menor pegada de carbono, nos restaurantes da zona.
2.8	Mellorar a imaxe dos agricultores.
2.9	Traer industria e postos de traballo.
2.10	Dar máis importancia ao produto agroalimentario local.
2.11	Completar cadeas de valor agroalimentario
2.12	Promover o comercio de proximidade.
2.13	Buscar rendibilidade á castaña mediante agrupacións de polígonos que produzan conxuntamente.

Táboa 17. Aportes en relación ás ameazas tratadas

AMEAZA 1.	
EXCESO DE NORMATIVAS E PROTOCOLOS TÉCNICOS COMPLEXOS QUE DISUADEN AS INICIATIVAS AGROGANDEIRAS. FALTA DE INFORMACIÓN E SEGUIMIENTO	
1.1	Reverter o papel das oficinas agrarias ao que facían anteriormente (extensión agraria).
1.2	Desprivatizar o servizo de asesoramento.
1.3	Problemáticas para as comunidades de montes con vendas de madeira a Portugal (axilizar IVE).
1.4	Evitar a perda de capacidade de decisión das comunidades de montes xestionadas por empresas.
AMEAZA 2.	
DESVALORIZACIÓN SOCIAL DO AGRO E DAS SÚAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS, EXCEPTUANDO A VITICULTURA	
2.1	Garantir un produto rendible.
2.2	Promover sistemas multifuncionais (soutos e micoloxía) vencellados aos polígonos.
2.3	Fomentar outros cultivos, como o azafrán, relacionados co alto valor e orgullo.
2.4	Crear marcas que melloran o prestixio e orgullo dos produtores, non só para os produtos transformados.
2.5	Exencións fiscais para quen queira vivir no rural. Mellorar a información, reducir a burocracia.
2.6	Valorizar o resto de produtos tendo como exemplo o viño: orgullo, marca.
2.7	Fixar estándares de calidade (DOP Monterrei, IXP Castaña de Galicia) e asegurar un bo funcionamento.
2.8	Completar ciclos e dar valor engadido aos produtos.
2.9	Profesionalizar o mel para que non sexa só un produto complementario.
2.10	Dimensionar as explotacións para que sexan rendibles.

Táboa 18. Aportes en relación ás fortalezas tratadas

FORTALEZA 1.	
VARIEDADE DE PRODUTOS LOCAIS DE CALIDADE DIFERENCIADA (PEMENTO DE OIMBRA, CASTAÑA DE GALICIA...) E TRADICIÓN VITIVINÍCOLA VINCULADA Á DOP MONTERREI, COMO POSTA EN VALOR DO PRODUTO	
1.1	Garantir a ordenación para evitar a perda de variedades.
1.2	Realizar un museo vivo de variedades para poñer en valor esta riqueza.
1.3	Recuperación dos recursos xenéticos tradicionais.
1.4	Investigar e divulgar a especificidade das variedades de castaña segundo as zonas.
1.5	Divulgar os resultados dos estudos para formación e optimización das producións.
1.6	Promover a diferenciación e a calidade con mercados máis específicos.
1.7	Garantir a pervivencia dos pequenos viticultores en base á calidade.
1.8	Fomentar os viños tintos, mellorar a elaboración para aproveitar o potencial da zona.
FORTALEZA 2.	
COMARCA MULTIFUNCIONAL CON VALORES TERRITORIAIS IDÓNEOS PARA A ESPECIALIZACIÓN AGRARIA, GANDEIRA FORESTAL OU LOXÍSTICA	
2.1	Potenciar o turismo rural para natureza e tranquilidade, con acceso a través das autovías A-52 e A-75 e o AVE.
2.2	Impulsar un polígono industrial xunto a autovía para xerar postos de traballo.
2.3	Garantir traballos rendibles e variados en base aos distintos potenciais da comarca.
2.4	Evitar a fuga de empresas a Chaves (casos como Aluminios Cortizo).
2.5	Fomentar o intercambio con Portugal (Chaves, Bragança, Vinhais). Queren saber máis de Galicia pero seguimos vendonos diferentes.
2.6	Debater sobre o modelo de chegada das grandes adegas para avaliar posibles ameazas (menor variedade), ou oportunidades (outros mercados). Dar facilidades ás adegas que xa están establecidas.

Táboa 19. Aportes en relación ás oportunidades tratadas

OPORTUNIDADE 1.	
POSICIÓN ESTRATÉXICA ENTRE GALICIA, PORTUGAL E A MESETA CENTRAL. COMARCA DE FRONTEIRA, OPORTUNIDADE DE CHEGAR A UN GRAN MERCADO. LINGUA COMÚN E VÍNCULOS HISTÓRICOS CO NORTE DE PORTUGAL	
1.1	Mellorar as conexións e transporte público entre o AVE e o resto da comarca.
1.2	Fomentar a oportunidade que é Madrid (máis que Portugal, que son máis competitivos en prezos e “moi do seu”) para a comercialización de produtos, que si teñen demanda a nivel nacional.
1.3	Fomentar o pan galego, o mel e os destilados, moi valorados en Madrid e competitivos.
1.4	Potenciar a industria de transformación para o bagazo, aproveitando a valoración dos destilados galegos.
1.5	Colaborar con Portugal para unha oferta turística combinada.
1.6	Fomentar o enoturismo e agroturismo a partir de espazos para a realización de experiencias e proxectos diferenciados.
1.7	Promover unha granxa escola.
OPORTUNIDADE 2.	
DISPOÑIBILIDADE DE AMPLAS SUPERFICIES DE TERRA AGRARIA ÚTIL QUE AUMENTE AS POSIBILIDADES PRODUTIVAS: FORRAXES, PATACA ECOLÓXICA E DIVERSIFICACIÓN DA HORTA, ETC. O MERCADO DEMANDA PRODUTOS SINGULARES DE CALIDADE	
2.1	Dimensionar explotacións (non poden ser explotacións pequenas, aínda que isto levará tempo).
2.2	Xestionar o solo industrial a través de cesións e non de venta para garantir que sexa de propiedade pública e recuperable unha vez se deixe a actividade.
2.3	Mellorar a comercialización mediante unha marca e o comercio de proximidade.
2.4	Promover estudos de mercado para enfocar as producións cara á demanda.
2.5	Crear un polo loxístico para a distribución conxunta.
2.6	Mellorar as comunicacións do concello de Cualedro con Portugal.
2.7	Promover a incorporación de novos produtores baixo a IXP Pemento de Oímbra.

Resultados do cuestionario online de participación

Figura 7. Datos xerais dos participantes.



Figura 8. Análise de datos sobre os participantes.

3. Xénero

● Muller	27
● Home	26
● Outro	0



4. Idade

● Menor de 18 anos	0
● Entre 18 e 40 anos	20
● Entre 40 e 65 anos	32
● Maior de 65 anos	1



5. Nivel de formación

● Educación básica (EGB, ESO)	2
● Educación secundaria (Bachiller...	8
● Formación profesional	11
● Estudos universitarios	20
● Estudos posuniversitarios	11
● Outros	1




Figura 9. Análise de resultados en relación ao GDR-9.

6. Coñece ao GDR Monteval e a súa actividade?



7. Se coñece a actividade do GDR Monteval, como a valora durante o programa 2014-2020?




8. Se coñece a actividade do GDR Monteval, cal é a súa relación co GDR Monteval?



Figura 10. Análise de resultados en relación ao territorio


9. Considere a situación global do territorio Monteval

3.79
Clasificación promedio



10. Considere a situación global do territorio Monteval


3.68
Clasificación promedio



11. Considere a situación global do territorio Monteval

3.36


Clasificación promedio



12. Considere a situación global do territorio Monteval


3.49

Clasificación promedio




13. Considere a situación global do territorio Monteval

3.02
Clasificación promedio




14. Considere a situación global do territorio Monteval

3.43
Clasificación promedio




15. Considere a situación global do territorio Monteval

3.74
Clasificación promedio




16. Considere a situación global do territorio Monteval

3.43
Clasificación promedio




17. Considere a situación global do territorio Monteval

3.71
Clasificación promedio




18. Considere a situación global do territorio Monteval

4.19
Clasificación promedio




19. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.43
Clasificación promedio




20. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.52
Clasificación promedio




21. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.42
Clasificación promedio




22. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.50
Clasificación promedio




23. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.00
Clasificación promedio




24. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.26
Clasificación promedio




25. Valore a evolución dos obxectivos establecidos polo GDR-9 no periodo 2014.2020

3.30
Clasificación promedio



26. Ordene por prioridade as seguintes accións (sendo a primeira a máis prioritaria e a última a menos prioritaria)

- 1 FIXACIÓN DE POBOACIÓN E AT...
- 2 MELLORA DA CADEA DE VALOR...
- 3 APOIO Á DIVERSIFICACIÓN DO...
- 4 POSTA EN PRODUCCIÓN DE TER...
- 5 FORMACIÓN E APRENDIZAXE C...
- 6 CAPACITACIÓN DIXITAL E MELL...
- 7 PROTECCIÓN DOS ECOSISTEMA...
- 8 FOMENTO DA OFERTA TURÍSTIC...
- 9 IMPULSO DO BENESTAR SOCIA...
- 10 MELLORA E POSTA EN VALOR D...



27. Propoña tres accións que considere necesarias para dinamizar o territorio Monteval

40
Respuestas

Respuestas más recientes
"Mellorar e conservar o patrimonio. Protección e coidado do ..."

A.4.2. Determinación de obxectivos xerais e particulares

Análise DAFO do territorio Monteval GDR-9.

DEBILIDADES

- Cuestión demográfica: despoboamento e poboación envellecida. Ausencia de relevo xeracional nos sectores produtivos e escasa transferencia de coñecemento.
- Mercado laboral pouco dinámico. Falta de iniciativas económicas, reticencias á innovación e aos cambios. Dificultades para incorporación da muller ao mercado laboral en sectores diversos. Escaseza de man de obra cualificada.
- Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.
- Alta recorrencia de incendios forestais e forte virulencia dos lumes de nova xeración causando unha desvalorización xeral do territorio.
- Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.
- A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra e pola escasa mobilidade da mesma, condicionando a actividade produtiva.
- A estrutura produtiva do sector forestal non existe, como tal, no ámbito. Non hai infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación.
- Ausencia de proposta turística conxunta e uniforme. Destino pouco competitivo por falta de identidade e oferta turística estruturada.
- Deficiencias na accesibilidade aos recursos turísticos e patrimoniais e poucos recursos de interpretación do patrimonio.
- Ausencia de masa crítica, escasa implicación cidadá nos procesos e desleixo cara o territorio e os seus valores.

AMEAZAS

- Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.
- Comarca afastada dos centros de toma de decisións, sen peso específico no contexto galego.
- Desvantaxe competitiva fronte a outros territorios mellor artellados e estruturados.
- O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.
- Desvalorización social do agro e das súas actividades produtivas, exceptuando a viticultura.
- O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento.
- Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.
- Desvalorización da cadea de valor forestal, agravada polo deficiente coidado do monte e o risco dos lumes forestais vinculados ao abandono e ao cambio climático
- Dificultades do sector turístico para acadar posición global fronte a destinos máis competitivos de orientación similar.
- Dificultades no tránsito intercomunitario de visitantes por descoñecemento mutuo entre Galicia e Portugal.

FORTALEZAS

- Comarca multifuncional con valores territoriais idóneos para a especialización agraria, gandeira, forestal ou loxística.
- Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.
- Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto
- Capital humano vinculado á xestión do territorio rural e con experiencia en sectores estratéxicos. Existen demandantes de terra agraria que solicitan acollerse ás ferramentas derivadas da Lei de recuperación de aterra agraria de Galicia.
- Gran potencial forestal pola estrutura territorial e a dispoñibilidade de amplas superficies aptas na comarca, especialmente montes comunais no ámbito, cunha das maiores densidades deste modelo a nivel galego.
- A posición xeográfica resulta estratéxica para o turismo pola atracción de mercados internos e a posibilidade de xerar sinerxías con destinos próximos como Chaves e o norte de Portugal.
- Elementos patrimoniais e culturais de primeiro nivel como ao conxunto de Monterrei, a Vía da Prata ou o Entroido.
- Entidades e organismos, públicos ou privados, con experiencia en xestión territorial como vehículos para artellar propostas: Asociación Monteval GDR-9, p. ex.
- Comarca con idiosincrasia propia, diferenciada culturalmente. Paisaxe propia e diferenciada que outorga personalidade á comarca.
- Calidade de vida e tranquilidade como valor a reivindicar neste territorio

OPORTUNIDADES

- Posición estratéxica entre Galicia, Portugal e a Meseta Central. Comarca de fronteira, oportunidade de chegar a un gran mercado. Lingua común e vínculos históricos co norte de Portugal.
- Territorio ben definido xeograficamente, matices mediterráneos e continentais, contraste val-serra e paisaxe de singular pouco coñecida a nivel galego.
- Dispoñibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: cultivos de forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc. O mercado demanda produtos singulares e de calidade
- Amplas masas forestais teñen potencial como sumidoiro de carbono. A abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.
- O mercado demanda madeira para novos usos na construción e estruturas. Isto incentiva as plantacións de castiñeiro para madeira (con grandes condicións no ámbito) e outras especies (cereixo, nogueira, carballo americano, freixo, etc.).
- Os diversos programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente. Ex. Polo de Emprendemento
- Proxectos existentes poden actuar como casos de boas prácticas e elemento motor referencial que explicita os potenciais produtivos do ámbito.
- A Lei de recuperación de terra agraria de Galicia conta con ferramentas para a posta en valor de parcelas abandonadas con varios exemplo piloto no ámbito como poden Aldeas Modelo xa declaradas ou polígonos agroforestais aprobados
- Destino turístico potencial especializado na calidade e no detalle como produto turístico novidoso e diferenciado. Modelos alternativos de viaxe e estancia teñen cabida na comarca: caravaning, ecoturismo, agroturismo, etc.
- Elementos diferenciais como destino turístico: tradición dos balnearios, a estación de ferrocarril da Gudiña e plan de desenvolvemento da vila de Monterrei.

Avaliación de propostas das entrevistas en función da matriz de impacto

A **matriz de impacto** é unha ferramenta de diagnose que permite definir alternativas futuras a través do establecemento de variables cualitativas.

- **Relevancia:** as consecuencias en caso de que sucedese (en parámetros de impacto)
- **Probabilidade:** a posibilidade de que algo suceda (en parámetros de frecuencia)

A continuación refírese o listado de propostas recollido no proceso de participación pública e valorado posteriormente polos participantes nos talleres en base aos dous parámetros indicados. Isto permite establecer unha priorización das accións de cara a elaboración das propostas da estratexia.

Táboa 20. Resultados da valoración de propostas por parte dos axentes en base a relevancia e probabilidade.

Cuestións	Relevancia
Incentivar modelos de dinamización que conxuguen o aspecto produtivo e residencial das aldeas.	4,072727273
Plan de mobilidade sostible especialmente de conexión á Estación de AVE.	3,990990991
Potenciar o agroturismo vencellado a ganderías, o pemento, a castaña ou a mel.	3,963636364
Empregar o patrimonio (arqueoloxía, Vía da Prata, entroido, etc.) para crear unha identidade común do destino turístico.	3,963302752
Por en valor a xestión da biomasa como modelo de negocio e vía para reducir o risco de incendio.	3,955357143
Reordenar o sector da castaña a través da marca Castaña de Galicia poñendo en valor subespecies e calidades diferenciadas.	3,936936937
Estabilizar a presenza de rabaños ovinos e caprinos polo seu potencial gandeiro e pola función de rozas que realizan no monte baixo	3,915966387
Dotar dun protocolo conxunto Galicia-Portugal de actuación en prevención e extinción de incendios	3,844827586
Establecer programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agro gandeiro, forestal, turístico, etc.)	3,843478261
Crear plantas de biomasa e de compostaxe na comarca.	3,821428571
Establecer modelos mixtos de explotación forestal e gandeira para aproveitar a xestión que fai o gando no monte	3,767857143
Manter e rexenerar o bosque de ribeira pola súa función como corredor verde e como barreira antilume	3,75
Vincular a oferta formativa aos sectores produtivos da comarca.	3,75
Transmitir aos produtores as virtudes de comercializar a través das figuras de calidade diferenciada polo valor engadido do produto	3,725663717
Facilitar dende os GDRs a formalización dos acordos de cesión, aluguer ou permuta de terras para dar seguridade aos propietarios e produtores.	3,71559633
Recuperar os espazos tradicionalmente vencellados ao auguismo/balneiros.	3,707070707
Crear infraestruturas de transformación industrial para completar ciclo: serradoiros, fábricas de mobles de cociña, etc.	3,672566372
Utilizar os MVMC como grandes bolsas de solo produtivo como oportunidade para establecer montes multifuncionais e sostibles	3,637168142
Incentivar a profesionalización das pequenas producións hortícolas especializadas .	3,612612613
Plan de alfabetización dixital para a cidadanía local para uso de app, servizos bancarios, atención médica, etc.	3,581818182
Manter e dar publicidade á Feira do Viño de Monterrei-Verín como un referente no posicionamento do produto e da comarca	3,581632653
Mellorar a xestión dos recursos hídricos polo esgotamento dos acuíferos	3,576576577
Mellorar o matadoiro de Verín e crear unha sala de despece no ámbito que facilite a distribución certificada	3,566371681
Mobilizar terras para producir forraxes e reducir a dependencia dos insumos externos.	3,525862069

Cuestións	Relevancia
Crear cooperativa agroalimentaria que unifique labores produtivas e de comercialización.	3,513274336
Impulsar a fortaleza de Monterrei como elemento motor para o destino turístico.	3,495412844
Crear e mellorar os servizos (restauración e hospedaxe) ao longo do Camiño de Santiago.	3,481818182
Saneamento integral e rexeneración ambiental do ZEC Río Támega.	3,454545455
Valorizar no mercado o produto especializado da leña para calefacción.	3,410714286
Chaves-Verín como ámbito permeable e destino unitario.	3,386138614
Establecer sinerxías cos proxectos empresariais existentes para recuperar a actividade vinculada ao auguismo	3,37755102
Facilitar a xestión forestal a través de agrupacións de propiedades ou asociacións forestais	3,333333333
Creación dun órgano de xestión integral do destino turístico.	3,281818182
Creación dunha oficina de asesoramento e seguimento para a creación de empresas.	3,269565217
Promocionar a micoloxía como actividade compatible con modelos forestais sostibles con beneficios mutuos.	3,267857143
Promover novos cultivos e recuperar algúns tradicionais: lúpulo, liño, arándonos, pistachos, ..	3,256880734
Aproveitar as condicións do Camiño de Santiago para atraer usuarios de perfil deportivo (trail, BTT...).	3,245454545
Chegar a acordos con empresas para recibir un pago pola captura de CO2 dos montes xestionados.	3,19266055
Implementar modelos de comercialización novidosos fundamentados nas novas tecnoloxías e na posición estratéxica da comarca para a distribución.	3,191304348
Mellorar o dinamismo social a través de procesos de participación e incluíndo ao tecido asociativo e á cidadanía na toma de decisións	3,154545455
Programa formativo para viticultores sobre alternativas para reducir o uso de pesticidas sistémicos.	3,126315789
Crear un viveiro propio na comarca para mellorar a accesibilidade a plantas para a repoboación forestal	3,117117117
Incentivar a participación das adegas nas actividades enoturísticas.	3,098039216
Chegar a acordos de xestión de uso entre empresas vitivinícolas e Comunidades de Montes	3,059405941
Ampliar a zonificación da Denominación de Orixe Monterrei a aquelas zonas con potencial produtivo e con vontade de establecer actividade	3,010752688
Mellorar a xestión conxunta de viarios (conservación, rozas, etc.) por resultar moi custosa para as administracións locais	3,00862069
Orientar o sector cárnico cara ao embutido como produto con potencial na comarca debido ás condicións climáticas e ao modelo gandeiro	2,965811966
Producir pataca en ecolóxico como produto diferenciado e oportunidade de mercado	2,963636364
Fomentar a rehabilitación e recuperación das aldeas para turismo, segunda residencia ou terceira idade.	2,939655172
Frear os procesos de hibridación das especies de castiñeiro propias do sector por supoñer perda de calidade	2,924528302
Potenciar a ruta dos lagares rupestres como elemento singular.	2,875
Manter as sebes, peches de pedra e os regadíos tradicionais polo seu valor ambiental e estético	2,831858407
Introducir as plantacións de castiñeiro madeirable aproveitando as boas condicións da comarca.	2,778761062
Plan de transformación dixital para adegueiros e viticultores (e-commerce, monitoriación, etc.)	2,70212766
Impulsar un proxecto de recuperación integral de aldeas dende o punto de vista arquitectónico dada a boa conservación estrutural das mesmas.	2,655172414
Potenciar o establecemento de plantacións de oliveiras autóctonas galegas	2,607142857
Promover a produción de viño ecolóxico na Denominación de Orixe Monterrei.	2,453608247
Fomentar a mobilidade do mercado inmobiliario para solucionar a falta de vivenda.	2,315315315
Recuperar o sector téxtil, de longa tradición na comarca, como vía produtiva de gran valor.	1,168141593
Restringir o crecemento da produción da Denominación de Orixe Monterrei a pequenas producións de alta calidade.	1,043956044
Manter e publicitar a Feira do Viño de Monterrei-Verín como un referente no posicionamento do produto e da comarca	2,724489796

Cuestións	Relevancia
Empregar o patrimonio (arqueoloxía, Vía da Prata, entroido, etc.) para crear unha identidade común do destino turístico.	2,330275229
Impulsar a fortaleza de Monterrei como elemento motor para o destino turístico.	2,183486239
Reordenar o sector da castaña a través da marca Castaña de Galicia poñendo en valor subespecies e calidades diferenciadas.	2,162162162
Vincular a oferta formativa aos sectores produtivos da comarca.	2,148148148
Establecer modelos mixtos de explotación forestal e gandeira para aproveitar a xestión que fai o gando no monte	2,089285714
Chaves-Verín como ámbito permeable e destino unitario.	2,089108911
Establecer programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.)	2,086956522
Ampliar a zonificación da Denominación de Orixe Monterrei a aquelas zonas con potencial produtivo e con vontade de establecer actividade	2,086021505
Dotar dun protocolo conxunto Galicia-Portugal de actuación en prevención e extinción de incendios	2,068965517
Potenciar o agroturismo vencellado a ganderías, o pemento, a castaña ou a mel.	2,054545455
Aproveitar as condicións do Camiño de Santiago para atraer usuarios de perfil deportivo (trail, BTT...).	2,045454545
Estabilizar a presenza de rabaños ovinos e caprinos polo seu potencial gandeiro e pola función de desbroce que realizan no monte baixo	2
Mobilizar terras para producir forraxes e reducir a dependencia dos insumos externos.	1,862068966
Incentivar a profesionalización das pequenas producións hortícolas especializadas .	1,828828829
Creación dunha oficina de asesoramento e seguimento para a creación de empresas.	1,817391304
Por en valor a xestión da biomasa como modelo de negocio e vía para reducir o risco de incendio.	1,75
Mellorar a xestión conxunta de viarios (conservación, rozas, etc.) por resultar moi custosa para as administracións locais	1,732758621
Promocionar a micoloxía como actividade compatible con modelos forestais sostíbeis con beneficios mutuos.	1,705357143
Creación dun órgano de xestión integral do destino turístico.	1,7
Mellorar o matadoiro de Verín e crear unha sala de desepece no ámbito que facilite a distribución certificada	1,672566372
Recuperar os espazos tradicionalmente vencellados ao aguismo/balnearios.	1,666666667
Manter e rexenerar o bosque de ribeira pola súa función como corredor verde e como barreira antilume	1,651785714
Incentivar a participación das adegas nas actividades enoturísticas.	1,647058824
Potenciar a ruta dos lagares rupestres como elemento singular.	1,634615385
Plan de transformación dixital para adegoeiros e viticultores (e-commerce, monitorización, etc.)	1,617021277
Plan de mobilidade sostíbel especialmente de conexión á Estación de AVE.	1,585585586
Utilizar os MVMC como grandes bolsas de solo produtivo como oportunidade para establecer montes multifuncionais e sostíbeis	1,557522124
Plan de alfabetización dixital para a cidadanía local para uso de app, servizos bancarios, atención médica, etc.	1,554545455
Orientar o sector cárnico cara ao embutido como produto con potencial na comarca debido ás condicións climáticas e ao modelo gandeiro	1,521367521
Programa formativo para viticultores sobre alternativas para reducir o uso de pesticidas sistémicos.	1,505263158
Valorizar no mercado o produto especializado da leña para calefacción.	1,491071429
Facilitar dende os GDRs a formalización dos acordos de cesión, aluguer ou permuta de terras para dar seguridade aos propietarios e produtores.	1,486238532
Crear plantas de biomasa e de compostaxe na comarca.	1,464285714
Fomentar a rehabilitación e recuperación das aldeas para turismo, segunda residencia ou terceira idade.	1,422413793
Chegar a acordos de xestión de uso entre empresas vitivinícolas e Comunidades de Montes	1,386138614
Implementar modelos de comercialización novidosos fundamentados nas novas tecnoloxías e na posición estratéxica da comarca para a distribución.	1,339130435
Crear e mellorar os servizos (restauración e hospedaxe) ao longo do Camiño de Santiago.	1,327272727

Cuestións	Relevancia
Potenciar o establecemento de plantacións de oliveiras autóctonas galegas	1,321428571
Introducir as plantacións de castiñeiro madeirable aproveitando as boas condicións da comarca.	1,318584071
Establecer sinerxías cos proxectos empresariais existentes para recuperar a actividade vinculada ao auguismo	1,306122449
Saneamento integral e rexeneración ambiental do ZEC Río Támega.	1,303030303
Crear un viveiro propio na comarca para mellorar a accesibilidade a plantas para a repoboación forestal	1,297297297
Chegar a acordos con empresas para recibir un pago pola captura de CO2 dos montes xestionados.	1,165137615
Producir pataca en ecolóxico como produto diferenciado e oportunidade de mercado	1,163636364
Facilitar a xestión forestal a través de agrupacións de propiedades ou asociacións forestais	1,144144144
Manter as sebes, peches de pedra e os regadíos tradicionais polo seu valor ambiental e estético	1,14159292
Mellorar a xestión dos recursos hídricos polo esgotamento dos acuíferos	1,117117117
Promover a produción de viño ecolóxico na Denominación de Orixe Monterrei.	1,051546392
Incentivar modelos de dinamización que conxuguen o aspecto produtivo e residencial das aldeas.	1,036363636
Promover novos cultivos e recuperar algúns tradicionais: lúpulo, liño, arándonos, pistachos, ..	1,009174312
Transmitir aos produtores as virtudes de comercializar a través das figuras de calidade diferenciada polo valor engadido do produto	0,938053097
Crear infraestruturas de transformación industrial para completar ciclo: serradoiros, fábrica de moble de cociña, etc.	0,876106195
Frear os procesos de hibridación das especies de castiñeiro propias do sector por supoñer perda de calidade	0,801886792
Crear cooperativa agroalimentaria que unifique labores produtivas e de comercialización.	0,663716814
Impulsar un proxecto de recuperación integral de aldeas dende o punto de vista arquitectónico dada a boa conservación estrutural das mesmas.	0,577586207
Mellorar o dinamismo social a través de procesos de participación e incluíndo ao tecido asociativo e á cidadanía na toma de decisións	0,554545455
Fomentar a mobilidade do mercado inmobiliario para solucionar a falta de vivenda.	0,387387387
Restrxinir o crecemento da produción da Denominación de Orixe Monterrei a pequenas producións de alta calidade.	0,351648352
Recuperar o sector téxtil, de longa tradición na comarca, como vía produtiva de gran valor.	-0,451327434

Selección de proxectos piloto

Axúntanse a continuación os proxectos piloto presentados para a súa valoración e as puntuacións acadadas na votación, sinalando aqueles que finalmente resultaron seleccionados.

Táboa 21. Proxectos piloto seleccionados

PROXECTO	VALORACIÓN
Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio	8
Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.	5
Plan de dinamización de canles curtas de comercialización de produtos alimentarios.	-
Plan de dinamización social para a valorización do territorio e a fixación de poboación.	3
Plan de acción de paisaxe para o establecemento de polígonos agrogandeiros lonxitudinais en bocage de vales fluviais.	1
Modelo de Comunidades enerxéticas	6
Iniciativas de xestión das contornas dos elementos patrimoniais polo seu valor intrínseco e como barreira antilume.	2
Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introdución de novos que se adapten as condicións climáticas da comarca.	5

Os catro proxectos máis valorados foron os seguintes (estando empatados dous deles en terceira posición):

- 1. Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio
- 2. Modelo de Comunidades enerxéticas
- 3.1 Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.
- 3.2 Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introdución de novos que se adapten as condicións climáticas da comarca.

En base a estas consideracións, decidiuse realizar unha fusión entre os proxectos 1, 3.1 e 3.2, configurando unha proposta integral que combinase os criterios establecidos en cada unha delas. Deste xeito, presentáronse dous proxectos piloto que integran as catro propostas máis votadas polos participantes.

Bibliografía

- Abelleira-Yáñez, L., Bruña-García, X., Franco-Vázquez, L., Marey-Pérez, M.F. (2011). El proceso de difusión en la participación para la elaboración de un PORF. *Spanish Journal of Rural Development*, II (Special 3): 63-74.
- Alberts, D. J. (2007). Stakeholders or subject matter experts, who should be consulted? *Energy Policy*, 35(4), 2336-2346.
- Arler, F., Mellqvist, H. (2015). Landscape democracy, three sets of values, and the connoisseur method. *Environmental Values*, 24(3), 271-298.
- Davies, A. (2001). What silence knows – planning, public participation and environmental values. *Environmental Values*, 10, 77-102.
- Eiter, S., Vik, M. L. (2015). Public participation in landscape planning: Effective methods for implementing the European Landscape Convention. *Land use Policy*, 44, 44-53.
- European Network for rural development (2015): Increasing stakeholder involvement in rural development implementation. En ENRD Thematic Group Report. Final Draft.
- Jaramillo, S.S. (2016): Identificando a los protagonistas: el mapeo de actores como herramienta para el diseño y análisis de políticas públicas. *The Journal of Latin American Public Policy and Governance*: (I), 7.
- Ivars Baidal, J.A. (2001): La planificación turística de los espacios regionales españoles. [Tesis Doctoral, Universitat d'Alacant]
- Marey-Pérez, M.F., Bruña García, X. (2013). El dilema de la representatividad de los stakeholders en los planes forestales participados. En: Sociedad Española de Ciencias Forestales (Eds.). *Actas del 6º Congreso Forestal Español*. Vitoria-Gasteiz, 10-14 junio, 2013. SECF.
- Palang, H., Alumäe, H. & Mander, U. (2000). Holistic aspects in landscape development: a scenario approach, *Landscape and Urban Planning*, 50, pp. 85-94.
- Rentería Rodríguez, M. T. (2012). Tipos y modos de la participación ciudadana en los procesos de ordenación del territorio. En: Aguilar Robledo, M., Delgado López, E., Vázquez Solís, V., Reyes Pérez, O.: *Ordenamiento Territorial y Participación Social: Problemas y Posibilidades*. Centro de Investigaciones en Geografía Ambiental.

B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.

<i>B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.....</i>	<i>92</i>
B.1. Realidade territorial	93
B.1.1 Delimitación	93
B.1.2 Encadramento funcional	94
B.1.3 Marco territorial estratéxico.....	94
B.2. Tecido socioeconómico.....	95
B.2.1. Análise demográfica.....	95
B.2.3. Indicadores de calidade de vida.....	101
B.2.4. Mercado de traballo.....	102
B.2.5. Análise empresarial.....	105
B.2.6. Equipamentos e infraestruturas	109
B.3. Matriz DAFO	111

B.1. Realidade territorial

B.1.1 Delimitación

O ámbito territorial do GDR-9 ten unha superficie total de 128.297 ha. dos concellos de Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín, Vilardevós, Riós, A Gudiña, A Mezquita, Castrelo do Val e Laza. Estes termos municipais correspóndense coa comarca administrativa de Verín-Monterrei e parcialmente coa comarca de Viana.

O ámbito sitúase no cuadrante sur oriental da provincia ourensá e débúxase nunhas comarcas naturais claramente acoutadas polos accidentes xeográficos; trátase dunha gran depresión tectónica de fondo plano e de gran extensión, que está percorrida polo río Támega, ao cal aflúen numerosos regatos procedentes das serras que pechan o perímetro da depresión. Se noutros casos as unidades de relevo perfilan comarcas de límites precisos, neste a diferenciación está máis marcada que en ningunha outra, debido a que o fondo de tal depresión é máis profundo e os rebordos son máis elevados, o que fai que os desniveis relativos sexan fortes e dean lugar a un verdadeiro muro natural. Este círculo montañoso ábrese para o sur, a través da súa prolongación pola veciña fosa de Chaves, xa en terras portuguesas.

Ademais da súa nítida configuración natural, a comarca de Verín-Monterrei é tamén un territorio histórico, o Val de Monterrei (antiga xurisdición) dominado pola espectacular fortaleza do seu nome. Verín é o centro indiscutible da comarca, pero dada a forte centralidade da cabeceira, a súa influencia esténdese a outros municipios próximos que xa non forman parte da mesma. Pola súa superficie (1.007 km²) e polo número de municipios (oito) pódese clasificar entre as comarcas maiores, pero non así pola súa poboación (28.000 habitantes). A base económica céntrase no val, onde se obtén un viño de calidade (o de Monterrei) e onde a produción agraria é importante. Algunhas industrias, as plantas embotelladoras de coñecidas marcas de auga mineral (Cabreiroá, Sousas) que nos falan da importancia que tiveron os seus balnearios, e outras actividades complétanse co desenvolvemento terciario, favorecido ata agora polo comercio transfronteirizo.

Por outra banda atópanse os concellos de A Gudiña e A Mezquita aínda que pertencen a comarca de Viana, un extremo da provincia de Ourense, enmarcase entre as terras portuguesas e as de Zamora nun espazo comarcal de difícil configuración, debido fundamentalmente a dúas razóns: 1) non existe ningunha unidade natural diferenciada, a non ser o carácter montañoso do territorio; e 2) historicamente o Condado do Bolo, cuxa sede era Viana –principal centro urbano da comarca- estendíase máis alá dos límites actuais, pero os cambios na accesibilidade e na economía modificaron a organización do territorio.

B.1.2 Encadramento funcional

As relacións funcionais do ámbito están determinadas pola posición na área sur oriental da provincia de Ourense. Esa localización no límite da rexión xeográfica determina unha relevancia histórica como terra de fronteira. Dos dez concellos que compoñen a área de estudo, oito presentan límites fronteirizos: A Mezquita, interior coa provincia de Zamora, na Comunidade Autónoma de Castela e León. Ademais deste, os de A Gudiña, Riós, Vilardevós, Verín, Oímbra, Monterrei e Cualedro comparten fronteira con Portugal, nos distritos de Bragança e Vila Real, pertencentes á Rexión Norte.

A disposición viaria ten influencia nas relacións do territorio coas cabeceiras comarcais máis próximas. Toda a comarca de Verín orbita sobre a súa propia cabeceira comarcal. Similar dependencia presentan os concellos de A Gudiña e A Mezquita malia pertencer á comarca de Viana. Esta circunstancia enténdese polo pequeno tamaño da cabeceira vianesa, a distancia e xerarquía secundaria viaria da conexión coa comarca de Valdeorras, e o escaso poder de atracción de A Pobra de Seabra, na veciña provincia zamorana. A relativa ampla distancia a esta vila e o pequeno tamaño da mesma fan que Verín sexa a principal referencia na busca de oportunidades laborais e servizos especializados.

B.1.3 Marco territorial estratéxico

O encadramento do GDR no marco do modelo territorial resulta de interese, por iso compre analizar a estrutura dos asentamentos na clasificación establecida polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Xunta de Galicia, 2011). Este documento, de vital importancia para corrixir o atraso estrutural de Galicia na ordenación do seu espazo, diferenciou catro niveis no grao e distribución da urbanización e dos asentamentos:

En primeiro lugar distinguíu as “Rexións e áreas urbanas”, amplos territorios configurados en torno ás denominadas tradicionalmente “Sete grandes cidades”: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol. Trátase de espazos nos que se dan os máis evidentes procesos de rururbanización e periurbanización, con amplas orlas nas que os usos rurais quedan diluídos ante o pulo de utilidades terciarias e residenciais que responden a unha sociedade urbana. A distancia do ámbito de estudo aos mesmos é notable, non véndose afectado por esta realidade ocupacional.

Outra categoría é a que reúne os nodos do “Sistemas urbanos intermedios”, que conforman as vilas de mediano tamaño, aquelas que acollen volumes demográficos intermedios entre as cidades e os núcleos urbanos menores. Trátase das cabeceiras comarcais máis importantes, aquelas que presentan un desenvolvemento empresarial e de servizos que actúa como polo de atracción e poden ser centro do que irradiar procesos de desenvolvemento económico e de difusión de servizos a áreas rurais máis ou menos afastadas, actuando como nodos viarios e de transporte. No ámbito do Plan aparece o caso de Verín, concello de 13.267 habitantes cunha vila que acada os 10.025 (IGE, 2021f). A súa localización, periférica e afastada dos principais polos galegos, permite unha certa independencia no seu dinamismo socioeconómico, acollendo un terciario especializado no que destacan os servizos sanitario e educativo, ó que suma a xa repetida función fronteiriza e de comunicacións.


Unha terceira categoría descrita polas DOT é a dos “Nodos de equilibrio do territorio”, que presentan funcións urbanas básicas sobre áreas rurais menos extensas. É moi difícil establecer límites demográficos ou funcionais con validez para todo o territorio galego, toda vez que o fenómeno urbano depende dunha multiplicidade de factores. Tradicionalmente foron considerados como urbanos aqueles núcleos que contan cuns 2.000 habitantes e que, principalmente, coinciden coas cabeceiras municipais. Pero debemos matizar esta premisa porque existen entidades que presentan funcións urbanas e non acadan esa cifra. Na actualidade, segundo o Padrón de Habitantes elaborado polo INE, só acadan os 2 000 habitantes 106 entidades en Galicia, algo que no territorio de estudo só ocorre na vila de Verín. Se ben, nas proximidades da área de estudo, as DOT só inclúen a Viana do Bolo neste nivel, á pequena vila de A Gudiña é un núcleo especial que presentou funcións próximas a esta categoría. A Gudiña tivo unha importancia de alcance comarcal medrando ó abeiro da N-525, principal eixo viario da Galicia meridional, e da parada ferroviaria. Dita vantaxe levoulle a presentar unha especialización económica no sector secundario. Esta especialización, a finais do século XX, estaba centrada no ramo da construción e dos servizos de reparación, que acadaban o 73% dos ocupados. Pero, a diminución das actividades de atribución viaria, trala construción da autovía, e a perda da funcionalidade real do ferrocarril, ademais da fin da fase de construción dos grandes encoros fluviais próximos, impediu o seu mantemento como tal.

Finalmente cabe citar o último nivel, o cuarto, no que se ven representadas as cabeceiras municipais menores e as parroquiais, entre as cales debería incluírse o resto da xerarquía de asentamentos do ámbito de estudo.

B.2. Tecido socioeconómico


B.2.1. Análise demográfica

Gráfico 1: Evolución da poboación na área do GDR



Fonte: IGE - Series históricas de poboación nos concellos de ámbito.

Gráfico 2: Evolución da poboación no GDR por grupos de idade



Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade)

Táboa 1. Distribución da poboación por grupos de idade. 2021

Concellos	Total	Menos de 16 anos	Entre 16 e 64 anos	Máis de 64 anos
Castrelo do Val	979	86	469	424
Cualedro	1639	74	795	770
A Gudiña	1232	90	714	428
Laza	1222	69	585	568
A Mezquita	1006	52	531	423
Monterrei	2501	151	1235	1115
Oímbra	1713	118	955	640
Riós	1459	66	728	665
Verín	13.644	1.607	8.380	3.657
Vilardevós	1781	57	839	885
GDR	27.176	2.370	15.231	8.575
Provincia	305.223	31.805	176.951	96.467
Galicia	2.695.645	333.678	1.667.827	694.140


Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes ([IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade](#))

Táboa 2: Densidade de poboación

Territorio	Densidade (hab./km ²)	Territorio	Densidade (hab./km ²)
Galicia	91,4	Verín (comarca)	24,9
A Coruña (prov.)	141,3	Castrelo do Val	7,9
Lugo (prov.)	33,3	Cualedro	14,2
Ourense (prov.)	42,2	Laza	6
Pontevedra (prov.)	210	Monterrei	21
Ámbito de Estudio	40,3	Oímbra	25,4
Viana (comarca)	9,2	Riós	13,2
Gudiña, A	9,2	Verín (concello)	143,8
Mezquita, A	13,4	Vilardevós	11,8


Fonte IGE - Densidades de poboación do Ámbito, das circunscricións administrativas que contén, Galicia e as súas provincias.

Gráfico 3. Evolución da poboación do GDR



Fonte: IGE - Porcentaxe de perda de poboación do Ámbito, dos concellos e comarcas implicadas, as provincias e Galicia

Táboa 3: Saldo vexetativo




Fonte: IGE - Saldo vexetativo do ámbito entre 1975 e 2020.

Táboa 4: Envellecemento da poboación


IDADE MEDIA	2002	2020	IDADE MEDIA	2002	2020	IDADE MEDIA	2002	2020
GALICIA	42,9	47,5	Castrelo do Val	53,9	57,0	Viana (comarca)	49,6	55,6
A Coruña (prov.)	42,5	47,2	Cualedro	53,1	58,4	A Gudiña	47,6	54,1
Lugo (provincia)	46,4	50,0	Laza	54,2	58,7	A Mezquita	49,8	56,6
Pontevedra (prov.)	40,6	45,9	Monterrei	52,7	58,0	ÁMBITO	48,5	54,5
Ourense (provincia)	46,7	50,8	Oímbra	50,0	55,1	.	.	.
Ourense (comarca)	43,2	47,7	Riós	52,9	59,1	.	.	.
Ourense (concello)	41,9	47,0	Verín	42,1	48,1	.	.	.
Verín (comarca)	48,0	52,7	Vilardevos	53,6	60,3	.	.	.

Fonte: IGE - Idade media da poboación en 2002 e 2020 para os concellos, o ámbito, as comarcas implicadas, a comarca e o concello de Ourense, as provincias e o conxunto galego.



Fonte: IGE - Progresión da idade media dos concellos e comarcas do ámbito de estudo, ademais da comarca e concello da capital provincial, do resto das provincias galegas e do territorio autonómico entre 2002 e 2020.

Gráfico 3: Evolución do saldo migratorio. GDR, Galicia e Provincia




Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Saldos migratorios)

Táboa 5: Saldo migratorio

	Emigrantes	Inmigrantes	Saldo migratorio
Galicia	999552	1060829	61277
A Coruña (provincia)	420423	453762	33339
Lugo (provincia)	111464	119319	7855
Ourense (provincia)	152015	158549	6534
Pontevedra (provincia)	315650	329199	13549
Ourense (comarca)	67683	74510	6827
Ourense (concello)	47351	49304	1953
Verín (comarca)	15802	15705	-97
Castrelo do Val	690	640	-50
Cualedro	921	893	-28
Laza	622	570	-52
Monterrei	1192	1347	155
Oímbra	1128	1082	-46
Ríós	858	879	21
Verín (concello)	9391	9373	-18
Vilardevós	1000	921	-79
Viana (comarca)	2715	2844	129
Gudiña, A	784	737	-47
Mezquita, A	552	676	124
Ámbito do Plan	17138	17118	-20

Fonte: IGE - Volume dos saldos migratorios autonómico, provinciais e por concellos e comarcas integrantes do Plan para o período 2010-2020.




Fonte: IGE - Saldo migratorio no conxunto do ámbito entre 2010 e 2020.

B.2.3. Indicadores de calidade de vida

Táboa 6: Indicadores de calidade de vida




Fonte: IGE - Evolución do Produto Interior Bruto no ámbito entre 2010 e 2018. Valores en miles de euros.



Fonte: IGE - Renda dispoñible bruta por habitante para o período 2000-2018 no ámbito de estudo e nos concellos que o compoñen.


B.2.4. Mercado de traballo

Táboa 7: Afiliacións en alta laboral



Fonte: IGE - Porcentaxe de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade para os concellos do ámbito e o conxunto do mesmo. 2021.

Táboa 8: Parados




Fonte: IGE - Porcentaxe de paro por sectores de actividade excluindo a categoría "sen emprego anterior" para agosto de 2021.

Táboa 9: Paro por sectores de actividade

	Paro total	Agricultura Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	151.264	5.097	17.313	11.009	106.076	11.769
A Coruña (prov.)	60.802	1.560	6.561	4.804	42.876	5.001
Lugo (prov.)	14.409	742	1.061	1.145	10.218	1.243
Ourense (prov.)	8.625	236	925	525	6.140	799
Pontevedra (prov.)	58.640	1.969	7.670	3.769	41.229	4.003
Ourense (comarca)	7.114	171	725	402	5.113	703
Castrelo do Val	60	0	5	11	43	1
Cualedro	101	17	10	11	59	4
Laza	41	0	3	4	32	2
Monterrei	172	18	36	24	86	8
Oímbra	108	9	17	10	62	10
Ríos	80	4	5	4	61	6
Verín	1.149	66	119	106	707	151
Vilardevós	100	11	7	19	61	2
A Gudiña	61	4	2	9	44	2
A Mezquita	43	3	2	9	28	1
ÁMBITO	1.728	132	206	207	1.183	187

Fonte: IGE - Valores absolutos de paro por sectores de actividade nos concellos do Ámbito, na comarca da capital ourensá, en Galicia e nas súa provincias.

Táboa 10: Afiliacións á Seguridade Social



Fonte: IGE - Porcentaxe de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade para os concellos do Ámbito e o conxunto do mesmo.

Táboa 11: Afiliacións á Seguridade Social segundo o sector de actividade.

%	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	6	14	8	72
A Coruña (prov.)	5	13	8	74
Lugo (prov.)	12	11	7	69
Ourense (prov.)	5	14	8	73
Pontevedra (prov.)	4	17	7	71
Allariz-Maceda	7	15	10	67
Baixa Limia	9	10	11	70
O Carballiño	4	17	9	70
A Limia	16	12	9	63
Ourense	2	13	7	79
O Ribeiro	8	18	8	66
Terra de Caldelas	16	11	8	64
Terra de Celanova	5	14	12	69
Terra de Trives	13	12	10	64
Valdeorras	5	25	7	63
Ámbito do Plan	8	10	10	72

Fonte: IGE - Porcentaxe de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade para Galicia, as catro provincias, as comarcas da provincia de Ourense e o ámbito.


B.2.5. Análise empresarial

Táboa 12: Empresas

de 0 a 2	357	119	271	1111
de 10 a 19	1	6	3	29
de 100 a 249	0	0	0	2
de 20 a 49	0	3	1	13
de 3 a 5	5	19	17	120
de 50 a 99	0	1	0	4
de 6 a 9	2	14	5	33
Nº de Asalariados	1 Agricultura e pesca	2 Industria, incluída a enerxía	3 Construción	4 Servizos
≥ 250	0	0	0	0


Fonte: IGE - Número de empresas do ámbito por sectores de actividade e número de asalariados.

Táboa 13: Número de empresas segundo a súa condición xurídica



Fonte: IGE - Peso porcentual das empresas do ámbito segundo a súa condición xurídica e por sectores de actividade.

Gráfica 6. Número de empresas segundo o número de asalariados



Fonte: IGE - Peso porcentual das empresas do ámbito do proxecto clasificadas polo seu número de asalariados.

Táboa 14: Número de empresas segundo a súa actividade principal

	Castrelo	Cualedro	Laza	Monterrei	Oímbra	Riós	Verín	Vilardevós	A Gudiña	A Mezquita	ÁMBITO	% ÁMBITO
TOTAL 2019 (CNAE, 2009)	85	42	80	124	98	123	1.240	93	137	114	2136	
1 AGRICULTURA Y PESCA	29	9	20	35	25	51	72	41	34	49	365	17,1
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULT., PESCA	29	9	20	35	25	51	72	41	34	49	365	17,1
2 INDUSTRIA, INCLUIDA A ENERXÍA	3	0	9	23	17	6	83	6	9	6	162	7,6
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	1	0	0	0	1	0	0	0	0	2	4	0,2
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	2	0	8	22	16	6	82	6	9	4	155	7,3
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA E GAS	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0,0
E FORN. AUGA, SANEAMENTO, RESIDUOS	0	0	1	0	0	0	1	0	0	0	2	0,1
3 CONSTRUCCIÓN	20	9	8	18	15	12	176	14	11	14	297	13,9
F CONSTRUCCIÓN	20	9	8	18	15	12	176	14	11	14	297	13,9
4 SERVIZOS	33	24	43	48	41	54	909	32	83	45	1312	61,4
G COMERCIO; REPARACIÓN DE VEÍCULOS	14	6	15	16	12	20	326	11	29	10	459	21,5
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	3	1	5	6	8	6	100	4	5	6	144	6,7
I HOSTALARÍA	9	8	8	8	12	15	126	7	19	16	228	10,7
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	0	0	0	1	0	1	7	0	1	0	10	0,5
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	0	0	1	3	0	1	31	0	3	0	39	1,8
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	1	2	0	0	1	2	24	2	9	4	45	2,1
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	0	3	5	3	4	1	100	0	4	2	122	5,7
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	0	0	3	0	0	2	34	1	3	0	43	2,0
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL	1	1	1	1	1	1	3	1	2	1	13	0,6
P EDUCACIÓN	0	2	1	3	0	0	25	1	2	1	35	1,6
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	1	1	1	5	1	2	42	2	3	0	58	2,7
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS, ENTRETENIMENTO	1	0	2	0	1	1	19	1	0	1	26	1,2
S OUTROS SERVIZOS	3	0	1	2	1	2	72	2	3	4	90	4,2

Fonte: IGE - Número de empresas por sector e subsector de actividade en 2019 no ámbito e nos concellos que o constitúen. Ademais, apórtanse as porcentaxes por sector e subsector para o conxunto territorial.

Análise dos sectores relevantes para o GDR

A caracterización produtiva do ámbito do GDR centrada nos sistemas agroalimentario e forestal está ben detallada no **apartado E**.

Outro dos sectores relevantes para o territorio e na estratexia do GDR é o turístico polo que cómpre facer unha análise do mesmo:

Descrición da oferta turística

Desde o punto de vista xeográfico, o GDR circunscríbese a unha comarca natural ben definida caracterizada polo contraste entre o val de Monterrei e o conxunto de serras e elevacións que definen o ámbito, a pertenza á conca hidrográfica do Douro (caso único en Galicia) e un réxime climático específico a nivel galego con matices mediterráneos e continentais. Todo iso deriva nun tipo de paisaxe singular e un ambiente diferenciado que se expresa na presenza de produtos agroalimentarios particulares como son o viño de Monterrei ou o pemento de Oímbra, entre outros.

O territorio conta cun rico patrimonio cultural e con diversos elementos transversais a todo o territorio como son o Entroido (tradicional entroido popular con recoñecemento turístico) e a Vía da Prata ou Camiño Sueste, itinerario do Camiño de Santiago que entra en Galicia pola comarca e que conta con diversas variantes que articulan a totalidade dos municipios do ámbito. A fortaleza de Monterrei é o elemento patrimonial máis destacado e actúa como elemento motor de atracción.

O viño e a súa importancia histórica nesta zona queda evidenciada a través dos restos arqueolóxicos e o patrimonio vitivinícola existente. A Ruta do viño conta con 27 establecementos adheridos e representantes do sector público, vitivinícola, agroalimentario e turístico que promoven actividades como as Xornadas Anuais de Puertas Abertas nas adegas. A Axencia de Turismo de Galicia promociona dúas rutas enoturísticas da DOP Monterrei: “O circuío polas terras da D.O Monterrei” e o “Circuío polas D.O de viños de Galicia” e, como expresión da identidade vitivinícola destaca o Roteiro dos lagares rupestres, que permite unha interpretación da evolución histórica do viño na comarca.

O agüismo e o termalismo conforman un produto singular do territorio, rexistrando a ambos os dous lados da fronteira a maior concentración de augas termais e mineromedicinales de Europa, que se consolida na Eurociudad Chaves-Verín combinando os recursos da auga con outros etnográficos, gastronómicos e patrimoniais. As termas de Sousas, Cabreiroá, Fontenova e Caldeliñas están integradas na ruta termal e da auga de Chaves-Verín, destacando Cabreiroá por ofrecer actividades turísticas.

O Entroido como expresión da identidade cultural da comarca evidénciase en dúas dos vértices do Triángulo Máxico do Entroido, Verín e Laza que, xunto con Xinzo de Limia, conforman este produto turístico de primeiro nivel que promociona os entroidos máis importantes de Galicia. Esta tradición complétase con outros entroidos singulares do territorio como os de Oímbra ou Riós.

O Camiño de Santiago constitúe unha oportunidade para o desenvolvemento do territorio coa súa variante Vía da Prata, que atravesa a comarca en dous itinerarios, un por Laza e outro por Verín. É o Camiño Xacobeo de maior percorrido en España, cun total de 960 km.

A singularidade da paisaxe da comarca, coa súa diversidade e contrastes, fomenta a aparición dunha oferta turística variada que se expresa nunha ampla rede de roteiros e camiños tradicionais de diferentes lonxitudes, dificultades, accesibilidade e grao de sinalización. Entre os Itinerarios de interese paisaxístico, destacan polos seus valores naturais, culturais e panorámicos Serra do Larouco, entre Baixa Limia e Verín, Serra de Penas Libres en Vilardevós, Correchoso en Laza, ou os itinerarios de Vilaza e Centro da Vila en Monterrei. Dentro dos roteiros oficiais ofertados por Turismo de Galicia e/o webs municipais están o Roteiro Europeo da Castaña en Riós, ao redor deste produto gastronómico, os 3 roteiros circulares Turístico-Culturais do Contrabando, os Roteiros do Lagar dous Mouros, Pozo do Demo e Río Támega, que combinan elementos de carácter natural e patrimonial, e outras como o Roteiro dous Carboeiros, o Circuío Galaico-Luso e A Pista do Marroquí, que foi deseñada e tematizada, aínda que precisa de mantemento. Doutra banda, as características orográficas fan deste un das contornas de Galicia máis propicias para o uso da bicicleta, existindo 12 roteiros temáticos cicloturísticas ofertadas desde o Centro BTT Portas de Galicia, con tracks GPS descargables na web Turismo de Galicia, que facilitan descubrir o territorio ofrecendo unha actividade diferenciada que pode ser realizada ao longo de todo o ano.

Entre as experiencias realizadas para a especialización da oferta turística destacan: unha App de realidade aumentada, impulsada polo municipio de Oímbra en colaboración con adegas da DOP Monterrei para difundir o patrimonio cultural asociado á viticultura, a través da recreación 3D dos lagares rupestres e adegas tradicionais; a organización de Visitas Virtuais ás pinturas rupestres de Monterrei, froito da colaboración entre este concello e a Universidade de Vigo; ou a iniciativa Ruteart de promoción de viaxes en grupo, cooperación e turismo responsable, en Vilardevós, enfocada á sustentabilidade e ao medio ambiente.

Datos sobre a oferta privada

Segundo o REAT (2022) hai 46 aloxamentos turísticos con 1.085 prazas, categorizados en 7 modalidades, e cunha distribución xeográfica desigual. A modalidade máis numerosa son as pensións e os hoteis, xuntos ofrecen case o 80% das prazas aloxativas, mentres que os apartamentos turísticos, as vivendas turísticas e as vivendas de uso turístico representan tan só un 9%. Verín conta cunha oferta maior e máis diversificada (350 prazas en 14 aloxamentos) e xunto a Gudiña acumulan máis do 50% dos aloxamentos turísticos, aínda que A Mezquita dispón de máis prazas de aloxamento (150). O municipio de Monterrei é o que presenta unha maior variedade en canto á tipoloxía de aloxamentos, posto que os 5 que existen pertencen a 4 diferentes. Cabe destacar que Riós dispón tan só de 2 pensións e en Cualedro, Oímbra e Vilardevós non existe ningún aloxamento turístico. Soamente o Parador de Verín (3*) conta coa distinción “Q” de calidade turística.

O territorio ten 41 restaurantes, ningún de categoría superior (3- 4 garfos) e 33 categorizados con 1 garfo. Todos os municipios contan con, polo menos, 1 restaurante, destaca Verín onde se atopan case a metade (18, todos de 1 garfo), seguido da Gudiña (7) co maior número de 2 garfos (5), mentres que Monterrei e Cualedro teñen só 1 establecemento.

En relación ás axencias de viaxe, unicamente existen 4 no municipio de Verín, e é tamén o único lugar que dispón dun guía turístico oficial acreditado en 4 idiomas.

Cuantificación do consumo de recursos turísticos.

Non existen demasiados datos cuantitativos sobre o consumo da maioría dos recursos/ produtos turísticos. A Oficina do Peregrino proporciona información sobre as características dos peregrinos, ademais do tránsito de cada roteiro. A Vía da Prata non é o Camiño máis transitado, aínda que desde o 2004 o nº de peregrinos foi en aumento, estabilizándose ao redor das 9.000 persoas desde o 2013. No 2010 rexistrouse a cifra máis alta ata o momento (14.000 pax). Hai que resaltar que o turismo vinculado ao Camiño de Santiago ten unha clara capacidade para desestacionalizar a oferta turística, aínda así, o número de viaxeiros comezou a aumentar desde o mes de marzo ata finais de verán, cando se superou a barreira dos 1.000 viaxeiros ao mes.

A ruta termal tamén conta cun rexistro do número de persoas, xa que ao finalizar poden obter un diploma na Oficina de Turismo de Verín. No ano 2016 entregáronse 243 diplomas, este número esborallouse considerablemente no 2019 con tan só 74 pax.

Por último, a Fortaleza de Monterrei ten acceso libre e gratuíto pero ao atoparse situada á beira da Oficina de turismo, pódese deducir que aqueles turistas que se achegan á oficina en busca de información, visitaron ou visitarán o Castelo. No 2021 a oficina atendeu a 22.348 visitantes, o que supuxo un incremento do 64% con respecto ao ano 2012, sendo un indicativo do poder tractor que ten este recurso para o territorio.

Equipamentos turísticos de uso público.

No territorio atópanse, entre os recursos máis visitados, o Museo de Arte Sacra situada na Fortaleza de Monterrei; o Museo Etnográfico-Arqueolóxico (Castrelo do Val), e o Museo Claustro Mercedario (s. XVIII) en Verín, catalogado pola revista National Geographic como unha parte importante da riqueza cultural da zona, no último ano recibiu un gran número de visitantes á exposición Ou viño nos Camiños de Santiago.

En canto aos centros de interpretación, centrados na eno- gastronomía, atópanse o Centro de interpretación do Viño de Monterrei cunha exposición de obxectos relacionados co mundo da cultura do viño. O Centro de interpretación Museística (Verín) acolle unha exposición de fotografías relacionadas coas augas termais, o viño, e o Antroido. O Centro de interpretación da Castaña (Riós) actúa como punto de información sobre o cultivo e a recolección da castaña, e o Centro de interpretación do Contrabando (Vilardevós), mostra o mundo do contrabando e ofrece diferentes roteiros de sendeirismo. O CI área Panorámica da Gudiña alberga exposicións sobre os produtos agroalimentarios, así como obxectos artesanais galegos.

En relación ás áreas recreativas existen un total de 9. Verín conta con 6, mentres que Oímbra, Monterrei, e Vilardevós con 1. Ademais, pódense gozar de lugares de baño en Vilardevós, Riós, Oímbra, Monterrei, e Verín, en Laza existen diversas piscinas fluviais así como zonas de baño. Tamén hai piscinas públicas Castrelo do Val e A Gudiña.

Existen 10 miradoiros, a maior parte ofrecen vistas a masas de auga, algúns están moi próximos a lugares patrimoniais. En Laza instalouse un banco para poder gozar das vistas que se converteu nun atractivo turístico.

B.2.6. Equipamentos e infraestruturas

A vocación fronteiriza e a configuración física organizan unha estrutura viaria en íntima relación coa distribución das vilas e principais entidades de poboación. Destaca o eixo viario que une o sur de Galicia co centro da Península e a capital do Estado, antigamente mediante a N-525 Vigo-Villacastín e, na actualidade, acollendo maior tráfico na autovía A-52, cuxos efectos na vertebrado do territorio ten luces e sombras. Verín constitúe o nodo principal dende o que xorde a conexión internacional con Chaves, a estrada N-532 e a autovía parella A-75, que unen os dous polos da Eurocidade Verín-Chaves. Un terceiro eixo de importancia é o que representa a estrada OU-533, que une A Gudiña coa vila da Rúa polas altas terras do sueste provincial e serve de conexión entre as comarcas de Verín e Valdeorras seguindo o Val do río Bibei.

A pesares da importancia que no pasado tivo a vía de ferrocarril entre A Pobra de Sanabria e Ourense, con parada importante na Gudiña, os cambios acaecidos nas últimas décadas dentro do sistema ferroviario español levaron a reducir a relevancia deste medio de comunicación na comarca. Por outra banda, a nova liña de alta velocidade férrea, que avanza cara a súa finalización, non constitúe unha clara alternativa de interese para o territorio do ámbito de estudo. É necesario citar tamén, dado o pulo turístico que na actualidade está acadando, o denominado Camiño de Santiago do Sueste, prolongación noroeste da Vía da Prata. Este, tras pasar pola Vilavella (A Mezquita) e A Gudiña, segue a antiga senda do Camiño Mozárabe da Gudiña a Laza pasando por Campobecerros e Portocamba e presentando alicerces do que pode converterse nunha vía turística de grande potencial.

B.3. Matriz DAFO

Táboa 15. Matriz DAFO xeral

DEBILIDADES

1. Poboación envellecida. Gran baleiro demográfico nas áreas de montaña do ámbito. Disfunción entre o Padrón de habitantes e a realidade pola poboación ausente.
2. Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.
3. Alta recorrencia de incendios forestais e forte virulencia dos lumes de nova xeración causando unha desvalorización xeral do territorio.
4. Éxodo da xente nova na procura de oportunidades. Desprestixio social da permanencia no lugar de orixe ao identificarse con conformismo.
5. Mercado laboral pouco dinámico. Falta de iniciativas económicas, reticencias á innovación e aos cambios.
6. Escaseza de man de obra, cualificada ou non, na maioría dos sectores produtivos. Deficiencias na capacitación técnica en sectores chave para o ámbito.
7. Inestabilidade laboral feminina e falta de oportunidades en sectores diversos.
8. Falta de adaptación das contornas, urbanas e rurais, aos colectivos con diversidade funcional.
9. Ausencia de masa crítica que actúe como sociedade civil demandante de atencións. Desleixo e desanimo xera pouca implicación cidadá nos procesos e na toma de decisións.
10. Dificultades de financiación das administracións locais condicionan funcionalidades e servizos.
11. Verín, como capital comarcal, e cada unha das capitais municipais actúan na súa contorna como polos de atracción para a poboación das aldeas da comarca baleirando as zonas afastadas das vilas.
12. Mobilidade interna dificultosa. O transporte público non dá servizo á totalidade do territorio.
13. Poboación sen acceso a TIC, fenda dixital e falta de adaptación das administracións locais ás novas tecnoloxías.
14. Dificultades das PEMES e comercio para adaptarse ás novas realidades económicas e ser competitivas.
15. Oferta de ocio, cultura e servizos deficitaria en amplas zonas do ámbito.

Descoñecemento xeral, endógeno e exógeno, dos valores do ámbito e ausencia de definición e posición a nivel galego.

AMEAZAS

- 1- Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.
- 2- Comarca afastada dos centros de toma de decisións, sen peso específico no contexto galego.
- 3- Os plans e proxectos xenéricos non se adaptan ás necesidades específicas deste ámbito territorial, especialmente no relativo a planificación territorial.
- 4- As axudas e subvencións descontextualizadas, nalgúns casos, funcionan como desmobilizador para a procura activa de emprego e o emprendemento.
- 5- O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.
- 6- A xestión da Confederación Hidrográfica do Douro xera descontento entre as administracións e a cidadanía pola súa falta de presenza no ámbito.
- 7- Irregularidades na coordinación entre Catastro, Rexistro e realidade parcelaria da propiedade.
- 8- Risco de incendio forestal agravado polas condicións estruturais do territorio, a presenza de combustible e o cambio climático xeran grandes incendios transfronteirizos e lumes de nova xeración de difícil control.
- 9- A autonomía enerxética é un obxectivo afastado pese a ser un territorio con potencial produtor.
- 10- Desvantaxe competitiva fronte a outros territorios mellor artellados e estruturados.

FORTALEZAS

1. Comarca multifuncional con valores territoriais idóneos para a especialización agraria, gandeira, forestal ou loxística.
2. Boa dotación de servizos e completa rede de equipamentos e de infraestruturas de comunicación e transporte.
3. Sector servizos e de distribución como motor económico da comarca.
4. Hábitat concentrado en parte dos sectores do territorio (ex. A Mezquita, 10 entidades).
5. Valores patrimoniais, materiais e inmateriais, distribuídos de forma uniforme polo territorio.
6. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc.
7. Función comercial histórica nos núcleos cabeceira (ex. Verín).
8. Entidades e organismos, públicos ou privados, con experiencia en xestión territorial como vehículos para artellar propostas: Asociación Monteval GDR-9, Consello Regulador Denominación de Orixe Monterrei, Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, Asociación Os Tres Reinos, Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas, AECT Eurocidade Verín-Chaves, entre outros.
9. Comarca con idiosincrasia propia, diferenciada culturalmente e con personalidade recoñecida.
10. Calidade de vida e tranquilidade como valor a reivindicar neste territorio.

OPORTUNIDADES

- 1- Actividades económicas que poñan en valor recursos e capacidades do territorio (ex. gandería extensiva).
- 2- Posición estratéxica entre Galicia, Portugal e a Meseta Central. Verín pode actuar como nodo fundamental do sueste de Galicia.
- 3- Comarca de fronteira, oportunidade de chegar a un gran mercado. Lingua común e vínculos históricos co norte de Portugal.
- 4- Crear medios de comunicación mixtos que informen das realidades da comarca e do norte de Portugal xerando cidadanía conxunta.
- 5- Portugal oferta servizos e man de obra que poden paliar ou complementar as debilidades propias.
- 6- Territorio ben definido xeograficamente, matices mediterráneos e continentais, contraste val-serra e paisaxe de singular pouco coñecida a nivel galego.
- 7- A existencia de conectores ecolóxicos (densa rede fluvial, p. ex.) permite a creación dunha infraestrutura verde comarcal.
- 8- Os modelos de teletraballo estanse asentando permitindo ao mundo rural a súa incorporación a mercados laborais diversos, sempre que se conte coas condicións técnicas e de conexión necesarias.
- 9- Os diversos programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente.
- 10- A captación de profesionais e capitais de empresas externas vinculadas á comarca pola emigración e como posible vía de retorno.
- 11- Asesorar aos axentes emprendedores a través de programas de mentorización e a creación dunha oficina comarcal de emprendemento.
- 12- Fusión de concellos e mancomunado de servizos como oportunidade para a unificación de actividades e racionalización dos procesos administrativos.
- 13- Dotar de solo industrial nestes concellos permitiría o establecemento de polos loxísticos vinculados á A-52 e outras vías de comunicación. Promocionar á Gudiña como nodo de comunicacións a través do establecemento de servizos de apoio ás infraestruturas viarias existentes.
- 14- Mellorar a coordinación entre os diversos niveis das administracións para mellorar a gobernanza e a coordinación conxunta.
- 15- Implantar regulacións específicas en concellos pouco poboados: exencións fiscais, incentivos ás PEMES e comercio local

DEBILIDADES

1. Despoboamento rural e avellentamento da poboación implica a ausencia de relevo xeracional e perda de base de coñecemento. Escasa transferencia de I+D+I.
2. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.
3. Desleixo social cara a comarca e os seus valores produtivos, nomeadamente nos sectores primarios.
4. Abandono territorial e falta de dinamismo socioeconómico dificultan a actividade dos sectores produtivos.
5. Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Ausencia de man de obra (cualificada e non cualificada) en sectores diversos.
6. A oferta formativa agropecuaria e agroalimentaria está fora da comarca. Non existe coordinación formativa cos sectores produtivos.
7. Produción pouco variada e carencias na xestión de insumos penalizan a competitividade dos produtos nos mercados.
8. Atomización da propiedade e fragmentación parcelaria dificultan a xestión da terra agraria.
9. A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra e pola escasa mobilidade da mesma, condicionando a actividade produtiva.
10. Escasa capacidade económica dos emprendedores, xunto á falta de crédito, actúa como factor que limita aos proxectos.

AMEAZAS

1. O cambio climático supón problemas ambientais e alteracións nas condicións de produción agraria e gandeira.
2. Desvalorización social do agro e das súas actividades produtivas, exceptuando a viticultura.
3. Incorporación de modelos produtivos esóxenos centrados na cantidade e non na calidade non sacan proveito do valor da terra.
4. Falta de planificación integrada e de pensamento estrutural: analízanse feitos por separado, sen contexto global, e actúase de maneira localizada.
5. O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento das normativas.
6. As administracións e as políticas públicas non conseguen frear os procesos que debilitan o rural. As iniciativas pode que cheguen demasiado tarde.
7. As actividades produtivas primarias xeran, en determinadas circunstancias, presión aos espazos de valor ambiental.
8. A xestión dos recursos hídricos será problemática na medida na que non se adapte ao cambio climático. As infraestruturas son deficientes.
9. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.
10. As ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia poden supoñer a aterraxe de grandes grupos inversores no territorio xerando competencia pola terra cos pequenos produtores.

FORTALEZAS

1. Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.
2. Calidade produtiva da terra e boas condicións bioxeográficas para a produción agropecuaria.
3. Diversidade produtiva do sector primario: gandería, vinícola, forestal, etc,
4. Produtos de calidade diferenciada no ámbito, singularmente castaña, mel e pemento de Oímbra, entre outros.
5. Viticultura de calidade e tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto.
6. Posición xeográfica estratéxica da comarca para a distribución e a comercialización de produtos agroalimentarios.
7. Espazos naturais protexidos e paisaxe diferenciada como factor diferencial para xerar valor nos produtos agrogandeiros.
8. Tradición de feiras e mercados como base para establecer modelos de distribución quilómetro cero.
9. Presenza de centros e institucións relevantes no ámbito como apoio ás iniciativas dos sectores primarios.
10. Capital humano vinculado á xestión do territorio rural e con experiencia en sectores estratéxicos. Existen demandantes de terra agraria que solicitan acollerse ás ferramentas derivadas da Lei de recuperación de aterra agraria de Galicia.

OPORTUNIDADES

1. Dispoñibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: cultivos de forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc.
2. O mercado demanda produtos singulares e de calidade ligados á pequena explotación e ao coidado medioambiental.
3. Establecemento de canles curtas de distribución e posibilidade de establecer modelos mixtos no ámbito que completen ciclos produtivos e comerciais.
4. Sinerxías con norte de Portugal e con outras rexións limítrofes para establecer canles de comercialización e colaboración.
5. Proxectos existentes poden actuar como casos de boas prácticas e elemento motor referencial que explicita os potenciais produtivos do ámbito.
6. Condicións bioxeográficas axeitadas para o establecemento de novas plantacións e recuperación de variedades autóctonas (oliveiras, p. ex.).
7. A agricultura e gandería ecolóxica ten marxe de desenvolvemento e o ámbito posúe condicións axeitadas para modelos extensivos (vacún, ovino, caprino) que palíen a incidencia dos lumes forestais.
8. A produción de castaña ten marxe de mellora en canto a xeración de valor engadido e a través de produtos con demanda no mercado (fariña de castaña, p. ex.)
9. As ferramentas TIC e a dixitalización están cada vez máis presentes nas cadeas produtivas.
11. As políticas públicas fomentan a economía circular, a bioeconomía e os modelos sostibles, tendo o ámbito gran capacidade neste senso. Existe potencial para xerar produtos derivados dos ciclos produtivos (biogás, p. ex.)
12. A Lei de recuperación de terra agraria de Galicia conta con ferramentas para a posta en valor de parcelas abandonadas con varios exemplo piloto no ámbito como poden Aldeas Modelo xa declaradas ou polígonos agroforestais aprobados

DEBILIDADES

1. Ausencia de relevo xeracional na xestión e dificultades na gobernanza, especialmente nos Montes Veciñais en Man Común.
2. Deficiencias na transferencia de coñecemento. O establecemento de plantacións non sempre se realiza nos lugares historicamente máis aptos.
3. A estrutura produtiva do sector forestal non existe, como tal, no ámbito. Non hai infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación.
4. Os ciclos produtivos están incompletos e pérdese valor engadido.
5. As superficies forestais non son manexables para modelos de cesión como o do Banco de Terras. No tema forestal son necesarios acordos de longa duración.
6. Falta profesionalidade no sector e a formación é mellorable.
7. A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúñas áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión.
8. Algunhas vellas plantacións, mal planificadas, condicionan a rendibilidade de amplos ámbitos territoriais ao contar con gran tamaño, nulo rendemento e incerta xestión futura.
9. A xestión ambiental e o aproveitamento dos recursos nas masas de frondosas e especies de ribeira é, practicamente, inexistente.
10. Os emprendedores non teñen capacidade económica nun sector que require altos investimentos.

AMEAZAS

- 1- Os incendios forestais supoñen un reto de difícil solución por ser multicausais. Problema non resoluble con medidas illadas.
- 2- O mercado forestal está dominado por grandes empresas, a vontade do pequeno produtor non é considerada.
- 3- A regulación de prezos depende das grandes corporacións. A transparencia do mercado é mellorable e necesaria.
- 4- Desvalorización da cadea de valor forestal.
- 5- Novos modelos de comercialización de produtos derivados da madeira nos que prima a competitividade do prezo fronte á calidade do produto e dos acabados.
- 6- A competencia entre usos do solo pode restar capacidade produtiva ao sector forestal. Os viñedos procuran novos espazos de oportunidade nos montes comunais.
- 7- Deficiente coidado do monte con escasas labores de mantemento.
- 8- Mellorable calidade sanitaria do monte
- 9- A coordinación entre administracións é mellorable. A xestión de axudas é mellorable ao non existir unha correcta transmisión de información. Os ciclos das subvencións non coinciden, en moitos casos, cos tempos produtivos.
- 10- A fragmentación parcelaria, fóra dos montes comunais, e o abandono xera espazos forestais residuais de rebrote espontáneo que contribúen a acumulación de combustible e aumentan o risco e magnitude dos incendios forestais.

FORTALEZAS

- 1- Gran potencial forestal pola estrutura territorial e a dispoñibilidade de amplas superficies aptas na comarca.
- 2- Gran superficie de montes comunais no ámbito, cunha das maiores densidades deste modelo a nivel galego.
- 3- Montes Veciñais en Man Común como marco espacial que ofrece amplas bolsas de solo dispoñible para o establecemento de proxectos produtivos.
- 4- Os modelos comunais supoñen un reparto equitativo das obrigas e dereitos e xeran beneficios xustos que repercuten na comunidade.
- 5- Os xestores técnicos realizan traballo de colaboración cos comuneiros e implantan melloras na xestión do monte.
- 6- A existencia de ferramentas de ordenación forestal e de empresas de xestión resulta útil (Plans de Ordenación Forestal, p. ex.) tendo a comarca diversos exemplos de Montes Veciñais en Man Común con modelos de xestión exemplares.
- 7- O mercado da leña para calefacción está en auxe e conta con gran potencial no ámbito.
- 8- O monte esixe xestión compartida e pode establecer modelos mixtos con outros sectores produtivos xerando beneficios tanto económicos como ambientais e paisaxísticos.
- 9- Rede viaria extensa e infraestruturas para o manexo da madeira (cargadoiros, p. ex.)
- 10- Variedades autóctonas e acceso a semilleiros

OPORTUNIDADES

- 1- Amplas masas forestais teñen potencial como sumidoiro de carbono. A abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.
- 2- Recuperación ambiental e reforestación de amplas zonas degradadas.
- 3- As melloras xenéticas das especies forestais garanten plantacións de maior calidade e un rendemento adaptado ás condicións de base.
- 4- Mobilizar a propietarios sen uso efectivo da terra a través de incentivos ou penalizacións para acadar equilibrio entre oferta e demanda de parcelas hábiles.
- 5- O mercado demanda madeira para novos usos na construción e estruturas. Isto incentiva as plantacións de castiñeiro para madeira (con grandes condicións no ámbito) e outras especies (cereixo, nogueira, carballo americano, freixo, etc.).
- 6- Novas industrias téxtil vinculadas á produción forestal.
- 7- A diversificación do uso forestal produtor a través da introdución de gando e outras producións apícolas, micolóxicas, resina, cosméticos, aceites, piñas, leña, plantas aromáticas, etc.
- 8- Certificacións forestais e pagos por servizos ecosistémicos para valorizar a produción.
- 9- Fomento da xestión conxunta a través das diversas figuras existentes e mellorar a relación entre particulares e empresas.
- 10- Ocio e produtos turísticos vinculados á xestión dos espazos forestais e á divulgación dos valores do monte (produtivo, ambiental, cultural, etc.)
- 11- Flexibilizar a condición de comuneiro aumentando así a masa crítica e potenciar a creación de mancomunidades, ou adhesión a comunidades lindeiras.
- 12- Fomentar os modelos de cesión na xestión do monte, alugueres e convenios para dinamizar o mercado e incentivar a mobilidade da terra.
- 13- Acadar equilibrios entre produción forestal, pastoreo e caza para minimizar a incidencia de lumes forestais.
- 14- Establecer sinerxías co sector forestal doutras comarcas, sendo Galicia unha potencia no sector pola súa estrutura territorial e produtiva.

DEBILIDADES

- 1- Ausencia de proposta turística conxunta e uniforme.
- 2- Destino pouco competitivo por falta de identidade corporativa.
- 3- Falta de profesionalidade no sector turístico e na xestión patrimonial, agás excepcións. Falta de man de obra local especializada nestes sectores.
- 4- Non existe unha rede de axentes con obxectivos comúns no sector.
- 5- Falta de mecanismos de control sobre a calidade turística. Os axentes do sector traballan por libre e os resultados dependen do seu voluntarismo.
- 6- Carencias en infraestruturas turísticas no ámbito.
- 7- Deficiencias na accesibilidade aos recursos turísticos e patrimoniais e poucos recursos de interpretación do patrimonio.
- 8- Xestión dos recursos patrimoniais realízase de xeito illado, sen unha planificación a nivel comarcal.
- 9- Número limitado de recursos patrimoniais e turísticos de primeiro nivel no ámbito.
- 10- Ausencia de certificacións de sostibilidade turística na zona.
- 11- Dificultades para xerar valor en relación aos sectores turísticos e patrimoniais: trabas administrativas e sociais.
- 12- Dificultades para a mobilidade interna polas carencias en transporte público e aluguer de vehículos.
- 13- A comarca é a Porta de Galicia pero actúa como lugar de paso. A oferta hostaleira e hoteleira céntrase neste aspecto.
- 14- A oferta turística é mínguante, pérdese parte da actividade e estruturas (ex. auguismo e balnearios
- 15- Lectura non axeitada do territorio. Necesario atender ás características propias para crear oferta
- 16- Ruta do viño pouco desenvolvida polo escaso interese de gran parte das adegas no enoturismo.

AMEAZAS

- 1- Ausencia de estratexias claras e posición no marco rexional.
- 2- Dificultades para acadar posición global fronte a destinos máis competitivos de orientación similar.
- 3- Os incendios forestais afectan a recursos patrimoniais e turísticos (ex. rutas de sendeirismo e sinalética) e desvalorizan ao territorio polas súas afeccións ambientais, sociais e paisaxísticas.
- 4- Mala praxe na xestión xenérica do patrimonio cultural.
- 5- Risco de perda de elementos de valor cultural intrínseco se non se procede, de maneira urxente, á súa recuperación, inventario e divulgación: microtoponimia, pequenos entroidos da comarca, entre outros.
- 6- Deficiencias no tratamento dos espazos naturais protexidos do ámbito, tanto pola súa xestión ambiental (río Támega) como pola ausencia de dinamización (Pena Maseira) e divulgación (O Invernadeiro).
- 7- Dificultades no tránsito intercomunitario de visitantes por descoñecemento mutuo entre Galicia e Portugal.
- 8- O destino actúa como complementario doutros principais (Chaves ou Ribeira Sacra, p. ex.) pola súa condición de entrada a Galicia o que dilúe a súa posición nos mercados.
- 9- Coordinación mellorable das iniciativas impulsadas polas diversas administracións.
- 10- Falta de formación TIC e carencias na dixitalización do sector turístico.

FORTALEZAS

- 1- A posición xeográfica resulta estratéxica pola atracción de mercados internos e a posibilidade de xerar sinerxías con destinos próximos como Chaves e o norte de Portugal.
- 2- Vía da Prata como recurso patrimonial e turístico de primeira orde e elemento que artella o territorio.
- 3- O conxunto patrimonial de Monterrei actúa como elemento de referencia e supón o motor de atracción do ámbito.
- 4- Territorio ben definido, conta co condicións xeográficas e paisaxísticas propias
- 5- A boa rede de comunicacións facilita os procesos turísticos cunha boa rede de estrutura de servizos vinculados ás vías de comunicación
- 6- A Ruta do Viño e , en xeral, paisaxes do viñado crea discurso en relación aos sectores turísticos e produtivos e mellora a oferta turística xerando valor na comarca e a Ruta dos Lagares Rupestres como elemento de atracción polo seu valor singular.
- 7- O enoturismo e a gastronomía axudan á desestacionalizar o sector.
- 8- Entroido, como elemento inmaterial caracterizador da comarca, outorga visibilidade e xera gran fluxo de visitantes.
- 9- Legado histórico e cultural relevante e singular. O estado xeral de conservación do patrimonio bo e sen grandes afeccións.
- 10- Distribución singular de elementos patrimoniais no territorio e variedade tipolóxica.
- 11- O turismo actúa como factor que potencia os produtos endóxeos de calidade.
- 12- Destino multifuncional pola variedade de valores: arquitectura popular, enogastronomía, paisaxe, etc.

OPORTUNIDADES

- 1- Comarca como unidade territorial diferenciada, facilmente identificable como destino de seu.
- 2- Destino turístico potencial especializado na calidade e no detalle como produto turístico novidoso e diferenciado.
- 3- Modelos alternativos de viaxe e estancia teñen cabida na comarca: caravaning, ecoturismo, agroturismo, etc.
- 4- Posibilidade de especialización turística por áreas do territorio. Cada ámbito conta con recursos temáticos propios que poden xerar un destino variado e de calidade. (ex. Cualedro, arqueoloxía).
- 5- Nicho de mercado para perfís de visitantes familiar, cultural, gastronómico moi adaptado aos valores que ofrece este destino. Densidade de elementos suficiente para ofrecer como oferta complementaria.
- 6- A auga e a tradición dos balnearios como elemento diferencial do destino. Establecer unha oferta real para o visitante vinculada a esta actividade e xerar sinerxías con Chaves e Vidago como destinos termais consolidados.
- 7- A Estación de Ferrocarril da Gudiña supón unha infraestrutura de primeiro orde tanto para o servizo de viaxeiros locais como para a captación de visitantes.
- 8- Captación en orixe, especialmente en Portugal e rexións limítrofes.
- 9- Ámbito territorial ideal para turismo deportivo: ciclismo, ala delta, parapente, escalada, etc.
- 10- A Eurocidade pode artellar a oferta turística pola zonificación existente xerando sinerxías entre os dous países. Fomentar Verín-chaves como destino unitario.
- 11- Plan de desenvolvemento turístico da vila de Monterrei.

C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.

<i>C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.....</i>	<i>119</i>
C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR	120
C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores	120
C.3 Estratexia definida polo GDR para o(s) período(s) anterior(es).....	128
C.4 Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos.....	134
C.4.1 Cadros financeiros.....	134
C.4.2 Baremo de priorización de proxectos	135
C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados ..	137
C.5.1 Cifras globais	137
C.5.2. <i>Datos sobre os proxectos</i>	139
C.6 Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa LEADER no territorio; grao de cumprimento da estratexia deseñada	143
C.6.1 Avaliación do proceso de participación e da xeración de capital social	143
C.6.2 Avaliación dos resultados e o impacto no territorio.....	146
C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar	152
C.7 Orientacións e leccións extraídas para o novo período 2023-2027	154

C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR

A análise e diagnose territorial, dende unha perspectiva integral, permiten identificar tendencias e dinámicas que complementan, ou mesmo contrapóñense nalgúns casos, cos datos brutos da fase de análise. O proceso diagnóstico permitiu definir aspectos integrais do ámbito territorial:

As condicións de base do territorio, factores limitantes do mesmo e identificación de espazos de oportunidades no territorio fronte aos procesos de abandono. A identificación de recursos endóxenos permite establecer vías de desenvolvemento.

Os procesos de estancamento demográfico contrastan co retorno de axentes novos que actúan como executores dos procesos. A necesidade de cohesión social contrasta co sentimento de pertenza a pesar da desvalorización xeral do territorio. A existencia de redes comunitarias febles dificulta as prácticas comunitarias e a gobernanza.

Os valores paisaxísticos e ambientais da comarca non contan cunha xestión axeitada sendo os espazos protexidos unha porcentaxe moi reducida do ámbito e a xestión ambiental mellorable. Socialmente non hai unha grande conciencia de contar cun territorio singular.

C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores

Os principais cambios entre os diagnósticos territoriais do período 2014-2020 e 2023-2027 radican na distinta escala coa que son abordados. De maneira xeral, a diagnose 2014-2020 resulta máis concreta polo seu alcance xenérico, mentres a elaborada para o 2023-2027 presenta un maior nivel de detalle. Deste modo, moitos dos aspectos particulares recollidos no DAFO máis recente poderían pertencer a algún dos puntos xenéricos da diagnose de 2014-2020, se ben procédese á súa identificación por entender que supoñen unha información complementaria á establecida no período anterior.

Dende un punto de vista xenérico, as cuestións estruturais mantéñense entre os períodos, mesmo se introducimos na análise comparada á diagnose do ciclo 2007-2013. Esta circunstancia ten lecturas contrapostas dado que, se ben as fortalezas do territorio Monteval seguen presentes, as súas principais debilidades non puideron ser convenientemente corrixidas nas sucesivas etapas.

Táboa 22: Resumo do diagnóstico territorial para os períodos 2014-2020 e 2023-2027

DEBILIDADES	AMEAZAS
Específicas 2014-2020 1- Mala ordenación territorial e descoordinación entre organismos que xera unha multiplicidade de servizos mal optimizados. 2- Deterioro xeral dos núcleos moitas veces a causa da mala aplicación das ferramentas de regulación urbanística. 3- Mal estado de conservación do patrimonio histórico e arqueolóxico, agresións continuas 4- Falta de economía asociada ás posibilidades ambientais do territorio. 5- Falla de ordenación doutros aproveitamentos do monte coma os micolóxicos pese ao volume económico que xeran no territorio. 6- Elevada antigüidade media dos establecementos de comercio polo miúdo e baixo nivel de investimentos para a súa modernización. Elevada idade media dos empresarios. 7- Existencia dun sistema de vendas tradicional con escasa utilización de técnicas de marketing innovadoras como instrumento comercial en moitos dos negocios. 8- O excesivo peso na economía do sector da construción de vivenda que coa crise xerou numerosos desempregados. 9- Baixo nivel de educación ambiental e descoñecemento dos actuais problemas de xestión por parte da poboación.	1- Aparición de pragas e doenzas que poñen en perigo producións estratéxicas no territorio (castañas). 2- Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso investimento en I+D+I, especialmente no sector privado. 3- Incremento do actual desequilibrio Galicia costeira- Galicia interior. A causa da mellor posición da Galicia costeira fronte á Galicia interior e da acumulación da poboación nesta zona. 4- Perda de actividade no comercio polo miúdo debido á posibilidade de mercar a traveso da web.
Comúns a ambos períodos 1- Poboación envellecida. Gran baleiro demográfico nas áreas de montaña do ámbito. Disfunción entre o Padrón de habitantes e a realidade pola poboación ausente. 2- Abandono territorial e falta de dinamismo socioeconómico dificultan a actividade dos sectores produtivos. 3- Sectores primarios pouco profesionais e con carencias en canto a formación empresarial. Ausencia de man de obra (cualificada e non cualificada) en sectores diversos. 4- Verín, como capital comarcal, e cada unha das capitais municipais actúan na súa contorna como polos de atracción para a poboación das aldeas da comarca baleirando as zonas afastadas das vilas. 5- Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora. 6- A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúns áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión. 7- Alta recorrencia de incendios forestais e forte virulencia dos lumes de nova xeración causando unha desvalorización xeral do territorio.	1- Incremento progresivo dos problemas derivados da falta de poboación activa no rural e da mala organización territorial: vagas de Lumes Forestais, Esborrallamento das aldeas... 2- Os incendios forestais supoñen un reto de difícil solución por ser multicausais. Problema non resoluble con medidas illadas.

DEBILIDADES

Novas 2023-2027

- 1- Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.
- 2- Éxodo da xente nova na procura de oportunidades. Desprestixio social da permanencia no lugar de orixe ao identificarse con conformismo.
- 3- Mercado laboral pouco dinámico. Falta de iniciativas económicas, reticencias á innovación e aos cambios.
- 4- Escaseza de man de obra, cualificada ou non, na maioría dos sectores produtivos. Deficiencias na capacitación técnica en sectores chave para o ámbito.
- 5- Inestabilidade laboral feminina e falta de oportunidades en sectores diversos.
- 6- Falta de adaptación das contornas, urbanas e rurais, aos colectivos con diversidade funcional.
- 7- Ausencia de masa crítica que actúe como sociedade civil demandante de atencións. Desleixo e desanimo xera pouca implicación cidadá nos procesos e na toma de decisións.
- 8- Dificultades de financiación das administracións locais condicionan funcionalidades e servizos.
- 9- Mobilidade interna dificultosa. O transporte público non dá servizo á totalidade do territorio.
- 10- Poboación sen acceso a TIC, fenda dixital e falta de adaptación das administracións locais ás novas tecnoloxías.
- 11- Dificultades das PEMES e comercio para adaptarse ás novas realidades económicas e ser competitivas.
- 12- Oferta de ocio, cultura e servizos deficitaria en amplas zonas do ámbito.
- 13- Descoñecemento xeral, endógeno e exógeno, dos valores do ámbito e ausencia de definición e posición a nivel galego.
- 14- Despoboamento rural e avellentamento da poboación implica a ausencia de relevo xeracional e perda de base de coñecemento. Escasa transferencia de I+D+I.
- 15- Produción pouco variada e carencias na xestión de insumos penalizan a competitividade dos produtos nos mercados.
- 16- Ausencia de relevo xeracional na xestión e dificultades na gobernanza, especialmente nos Montes Veciñais en Man Común.
- 17- Deficiencias na transferencia de coñecemento. O establecemento de plantacións non sempre se realiza nos lugares historicamente máis aptos.
- 18- A estrutura produtiva do sector forestal non existe, como tal, no ámbito. Non hai infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación.
- 19- Os ciclos produtivos están incompletos e pérdese valor engadido.
- 20- As superficies forestais non son manexables para modelos de cesión como o do Banco de Terras. No tema forestal son necesarios acordos de longa duración.

AMEAZAS

- 1- Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.
- 2- Comarca afastada dos centros de toma de decisións, sen peso específico no contexto galego.
- 3- Os plans e proxectos xenéricos non se adaptan ás necesidades específicas deste ámbito territorial, especialmente no relativo a planificación territorial.
- 4- As axudas e subvencións descontextualizadas, nalgúns casos, funcionan como desmobilización para a procura activa de emprego e o emprendemento.
- 5- O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.
- 6- A xestión da Confederación Hidrográfica do Douro xera descontento entre as administracións e a cidadanía pola súa falta de presenza no ámbito.
- 7- Irregularidades na coordinación entre Catastro, Rexistro e realidade parcelaria da propiedade.
- 8- A autonomía enerxética é un obxectivo afastado pese a ser un territorio con potencial produtor.
- 9- Desvantaxe competitiva fronte a outros territorios mellor artellados e estruturados.
- 10- Incorporación de modelos produtivos exógenos centrados na cantidade e non na calidade non sacan proveito do valor da terra.
- 11- Falta de planificación integrada e de pensamento estrutural: analízanse feitos por separado, sen contexto global, e actúase de maneira localizada.
- 12- O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento das normativas.
- 13- As administracións e as políticas públicas non conseguen frear os procesos que debilitan o rural. As iniciativas pode que cheguen demasiado tarde.
- 14- As actividades produtivas primarias xeran, en determinadas circunstancias, presión aos espazos de valor ambiental.
- 15- A xestión dos recursos hídricos será problemática na medida na que non se adaptan ao cambio climático. As infraestruturas son deficientes.
- 16- Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.
- 17- As ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia poden supoñer a aterrxaxe de grandes grupos inversores no territorio xerando competencia pola terra cos pequenos produtores.
- 18- O mercado forestal está dominado por grandes empresas, a vontade do pequeno produtor non é considerada.
- 19- A regulación de prezos depende das grandes corporacións. A transparencia do mercado é mellorable e necesaria.
- 20- Desvalorización da cadea de valor forestal.

DEBILIDADES	AMEAZAS
21- Algunhas vellas plantacións, mal planificadas, condicionan a rendibilidade de amplos ámbitos territoriais ao contar con gran tamaño, nulo rendemento e incerta xestión futura. 22- A xestión ambiental e o aproveitamento dos recursos nas masas de frondosas e especies de ribeira é, practicamente, inexistente. 23- Os emprendedores non teñen capacidade económica nun sector que require altos investimentos. 24- Ausencia de proposta turística conxunta e uniforme. 25- Destino pouco competitivo por falta de identidade corporativa. 26- Falta de profesionalidade no sector turístico e na xestión patrimonial, agás excepcións. Falta de man de obra local especializada nestes sectores. 27- Non existe unha rede de axentes con obxectivos comúns no sector. 28- Ausencia de mecanismos de control sobre a calidade turística. Os axentes do sector traballan por libre e os resultados dependen do seu voluntarismo. 29- Carencias en infraestruturas turísticas no ámbito. 30- Ruta do viño pouco desenvolvida polo escaso interese de gran parte das adegas no enoturismo. 31- Deficiencias na accesibilidade aos recursos turísticos e patrimoniais e poucos recursos de interpretación do patrimonio. 32- Xestión dos recursos patrimoniais realízase de xeito illado, sen unha planificación a nivel comarcal. 33- Número limitado de recursos patrimoniais e turísticos de primeiro nivel no ámbito. 34- Ausencia de certificacións de sustentabilidade turística na zona. 35- Dificultades para xerar valor en relación aos sectores turísticos e patrimoniais: trabas administrativas e sociais. 36- Dificultades para a mobilidade interna polas carencias en transporte público e aluguer de vehículos. 37- A comarca é a Porta de Galicia pero actúa como lugar de paso. A oferta hostaleira e hoteleira céntrase neste aspecto. 38- A oferta turística é minguante, pérdese parte da actividade e estruturas (ex. auguismo e balnearios). 39- Lectura non axeitada do territorio. Necesario atender ás características propias para crear oferta.	21- Novos modelos de comercialización de produtos derivados da madeira nos que prima a competitividade do prezo fronte á calidade do produto e dos acabados. 22- A competencia entre usos do solo pode restar capacidade produtiva ao sector forestal. Os viñedos procuran novos espazos de oportunidade nos montes comunais. 23- Deficiente coidado do monte con escasas labores de mantemento. 24- Mellorable calidade sanitaria do monte. 25- A coordinación entre administracións é mellorable. A xestión de axudas é mellorable ao non existir unha correcta transmisión de información. Os ciclos das subvencións non coinciden, en moitos casos, cos tempos produtivos. 26- A fragmentación parcelaria, fóra dos montes comunais, e o abandono xera espazos forestais residuais de rebrote espontáneo que contribúen a acumulación de combustible e aumentan o risco e magnitude dos incendios forestais. 27- Ausencia de estratexias claras e posición no marco rexional. 28- Dificultades para acadar posición global fronte a destinos máis competitivos de orientación similar. 29- Os incendios forestais afectan a recursos patrimoniais e turísticos (ex. rutas de sendeirismo e sinalética) e desvalorizan ao territorio polas súas afeccións ambientais, sociais e paisaxísticas. 30- Risco de perda de elementos de valor cultural intrínseco se non se procede, de maneira urxente, á súa recuperación, inventario e divulgación: microtoponimia, pequenos entroidos da comarca, entre outros. 31- Dificultades no tránsito intercomunitario de visitantes por descoñecemento mutuo entre Galicia e Portugal.

FORTALEZAS

Específicas 2014-2020

- 1- Liderados sectoriais (embotellado de augas, etc.).
- 2- Poboacións dispersas, con presenza no medio rural, que poden axudar a conservar o territorio e os recursos naturais.

Comúns a ambos períodos

- 1- A posición xeográfica resulta estratéxica pola atracción de mercados internos e a posibilidade de xerar sinerxías con destinos próximos como Chaves e o norte de Portugal.
- 2- A posición xeográfica resulta estratéxica pola atracción de mercados internos e a posibilidade de xerar sinerxías con destinos próximos como Chaves e o norte de Portugal.
- 3- Gran potencial forestal pola estrutura territorial e a dispoñibilidade de amplas superficies aptas na comarca
- 4- Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.
- 5- Produtos de calidade diferenciada no ámbito, singularmente castaña, mel e pemento de Oímbra, entre outros.
- 6- Espazos naturais protexidos e paisaxe diferenciada como factor diferencial para xerar valor
- 7- Destino turístico multifuncional pola variedade de valores: arquitectura popular, enogastronomía, paisaxe, etc.

OPORTUNIDADES

- 1- Posibilidade de comercialización dos nosos produtos singulares acadando novos mercados de destino que nos ofrece a Web.
- 2- Empresas e traballadores do sector da construción poderían reconverterse ao da rehabilitación para recuperar o patrimonio en perigo de desaparición.

- 1- Posición estratéxica entre Galicia, Portugal e a Meseta Central. Verín pode actuar como nodo fundamental do sueste de Galicia. Ser comarca de fronteira supón a oportunidade de chegar a un gran mercado. Lingua común e vínculos históricos co norte de Portugal.
- 2- O mercado demanda produtos singulares e de calidade ligados á pequena explotación e ao coidado medioambiental.
- 3- A diversificación do uso forestal produtor a través da introdución de gando e outras producións apícolas, micolóxicas, resina, cosméticos, aceites, piñas, leña, plantas aromáticas, etc.

FORTALEZAS

Novas 2023-2027

1. Comarca multifuncional con valores territoriais idóneos para a especialización agraria, gandeira, forestal ou loxística.
2. Boa dotación de servizos e completa rede de equipamentos e de infraestruturas de comunicación e transporte.
3. Sector servizos e de distribución como motor económico da comarca.
4. Hábitat concentrado en parte dos sectores do territorio (ex. A Mezquita, 10 entidades).
5. Función comercial histórica nos núcleos cabeceira (ex. Verín).
6. Entidades e organismos, públicos ou privados, con experiencia en xestión territorial como vehículos para artellar propostas: Asociación Monteval GDR-9, Consello Regulador Denominación de Orixe Monterrei, Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, Asociación Os Tres Reinos, Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas, AECT Eurocidade Verín -Chaves, entre outros
7. Comarca con idiosincrasia propia, diferenciada culturalmente e con personalidade recoñecida
8. Calidade de vida e tranquilidade como valor a reivindicar neste territorio.
9. Viticultura de calidade e tradición vitivinícol a vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto.
10. Posición xeográfica estratéxica da comarca para a distribución e a comercialización de produtos agroalimentarios.
11. Tradición de feiras e mercados como base para establecer modelos de distribución quilómetro cero.
12. Capital humano vinculado á xestión do territorio rural e con experiencia en sectores estratéxicos. Existen demandantes de terra agraria que solicitan acollerse ás ferramentas derivadas da Lei de recuperación de aterra agraria de Galicia.
13. Montes Veciñais en Man Común como marco espacial que ofrece amplas bolsas de solo dispoñible para o establecemento de proxectos produtivos. Os modelos comunais supoñen un reparto equitativo das obrigas e dereitos e xeran beneficios xustos que repercuten na comunidade.
14. Os xestores técnicos realizan traballo de colaboración cos comuneiros e implantan melloras na xestión do monte.
15. A existencia de ferramentas de ordenación forestal e de empresas de xestión resulta útil (Plans de Ordenación Forestal, p. ex.) tendo a comarca diversos exemplos de Montes Veciñais en Man Común con modelos de xestión exemplares.
16. O mercado da leña para calefacción está en aux e conta con gran potencial no ámbito.
17. O monte esixe xestión compartida e pode establecer modelos mixtos con outros sectores produtivos xerando beneficios tanto económicos como

OPORTUNIDADES

- 1- Actividades económicas que poñan en valor recursos e capacidades do territorio (ex. gandería extensiva).
- 2- Portugal oferta servizos e man de obra que poden paliar ou complementar as debilidades propias.
- 3- Territorio ben definido xeograficamente, matices mediterráneos e continentais, contraste val-serra e paisaxe de singular pouco coñecida a nivel galego.
- 4- A existencia de conectores ecolóxicos (densa rede fluvial, p. ex.) permite a creación dunha infraestrutura verde comarcal.
- 5- Os modelos de teletraballo estanse asentando permitindo ao mundo rural a súa incorporación a mercados laborais diversos, sempre que se conte coas condicións técnicas e de conexión necesarias.
- 6- Os diversos programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente.
- 7- A captación de profesionais e capitais de empresas externas vinculadas á comarca pola emigración e como posible vía de retorno.
- 8- Asesorar aos axentes emprendedores a través de programas de mentorización e a creación dunha oficina comarcal de emprendemento.
- 9- Fusión de concellos e mancomunado de servizos como oportunidade para a unificación de actividades e racionalización dos procesos administrativos.
- 10- Dotar de solo industrial nestes concellos permitiría o establecemento de polos loxísticos vinculados á A-52 e outras vías de comunicación. Promocionar á Gudiña como nodo de comunicacións a través do establecemento de servizos de apoio ás infraestruturas viarias existentes.
- 11- Mellorar a coordinación entre os diversos niveis das administracións para mellorar a gobernanza e a coordinación conxunta.
- 12- Implantar regulacións específicas para concellos pouco poboados: exencións fiscais, incentivos ás PEMES e comercio local.
- 13- Dispoñibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: cultivos de forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc...
- 14- Establecemento de canles curtas de distribución e posibilidade de establecer modelos mixtos no ámbito que completen ciclos produtivos e comerciais.
- 15- Sinerxías con norte de Portugal e con outras rexións limítrofes para establecer canles de comercialización e colaboración.
- 16- Proxectos existentes poden actuar como casos de boas prácticas e elemento motor referencial que explícita os potenciais produtivos do ámbito.
- 17- Condicións bioxeográficas axeitadas para o establecemento de novas plantacións e recuperación de variedades autóctonas (oliveiras, p. ex.).
- 18- A agricultura e gandería ecolóxica ten marxe de desenvolvemento e o ámbito posúe condicións axeitadas para modelos extensivos (vacún, ovino, caprino) que palíen a incidencia dos lumes forestais.

FORTALEZAS

ambientais e paisaxísticos.

18. Rede viaria extensa e infraestruturas para o manexo da madeira (cargadoiros, p. ex.).
19. Vía da Prata como recurso patrimonial e turístico de primeira orde e elemento que artella o territorio.
20. O conxunto patrimonial de Monterrei actúa como elemento de referencia e supón o motor de atracción do ámbito.
21. A Ruta do Viño e , en xeral, as paisaxes do viñado crean discurso en relación aos sectores turísticos e produtivos e mellora a oferta turística xerando valor na comarca e a Ruta dos Lagares Rupestres como elemento de atracción polo seu valor singular.
22. O enoturismo e a gastronomía axudan á desestacionalizar o sector.
23. Entroido, como elemento inmaterial caracterizador da comarca, outorga visibilidade e xera gran fluxo de visitantes.
24. - O turismo actúa como factor que potencia os produtos endóxeos de calidade.

OPORTUNIDADES

- 19- A produción de castaña ten marxe de mellora en canto a xeración de valor engadido e a través de produtos con demanda no mercado (fariña de castaña, p. ex.)
- 20- As ferramentas TIC e a dixitalización están cada vez máis presentes nas cadeas produtivas.
- 21- As políticas públicas fomentan a economía circular, a bioeconomía e os modelos sostíbeis, tendo o ámbito gran capacidade neste senso. Existe potencial para xerar produtos derivados dos ciclos produtivos (biogás, p. ex.)
- 22- A Lei de recuperación de terra agraria de Galicia conta con ferramentas para a posta en valor de parcelas abandonadas con varios exemplo piloto no ámbito como poden Aldeas Modelo xa declaradas ou polígonos agroforestais aprobados.
- 23- Amplas masas forestais teñen potencial como sumidoiro de carbono. A abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.
- 24- Recuperación ambiental e reforestación de amplas zonas degradadas.
- 25- As melloras xenéticas das especies forestais garanten plantacións de maior calidade e un rendemento adaptado ás condicións de base.
- 26- Mobilizar a propietarios sen uso efectivo da terra a través de incentivos ou penalizacións para acadar equilibrio entre oferta e demanda de parcelas hábiles.
- 27- O mercado demanda madeira para novos usos na construción e estruturas. Isto incentiva as plantacións de castiñeiro para madeira (con grandes condicións no ámbito) e outras especies (cereixo, nogueira, carballo americano, freixo, etc.).
- 28- Novas industrias téxtil vinculadas á produción forestal.
- 29- Certificacións forestais e pagos por servizos ecosistémicos para valorizar a produción.
- 30- Fomento da xestión conxunta a través das diversas figuras existentes e mellorar a relación entre particulares e empresas.
- 31- Ocio e produtos turísticos vinculados á xestión dos espazos forestais e á divulgación dos valores do monte (produtivo, ambiental, cultural, etc.)
- 32- Flexibilizar a condición de comuneiro aumentando así a masa crítica e potenciar a creación de mancomunidades, ou adhesión a comunidades lindeiras.
- 33- Fomentar os modelos de cesión na xestión do monte, alugueres e convenios para dinamizar o mercado e incentivar a mobilidade da terra.
- 34- Acadar equilibrios entre produción forestal, pastoreo e caza para minimizar a incidencia de lumes forestais.
- 35- Establecer sinerxías co sector forestal doutras comarcas, sendo Galicia unha potencia no sector pola súa estrutura territorial e produtiva.
- 36- Comarca como unidade territorial diferenciada, facilmente identificable como destino de seu.
- 37- Destino turístico potencial especializado na calidade e no detalle como produto turístico novidoso e diferenciado.

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
	38- Modelos alternativos de viaxe e estancia teñen cabida na comarca: caravaning, ecoturismo, agroturismo, etc. 39- Posibilidade de especialización turística por áreas do territorio. Cada ámbito conta con recursos temáticos propios que poden xerar un destino variado e de calidade. (ex. Cualedro, arqueoloxía). 40- Nicho de mercado para perfís de visitantes familiar, cultural, gastronómico moi adaptado aos valores que ofrece este destino. Densidade de elementos suficiente para ofrecer como oferta complementaria. 41- A auga e a tradición dos balnearios como elemento diferencial do destino. Establecer unha oferta real para o visitante vinculada a esta actividade e xerar sinerxías con Chaves e Vidago como destinos termais consolidados. 42- A Estación de Ferrocarril da Gudiña supón unha infraestrutura de primeiro orde tanto para o servizo de viaxeiros locais como para a captación de visitantes. 43- Captación en orixe, especialmente en Portugal e rexións limítrofes. 44- Ámbito territorial ideal para turismo deportivo: ciclismo, ala delta, parapente, escalada, etc. 45- A Eurocidade Chaves-Verín pode artellar a oferta turística pola zonificación existente xerando sinerxías entre os dous países. Fomentar Verín-chaves como destino unitario. 46- Plan de desenvolvemento turístico da vila de Monterrei

C.3 Estratexia definida polo GDR para o(s) período(s) anterior(es)

A Estratexia Leader 2014-2020 da Asociación Monteval GDR-9 fundaméntase na execución de actuacións que consideren unha serie de **principios transversais** para acadar o desenvolvemento do territorio. Os principios descritos na Estratexia son:

- **Sustentabilidade:** aproveitamento dos recursos dispoñibles no propio territorio pero de xeito equilibrado cos ecosistemas aos que pertencen.
- **Diversificación:** expandir a produción local mais alá das actividades que tradicionalmente levaron o peso do desenvolvemento económico.
- **Compatibilidade:** ligar os proxectos entre si e establecer sinerxías entre os ámbitos produtivos, dando prioridade a aquelas actividades produtivas que ofrezan complementariedade con outras.
- **Racionalidade:** axeitada xestión de recursos tendo en conta criterios de planificación previa e os efectos, directos e indirectos, que supoñen.
- **Igualdade de oportunidades:** establecer un desenvolvemento equilibrado procurando a equidade entre os diferentes colectivos sociais.

Estes principios son similares aos da Estratexia 2007-2013 e replican, a grandes rascos, os xa establecidos na periodización precedente.

As bases da Estratexia alíñanse cos obxectivos do PDR Galicia 2014-2020 e coas **prioridades de desenvolvemento rural** da Unión Europea recollidas no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1305/2013:

- Fomentar a transferencia de coñecementos e a innovación nos sectores agrario e forestal.
- Mellorar a viabilidade das explotacións agrícolas e a competitividade de todos os tipos de agricultura, así como promover as tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sostible.
- Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluídas a transformación e a comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola.
- Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura.
- Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.

Deste xeito, tendo en conta os obxectivos do PDR Galicia, as prioridades da Unión Europea para o desenvolvemento rural e a análise DAFO, realizada no marco da redacción da propia Estratexia, esta establece un listado de **necesidades estruturais** do territorio. Este listado foi validado polo proceso de participación pública a través da realización de enquisas cos resultados seguintes:

NECESIDADES ESTRUCTURAIS DO TERRITORIO	ACEPTACIÓN
Fixación de poboación no medio rural	98,41 %
Recuperación, modernización e diversificación das actividades agrarias	96,83 %
Ordenación e diversificación das actividades forestais	93,65 %
Fomentar o procesamento e transformación dos produtos agrarios e forestais endóxeos no propio territorio	98,41 %
Protección da paisaxe agraria	92,06 %
Mellora das canles de comercialización dos produtos agrícolas e forestais e apoio á certificación dos mesmos	100,00 %
Incremento da superficie dedicada a agricultura ecolóxica	87,30 %
Protección e recuperación dos elementos do patrimonio etnográfico (muíños, poldras, pontellas, canellas, ferrerías)	84,13 %
Fomento do asociacionismo e do cooperativismo	88,89 %
Creación das condicións precisas para o fomento de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e que diversifiquen a economía do territorio	96,83 %
Busca de canles de transferencia dos oficios e saberes tradicionais ás novas xeracións	92,06 %
Apoio ás iniciativas de autoemprego mediante a posta en valor dos recursos do territorio	95,24 %
Apoio ao crecemento e procura de sustentabilidade ambiental das empresas do territorio	98,41 %
Fomento da eficiencia enerxética e das enerxías renovables	90,48 %
Mellora da formación e cualificación profesional	93,65 %
Apoio á integración no mercado laboral dos colectivos desfavorecidos	95,24 %
Apoio á innovación e diversificación nas iniciativas empresariais	90,48 %
Protexer e dar a coñecer os recursos naturais, históricos e culturais da comarca na procura de novas formas de turismo diverso e de calidade	93,65 %
Diminución dos desequilibrios entre os eidos urbano e rural no territorio	88,89 %
Optimización da xestión dos residuos diminuindo os impactos ambientais xerados	93,65 %
Mellora dos servizos básicos e dotacións públicas destinadas á poboación rural.	95,24 %
Recuperación de espazos degradados	98,41 %

Considerando estas necesidades estruturais do territorio, definíronse uns obxectivos para a Estratexia que fosen medibles, específicos, realistas e acoutados temporalmente. Este modelo permite establecer controis periódicos a modo de indicadores para ir revisando a aplicación da Estratexia. Os **obxectivos xerais**, ratificados pola participación pública, para o período 2014-2020 foron:

- Protección da paisaxe rural mediante a diversificación e mellora das actividades agrarias e forestais.
- Creación das condicións precisas no territorio para a fixación de poboación no rural e a creación dunha economía que xere emprego mediante o aproveitamento innovador dos recursos propios dun xeito ambientalmente sostible.

Na Estratexia 2007-2013 o obxectivo xenérico foi a mellora da calidade de vida no medio rural.

Á súa vez estes dous grandes obxectivos xenéricos do período 2014-2020 foron divididos noutros obxectivos concretos, para que resultasen operativos no marco da Estratexia tomando como referencia a análise e diagnose territorial. Os obxectivos son os seguintes:

- 1- **Fixación de poboación no medio rural:** a situación demográfica do ámbito xera que a fixación de poboación se converta nunha prioridade. O capital humano resulta esencial para a xestión do territorio a través do mantemento da paisaxe agraria. Servizos, emprego e calidade de vida son factores chave para acadar o obxectivo.

Principais indicadores vinculados: índice de envellecemento, índice de masculinidade, taxa de dependencia, índice de natalidade.

- 2- **Recuperación das actividades agrarias:** as boas condicións bioxeográficas do ámbito territorial permiten unha agricultura fundamentada en produtos de calidade diferenciada. O éxodo rural ten derivado no abandono de terra agraria de gran potencial. Reverter esta situación pasaría por mudar os sistemas de produción, transformación e comercialización a través de liñas de axuda específicas para os sectores produtivos primarios

Principais indicadores: % das principais producións amparadas por certificación, % das principais producións transformadas/procesadas no territorio, número total de explotacións por concello.

- 3- **Mellora da xestión dos montes comunais e das actividades forestais:** o ámbito Monteval presenta unha das máis altas porcentaxes de superficies comunais de Galicia (54,52% fronte ao 33% do territorio galego). Isto supón, historicamente, unha vantaxe competitiva dado que permite unha xestión uniforme e eficiente de amplas superficies, evitando así a característica atomización parcelaria galega. O Montes Veciñas en Man Común supoñen unha oportunidade para o territorio a través de figuras de xestión que leven a unha economía sostible mediante prácticas diversas. Dar este paso require formación e información aos comuneiros para desenvolver toda a potencialidade do monte.

Principais indicadores. % das principais producións forestais amparadas por unha certificación, % das Comunidades de montes cunha xunta directiva constituída e activa, Nº de Montes Comunais que contén cun Proxecto de Ordenación Forestal, Nº de Montes Comunais que contén cun Proxecto de Ordenación Micolóxico, Iniciativas que poñan en valor a multifuncionalidade

dos Montes (gandería extensiva, micoloxía, explotación cinexética, etc.), % de comunal en estado de abandono, nº de incendios anuais rexistrados, superficie queimada anual.

- 4- **Diminución das taxas de desemprego:** a poboación rural debe incorporarse a modelos económicos que teñan como base o aproveitamento sostible dos recursos que ofrece o territorio. Para iso deben mellorar os rendementos económicos das actividades ligadas ao territorio, permitindo así unha maior calidade de vida e a fixación de poboación.

Principais indicadores: Nº Postos de traballo creados en proxectos subvencionados polo programa (totais, mozos, mulleres, maiores de 45 anos), Nº Postos de traballo consolidados en proxectos subvencionados polo programa (totais, mozos, mulleres, maiores de 45 anos), Taxas de desemprego por concello (totais, mozos, mulleres), Nº de Proxectos de autoemprego amparados polo programa, Iniciativas Cooperativas, Afiliacións ao réxime de autónomos no territorio.

- 5- **Diminución dos desequilibrios entre os eidos urbano e rural no territorio:** a perda de efectivos demográficos ten especial incidencia entre a xente nova que marcha do rural polo seu desprestixio e pola falta de oportunidades laborais e de ocio. Mudar esa mentalidade e dotar de servizos básicos as áreas rurais pode contribuír a paliar esa tendencia. As novas tecnoloxías e dixitalización poden reducir a fenda urbano-rural.

- 6- **Fomento da sustentabilidade ambiental, da eficiencia enerxética e das enerxías renovables:** o abandono, o cambio climático e o quecemento global xeran problemas ambientais que neste ámbito territorial teñen o seu principal expoñente nos lumes forestais. A procura de modelos de sustentabilidade ambiental en todas as actividades que se desenvolvan no territorio é unha obriga de cara ao futuro. A solución é unha aposta firme por enerxías renovables e medidas de eficiencia enerxética.

O **Plan de Acción** da Estratexia 2014-2020 estableceu diversos **sectores preferentes** de actuación:

- Sector agroalimentario
- Rehabilitación do patrimonio
- Elaboración e comercialización de produtos endóxenos

- Turismo especializado

En relación aos sectores preferencias propuxéronse **liñas de actuación** con medidas concretas agrupadas en grandes liñas de actuación para acadar os obxectivos:

- Aproveitamento dos recursos endóxeos: proxectos empresariais destinados á produción, comercialización e transformación de produtos con orixe no territorio como industria agroalimentaria, industria forestal, comercio de produtos endóxeos, gandería extensiva con razas autóctonas, e producións innovadoras con base territorial.
- Diversificación da economía rural: proxectos empresariais localizados no territorio que contribúan á diversificación económica polo seu carácter innovador.
- Protección da paisaxe rural: proxectos que inclúan a recuperación da paisaxe agraria, a repoboación forestal con especies autóctonas, a conservación da arquitectura tradicional e do patrimonio histórico, a humanización de núcleos rurais e elementos de valor etnográfico.
- Diminución do impacto ambiental e mellora na xestión de residuos: proxectos destinados á mellora da xestión de residuos, reciclaxe e revalorización.
- Mellora dos servizos e renovación das poboacións rurais: axudas para os servizos básicos e renovacións de zonas rurais a través de plans de desenvolvemento, creación ou mellora de infraestruturas, mellora da conectividade, investimentos en actividades turísticas, recreativas e culturais.

Esta relación entre obxectivos e actuación da **Estratexia 2014-2020** é resumida na seguinte táboa:

Táboa 3: Relación entre os obxectivos e as actuacións definidas na estratexia do período 2014-2020

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS
Fixación de poboación no medio rural	a-Aproveitamento dos recursos endóxeos: b-Diversificación da economía rural
Recuperación das actividades agrarias	a-Aproveitamento dos recursos endóxeos: c-Protección da paisaxe rural
Mellora da xestión dos montes comunais e das actividades forestais	c-Protección da paisaxe rural
Diminución das taxas de desemprego	a-Aproveitamento dos recursos endóxeos b- Diversificación da economía rural
Diminución dos desequilibrios entre os eidos urbano e rural no territorio	e-Mellora dos servizos e renovación das poboacións rurais.
Fomento da sustentabilidade ambiental, da eficiencia enerxética e das enerxías renovables	d-Diminución do impacto ambiental e mellora na xestión de residuos

As medidas do período 2014-2022 gardan relación coas que foran establecidas na **Estratexia 2007-2013**. Os obxectivo específicos, as medidas e as actuación vinculadas foron:

- **Dinamización do sector agrario e forestal:** aproveitamento sostible e multifuncional do monte, potenciar a agricultura de calidade, transformación dos produtos agrarios, modernización do sector gandeiro.
- **Mellora medioambiental e da contorna rural:** educación ambiental, restauración do patrimonio histórico-artístico, posta en valor do patrimonio, mellora dos espazos de lecer.
- **Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:** promoción do turismo, promoción de actividades artesanais, recuperación de oficios tradicionais, implantación de banda ancha, creación e modernización de Pemes, adaptación de espazos que melloren a habitabilidade dos pobos.

Á marxe da similitude nas liñas mestras de actuación, a principal diferenza radica no nivel de detalle da Estratexia 2014-2020. Pola contra o documento 2007-2013 mostra unha maior concreción na relación entre obxectivos-medidas-actuacións, presentando unha relación máis clara e sinxela entre os obxectivos e a maneira de acadalos.

A Estratexia 2014-2020 ten neste punto a súa maior debilidade, dado que, en moitos casos, a relación entre os diversos niveis de aproximación da Estratexia queda diluída ou non se presenta dun modo directo. Máis alá da idoneidade dos contidos, trátase dunha cuestión de organización interna do documento, se ben este factor leva a inconsistencias nesa relación causa-efecto entre mediadas, actuacións e resultados que puideron dificultar o desenvolvemento da Estratexia na súa fase de execución.

As medidas de actuación foron complementadas cun **plan de formación** que asegure a transferencia de coñecemento cunha ampla base social:

- Plan de formación específico: temáticas prioritarias para o desenvolvemento do territorio como xestión forestal, aproveitamentos agrarios, industrias agroalimentarias, conservación ambiental e patrimonial, etc.
- Plan de formación xeral: dirixido á cidadanía en xeral como mellora de capacidades, independentemente do perfil ou do sector produtivo ao que pertenzan.

C.4 Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos

C.4.1 Cadros financeiros

O plan financeiro da Estratexia 2014-2020 conta coas achegas da Unión Europea, co cofinanciamento do Estado e co posible financiamento das entidades públicas e privadas que forman parte da asociación.

En inicio, a Estratexia define un cadro financeiro dividido en dous grandes bloques: a) en relación ás medidas establecidas e B) cuestións de funcionamento interno, formación e promoción.

MEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO TOTAL (€)
DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL	PRODUTIVO	1.000.000
	NON PRODUTIVO	0,00
PROTECCIÓN DA PAISAXE RURAL	PRODUTIVO	560.000
	NON PRODUTIVO	332.000
DIMINUCCIÓN DO IMPACTO AMBIENTAL E MELLORA NA XESTIÓN DOS RESIDUOS	PRODUTIVO	520.000
	NON PRODUTIVO	480.000
MELLORA DOS SERVIZOS E DOTACIÓNS ÁS POBOACIÓNS RURAIS	PRODUTIVO	664.000
	NON PRODUTIVO	332.000
TOTAL ESTRATEXIA	PRODUTIVO	2.744.000
	NON PRODUTIVO	1.144.000
FUNCIONAMENTO, FORMACIÓN E PROMOCIÓN	FUNCIONAMENTO	680.000
	PROMOCIÓN	108.000
	FORMACIÓN	108.000
TOTAL PROGRAMA		4.604.000

En relación a Estratexia 2007-2013 o cadro financeiro inicial sería o seguinte:

DINAMIZACIÓN SECTOR AGRARIO E FORESTAL	TIPO GASTO	GASTO TOTAL (€)
APROVEITAMENTO SOSTIBLE E MULTIFUNCIONAL DO MONTE	PÚBLICO	176.200
	PRIVADO	337.800
POTENCIAR A AGRICULTURA DE CALIDADE	PÚBLICO	500.000
	PRIVADO	603.000
TRANSFORMACIÓN DOS PRODUTOS AGRARIOS	PÚBLICO	330.000
	PRIVADO	495.000
MODERNIZACIÓN DO SECTOR GANDEIRO	PÚBLICO	180.000
	PRIVADO	270.000
TOTAL OBOECTIVO		2.892.000
MELLORA AMBIENTAL E DA CONTORNA RURAL	TIPO GASTO	GASTO TOTAL (€)
EDUCACIÓN AMBIENTAL	PÚBLICO	6.000
	PRIVADO	0,00
RESTAURACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO	PÚBLICO	81.240
	PRIVADO	131.666
POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO	PÚBLICO	50.000
	PRIVADO	50.000
MELLORA DOS ESPAZOS DE LECER	PÚBLICO	100.000
	PRIVADO	200.000
TOTAL OBOECTIVO		618.906
DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL	TIPO GASTO	GASTO TOTAL (€)
PROMOCIÓN DO TURISMO	PÚBLICO	900.000
	PRIVADO	1.350.000

DINAMIZACIÓN SECTOR AGRARIO E FORESTAL	TIPO GASTO	GASTO TOTAL (€)
PROMOCIÓN DAS ACTIVIDADES ARTESANAIS	PÚBLICO	400.000
	PRIVADO	600.000
RECUPERACIÓN DE OFICIOS TRADICIONAIS	PÚBLICO	150.000
	PRIVADO	225.000
IMPLANTACIÓN BANDA ANCHA NO RURAL	PÚBLICO	221.360
	PRIVADO	553.400
CREACIÓN E MODERNIZACIÓN DE PEMES	PÚBLICO	400.000
	PRIVADO	600.000
ADAPACIÓN DE ESPAZOS QUE MELLOREN A HABITABILIDADE DOS NÚCLEOS	PÚBLICO	727.600
	PRIVADO	485.067
TOTAL OBOECTIVO		6.612.427
TOTAL PROGRAMA		11.835.333

C.4.2 Baremo de priorización de proxectos

A asociación Monteval estableceu unhas normas para a xestión do programa 2014-2020 co intención de xestionar o GDR-9 de forma xusta e tentando chegar ao máximo número de beneficiarios.

A tentativa de reparto equitativo tivo no límite de axuda pública máxima unha ferramenta de control efectiva. Así, tanto para a accións produtivas coma para as non produtivas, Monteval fixa como axuda máxima a percibir por un promotor 200.000,00 € por proxecto. É dicir, con independencia da porcentaxe de axuda que lle corresponda a cada beneficiario, ningún promotor poderá recibir máis de 200.000,00 € por proxecto.

Agora ben, aínda que este é o tope máximo, Monteval establece unha porcentaxe de subvención en función da puntuación acadada por cada proxecto.

Táboa 4: Criterios de selección e baremación de proxectos 2007-2013 / 2014-2020

2007-2013	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos	
Criterio	N/A
Proxectos non produtivos	
Criterio	N/A

Sen datos para o período 2007-2013

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos (ata 100 puntos)	
Criterio 1: situación xeográfica	Ata 35 puntos
Criterio 2: características do promotor	Ata 10 puntos
Criterio 3: incidencia no emprego	Ata 30 puntos
Criterio 4: impacto sobre o territorio	Ata 25 puntos
Proxectos non produtivos (ata 100 puntos)	
Criterio 1: situación xeográfica	Ata 40 puntos
Criterio 2: características do promotor	Ata 20 puntos
Criterio 3: impacto sobre o territorio	Ata 40 puntos

A relación dos criterios establecidos é perfectamente coherente cos obxectivos

Xerais e os obxectivos específicos establecidos na propia Estratexia:

- O **criterio situación xeográfica** introduce baremos como as características económicas e demográficas do concello, o tamaño do núcleo da actuación ou a distancia á capital municipal. Isto incide en obxectivos específicos da Estratexia como a fixación de poboación no medio rural e a Diminución dos desequilibrios entre os eidos urbano e rural no territorio.
- O **criterio características do promotor** ten como baremos a participación nos proxectos de colectivos desfavorecidos (mulleres, xente moza, discapacitados ou maiores de 55 anos e vincúlase ao obxectivo de diminución das taxas de desemprego
- O **criterio incidencia no emprego** mídese a través da baremación da creación de postos de traballo ou a súa consolidación. Deste xeito relacionase cos obxectivos de fixación de poboación no medio rural e diminución das taxas de desemprego
- O **criterio impacto sobre o territorio** ten en conta a capacidade de arrastre do proxecto e a súa incidencia ambiental. Deste xeito relacionase cos obxectivos de fixación de poboación no medio rural e fomento da sustentabilidade ambiental, da eficiencia enerxética e das enerxías renovables

C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados

C.5.1 Cifras globais

Deben recollese aquí os cadros financeiros sobre a execución dos fondos do programa LEADER no territorio no período 2014-2020 e, cando sexa posible, no 2007-2013. Indicar a relación entre os fondos executados e o orzamento inicialmente previsto, diferenciando entre proxectos de tipo produtivo e non produtivo. No caso de que existan desviacións significativas entre o previsto e o finalmente executado, procede aclarar os factores explicativos desa desviación.

PLAN FINANCIERO 2017-2018			
TIPO PROXECTO	2017	2018	TOTAL
PRODUCTIVOS	366.169,42	207.909,03	574.078,45
NON PRODUCTIVOS (carácter público local)	91.542,35	51.977,25	143.519,60
NON PRODUCTIVOS (carácter privado)	91.542,35	51.977,25	143.519,60
Formación GDR	14.083,43	7.996,50	22.079,93
Gastos correntes	180.110,98	180.110,98	360.221,96
Animación	15.661,82	15.661,82	31.323,64
TOTAL	759.110,38	515.632,85	1.274.743,23

PLAN FINANCIERO 2018-2019			
TIPO PROXECTO	2018	2019	TOTAL
PRODUCTIVOS	245.852,44	270.008,44	515.861,08
NON PRODUCTIVOS (carácter público local)	61.463,16	67.502,11	128.9656,27
NON PRODUCTIVOS (carácter privado)	61.463,16	67.502,11	128.9656,27
Formación GDR	0,00	10.384,94	10.384,94
Gastos correntes	140.945,80	0,00	140.945,80
Animación	10.500,00	0,00	10.500,00
TOTAL	520.224,76	415.397,60	935.622,36

PLAN FINANCIERO 2019-2020			
TIPO PROXECTO	2019	2020	TOTAL
PRODUCTIVOS	220.510,54	270.008,44	490.518,98
NON PRODUCTIVOS (carácter público local)	55.127,64	67.502,11	122.629,75
NON PRODUCTIVOS (carácter privado)	55.127,64	67.502,11	122.629,75
Formación GDR	8.481,17	10.384,94	18.866,11
Gastos correntes	139.050,00		139.050,00
Animación	9.200,00		9.200,00
TOTAL	487.496,99	415.397,60	902.894,59

PLAN FINANCIERO 2020-2021

TIPO PROXECTO	2020	2021	TOTAL
PRODUCTIVOS	113.547,65	90.704,56	204.252,21
NON PRODUCTIVOS (carácter público local)	28.386,91	22.676,14	51.063,05
NON PRODUCTIVOS (carácter privado)	28.386,91	22.676,14	51.063,05
Formación GDR	4.367,22	3.488,64	7.855,86
Gastos corrientes	165.914,53		165.914,53
Animación	5.100,00		5.100,00
TOTAL	345.703,22	139.545,48	485.248,70

PLAN FINANCIERO 2021-2022

TIPO PROXECTO	2021	2022	TOTAL
PRODUCTIVOS	142.529,08	212.541,35	355.070,43
NON PRODUCTIVOS (carácter público local)	35.632,27	53.135,34	88.767,61
NON PRODUCTIVOS (carácter privado)	35.632,27	53.135,34	88.767,61
Formación GDR	5.481,88	8.174,66	13.656,54
Gastos corrientes	130.430,44		130.430,44
Animación	23.784,31		23.784,31
TOTAL	373.490,25	326.986,69	700.476,94

	PLAN FINANCIERO		FONDOS EXECUTADOS	
	PRODUCTIVO	NON PRODUCTIVO	PRODUCTIVO	NON PRODUCTIVO
TOTAL PROGRAMA	2.112.508,35	1.812.960,19	2.043.663,82	650.201,72



Gráfica: datos comparativos de planificación e ejecución

C.5.2. Datos sobre os proxectos

- Número de proxectos presentados e de proxectos executados. A información debe ser presentada de forma que se podan diferenciar:



- Proxectos produtivos e non produtivos, e para estes últimos por tipo de promotor (público, privado, GDR).



- Indicadores para avaliar a execución e resultados
 - Apoio público outorgado (en €), diferenciando entre proxectos produtivos e non produtivos e por tipoloxía de beneficiario.

	Axudas Produtivos (€) (% axuda sobre orzamento)	Axudas Non produtivos (€) (% axuda sobre orzamento)
Agroalimentario	401.218,57 (43,15%)	0
Industria	572.532,07 (46,42%)	0
Servizos	4.191.856,23 (47%)	0
Equipamentos	0	231.074,78 (78,54%)
Patrimonio	0	419.126,94 (55%)

- Número de empregos creados e consolidados.





Figura: UTAs consolidadas e creadas en función aos proxectos produtivos realizados.

- Número de proxectos, diferenciando proxectos produtivos e non produtivos.




- Apoio público outorgado por concellos



- Específicamente para os proxectos produtivos:
 - Número de proxectos de modernización/ampliación de empresas existentes.

Proxectos Produtivos	
Número de empresas creadas.	7
Número de proxectos de modernización/ampliación de empresas existentes.	11

- Distribución sectorial dos proxectos.



C.6 Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa LEADER no territorio; grao de cumprimento da estratexia deseñada

A partir da información recollida nos sub-apartados anteriores, realízase un balance cualitativo da execución, resultados e impacto da estratexia de desenvolvemento local aplicada no período 2014-2020, incluíndo tamén un balance do período 2007-2013.

C.6.1 Avaliación do proceso de participación e da xeración de capital social

A relación de socios da Asociación Monteval mostra un considerable descenso cuantitativo á hora de realizar o exercicio comparativo entre os períodos 2007-2013 e 2014-2020. A evolución do número de socios entre ambos períodos presenta un balance negativo que supón a perda do 45,37% do número total de asociados.


Os motivos do alto número de baixas son variados pero circunscríbense a un proceso de actualización dos listados existentes en períodos anteriores que non foran debidamente depurados.

Á marxe da cuestión administrativa, detrás destas baixas están tamén uns condicionantes socioeconómicos comúns a moitas áreas rurais de Galicia: o réxime demográfico, cunha poboación envellecida e un territorio expulsor de xente nova, ten como consecuencia a debilitación dos tecidos asociativos nas súas diversas expresións.

No caso concreto do territorio Monteval, o envellecemento da poboación supón a ausencia de relevo natural nos diversos colectivos e grupos asociativos, especialmente naquelas organizacións máis habituais como son as asociacións de veciños, as asociacións de mulleres rurais e as comunidades de montes, moi dependentes da cidadanía residente e, polo tanto, fráxiles en canto á súa continuidade no tempo. A depuración do listado manexado no período 2007-2013 supuxo a manifestación do estado real do tecido asociativo da comarca. Moitas das asociacións, con estruturas previas moi febles, foron desaparecendo por falta de masa crítica vinculada ao réxime demográfico, cese de actividades, falta de interese e ausencia de relevo xeracional. Na maioría dos casos son tipoloxías asociativas sinxelas como poden ser asociacións de mulleres rurais ou asociacións culturais ligadas a comisións de festas. Significativo, a modo de exemplo, é o caso dos asociados de Monteval pertencentes a comunidades de montes veciñais en man común dado que descendéron de 71 no período 2007-2013 a 33 no período 2014-2020. A razón desta redución debeuse á perda da propia actividade de moitas desas comunidades de montes, con diferentes casuísticas: cese oficial de actividade, mantemento das estruturas de gobernanza pero sen actividade real nos órganos de goberno, ausencia de comuneiros ou mesmo comunidades que funcionan con un ou dous axentes, etc.

A presenza de novos colectivos, dinámicos e con propostas novidosas, resulta tan orixinal en canto a ideas como limitada en canto a número e soe estar ligada á vida cultural da vila de Verín.

En calquera dos casos o esmorecemento da vida comunitaria, a marcha de axentes novos e o avellentamento teñen un claro indicador na realidade asociativa do ámbito.




Gráfica: evolución do número total de socios (públicos e privados) no ámbito Monteval.

Dende o punto de vista cualitativo, a comunidade asociativa vinculada a Asociación Monteval non varía en demasía dun período ao outro, pese ao descenso do dato bruto de asociados. A variedade de perfís continua a ser unha fortaleza do tecido asociativo, a pesar das baixas numéricas relatadas no punto anterior.

O período 2007-2013, a pesar do número relativo, tiña déficits de certos tipos de perfís, singularmente os vinculados aos sectores empresariais (0 socios), financeiros (0 socios), sindicatos (1 socio) e cooperativas agrarias (1 socio).

O período 2014-2020, pola contra, conta con gran variedade de tipoloxías de socios:

Tipoloxías de socios: 2014-2020



Táboa 1: tipoloxías de asociados a Monteval no período 2014-2020

A participación nas reunións dos órganos do GDR Monteval ten evolucionado de modo desigual na última periodización. Os condicionantes derivados da incidencia da COVID-19 marcan os datos deste exercicio debido ás restricións establecidas.

En calquera caso, á marxe desta circunstancia específica, a participación nos órganos de xestión é dispar en canto a comparecencia dos convocados, se ben non se aprecian nesgos en canto a aspectos de xénero ou a equidade territorial, sendo estes factores claves para o obxectivo de acadar unha representatividade equilibrada.

▪ Xuntas Directivas:

O rasco máis destacable é a dificultosa implicación dos directivos pertencentes ao sector privado nas xuntas directivas. Á marxe do aspecto motivacional, a ampla superficie do territorio do ámbito Monteval pode actuar como factor de desmobilización deste tipo de axentes. En canto aos directivos pertencentes ao ámbito público, a implicación é firme, sendo necesario fortalecer esa participación de cara ao futuro.

▪ Asembleas Xerais:

As limitacións derivadas da COVID-19 provocaron a suspensión da asemblea do ano 2020 correspondente ao exercicio 2019. Na asemblea seguinte tratáronse os dous exercicios pendentes.

Á marxe desta excepción, a asemblea funcionou de modo correcto e existe certa continuidade en cada exercicio en canto ao número de eventos e aos datos de asistencia.

C.6.2 Avaliación dos resultados e o impacto no territorio

A valoración xeral da adecuación da estratexia deseñada no período á DAFO establecida é positiva. O deseño da estratexia foi axeitado para o DAFO establecido no período 2014-2020, tendo en conta que os obxectivos establecidos tiveron en conta os que se establecen no PDR de Galicia, as prioridades marcadas pola UE para o desenvolvemento rural, ademais da propia análise DAFO.

Os obxectivos establecidos foron ambiciosos e fundamentáronse ademais nos aportes da participación pública.

Os desiguais resultados acadados vincúlanse a que en determinados casos, existen cuestións estruturais identificadas na fase de diagnose que dificilmente poden ser revertidas a través da acción do GDR, se ben pode contribuír a acadalo. O exemplo máis evidente desta casuística é o obxectivo establecido de “fixación de poboación no medio rural”, tan necesario como difícil de reverter tal e como sucede noutros territorios rural.

A aplicación dos baremos de valoración resultou apropiada. O criterios principais de baremación (situación xeográfica, características do promotor, incidencia no emprego e impacto sobre o territorio) foron considerados. A casuística principal dos proxectos que non conseguiron progresar e chegar a execución foi por desistencia ante a imposibilidade de cubrir o orzamento privado.

As accións de dinamización centráronse en charlas de presentación da estratexia Leader 2014-2020 (xornadas informativas en cada un dos concellos); a creación e mantemento da páxina web; a realización de programas de divulgación en emisoras de radio comarcais (Cadena COPE Verín, fundamentalmente) e a difusión en redes sociais (Facebook, 1191 amizades). Non se sen datos de medición de impacto para este período.

En canto ás accións de formación executadas, trataron temáticas directamente relacionadas cos obxectivos da estratexia, en case tódolos casos cun enfoque práctico, centrados, fundamentalmente, na “Recuperación das actividades agrarias”, sendo este un dos obxectivos establecidos na Estratexia 2016-2020. Aínda así, houbo carencias neste sentido en relación a algúns dos obxectivos establecidos, ben pola falta de dinamismo xeral do ámbito, pola baixa demanda formativa ou pola non adecuación da oferta.

En resumo, acción formativa para o período 2016-2020 foi limitada en número (18 eventos de formación e dinamización para un período de 5 anos e 10 concellos), pouco variada en canto a temáticas, tendo ademais unha baixa incidencia no territorio mesmo con concellos do ámbito que acolleron unha ou ningunha actividade nunha periodización completa.

Accións de dinamización e formación. Monteval, 2014-2020	
2017	Curso teórico práctico poda de castiñeiros (Riós) Curso: manexo dos sotos para a produción de castaña de calidade (Verín, Laza) Curso introdución á micoloxía (Monterrei) Curso básico manipulador de fitosanitarios (Verín)
2018	Curso poda de castiñeiros para a produción de froito (Vilardevós) Curso poda de viñedos (Verín) Avanzar en tempos difíciles: xornadas formativas para aprender facendo, analizando e cacharreando (varios emprazamentos) Curso introdución á micoloxía (A Gudiña)
2019	Curso de viticultura: poda e enxerto de vides (Oímbra) Curso elaboración de licores ecolóxicos (A Mezquita) Curso iniciación á forxa tradicional (Cualedro) Curso práctico sobre prevención e intervención en casos de menores en situación de vulnerabilidade: maltrato e abuso sexual na infancia (Verín) Curso práctico sobre migración, violencia de xénero e intervención social (Verín) Conferencia: Prostitución, lecer e negocio machista (Verín)
2020	Curso panificación tradicional (Verín) Curso de pastelería e repostería tradicional Creación mural valorización muller rural (Verín)
2021	Andaina solidaria contra a violencia de xénero (Verín) Colaboración proxecto audiovisual “Nós” para promocionar a vida no rural

Os promotores das accións de formación teñen, maioritariamente, un mesmo perfil:

- As accións de capacitación e formación parten da Axencia Galega de Desenvolvemento rural e canalizáronse a través da GDR Monteval.
- Os eventos contra a violencia de xénero forman parte das actividades do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a través dun convenio entre a Consellería de Medio Rural e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

A incidencia das accións sobre outras actuacións financiadas foi limitada e indirecta. As accións formativas centráronse na xestión de produtos de gran tradición local (castaña, vides) pero sen ter gran incidencia en aspectos estruturais, ao emprendemento ou dixitalización dos sectores produtivos, por exemplo.

A avaliación global das realizacións e resultados da execución da estratexia reflíctese a través de indicadores:




Figura: tipoloxías de proxectos

O número total de proxectos (86) supón un dato sólido en canto a actividade de execución. Atendendo á tipoloxía básica de proxecto, destaca o desequilibrio entre o Produtivos (22) e os Non Produtivos (64), sendo estes últimos 1/3 dos totais.

Á marxe do distinto peso entre ambos tipos de proxecto, debullando a natureza dos mesmos, atopamos certas debilidades como poden ser a pouca capacidade de incidencia en sectores produtivos chave que, á súa vez, poderían levar a unha maior concreción dos obxectivos dispostos na Estratexia 2014-2020. Son proxectos de interese pero, salvo excepcións, sen dimensión suficiente para contribuír a un desenvolvemento estrutural dado a natureza dos propios proxectos e ao seu limitado alcance en canto a creación ou consolidación de emprego ou volume de negocio, co cal non conseguen unha activación potente dos seus sectores e non xeran sinerxías con outros proxectos.

Deste xeito, hai indicios contrapostos en relación aos aspectos cuantitativos e cualitativos.

- Cuantitativo: a densidade de proxectos expresa o extenso traballo realizado na periodización 2016-2020, mantendo certa equidade territorial tanto no monto total de proxectos asignados a cada termo municipal como nas inversións realizadas, se ben o gasto debera ser máis equitativo.
- Cualitativo: pouco alcance estrutural das propostas, pese a ser todas elas de interese e necesarias, xeralmente non conseguen datos que leven a unha activación integral dos sectores nos que operan ao non ser proxectos tractores ou con capacidade para xerar dinamismo económico.

En canto ao emprego, os proxectos permitiron unha estimable consolidación de UTAs (Unidades de Traballo Anual ou a equivalencia do traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano laboral) fixando o dato en 73,6 UTAs

O número de UTAs creado é inferior (49,5 UTAs) se ben é moi apreciable o feito que delas, 45,5 UTAs corresponden a persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos, a maior parte mulleres e/ou xente moza.

A execución dos proxectos contou cunha porcentaxe de axuda media do 57,5 %. A glosa entre proxectos produtivos e non produtivos presenta grandes diferencias, dado que os proxectos produtivos acadaron axudas por un 46,17% do montante total, mentres Os proxectos non produtivos subiron ata o 61,40% de axudas.

O sector privado foi o promotor de 42 propostas de proxecto. O dato semella positivo dado que o feito de que practicamente a metade dos proxectos respondan a iniciativa privada podería indicar dinamismo económico e empresarial. A realidade resulta un tanto diferente posto que na maioría dos casos os promotores privados son comunidades de montes, asociacións de mulleres rurais ou asociacións de veciños. Neste senso, aínda sendo positiva a implicación da sociedade civil e deste tipo de institucións nos procesos, resulta significativa a ausencia de máis iniciativas de índole empresarial que colaboren na estruturación e valorización dos sectores produtivos.

O promotor público, nomeadamente concellos, ocupouse de 44 proxectos converténdose no gran dinamizador de actuacións vinculadas á recuperación de edificacións para uso público, dotacións de infraestruturas de asistenciais e de ocio e intervencións de valorización patrimonial e rexeneración paisaxística.




Figura: Distribución porcentual de proxectos por concello

A distribución territorial dos proxectos mostra equidade, se ben existe un área de maior densidade de actuacións concentrada no val de Monterrei con Oímbra (12 proxectos), Verín (12) e Monterrei (11). Este dinamismo pode relacionarse con aspectos bioxeográficos que á súa vez teñen o seu reflexo socioeconómico. Pola contra o concello con menor intervención do programa é A Gudiña (5) seguido de Cualedro (6) e Vilardevós (6).




Figura: distribución numérica de proxectos produtivos por concello




Figura: distribución numérica de proxectos non produtivos por concello

Incidindo nese dinamismo resulta clarificadora a distribución numérica de proxectos produtivos por concello: os datos de Cualedro (0 proxectos produtivos), A Gudiña (1), A Mezquita (1), Castrelo do Val (1) e Vilardevós (1) indican a ausencia de iniciativa neses concellos.

En xeral, a tipoloxía de proxectos, sendo todos eles de interese xeral, non permitiu o cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia 2016-2020 dado que, agás excepcións, non conseguen actuar como proxectos tractores para os seus ámbitos ou sectores de incidencia. Os proxectos de maior magnitude en canto a presuposto e fixación ou creación de emprego vincúlanse a servizos asistenciais, tendo isto unha gran relevancia polas condicións socio demográficas da comarca. Sendo intervencións necesarias en canto á mellora da calidade de vida da cidadanía residente, este tipo de proxectos non teñen a capacidade de actuar como factor dinamizador dende o punto de vista económico e de xestión efectiva do territorio co que non acadan a incidencia necesaria para contribuír aos obxectivos marcados na Estratexia. A solución de cara ao futuro pasaría por manter o tipo de proxectos executados ata o momento pero incrementando o número e magnitude daqueles considerados como estruturais en canto aos sectores económicos e ao manexo da ampla base territorial dispoñible para usos produtivos primarios.

C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar

A elección dos proxectos como casos de éxito fundaméntase na súa capacidade para mellorar os parámetros establecidos en canto ao seu rol como xeradores de emprego de colectivos desfavorecidos ou a posta en valor de recursos endóxeos do territorio que poden supoñer valor engadido.

No caso do equipamento turístico A Pedra, o proxecto xera emprego feminino nunha parroquia con dificultades demográficas como é Matamá (Laza). A natureza do proxecto contribúe a mellorar a oferta turística da comarca, estando ademais localizada nas inmediacións da Vía da Prata. Precisamente a correcta integración da intervención construtiva na contorna do Camiño de Santiago e na paisaxe de alto valor natural e estético nas ribeiras do río Támega é un punto a favor do proxecto.

As labores de escavación, investigación e posta en valor do castro da Saceda resultan exemplares a nivel comarcal por varios motivos: o máis evidente é a propia intervención nun elemento de gran valor patrimonial e con categoría e Ben de Interese Cultural. Por outra banda, supón a recuperación dun espazo simbólico e referencial como fito paisaxístico, converténdoo en lugar a visitar e desfrutar para a cidadanía. Dende o punto de vista científico, os traballos na Cidá supuxeron grandes avances na tipoloxía castrexa non residencial e abriron vías de investigación en relación aos procesos de comercialización da época. Indirectamente, o traballo no castro e na súa contorna xerou unha discontinuidade de combustible no territorio que resultou facto clave para reducir o impacto dos lumes forestais mostrando na práctica a utilidade da conservación do patrimonio e das súas áreas de afección tanto para protexer ao propio elemento patrimonial como para crear intervalos que palíen a incidencia de lumes forestais e actúen como puntos tácticos estratéxicos para as tarefas de extinción.

Equipamento turístico A Pedra	
Lugar	Matamá (Laza)
Tipo de Proxecto	Produtivo
Promotor	Privado
Orzamento aceptado	332.241,10 €
Porcentaxe axuda	50%
Contía axuda	166.120,55 €
Breve Descrición	Creación dun equipamento turístico, na modalidade de apartamentos turísticos con unha capacidade de aloxamento para 16 persoas, que serían nunha distribución de 4 por apartamento. As instalacións a colocar no lugar referenciado con anterioridade, consta de catro emprazamentos singulares, correspondentes o modelo de apartamentos turísticos. Correspondese con catro edificacións circulares de pedra, simulado as tradicionais pallozas, incluíndo o singular teito de palla. Cada unidade está perfectamente equipada e todas elas constan de unha pequena parcela individual, aparcamento e zonas comúns.
Caso de éxito	A intervención mellora a oferta turística da zona a través dunha infraestrutura que conxuga modernidade e tradición. A morfoloxía da edificación imitando pallozas, unha escala axeitada ao lugar e o uso de materiais axeitados acadan unha correcta integración coa paisaxe do río Támega, próximo á intervención. O proxecto xerou dous empregos femininos de nova creación.

Intervención arqueolóxica e posta en valor do castro da Cidá	
Lugar	A Saceda (Cualedro)
Tipo de Proxecto	Non Produtivo
Promotor	Público
Orzamento aceptado	16.832,39 €
Porcentaxe axuda	82,50%
Contía axuda	13.886,72 €
Breve Descrición	O proxecto centralízase na escavación de zonas do xacemento que aínda non foron exploradas e que atesouran seguramente unha grandísima importancia a hora de coñecermos a historia do recinto, mais tamén no restauro das estruturas existentes e catalogación e planificación dos traballos futuros coa guía para as intervencións vindeiras. Pretendese a valorización dun monumento histórico cunhas características que nos permite contextualízalo no tempo, neste senso entendemos a paisaxe coma o resultado das actividades humanas sobre o medio natural.
Caso de éxito	O Concello de Cualedro pretende con este proxecto potenciar o desenvolvemento económico do concello e a promoción dos seus valores ambientais, históricos e paisaxísticos singulares. Pretendese a valorización dun monumento histórico coma é o castro da Cidá, localizado en outeiro na chaira ao pé da serra do Larouco. A iniciativa supón, ademais, a posta en valor dun dos tres Bens de Interese Cultural do ámbito Monteval, sendo un caso singular a nivel galego por tratarse dun castro non residencial que conta con edificacións con uso de almacenaxe aínda en investigación.

C.7 Orientacións e leccións extraídas para o novo período 2023-2027

O deseño da estratexia do GDR para o período 2023-2027 debe ter en conta os resultados das etapas anteriores e análise dos resultados do período que ben de rematar 2016-2020.

Atendendo á natureza aberta dos Grupos de Desenvolvemento Rural é ás súas funcións, resulta imprescindible ter en conta as achegas realizadas no proceso de participación pública realizado para a redacción desta estratexia de desenvolvemento local.

Deste modo, de xeito xeral, aspecto primordial é o establecemento de novas estratexias de comunicación e divulgación das tarefas propias do GDR. Nese sentido, a Asociación debe ter un papel pro activo como organismo dinamizador do territorio e para iso precísase unha política de comunicación estratéxica que manteña o carácter aberto que mostrou ata agora pero que sexa máis enérxica na mobilización de axentes e sectores produtivos.

Nese sentido compre establecer liñas de colaboración co novo Polo de Emprendemento de Verín. O Polo de Emprendemento de Verín forma parte da Rede de Polos de Emprendemento de Galicia, unha rede ampla establecida polo goberno autonómico para impulsar e consolidar proxectos vinculados á contorna e conta coa vantaxe da localización das súas modernas instalacións anexas ás do GDR Monteval. A súa presenza en Verín supón unha oportunidade de desenvolvemento e innovación.

As prioridades establecidas nas políticas públicas, normativas e documentos serán incorporadas na estratexia do GDR, co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas restantes medidas de desenvolvemento rural que se van aplicar en Galicia no marco da PAC 2023-2027 e coas iniciativas e plans da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito territorial correspondente.

Ligada a esas liñas, o GDR debe tentar unha nova vía de actuación relacionada coa economía circular, a bioeconomía e outros novos modelos de negocio verdes, e neste camiño o Polo de Emprendemento de Verín pode supoñer unha colaboración clave.

As liñas de actuación prioritarias do GDR deben adaptarse ao o Pacto Verde Europeo e a Estratexia sobre Biodiversidade 2030 que procura reforzar a resiliencia da sociedade fronte a ameazas como o cambio climático, os incendios forestais, a inseguridade alimentaria ou os brotes de novas enfermidades. Nese sentido dende o GDR poden impulsarse proxectos que contribúan á protección e valorización social e coñecemento dos espazos protexidos do ámbito como son ZEC Río Támega, ZEC Pena Maseira e unha parte do ZEC Macizo Central.

Os futuros proxectos de cooperación deben procurar sinerxías con outros ámbitos territoriais a través da complementariedade coas iniciativas derivadas das normativas a nivel europeo.

As **liñas temáticas** novidosas poden centrarse en:

- Iniciativas para a mitigación do cambio climático
- Produción de enerxías limpas e introdución de prácticas sostibles coa incorporación de comunidades enerxéticas ao territorio Monteval.
- Fomento da economía circular e circuitos curtos de sistemas alimentarios
- Bioeconomía e modelos de negocios verdes, promovendo a bioeconomía forestal.
- Impulso de prácticas produtivas ecolóxicas e produción sostible de alimentos
- Prácticas turísticas baseadas na calidade do produto ofertado e creación dun destino de alto valor patrimonial, cultural e gastronómico coa fortaleza de Monterrei como elemento motor e a Vía da Prata como articulador do territorio.
- Establecer sinerxías con ámbitos que garden relación xeográfica (GDR limítrofes), temáticas (áreas vitivinícolas e con produtos de calidade diferenciada, zonas con riscos de lumes forestais, etc.) e reforzar os vínculos con Portugal a través de vías de colaboración e impulso de iniciativas tras fronteirizas.

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

<i>D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.....</i>	<i>156</i>
Introdución	157
D.1 Estratexias da UE.....	157
Pacto Verde	157
Estratexia da granxa á mesa.....	158
Estratexia sobre biodiversidade 2030	158
Nova estratexia en favor dos bosques 2030	159
D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia.....	163
Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia ás que contribúe a estratexia do GDR...	164
D.3 Outras estratexias e leis de Galicia	177
Lei de recuperación da terra agraria de Galicia	177
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025.....	179
Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.....	179
Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.	180
Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica.....	180
Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.....	181
D.4 Outros instrumentos e plan da Consellería do Medio Rural con incidencia no territorio do GDR Monteval.	182

Introdución

O obxectivo deste apartado é analizar o marco normativo, institucional e estratéxico máis relevante, de interese directo para o GDR. Con dous obxectivos: i) aclarar a incidencia dese marco no territorio do GDR e a forma en que pode condicionar a súa estratexia; ii) especificar como as prioridades establecidas nesas políticas, normativas e documentos son incorporadas na estratexia do GDR, co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas restantes medidas de desenvolvemento rural que se van aplicar en Galicia no marco da PAC 2023-2027 e coas iniciativas e plans da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito territorial correspondente.

D.1 Estratexias da UE

Pacto Verde

O Pacto Verde é a estratexia da UE para conseguir a neutralidade climática. Engloba un amplo abano de iniciativas políticas en ámbitos moi diversos, destinadas a encamiñar á UE nesa transición ecolóxica.

O Pacto Verde Europeo é un paquete de iniciativas políticas cuxo obxectivo é situar á UE no camiño cara a unha transición ecolóxica, co obxectivo último de alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050.

É a base para a transformación da UE nunha sociedade equitativa e próspera cunha economía moderna e competitiva.

Subliña a necesidade de adoptar un enfoque holístico e intersectorial no que todos os ámbitos de actuación pertinentes contribúan ao obxectivo climático final. O paquete inclúe iniciativas que abarcan o clima, o medio ambiente, a enerxía, o transporte, a industria, a agricultura e as finanzas sostibles, todas elas estreitamente relacionadas.

A Comisión puxo en marcha o Pacto Verde Europeo en decembro de 2019 e o Consello Europeo tomou nota do Pacto na súa reunión de decembro.

- Un maior nivel de ambición climática da UE para 2030 e 2050:
- Abastecemento de enerxía limpa, asumible e segura:
- Mobilización da industria en prol dunha economía limpa e circular.
- Uso eficiente da enerxía e dos recursos na construción e renovación.
- Cara unha contaminación cero nun entorno sen sustancias tóxicas.
- Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade.
- “Da granxa á mesa”; un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.
- Acelerar a transición a unha mobilidade sostible e intelixente.

Algúns dos obxectivos referidos ao horizonte temporal de 2030 e que inciden sobre o territorio son:

- Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.
- Produción e utilización de enerxía limpa.
- Fomento da economía circular.
- Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.
- Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).

Estratexia da granxa á mesa

Como un elemento central do Pacto Verde, en maio de 2020 a Comisión Europea presentou esta estratexia destinada a conseguir un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. Pretende transformar a forma de producir e de consumir alimentos na UE para: reducir a pegada medioambiental dos sistemas alimentarios; reforzar a súa resiliencia fronte ás crises; seguir garantindo a dispoñibilidade de alimentos saudables e asequibles, tamén para as xeracións futuras.

A situación de cambio climático precisa de respostas urxentes que leven a unha mudanza nos paradigmas tanto a nivel global como local. Neste sentido, a emerxencia derivada dos cambios no clima foron tidos en conta na presente estratexia realizando propostas que promoven a sostibilidade. Así, a transición ecolóxica, a economía circular e a produción de enerxías renovables, o impulso de cadeas curtas de comercialización, ou o estímulo de prácticas sostibles de transformación de alimentos, xunto coa cooperación entre agriculturas son aspectos moi relevantes para o futuro deste territorio e aspectos clave nesta estratexia.

Estratexia sobre biodiversidade 2030

A Estratexia sobre a biodiversidade, presentada tamén pola Comisión Europea en maio de 2020, é outro dos elementos centrais do Pacto Verde. Trata de protexer a natureza e contribuír á recuperación dos ecosistemas, particularmente da biodiversidade. Con isto búscase reforzar a resiliencia da sociedade fronte a ameazas como o cambio climático, os incendios forestais, a inseguridade alimentaria ou os brotes de novas enfermidades.

Aínda que a Estratexia sobre biodiversidade debe ser tida en conta en todo o territorio do GDR cabe destacar que no ámbito existen un total de 9.940 ha declaradas como ZEC da Rede Natura 2000, o que se corresponde cun 8% do territorio ámbito de estudo, repartido en tres ZEC diferenciadas: ZEC Río Támega, ZEC Pena Maseira e unha parte do ZEC Macizo Central.

A configuración da rede hídrica do ámbito de estudo cumpre unha relevante función ambiental e actúa potencialmente como barreira contra os incendios forestais e permite establecer discontinuidades no territorio. A presenza de bosques de ribeira ben conservados e pastos de rega xestionados nas ribeiras fluviais supón unha maior eficiencia fronte ao lume ademais de posibilitar o establecemento de mosaicos agrarios de alta calidade ambiental e produtiva. A preservación desta disposición en bocage, lonxitudinal seguindo os cursos fluviais, resulta urxente debido á súa reducida superficie relativa no ámbito e ao deterioro derivado do abandono da terra produtiva e a procesos de forestación non planificada minguando así o seu papel na configuración da rede de infraestrutura verde a escala comarcal e rexional.

Nova estratexia en favor dos bosques 2030

Esta estratexia, presentada pola Comisión Europea en xullo de 2021, está baseada no Pacto Verde e na Estratexia da UE sobre biodiversidade. Inclúe medidas para reforzar a protección e restauración dos bosques, así como para mellorar a xestión forestal sustentable, de cara a garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais. O monte ten moita relevancia neste territorio posto que un 68,7% do ámbito ten un uso forestal, segundo o 4º Inventario Forestal Nacional. O ámbito conta con 164 MVMC cunha superficie de 71.025,61 ha, o que supón o 56,26 % do territorio. Neste sentido, a estratexia debe ir a estar moi na liña da estratexia en favor dos bosques xa que buscarase promover a bioeconomía forestal sustentable, fomentar a bioenerxía, así como promover a multifuncionalidade do monte, non só madeira, e a capacitación das persoas do sector.

Na seguinte táboa faise referencia aos as sinerxías e complementariedades da estratexia cos normativas a nivel europeo aquí detalladas.

Táboa 1 Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras normativas a nivel europeo.

Obxectivos/elementos seleccionados de cada documento	Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)*	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
I. Pacto Verde Europeo		
Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.	Moi relevante. - Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria. - Amplas masas forestais teñen potencial como sumidoiro de carbono. A abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.	Obxectivo: Mitigar e adaptarse ao cambio climático Implantar modelos de mobilidade sostible. Proxecto piloto: modelo de comunidades enerxéticas.
Produción e utilización de enerxía limpa.	Moi relevante. Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.	Obxectivo: Optimizar a xestión hídrica e a enerxética. Proxecto piloto: Modelo de comunidades enerxéticas.
Fomento da economía circular.	Relevante. Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.	Obxectivo: incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía.
Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa).	Moi relevante	Obxectivos: Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles. Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas. Impulsar a innovación nos sectores produtivos.
Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).	Moi relevante	Obxectivos: Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico. Divulgar e protexer os valores do patrimonio e da paisaxe.
Contribución a un entorno sen substancias tóxicas.	Relevante.	Obxectivo: consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos

Obxectivos/elementos seleccionados de cada documento	Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)*	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
--	---	---

II. Estratexia “da granxa á mesa”

<i>II.A. Producción sostible de alimentos</i>		
Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbon farming' initiative).	Moi relevante. Amplas masas forestais teñen potencial como sumidoiro de carbono. A abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.	Obxectivo: Mitigar e adaptarse ao cambio climático.
Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodigestión, enerxía solar...).	Moi relevante. Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.	Obxectivos: Optimizar a xestión hídrica e a enerxética. Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía. Proxecto piloto: modelo de comunidades enerxéticas
Redución do uso de pesticidas químicos.	Relevante.	Obxectivo: Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos
Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes.	Relevante.	Obxectivo: Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos
Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións...).	Moi relevante. O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Obxectivos: Mitigar e adaptarse ao cambio climático. Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles.
Redución do uso de antimicrobianos.	Pouco relevante.	Obxectivo: Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos
Mellora do benestar animal.	Pouco relevante.	Obxectivo: Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos
Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais).	Moi relevante. Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade dos sectores produtivos.	Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introducir novos que se adapten as condicións climáticas da comarca.
Impulso da agricultura ecolóxica.	Relevante. Disponibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc. O mercado demanda produtos singulares e de calidade.	Obxectivo: Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles.
<i>II.B. Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)</i>		

Obxectivos/elementos seleccionados de cada documento	Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)*	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
<i>II.C. Cadea alimentaria sostible</i>		
Fortalecer os circuitos curtos e sistemas alimentarios locais.	Moi relevante. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.	Obxectivo: Crear circuitos curtos de comercialización.
Reforzo das DOP e IXP.	Moi relevante. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto.	Obxectivos: Impulsar a innovación nos sectores produtivos. Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal
Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables....).	Pouco relevante.	Non se contempla.
Economía circular na cadea de procesado e distribución.	Relevante.	Obxectivo: Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía. Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal.
Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa.	Relevante.	Obxectivo: Impulsar a innovación nos sectores produtivos. Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal
Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal).	Relevante.	Obxectivo: fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades
Prácticas empresariais e de marketing responsables.		
<i>II.D Promoción do consumo alimentario sostible e dietas saudables</i>		
Etiquetaxes harmonizadas de sostibilidade.	Relevante. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora. Desvalorización social do agro e das súas actividades produtivas, exceptuando a viticultura.	Obxectivo: Afianzar a produción e distribución agrogandeira e forestal.
Licitación pública de alimentos sostibles.	Relevante. Posición xeográfica estratéxica da comarca para a distribución e a comercialización de produtos agroalimentarios. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura.	Obxectivo: Crear circuitos curtos de comercialización.
<i>II.E. Redución do desperdicio de alimentos</i>		

Obxectivos/elementos seleccionados de cada documento	Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)*	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
--	---	---

III. Estratexia da UE sobre a Biodiversidade 2030

Actuacións en áreas protexidas do territorio.	Moi relevante. Comarca con idiosincrasia propia, diferenciada culturalmente. Paisaxe propia e diferenciada que outorga personalidade á comarca.	Obxectivo: Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico.
Contribución á recuperación de ecosistemas degradados.		
Impulso de prácticas agrarias sustentables.	Moi relevante. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Obxectivo: Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostíbeis.
Apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.	Relevante. Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Obxectivo: Divulgar e protexer os valores do patrimonio e da paisaxe.
Fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.	Moi relevante. Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.	Obxectivo: Optimizar a xestión hídrica e a enerxética.
Apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.	Relevante. A existencia de conectores ecolóxicos (densa rede fluvial, p. ex.) permite a creación dunha infraestrutura verde comarcal.	Obxectivo: Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados.

IV. Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030

Promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.	Moi relevante. O mercado demanda madeira para novos usos na construción e estruturas. Isto incentiva as plantacións de castiñeiro para madeira e outras especies (cereixo, nogueira, carballo americano, freixo, etc.).	Obxectivo: Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía.
Garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.	Moi relevante. A estrutura produtiva do sector forestal non existe, como tal, no ámbito. Non hai infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación.	Obxectivo: Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía.
Promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.	Relevantes. A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúns áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión.	Obxectivo: Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía e establecer modelos produtivos multifuncionais e sostíbeis
Capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.	Moi relevante. Desvalorización da cadea de valor forestal agravada polo deficiente coidado do monte e o risco dos lumes forestais vinculados ao abandono e ao cambio climático. Gran potencial forestal pola estrutura territorial e a dispoñibilidade de amplas superficies aptas na comarca, especialmente montes comunais no ámbito, cunha das maiores densidades deste modelo a nivel galego.	Obxectivos: Aproveitar o capital humano local e posibilitar a transferencia de coñecemento. Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos.

D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

Considérase que o principal marco a analizar a nivel español é o Plan Estratégico de la PAC de España 2023-2027 (PEPAC), no que se insire a intervención Leader. O motivo é que este define todas as medidas de desenvolvemento rural (cofinanciadas polo FEADER) que se van aplicar no período, a nivel estatal e en cada unha das Comunidades Autónomas, ademais de recoller o deseño das diferentes axudas directas do primeiro pilar da PAC e dos programas ou intervencións sectoriais. Polo tanto, o PEPAC establece o contexto operativo no que van actuar os GDR galegos nos próximos anos.

Dentro dos 9 obxectivos específicos da PEPAC e o obxectivo transversal establecido para a PAC 2023-2027, a intervención LEADER vai contribuír ao obxectivo específico 8: “Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable”. En coherencia con iso, aborda as seguintes necesidades identificadas para o conxunto de España:

- Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres.
- Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados.
- Emprendemento e talento innovador.
- Infraestruturas e servizos en áreas rurais.
- Desenvolvemento endógeno.
- Mellora de colectivos en risco de exclusión social.
- Bioeconomía.
- Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
- Xestión forestal sustentable.
- Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo.
- Explotacións de mulleres.
- Incorporación e permanencia de mulleres.
- Órganos de decisión e mulleres.

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia ás que contribúe a estratexia do GDR

Para Galicia contamos cun documento específico de diagnóstico e análise de necesidades, adaptado á realidade galega. A continuación analízase cales das necesidades identificadas son máis relevantes para o GDR Monteval.

A mellora da eficiencia técnica, o uso de recursos e redución de insumos, así como a diversificación produtiva e competitividade das explotacións agrarias (liña estratéxica do PEPAC de Galicia) están recollidos na presente estratexia; trátase de apoiar o desenvolvemento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais tentando que as explotacións melloren a súa eficiencia enerxética e diminúan o impacto ambiental na súa actividade. A mellora da eficiencia técnica das explotacións deberá abordarse a través de sistemas máis sostibles e respectuosos cos recursos naturais (solo, auga, aire, biodiversidade), enfoque que queda reflectido nesta estratexia en varios obxectivos (incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía).

A modernización e adecuación tecnolóxica é un elemento en moitos casos necesario para mellorar a eficiencia e, por tanto, a competitividade das explotacións. Nese sentido, a mellora tecnolóxica pode ser incentivada a través do apoio a investimentos en explotacións agropecuarias, entre elas aquelas que faciliten a súa adaptación aos principais retos e esixencias ambientais.

A reducida base territorial das explotacións, comparativamente ás do contexto estatal e europeo, e en relación con iso a baixa proporción de Superficie Agraria Utilizada (SAU) no territorio galego é un aspecto recorrente en calquera análise do sector agrario en Galicia nas últimas décadas, e tamén o é no caso de Monteval. A recentemente aprobada Lei 11/2021 de Recuperación da Terra Agraria de Galicia ven reforzar os instrumentos legais preexistentes para a mobilización produtiva da terra agraria, e por tanto xera novas oportunidades a ter en conta no deseño das intervencións do PEPAC, oportunidades que tratan de incorporarse no contido desta liña estratéxica e a través de un dos obxectivos máis importantes deste plan: impulsar a mobilidade da terra e a posta en produción de superficies abandonadas, co fin de ampliar a base territorial das explotacións agrarias e favorecer a súa sustentabilidade económica e ambiental.

Apoiar o relevo xeracional e outro dos obxectivos estratéxicos que se abordarán nesta estratexia e que se alínea co plan PE-PAC de Galicia, articulado en catro sub-liñas:

- Acceso á terra e/o a explotacións agrarias; vinculado ao anterior obxectivo estratéxico (mobilidade da terra).
- Apoio á instalación e á creación de empresas agrarias; vinculado a outro dos obxectivos desta estratexia, facilitar o emprendemento a través do asesoramento e acompañamento nos procesos.
- Formación, titorización e asesoramento; consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos
- Sensibilización e información; divulgar e protexer os valores do patrimonio e da paisaxe, consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos.

O novo marco da PAC 2023-2027 pon o acento na transición dixital da agricultura e do medio rural en xeral, polo carácter habilitante das tecnoloxías TIC. En particular, a dixitalización relaciónase coa dinamización e potenciación dos sistemas de innovación e coñecemento. Desde este plan márcase como obxectivo estratéxico o impulso da innovación nos sectores produtivos, a través da formación e o asesoramento en materia dixital e o apoio para a adquisición ou substitución de sistemas ou tecnoloxías con solucións dixitais.

Profundando no camiño emprendido no período 2014-2020, a PAC deseñada para o período 2021-2027 fai fincapé na necesidade de mellorar o funcionamento da cadea agroalimentaria na UE. O reforzamento das canles curtas de comercialización constitúe unha vía que pode abrir novas oportunidades para as explotacións agrarias e as pequenas empresas de transformación nas áreas rurais; garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas e crear circuitos curtos de comercialización son obxectivos estratéxicos abordados na estratexia de desenvolvemento local do GDR.

Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico e minimizar a incidencia dos incendios forestais son obxectivos estratéxicos que responden á liña estratéxica do desenvolvemento e diversificación da cadea de valor do monte e bioeconomía. Nese sentido, as actuacións previstas nesta recóllenne, en esencia, algunhas das accións planificadas e actualizadas contidas no Plan Forestal de Galicia 2020-2040 (PFG), articulables a través do marco específico do PEPAC para Galicia, como son a contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais e a protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.

A mellora da calidade de vida e a diversificación económica e dinamización do medio rural e o fomento da igualdade de xénero no medio rural son dúas liñas estratéxicas do PEPAC de Galicia que responden á debilidade demográfica e económica existente no territorio Monteval e abordados nesta estratexia. Esta debilidade demográfica e económica é alimentada pola persistencia de importantes deficiencias en materia de infraestruturas e dotación de servizos; isto dificulta que as áreas rurais sexan percibidas como espazos atractivos para a poboación e as empresas.

A estratexia do GDR pretende tamén o impulso do talento local e gobernanza, tan ligado a este reto demográfico, a través da captación e impulso do talento local que, resultará clave tanto para o crecemento dimensional dos sectores produtivos como a fixación de poboación derivada do mesmo. Os tres obxectivos estratéxicos propostos para este fin son:

- Fixar poboación no ámbito territorial e atraer a novos continxentes.
- Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades.
- Fomentar a igualdade de oportunidades e paliar as diferenzas de xénero.

A continuación detállanse as necesidades identificadas no PEPAC de Galicia e a súa relevancia na estratexia do GDR Monteval, e aquelas que ademais de ser relevantes poden ser abordadas desde a estratexia do GDR.

Taboa 2. Necesidades identificadas no PE PAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR.

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OE1	Necesidade de apoio á renda da agricultura española para achegar a súa rendibilidade á doutros sectores económicos e así mellorar a súa viabilidade.	X	
OE1	Necesidade de ter en conta as diferenzas existentes entre as dimensións económicas das distintas explotacións no deseño das axudas á renda.		
OE1	Necesidade de ter en conta, no deseño das axuda á renda, as diferenzas existentes entre as distintas orientacións (ratio de emprego/ha) dos diferentes territorios.		
OE1	Necesidade de ter en conta o papel das axudas na redución do risco ao que se enfrontan as explotacións.	X	
OE1	Necesidade de diminuír a exposición ao risco das explotacións, en especial ante os efectos adversos derivados do aumento dos eventos meteorolóxicos extremos a causa do cambio climático, adaptando o sistema español de seguros agrarios combinados a dito fenómeno.	X	
OE1	Avanzar cara a un maior equilibrio social e territorial na distribución das axudas directas, priorizando as explotacións agrarias profesionais de mediana e pequena dimensión.		
OE1	Incrementar o volume da superficie agraria que se beneficia en Galicia das axudas directas da PAC, co fin de atenuar os desequilibrios rexionais que se rexistran actualmente en España neste aspecto.		
OE2	Incrementar a competitividade e sostibilidade a longo prazo das explotacións agrarias con especial atención a aquelas explotacións nas que esta competitividade se atopa máis comprometida, mediante o fomento e o apoio de investimentos individuais e colectivos e ferramentas que permitan optimizar os custes de produción.	X	X
OE2	Mellorar a produtividade das explotacións agrarias e a súa sustentabilidade, favorecendo a súa transición a modelos produtivos máis sostibles.	X	X
OE2	Favorecer a incorporación á actividade agraria, en particular de mozos e mulleres.	X	X
OE2	Favorecer a profesionalización integral de todas as actividades económicas, buscando minimizar os efectos negativos que sobre o mercado e/ou a cadea de valor poidan exercer os produtores non profesionais.	X	X
OE2	Fomentar o emprego dos recursos propios dispoñibles (tanto recursos pastables como cultivos forraxeiros) para a cabana gandeira nacional diminuindo así a dependencia exterior de materias primas destinadas á alimentación animal.	X	X
OE2	Fomentar e atender as demandas dos consumidores cara produtos máis sostibles, favorecer a valorización do modelo de produción europeo, diversificar os mercados de orixe e destino e os produtos tanto en importación como en exportación.	X	X
OE2	Facilitar aos produtores ferramentas áxiles para anticiparse e paliar os efectos da volatilidade dos mercados, así como das incertidumes xeradas por acordos comerciais ou polas decisións políticas, aumentando a transparencia do mercado.		
OE2	Fomentar a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a dixitalización e a transferencia de coñecemento acompañados do necesario asesoramento integral nas explotacións agrarias para incrementar a súa competitividade e sostibilidade.	X	X

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OE2	Apoiar os sectores ou modelos de produción de baixa produtividade, con dificultades manifestas e cuxa desaparición tería malas consecuencias económicas, medioambientais ou sociais, poñendo en risco o tecido socioeconómico do medio rural e o resto das externalidades inherentes aos mesmos.	X	X
OE2	Impulsar a mobilidade da terra e a posta en produción de superficies abandonadas, co fin de ampliar a base territorial das explotacións agrarias e favorecer a súa sostibilidade económica e ambiental.	X	X
OE2	Mitigar a desvantaxe no acceso aos sistemas de pagos directos por parte de mozos e novos activos con explotacións de tamaño físico reducido en contornas de difícil acceso á terra.	X	
OE2	Mellorar a xestión e aproveitamento sostible dos pastos permanentes, especialmente os de carácter arbustivo e leñoso, e dos sistemas agroforestais, maximizando a provisión de servizos ecosistémicos, reducindo o risco de incendios e facilitando a extensificación da actividade gandeira.	X	X
OE3	Agrupación do sector produtor para gañar dimensión económica facilitando o poder de negociación co resto de elos da cadea e impulsar unha maior participación dos agricultores na xeración de valor das súas producións.	X	X
OE3	Fomento das producións de calidade diferenciada e ecolóxicas.	X	X
OE3	Fomento dos contratos por escrito entre os diferentes operadores da cadea como un desenvolvemento da Lei 12/2013.		
OE3	Eliminación das prácticas abusivas ou que producen ineficiencias na xeración de valor na cadea a través da transposición da Directiva de Prácticas Comerciais Desleais.		
OE3	Desenvolvemento de canles de venda alternativos.	X	X
OE3	Transparencia e interlocución entre os diferentes elos da cadea.	X	
OE3	Apoio, dentro da cadea de valor, de medidas de adaptación e mitigación para a loita contra o cambio climático en liña co Pacto Verde Europeo (Decembro 2019) e coa Declaración de Emerxencia Climática e Medioambiental do Goberno de España.	X	X
OE3	Impulsar o desenvolvemento da industria agroalimentaria, priorizando aqueles proxectos orientados a produtos diferenciados e/o con maior valor engadido.	X	X
OE3	Apoio á participación dos agricultores e as súas cooperativas na transformación e comercialización dos produtos agrarios.	X	X
OE4	Minimizar as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), contribuíndo de maneira efectiva ao cumprimento dos obxectivos nacionais do PNIEC.	X	
OE4	Aumentar a capacidade de sumidoiro de carbono do solo, cultivos leñosos e sistemas forestais, entre outros.	X	X
OE4	Reducir a vulnerabilidade dos sistemas agrícolas, gandeiros e/ou forestais aos impactos do cambio climático e aos eventos extremos fomentando a súa adaptación.	X	X
OE4	Promover a diversificación da produción e a inclusión de cultivos e razas con maior potencial de adaptación ao cambio climático pola súa menor vulnerabilidade nos escenarios futuros de cambio climático.	X	X
OE4	Aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables, incluíndo a valorización de residuos e materiais de orixe agrícola, gandeira e forestal, de conformidade co establecido na Lei 22/2011.	X	X
OE4	Diminuír o consumo de enerxía, promover o aforro e a mellora da eficiencia enerxética.	X	X

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OE4	Xerar e transferir coñecemento (I+D+i) para a implantación de sistemas agrícolas/gandeiros e/ou forestais innovadores desde a dobre perspectiva de mitigación e adaptación.	X	X
OE4	Promover prácticas agrícolas que contribúan á redución e optimización do uso de insumos tales como fitosanitarios, fertilizantes, auga, enerxía, etc.	X	X
OE4	Xerar (a través de experiencias innovadoras) e mellorar o coñecemento (a través do asesoramento e a formación) en prácticas relacionadas coa atenuación do cambio climático e a paliación dos seus efectos para a súa transferencia aos agricultores/ gandeiros/ silvicultores e así impulsar o cambio cara a unha agricultura/ gandería/ silvicultura descarbonizada, resiliente e adaptada ao cambio climático, e que diversifica os ingresos e minimiza os riscos e xera emprego verde.	X	X
OE4	Minimizar os riscos debidos a eventos meteorolóxicos extremos, ademais de potenciar os sistemas de seguros agrarios en relación coas adversidades do sector polos efectos do cambio climático.	X	
OE4	Cuantificar, valorizar e monitorizar a capacidade de sumidoiro de CO ₂ dos sistemas agrarios e forestais, especialmente de bosques e pastos permanentes.	X	X
OE4	Frear e reverter a tendencia de intensificación da SAU, en especial nas zonas de maior concentración gandeira.		
OE5	Contribuír a alcanzar e manter as masas de auga afectadas pola actividade agraria en bo estado tanto a nivel cuantitativo como cualitativo mediante unha xestión eficiente do recurso auga, nos prazos marcados no novo período de programación da PAC, establecendo un marco integrado de intervencións acorde coa planificación hidrolóxica que permita contrarrestar máis eficazmente as presións cuantitativas e cualitativas significativas derivadas da actividade agraria.	X	
OE5	Mellorar a calidade da auga, reducindo a contaminación procedente de fontes agrarias.		
OE5	Conservación e xestión de terreos forestais, incluíndo o aproveitamento gandeiro.	X	X
OE5	Reducir a erosión e desertificación nas zonas agrícolas e forestais, así como os demais fenómenos de degradación dos solos agrícolas.	X	X
OE5	Mellorar a textura, a estrutura e a fertilidade do solo.		
OE5	Protexer o solo agrícola de maior capacidade produtiva do selado o de determinados usos concretos.		
OE5	Reducir as emisións de NH ₃ .		
OE5	Reducir as emisións de material particulado PM2.5.		
OE5	Previr a emisión de material particulado PM2.5 proveniente dos incendios forestais.		
OE6	Manter, recuperar e/ou mellorar a biodiversidade agrícola, gandeira e forestal, así como asegurar o uso sostible destes recursos xenéticos.	X	X
OE6	Reverter a tendencia demográfica de declive que amosan as poboacións de aves esteparias e outras especies representativas de medios agrarios, como indicadoras da saúde deses ecosistemas.	X	X
OE6	Manter e recuperar a biodiversidade natural, con particular atención ás especies protexidas e aos hábitats naturais ou seminaturais, terrestres ou acuáticos, especialmente na Rede Natura 2000, que estean relacionados con ou afectados por explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.		

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OE6	Potenciar a asignación de fondos europeos en zonas Rede Natura 2000, para así contribuír adecuadamente á su financiación, no ámbito da PAC, incluíndo as actuacións do Marco de Acción Prioritaria que encaixen cos obxectivos e mecanismos de intervención da futura PAC.	X	X
OE6	Conservar e mellorar a biodiversidade característica dos SAVN e a continuidade das prácticas agro-silvo-pastorais tradicionais que contribuíron a sostela polos beneficios e servizos ecosistémicos que proporcionan.	X	X
OE6	Manter e mellorar a heteroxeneidade das paisaxes agrícolas e os elementos de conectividade entre hábitats e espazos protexidos.	X	X
OE6	Impulsar accións que minimicen os efectos negativos dos produtos fitosanitarios sobre as poboacións de polinizadores, outros artrópodos ou sobre a biodiversidade en xeral.	X	
OE6	Evitar o abandono de plásticos no medio a través da redución do seu uso, a boa xestión dos seus residuos ou a substitución por outros produtos.		
OE6	Compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellorar a capacidade de coexistencia.		
OE6	Fomentar sistemas de produción agrícolas, gandeiros e forestais sostibles, como é o caso, entre outros, da produción agraria ecolóxica.	X	X
OE6	Transferencia e mellora do coñecemento das prácticas agrarias, gandeiras e forestais en materia de protección e mellora da biodiversidade a través da formación, a sensibilización e o asesoramento.	X	X
OE6	Mellorar o estado de conservación das poboacións de polinizadores e mitigación dos diferentes impactos que sofren.		
OE7	Promover o relevo xeracional.	X	X
OE7	Facilitar o acceso á terra.	X	X
OE7	Facilitar o acceso ao crédito e mellorar a fiscalidade.		
OE7	Mellorar a cualificación profesional.	X	X
OE7	Mellorar as condicións para a incorporación e permanencia na actividade agraria das mulleres rurais.	X	X
OE8	Capitalizar e incrementar o atractivo que o medio rural supón para certos sectores da sociedade con vistas a favorecer tanto a permanencia como o asentamento de nova poboación no medio rural, en especial mozos e mulleres.	X	X
OE8	Promover a visibilidade e o empoderamento da muller rural.	X	X
OE8	Potenciar a función dos sistemas agroalimentario e forestal sostibles como elementos diversificadores da estrutura económica nas áreas rurais.	X	X
OE8	Potenciar o emprendemento e atraer e reter o talento innovador nas zonas rurais.	X	X
OE8	Mellora da dotación de infraestruturas e servizos nas áreas rurais, como elemento fundamental para frear a perda de poboación e mellorar a competitividade e a xeración de emprego e renda.	X	X
OE8	Asegurar e fomentar a implementación dun desenvolvemento endógeno e a xeración de valor engadido asociada á metodoloxía participativa.	X	X
OE8	Mellorar a situación dos colectivos en risco de exclusión social do medio rural con especial fincapé en mozos, mulleres e poboación inmigrante mediante o despregue e reforzo de novas tecnoloxías de calidade, así como integrar as súas necesidades nos sistemas de asesoramento e formación no medio rural.	X	X

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OE8	Aproveitar o potencial existente para o desenvolvemento de modelos de negocio relacionados coa bioeconomía circular que permitan xerar emprego e riqueza no medio rural, así como facilitar o aumento de investimentos en bioeconomía para contribuír á xeración de volume de negocio.	X	X
OE8	Mellorar a formación, divulgación e a transferencia de coñecemento no ámbito da bioeconomía entre todos os axentes implicados e desenvolver accións innovadoras para afrontar os desafíos do sector.	X	X
OE8	Fomentar a xestión forestal sostible, mediante a potenciación das figuras asociativas existentes, a consolidación da propiedade, a planificación e a súa execución; mediante o incremento dunha oferta de produtos forestais adecuada ás demandas actuais e potenciais e diferenciada a través da innovación, dixitalización e desenvolvemento de modelos de negocio na xestión, aproveitamento e transformación de maneira integrada no sector forestal a través da súa vertebración.	X	X
OE8	Impulsar o investimento e desenvolvemento de actividades de silvicultura preventiva, así como a restauración de danos sobre masas forestais, a mellora das infraestruturas forestais básicas, a recuperación do trazado das vías pecuarias, así como o pastoreo de sistemas extensivos e silvopastoris.	X	
OE8	Impulsar a xestión integrada e valorización de residuos e augas residuais desde a perspectiva da economía circular, en especial no sector gandeiro, a través da reutilización a nivel de explotación e/ou do cascading a nivel local.		
OE8	Estimular o aproveitamento sostible e multifuncional das superficies de Montes Veciñais en Man Común, impulsando unha mellor gobernanza por parte das comunidades locais e a ordenación dos seus recursos naturais.	X	X
OE9	Mellorar o coñecemento por parte do consumidor do sector produtor e o modelo produtivo comunitario e valorizar os produtos e os sistemas de produción comunitarios.	X	X
OE9	Modificar os hábitos de consumo en favor da sostibilidade e aliñalos coas recomendacións nutricionais.	X	X
OE9	Mellorar a información sobre alimentación que recibe o consumidor e os seus coñecementos con relación á alimentación.		
OE9	Reducir o desperdicio alimentario desde o sector produtor até o consumidor.		
OE9	Profundar nos esforzos para minimizar o fraude alimentario.		
OE9	Adeguar a oferta á demanda crecente dos consumidores con relación á sostibilidade da alimentación mediante, entre outros, os produtos ecolóxicos e os alimentos de proximidade.	X	
OE9	Desenvolver medidas de apoio á mellora do benestar animal e outras medidas encamiñadas ás producións máis sostibles demandadas polo consumidor.		
OE9	Reducir o consumo de medicamentos antimicrobianos na produción animal co obxecto de evitar a aparición de resistencias a antimicrobianos.		
OE9	Mellorar a calidade alimentaria, especialmente nos comedores de institucións públicas	X	X
OE9	Facilitar unha alimentación máis sa e equilibrada á poboación en situación de pobreza e exclusión social.		
OE9	Promover a Dieta Atlántica.		
OT	Potenciar a formación agraria e o intercambio de coñecemento no sector produtor.	X	X
OT	Impulsar o asesoramento e a formación de asesores e a súa interacción.	X	

Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)	Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
OT	Reforzar o ecosistema de innovación e seguimento das innovacións desenvolvidas.		
OT	Desenvolver actuacións ligadas ás necesidades do sector en materia de dixitalización facilitando a incorporación de novas tecnoloxías.	X	X
OT	Fomentar o intercambio de coñecemento e experiencias entre distintos actores dos sistemas de coñecemento e innovación agrarios (akis).	X	
OT	Reforzar e adaptar as estruturas de gobernanza nos sistemas de coñecemento e innovación agrarios (akis).	X	
OT	Consolidar unha masa crítica de servizos de asesoramento agroforestal (organizacións e axentes), con carácter neutral e independente, a través da colaboración público-privada.	X	
OT	Incrementar o esforzo investidor en I+D+i agroforestal maximizando as sinerxías entre os programas sectoriais a nivel autonómico e destes cos nacionais e europeos.		
OT	Impulsar un ecosistema integrador para unha transformación dixital inclusiva, con especial atención ás pequenas explotacións, sectores, colectivos e zonas agrarias e rurais marxinais.	X	X

Dentro das intervencións previstas no PEPAC considérase que son de especial relevancia para os GDR as outras medidas de desenvolvemento rural programadas para Galicia e que vai xestionar a Administración Autonómica. Na seguinte táboa analízanse as sinerxias e complementariedades da estratexias con outras medidas do PEPAC xestionados pola Xunta de Galicia.

Táboa 3. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PE PAC 2023-2027.

Medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia	Relevantes para o GDR	Elementos do DAFO do territorio cos que se relaciona a medida	Rol do GDR na medida	Posibles proxectos promovidos financiados polo GDR
COMPROMISOS MEDIOAMBIENTALES, CLIMÁTICOS Y DEMÁS COMPROMISOS DE GESTIÓN				
<i>Intervención 6501.2 - Compromisos agroambientales en superficies agrarias: Compromisos de cultivos sostenibles</i>	x	Disponibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc. O mercado demanda produtos singulares e de calidade.	Divulgador.	Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introdución de novos que se adapten as condicións climáticas da comarca
<i>Intervención 6501.3 - Compromisos agroambientales en superficies agrarias: Compromisos de fomento y gestión sostenible de pastos</i>	x	Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Divulgador.	Plan de apoio ao pastoreo. Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas deste tipo. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Land de xestión multifuncional contra incendios.
<i>Intervención 6501.4 - Compromisos agroambientales en superficies agrarias: Apicultura para la biodiversidad</i>	x	Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Divulgador.	Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Land de xestión multifuncional contra incendios.
<i>Intervención 6502.1 - Compromisos forestales</i>	x	A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúñas áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión. A xestión ambiental e o aproveitamento dos recursos nas masas de frondosas e especies de ribeira é, practicamente, inexistente. Certificacións forestais e pagos por servizos ecosistémicos para valorizar a produción.	Divulgador.	Priorización das axudas aos proxectos de produción ecolóxica
<i>Intervención 6502.2 - Compromisos de mantenimiento de forestaciones y sistemas agroforestales</i>	x	A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúñas áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión. A xestión ambiental e o aproveitamento dos recursos nas masas de frondosas e especies de ribeira é, practicamente, inexistente. Certificacións forestais e pagos por servizos ecosistémicos para valorizar a produción.	Divulgador.	Priorización das axudas aos proxectos de produción ecolóxica
<i>Intervención 6503 - Compromisos de gestión agroambientales en agricultura ecológica</i>	x	Disponibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: cultivos de forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc.	Divulgador.	Priorización das axudas aos proxectos de produción ecolóxica
<i>Intervención 6505.1 - Compromisos de conservación de recursos genéticos SIGC</i>	-			
<i>Intervención 6505.2 - Compromisos de conservación de recursos genéticos No SIGC</i>	-			

Medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia	Relevantes para o GDR	Elementos do DAFO do territorio cos que se relaciona a medida	Rol do GDR na medida	Posibles proxectos promovidos e financiados polo GDR
ZONAS CON LIMITACIONES NATURALES U OTRAS LIMITACIONES ESPECÍFICAS				
<i>Intervención 6613 - Ayudas a zonas con limitaciones naturales u otras limitaciones específicas</i>	-			
INVERSIONES				
<i>Intervención 6841.1 - Ayudas a inversiones productivas en explotaciones agrarias vinculadas a contribuir a la mitigación-adaptación al cambio climático y uso eficiente de los recursos naturales y el bienestar animal</i>	x	Cambio climático, problemáticas ambientais e xestión enerxética fan vulnerable ao ámbito ante a súa falta de suficiencia e unha xestión de recursos deficitaria.	Colaboración na implementación.	Campaña de adaptación ao cambio climático para os sectores produtivos
<i>Intervención 6841.2 - Ayudas a inversiones en modernización y/o mejora de explotaciones agrarias</i>	x	O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.	Colaboración na implementación.	Mellorar as axudas para a transformación dixital do sector agroalimentario.
<i>Intervención 6842.1 - Ayudas a inversiones con objetivos ambientales en transformación, comercialización y/o desarrollo de productos agrarios</i>	x	Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.	Colaboración na implementación.	Impulsar a transformación do territorio comarca
<i>Intervención 6842.2 - Ayudas a inversiones en transformación, comercialización y/o desarrollo de productos agroalimentarios</i>	x	Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.	Colaboración na implementación.	Plan de dinamización de canais de comercialización de produtos agroalimentarios. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios.
<i>Intervención 6843.2 - Ayudas a inversiones en infraestructuras agrarias para fomento de la competitividad (incluidas aldeas modelo y polígonos agroforestales)</i>	x	A Lei de recuperación de terra agraria de Galicia conta con ferramentas para a posta en valor de parcelas abandonadas con varios exemplo piloto no ámbito como poden Aldeas Modelo xa declaradas ou polígonos agroforestais aprobados.	Colaboración na implementación.	Impulso a Plans de dinamización de núcleos rurais das Aldeas Modelo da comarca, conxugando os aspectos produtivos, residencial e turístico. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios.
<i>Intervención 6844 - Ayudas a inversiones no productivas en explotaciones agrarias vinculadas a la mitigación-adaptación al cambio climático, uso eficiente de los recursos naturales, biodiversidad y bienestar animal</i>	x			

Medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia	Relevantes para o GDR	Elementos do DAFO do territorio cos que se relaciona a medida	Rol do GDR na medida	Posibles proxectos promovidos financiados polo GDR
<i>Intervención 6864 - Ayudas a inversiones para la diversificación agraria</i>	-			
<i>Intervención 6871 - Inversiones no productivas en servicios básicos en el medio natural</i>	x			
<i>Intervención 6872 - Inversiones no productivas en servicios básicos en zonas rurales</i>	x	O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.	Colaboración na implementación.	
<i>Intervención 6881.1 - Inversiones forestales no productivas en repoblación y sistemas agroforestales</i>	-			
<i>Intervención 6881.2 - Inversiones forestales no productivas en prevención de daños forestales</i>	-			
<i>Intervención 6881.3 - Inversiones forestales no productivas en restauración de daños forestales</i>	-			
<i>Intervención 6881.4 - Actuaciones silvícolas con objetivo ambiental</i>	-			
<i>Intervención 6883 - Inversiones forestales productivas</i>	-			
ESTABLECIMIENTO DE JÓVENES AGRICULTORES Y PUESTA EN MARCHA DE NUEVAS EMPRESAS RURALES				
<i>Intervención 6961.1 - Establecimiento de personas jóvenes agricultores</i>	x	Despoboamento rural e avellentamento da poboación implica a ausencia de relevo xeracional e perda de base de coñecemento. Abandono territorial e falta de dinamismo socioeconómico dificultan a actividade dos sectores produtivos. Escasa capacidade económica dos emprendedores, xunto á falta de crédito, actúa como factor que limita aos proxectos.	Colaboración na implementación.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización en sectores estratéxicos da comunidade de dinamización social para a valorización do territorio e a poboación.
<i>Intervención 6961.2 - Estableciendo de nuevos agricultores</i>	x	Despoboamento rural e avellentamento da poboación implica a ausencia de relevo xeracional e perda de base de coñecemento. Abandono territorial e falta de dinamismo socioeconómico dificultan a actividade dos sectores produtivos. Escasa capacidade económica dos emprendedores, xunto á falta de crédito, actúa como factor que limita aos proxectos.	Colaboración na implementación.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización en sectores estratéxicos da comunidade de dinamización social para a valorización do territorio e a poboación.

Medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia	Relevantes para o GDR	Elementos do DAFO do territorio cos que se relaciona a medida	Rol do GDR na medida	Posibles proxectos prom financiados polo
COOPERACIÓN				
Intervención 7119 - LEADER				
<i>Intervención 7131 - Cooperación para promover la participación en los regímenes de calidad de los productos agrícolas y alimenticios</i>	-	Establecer rede e sinerxías con outras DOP de viño en Galicia.	Cooperación con outros GDRS	Proxectos de cooperación
<i>Intervención 7132 - Cooperación para la promoción de los productos agrícolas y alimenticios en regímenes de calidad</i>	x	Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto.	Colaboración na implementación.	Proxectos de cooperación
<i>Intervención 7161 - Cooperación de grupos operativos de la Asociación Europea para la Innovación en materia de productividad y sostenibilidad agrícola (AEI-Agri)</i>	-	Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto. Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introdución de novos que se adapten as condicións climáticas da comarca.	Posible membro de Grupos Operativos	Proxectos de cooperación
<i>Intervención 7162 - Grupos de cooperación para la innovación no relacionados con la AEI-Agri</i>	-			
<i>Intervención 7191 - Proyecto de cooperación para promover las organizaciones o grupos de productores</i>	-			
INTERCAMBIO DE CONOCIMIENTOS E INFORMACIÓN "AKIS"				
<i>Intervención 7201 - Transferencia de conocimientos y actividades de formación e información</i>	x	O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Colaboración na implementación.	Living-Lab de xestión multicontraincendios. Laboratorio de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que valore o labor da produción agrogandeira e dinamice o Programa formativo de talento e profesionalización de sectores estratéxicos da
<i>Intervención 7202 - Servicios de asesoramiento</i>	x	O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Colaboración na implementación.	Guías de apoio ao emprego en bioeconomía.

Táboa 4. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PE PAC de España 2023-2027.

Medidas de desenvolvemento rural supra-autonómicas	Relevantes para o GDR	Elementos do DAFO do territorio cos que se relaciona esa medida	Rol do GDR na medida	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR, relacionados coa medida
6842.1 - Ayudas a inversiones con objetivos ambientales en transformación, comercialización y desarrollo de productos agrarios	-			
6842.2 - Ayudas a inversiones en transformación, comercialización y/o desarrollo de productos agroalimentarios	-			
6843.1 - Ayudas a inversiones en infraestructuras de regadíos con objetivos ambientales	-			
7161 - Cooperación de grupos operativos de la Asociación Europea para la Innovación en materia de productividad y sostenibilidad agrícolas (EIP-Agri)	X	Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto. Recuperación dos cultivos tradicionais da zona e introdución de novos que se adaptan as condicións climáticas da comarca.	Posible membro de Grupos Operativos	Proxectos de cooperación.
7201 - Transferencia de conocimientos y actividades de formación e información	X	O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Posible beneficiario. Divulgación	
7202 - Servicios de asesoramiento	X	O exceso de normativas e protocolos técnicos complexos actúan, en ocasións, como elemento disuasorio para as iniciativas agrogandeiras. Falta información e seguimento. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Divulgación	

D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

En 2021 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Este texto lexislativo ten o fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal e unha serie de obxectivos xerais que se enumeran no artigo 2 do mesmo. Neste apartado analízase en que medida a estratexia do GDR presenta sinerxías coa citada lei na procura deses obxectivos xerais, en particular cos seguintes:

- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agroforestal e prestando atención especial ao fomento da constitución de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
- Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.
- Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional coa incorporación de persoas mozas ás explotacións, así como fomentar que as novas explotacións agroforestais contribúan á renda familiar.
- Afianzar a actividade agroforestal como actividade económica de referencia fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.
- Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.
- Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.
- Xerar condicións favorables para os procesos de transferencia de coñecemento a través de proxectos de investigación e innovación destinados á mellora da capacidade produtiva da terra e a garantir a provisión de servizos ecosistémicos. método de protección, sen necesidade de rozar e limpar de forma periódica.

Para promover a recuperación e posta en valor da terra produtiva, a lei establece os seguintes instrumentos de recuperación:

- **Os polígonos agroforestais.** Dentro desta figura contémlase, ademais, a dos polígonos cortalume orientados especialmente á prevención de incendios.
- **As aldeas modelo.** Dentro delas, establécese a figura dos Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo, que son instrumentos de planificación que formularán un programa plurianual que integrará actuacións a nivel arquitectónico e tecnolóxico.
- **As agrupacións e actuacións de xestión conxunta.**

Esta lei é de moia relevancia para o ámbito polos seguintes motivos:

- O resultado da análise do apartado E arroxa uns datos de abandono de 4.937 ha nas zonas de maior aptitude agraria, que cómpre recuperar. Esta análise complementábase en relación aos MVMC polo seu potencial como recurso territorial, e constátase que desas cerca de cinco mil hectáreas abandonadas, 1.435 ha sitúanse en montes baixo este réxime de propiedade comunal, o que supón igualmente unha oportunidade de cara á súa xestión.
-
- O territorio do GDR Monteval é a zona piloto escollida pola Consellería do medio rural para o proxecto de “Recuperación integral e sostible do rural galego”. Este proxecto estrutúrase en 2 pilares estratéxicos: a dixitalización do medio rural na rede de aldeas modelo, e a aplicación de instrumentos para a recuperación sostible de terra agraria.
-
- No marco da lei, no ámbito no GDR existen varios proxectos piloto que poñen en marcha estes instrumentos de recuperación de terra, como se comenta no apartado E. Existen xa un total de catro aldeas modelo declaradas: Carzoá en Cualedro, Infesta en Monterrei, Pedroso en Riós e O Seixo en A Gudiña. Ao tempo, impulsáronse catro polígonos agroforestais nos concellos de Cualedro, Monterrei, Riós e Oímbra, este último dedicado ao produto de horta característico da zona que da orixe a IXP Pemento de Oímbra.
-
- Ademais tense recollidas solicitudes no proceso participativo para a creación de polígonos agroforestais na Comarca ata unha superficie a mobilizar de 1.120 ha. Isto significa un potencial de aumento da superficie xestionada rexistrada dun 93%. Entre os usos para os que se solicitan os polígonos destacan: gandería de vacún (arredor do 50%) e ovino (35%), plantacións de castiñeiros (13%) e viñado (2%).

Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025.

Esta estratexia é de escasa influencia na estratexia do PDR xa que non é unha zona de produción leiteira, contando tan so con catro explotacións leiteiras en todo o territorio.

Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.

Tendo en conta que no territorio do GDR está presente unha das 5 DOP de viño, é relevante para esta estratexia e Estratexia de Dinamización Económica, Territorial e Turística das Comarcas Vitivinícolas de Galicia 2021- 2026 posta en marcha pola Xunta de Galicia, e que ten como obxectivo fundamental consolidar o sector vitivinícola nos mercados nacionais e internacionais, reforzar a súa imaxe de marca e identidade vinculada aos diversos territorios nos que se produce e impulsar o enoturismo, aproveitando os recursos naturais e patrimoniais do territorio dun xeito sostible.

Para logralo, formuláronse os seguintes retos estratéxicos:

- Apostar pola formación e innovación no sector vitivinícola.
- Modificar o modelo das explotacións vitivinícolas (dimensión, estrutura).
- Lograr relevo xeracional no sector vitivinícola.
- Mellorar a eficacia na comercialización e na internacionalización.
- Identificar o viño coa marca-país.
- Reforzar as sinerxías do sector vitivinícola co turismo e co territorio.
- Impulsar un modelo de desenvolvemento sustentable para mitigar os efectos do Cambio Climático.

A Denominación de Orixe Protexida Monterrei afecta ao Val de Monterrei e á Ladeira de Monterrei, é dicir, que afecta á parte de Monterrei, aos concellos de Oímbra, Verín e Vilardevós. Tamén se ve baixo á desta denominación unha zona do sur do concello de Riós e a metade do suroeste do de Castrelo do Val.

Esta DOP contaba con 382 viticultores inscritos en 2020, 27 adegas e 631 hectáreas. Baixo este selo de calidade a produción de uva foi de 5.170.550 kg cunhas cantidades de uva tinta e branca bastante equilibradas (3.676.736 kg de uva branca fronte 2.033.814 de uva tinta).

Tal e como se destaca na Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026, nun territorio cunha clara identidade vitivinícola, evidenciada en numerosos elementos do patrimonio arqueolóxico e arquitectónico, así como nas paisaxes culturais vencelladas a esta actividade ancestral, a promoción e mellora da competitividade turística en base a este sector resulta esencial. Sen embargo, salvo claras excepcións que si apostan por este modelo, detectouse unha escasa oferta turística por parte das adegas, centradas unicamente na elaboración e comercialización dos seus viños en lugar de compatibilizar esta actividade produtiva coa enoturística, e pon de manifesto a necesidade de mellorar a formación en materia de enoturismo e fomentar a colaboración público-privada, entre os distintos axentes implicados.

Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.

Outro dos sectores agrarios máis relevantes do territorio é o cárnico, polo tanto a Estratexia do sector cárnico da Xunta de Galicia é un marco co que traballar.

Esta estratexia ten como misión articular un sector cárnico, sostible, competitivo, arraigado territorialmente e baseado na súa diversidade, que produza uns alimentos saudables, accesibles e de calidade, recoñecidos polos consumidores. Para levar a cabo establecéronse seis eixes estratéxicos ou ámbitos de actuación.

- Un sector produtor organizado e profesionalizado.
- Unha industria cárnica galega competitiva, líder en calidade impulsada pola tecnoloxía e o talento que garanta a soberanía alimentaria.
- Uns produtos cárnicos galegos mellor posicionados nos mercados nacionais e internacionais.
- Unha cadea de valor máis transparente e equilibrada.
- Unha sociedade concienciada coa importancia da produción cárnica galega para o desenvolvemento rural e sobre o valor nutricional da carne.
- Un sector cárnico máis sostible medioambientalmente e resiliente.

Esta estratexia é de especial importancia no territorio que abrangue o GDR de Monteval debido a que é unha zona onde predomina a produción de carne, especialmente a de vacún con máis de 140 explotacións, e onde a súa vez, destacan as industrias de produción cárnica.

Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica

Referido ao ámbito internacional a nivel mundial, a 1ª revisión do Plan PFG debe adoptar os compromisos e recomendacións emanadas dos diferentes acordos intergubernamentais sobre medio ambiente e desenvolvemento sostible, en particular os convenios mundiais sobre biodiversidade, desertificación e cambio climático, intimamente relacionados cos bosques e recursos forestais, que deron lugar a compromisos para desenvolver políticas, plans e programas forestais a nivel nacional e subnacional.

Neste sentido, Nacións Unidas publicou sucesivamente un compendio de recomendacións (Guía para a elaboración de Plans forestais nacionais, FAO 1996; Directrices para o desenvolvemento de políticas forestais sostibles, lexítimas e eficaces, FAO 2011) que contén directrices para a formulación dunha política forestal sostible, coherente, integral e intelixente, de maneira que sexa lexítima, eficaz e transparente. O documento comprende os criterios orientadores e os requirimentos para a súa formulación mediante plans estratéxicos de política forestal a nivel nacional ou subnacional.

En esencia, estas directrices veñen recomendar que o exercicio dunha política forestal eficiente que procure a ordenación e a xestión sostible dos espazos e recursos forestais dun país ou rexión, debe deseñarse e desenvolverse dunha maneira planificada, comprometida e consensuada, de modo que poida ser verificable.

A primeira revisión do PFG persegue os obxectivos que permitan integrar a política forestal galega no marco da política forestal estatal e no dos mencionados referentes internacionais. Desta forma, o PFG renóvase para constituírse no plan director estratéxico que configure unha política forestal sostible, lexítima e eficaz, conforme aos principios de gobernanza, lexitimidade e transparencia, aplicados mediante criterios de sustentabilidade, biodiversidade e multifuncionalidade.

Tal e como se adiantaba no punto anterior, o sector forestal é outro dos piares da produción primaria da comarca e polo tanto da estratexia do GDR.

Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

A primeira revisión do Plan forestal de Galicia contén como medida concreta a execución do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña (medida IV.1.2.). O desenvolvemento deste programa debe ser a ferramenta que guíe e oriente as liñas de actuación coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos cuantitativos no horizonte temporal 2021-2040:

- Recuperación de soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación. A medio prazo (entre 2022 e 2025) preténdese a rehabilitación dun total de 2.000 ha, mentres que no horizonte temporal de 20 anos a cifra incrementarase ata as 8.000 ha de soutos recuperados.
- Creación de novas superficies de soutos para a produción principal de castaña. Cunha previsión de crear 3.500 ha no primeiro quinquenio e un total de 8.000 ha no período de 20 anos.
- A creación de novas superficies de soutos para a produción principal de madeira. Neste caso a previsión vai desde a posta en marcha dunhas 2.000 ha no primeiro quinquenio, chegando ás 8.000 ha ao longo dos 20 anos.

Galicia é a principal comunidade autónoma en produción e exportación de castaña, e o ámbito desta estratexia unha das zonas con maior presenza de soutos, cun total de 2.082,07 ha, das que 1839,09 ha son superficies continuas superiores ás 10 ha. Ademais desta importancia produtiva, os soutos teñen valores sociais, ecolóxicos e culturais que compre preservar e apoiar ao desenvolvemento do sector da castaña e poñer en produción terras abandonadas para contribuir a manter a paisaxe en mosaico.

D.4 Outros instrumentos e plan da Consellería do Medio Rural con incidencia no territorio do GDR Monteval.

Tal e como se comentou, o territorio do GDR Monteval é a zona piloto escollida pola Consellería do medio rural para o proxecto de “Recuperación integral e sostible do rural galego”. Este proxecto estrutúrase en 2 pilares estratéxicos: a dixitalización do medio rural na rede de aldeas modelo, e a aplicación de instrumentos para a recuperación sostible de terra agraria.

No marco dese proxecto, a Xunta de Galicia xunto coa Deputación de Ourense e os dez concellos do ámbito está elaborando en colaboración coa Fundación Juana de Vega desde xuño de 2021 un **Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental de Ourense para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística**. Este Plan, -pendente de ser presentado-, é o punto de partida para a elaboración desta estratexia por ter ámbito territorial e obxectivos compartidos.

Outros instrumentos salientables a considerar son as liñas de axuda que a Consellería de Medio Rural pon en marcha en relación ás actividades agrogandeiras. Existen varios Plans de Pastos tramitados nos concellos de Cualedro e Laza, e unha serie de zonas sinaladas para a recuperación de soutos tradicionais nos concellos da Gudiña e A Mezquita, tendo en conta a xa mencionada importancia do castiñeiro neste ámbito.

Táboa 5. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural.

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.				
Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.	X	A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra e pola escasa mobilidade da mesma, condicionando a actividade produtiva. Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.	Colaboración na implementación. Divulgador.	Plan de divulgación sobre a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e instrumentos derivados. Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio.
Prever e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.	X	A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra e pola escasa mobilidade da mesma, condicionando a actividade produtiva. Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.	Colaboración na implementación. Divulgador	Plan de divulgación sobre a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e instrumentos derivados. Proxecto piloto: Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio.
Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.	X	A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra e pola escasa mobilidade da mesma, condicionando a actividade produtiva. Abandono territorial como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.	Colaboración na implementación.	Plan de divulgación sobre a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e instrumentos derivados. Proxecto piloto: Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio.
Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.	X	Cuestión demográfica: despoboamento e poboación envellecida. Ausencia de relevo xeracional nos sectores produtivos e escasa transferencia de coñecemento.	Financiación de proxectos.	Programa de apoio ás mulleres para fomentar a súa inclusión socio-laboral. Priorización das axudas ao desenvolvemento de proxectos produtivos por parte de mulleres. Plan de dinamización social para a valorización do territorio e a fixación de poboación.
Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.	X	Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación.	Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas deste tipo. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.	X	Disponibilidade de amplas superficies de terra agraria útil aumenta as posibilidades produtivas: forraxes, pataca ecolóxica e diversificación da horta, etc. O mercado demanda produtos singulares e de calidade.	Financiación de proxectos. Divulgador.	Campaña de formación. Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas sostibles.
Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.	X	Os diversos programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente.	Divulgador.	Plan de divulgación sobre a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e instrumentos derivados. Plan de dinamización social para a valorización do territorio e a fixación de poboación.
Aldeas modelo	X	Alta recorrencia de lumes forestais como expresión das problemáticas principais: despoboamento e falta de oportunidades laborais.	Divulgador. Colaboración na implementación.	Impulso a Plans de dinamización de núcleos rurais das Aldeas Modelo da comarca, conxugando os aspectos produtivo, residencial e turístico.
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025				
Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio.				
Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.				
Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.				
Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.				
Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.				

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
--	-----------------------	--------------------------------	--	--

Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.

Promover a colaboración e cooperación entre as DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia.	X	Establecer rede e sinerxías con outras DOP de viño en Galicia.	Cooperación con outros GDRS	Proxectos de cooperación
Reforzar as Denominacións de Orixe vitivinícolas.	X	Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc. A tradición vitivinícola vinculada á Denominación de Orixe Monterrei, caso de éxito endógeno na posta en valor dun produto.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación.	Priorización das axudas ao sector vitivinícola.
Impulso do relevo xeracional e mellora da rendibilidade e a sustentabilidade da produción vitícola.	X	Os diversos programas de formación en relación aos sectores produtivos que se pretenden potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación. Divulgación.	Priorización das axudas ao sector vitivinícola. Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Incrementar a rendibilidade das adegas, mellorando a súa xestión, tamaño medio, competitividade e orientación ao mercado.	X	Os programas de formación en relación aos sectores produtivos a potenciar na comarca (agrogandeiro, forestal, turístico, etc.) poden potenciar o capital humano existente.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación. Divulgación.	Priorización das axudas ao sector vitivinícola. Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Equilibrar a presenza dos viños galegos nos diferentes segmentos de mercado.				
Converter a Galicia nunha rexión de referencia no enoturismo a nivel do Estado.	X	Ausencia dunha proposta turística conxunta e uniforme. Ruta do viño pouco desenvolvida polo escaso interese de gran parte das adegas no enoturismo. A Ruta do Viño e , en xeral, paisaxes do viñado crean discurso en relación aos sectores turísticos e produtivos e melloran a oferta turística xerando valor na comarca. Ruta dos Lagares Rupestres como elemento de atracción polo seu valor singular.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación. Divulgación.	Priorización das axudas ao sector enoturístico. Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca. Impulso ao agroturismo vencellado ao produto local. Programa para incentivar a participación das adegas nas actividades enoturísticas.
Pór en valor o patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño.	X	Comarca con idiosincrasia propia, diferenciada culturalmente. Paisaxe propia e diferenciada que outorga personalidade á comarca.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación. Divulgación.	Priorización das axudas ao patrimonio ligado ao viño. Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca. Programa para incentivar a participación das adegas nas actividades enoturísticas.
Favorecer o desenvolvemento, atracción e retención do capital humano e impulsar a I+D+i nas comarcas vitivinícolas.	X	Despoboamento rural e avellantamento da poboación.	Financiación de proxectos. Colaboración na implementación.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.

Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.	X	Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Colaboración na implementación. Promotor.	Plan de apoio ao pastoreo. Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas deste tipo. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados, Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.
Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas).	X	Territorio con grandes condicións estruturais e dispoñibilidade de terra apta para actividades que precisan gran base territorial: gandería extensiva, explotacións multifuncionais, etc.	Colaboración na implementación. Promotor.	Plan de apoio ao pastoreo. Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas deste tipo. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados, Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.
Mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.	X	Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.	Financiación de proxectos.	Priorización de axudas ao impulso á transformación da carne na comarca.
Aumentar o peso das marcas de calidade.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais.	Colaboración na implementación. Promotor	Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.
Manter ou aumentar os volumes de produción e o consumo.				
Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.	X	Cuestión demográfica: despoboamento e poboación envellecida. Ausencia de relevo xeracional nos sectores produtivos e escasa transferencia de coñecemento.	Colaboración na implementación.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Avanzar na promoción da carne galega.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais.	Colaboración na implementación. Promotor	Crear unha marca de garantía de embutidos da comarca. Promoción da marca de garantía creada.

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación.	X	O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos agrarios e gandeiros.	Divulgador.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Plan Forestal de Galicia 2021-2040				
Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.	X	A plantación de piñeiro é maioritaria actuando como monocultivo nalgúns áreas do ámbito tendo, ademais, un rendemento deficiente por falta de xestión. A xestión ambiental e o aproveitamento dos recursos nas masas de frondosas e especies de ribeira é, practicamente, inexistente. Certificacións forestais e pagos por servizos ecosistémicos para valorizar a produción.	Divulgador. Colaboración na implementación.	Establecemento de montes modelo con xestión forestal orientada á multifuncionalidade.
Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.	X	Alta recorrencia de incendios forestais e forte virulencia dos lumes de nova xeración causando unha desvalorización xeral do territorio.	Promotor. Colaboración na implementación.	Plan de apoio ao pastoreo. Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios.
Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.	X	Ausencia de relevo xeracional na xestión e dificultades na gobernanza, especialmente nos Montes Veciñais en Man Común.	Financiación de proxectos.	Establecemento de montes modelo con xestión forestal orientada á multifuncionalidade.
Recursos forestais e cadea monte-industria.	X	A estrutura produtiva do sector forestal non existe, como tal, no ámbito. Non hai infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación. Desvalorización da cadea de valor forestal agravada polo deficiente coidado do monte e o risco dos lumes forestais vinculados ao abandono e ao cambio climático.	Financiación de proxectos.	Plan de apoio ao pastoreo. Priorización das axudas ao sector agroforestal que desenvolva prácticas deste tipo. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios.
Estatística, formación e investigación forestal.	X	Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos forestais.	Colaboración na implementación.	Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Planificación, ordenación e gobernanza.	x	Ausencia de relevo xeracional na xestión e dificultades na gobernanza, especialmente nos Montes Veciñais en Man Común.	Colaboración na implementación.	Programa de dinamización da gobernanza e a xestión dos MVMC

Estratexia, iniciativa ou plan -Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR
Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña				
Planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro en Galicia.				
Investigación, transferencia e apoio ao sector viverístico.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc.	Financiación de proxectos.	Priorización de axudas ao sector viverístico.
Desenvolvemento e revitalización de aproveitamentos.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia...	Financiación de proxectos. Divulgación.	Priorización de axudas ao sector de produción de castaña. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego. Programa formativo de retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.
Impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña, impulso ao desenvolvemento da IXP.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc.	Financiación de proxectos.	Priorización de axudas ao sector de produción de castaña con IXP. Proxecto piloto: Polígonos agroforestais privados e Living-Lab de xestión multifuncional contra incendios. Laboratorio vivo de co-creación dun modelo de xestión multifuncional que poña en valor o labor da produción agrogandeira e dinamice o emprego.
Mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.	X	Sectores primarios pouco profesionalizados e con carencias en canto a formación empresarial. Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais. Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña de Galicia, etc.	Financiación de proxectos. Divulgación.	Priorización de axudas ao sector de produción de castaña con IXP.

E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.

<i>E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.....</i>	<i>189</i>
E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural	190
E.1.1 Usos do solo.	190
E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio	206
E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono.....	229
E.2.1 Caracterización da aptitude agraria dos solos	230
E.2.2 Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal.....	233
E.2.3 Caracterización do abandono das terras agrarias.....	238
E.2.4 Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras.....	240
E.2.5 Incidencia dos lumes forestais	243
E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais.....	246
Industria agroalimentaria.....	246
Industria forestal	248
E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.	249
E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade	249
E.4.2 Instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso.....	254
E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015	259
E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial	261
E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais.	277
Bibliografía.....	280

E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural

A terra é un ben fundamental en Galicia, un recurso amplo en canto ao seu uso pero limitado e non renovable. Os case 3 millóns de hectáreas do territorio galego converten á terra no principal recurso produtivo do país polos seus usos variados que aportan servizos diversos: agrario, gandeiro, forestal, residencial, enerxético, ecosistémico, etc.

O territorio galego está, historicamente, orientado cara á produción agrogandeira aproveitando ao máximo a súa capacidade como provedor de bens e recursos. As boas condicións asentadas en aspectos orográficos, climáticos e edafolóxicos permiten un destacado potencial agrológico, se ben a capacidade produtiva da terra é limitada, sendo os solos de maior calidade, fértiles e profundos un ben relativamente escaso (Corbelle-Rico, Vila-García, Crecente Maseda e Díaz-Fierros Viqueira, 2014) que comprende identificar e protexer.

Os concellos que conforman o ámbito do GDR-9 contan cun vínculo histórico coa produción agraria e gandeira. Se ben este fenómeno é homoxéneo en toda Galicia, no caso concreto das comarcas de Verín e Viana destacan singularidades propias do sector e moi relacionadas coas condicións estruturais como poden ser a orografía e o clima. As pequenas explotacións multifuncionais de subsistencia conviviron ata o século XX con produtos de alto valor engadido como pode ser o viño de Monterrei ou de especialización gandeira como o vacún en réxime extensivo dos sectores montañosos ou a presenza de gando caprino e ovino que realizaban unha función relevante na xestión do monte. Na actualidade mantense parte desta tradición, singularmente no tema do viñado con 2.751 parcelas e 546 ha. na Denominación de Orixe Monterrei (segundo datos do Consello Regulador no 2019).

Táboa 23. Distribución da superficie territorial segundo usos e aproveitamentos. Consellería do Medio Rural (2019).

DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DE TERRAS	CULTIVOS E PRADOS	FORESTAL TOTAL	OUTRAS	TOTAL CONCELLO
CASTRELO DO VAL	1.363	10.190	652	12.205
CUALEDRO	1.593	9.110	1.074	11.777
LAZA	1.226	20.227	138	21.591
MONTERREI	1.921	9.043	950	11.914
OÍMBRA	1.289	4.976	883	7.148
RIÓS	2.550	7.556	1.322	11.427
VERÍN	2.193	6.014	1.205	9.411
VILARDEVÓS	3.107	10.278	1.870	15.255
A GUDIÑA	3.016	13.193	932	17.142
A MEZQUITA	2.256	7.503	667	10.427

Para analizar o uso e ocupación do territorio rural no ámbito do GDR, recórrase ás sucesivas etapas de análise necesarias para a identificación e localización das terras agrarias abandonadas, así como as tendencias observables. A análise efectúase a través do tratamento da información dispoñible nas diversas fontes oficiais a través de Sistemas de Información Xeográfica, que permiten unha aproximación máis detallada á cuestión.

E.1.1 Usos do solo.

As coberturas do solo son, certamente, un dos aspectos clave para analizar un territorio dende o punto de vista da planificación, xa que reflicten a existencia de determinados usos no territorio, o cal “presupón” a potencial aptitude deses solos para eses usos (Díaz

Manso, Santé Riveira, Nieto Zas, 2018). Porén, a capacidade de decisión sobre estes usos é alta, podendo introducir cambios nas coberturas de xeito relativamente sinxelo, o que constitúe unha oportunidade cando a xestión e ordenación do territorio se leva a cabo de xeito integrado e enfocada á prestación de múltiples servizos ecosistémicos. En efecto, os usos do solo foron obxecto dunha forte evolución nos últimos anos, transformando profundamente a realidade descrita por Bouhier (2001) en 1979, un fenómeno que pode sintetizarse na expansión da superficie arborada e a diminución da superficie agrícola ou gandeira, diferenciando tres zonas con tendencias diferenciadas: un ámbito costeiro caracterizado polo dominio da forestación e a urbanización, unha zona intermedia na que a actividade agrícola e gandeira mantense e incluso se incrementa, e unhas áreas montañosas nas que se percibe o dominio das cubertas naturais, que aumentan como consecuencia da falta de actividade humana (Corbelle Rico, Crecente Maseda, 2012).


A este último grupo pertence o ámbito do GDR-9. Segundo as unidades descritas por Bohuier (2001), a área de estudo subdivídese en dúas grandes zonas seguindo un eixo ao longo do río Támega que se desvía cara ao leste abranguendo o encoro de Portas. Así, ao oeste sitúase unha unidade identificada como *Agras da zona Sur-Oriental* e, cara ao leste, caracterízase como *Grandes "Openfields" do extremo Sur-Leste*.

Para acadar un achegamento aos usos do solo o máis actualizado posible, a análise das coberturas efectúase en base á cartografía facilitada por AGADER, elaborada a partir da base de datos da serie cartográfica do *Sistema de información de ocupación del suelo de España* (SIOSE) do 2017, complementada co *Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas* (SIXPAC) do 2020. En todo caso, é preciso ter en conta que a evolución de usos no territorio é tremendamente rápida, debido tanto a cambios nos aproveitamentos, moitos deles de ciclos curtos, como por mor de factores externos ou riscos tales como os incendios forestais, que teñen a capacidade de mudar a paisaxe de amplas superficies en cuestión de días. Por este motivo, os datos cartográficos de partida poden non corresponderse coa realidade exacta actual e deberán tratarse con cautela.


Nas seguintes páxinas recóllense as táboas e gráficas cos datos de usos do solo no ámbito do GDR e en cada un dos concellos que o conforman, co obxectivo de poder realizar unha caracterización específica para cada ámbito municipal

Táboa 24. Superficie dos usos do solo no territorio do GDR.

Usos do solo	Superficie (m ²)	Porcentaxe
Bosque mixto	36440360,64	3%
Coníferas	236566197,9	18,5%
Cultivos herbáceos e prados	96292958,7	7,5%
Cursos de auga	854285,6158	0,5%
Edificación	4169339,911	0,5%
Encoros	1671125,75	0%
Fronosas caducifolias	72197928,04	5%
Fronosas perennifolias	1358210,487	0%
Frutáis	11411947,48	1%
Horta	41384,13424	0%
Lámina de auga artificial	8702,001466	0%
Matogueira	416780268,1	32,5%
Outras construcións	241311,2473	0%
Pasteiros	48335548,46	3,5%
Pasteiro-matogueira	108736172,9	8,5%
Pasto arborado	25674135,12	2%
Solo non edificado	3541280,276	0,5%
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	44803479,82	3,5%
Viñedo	18335090,8	1,5%
Outros usos	155523531,6	12%
Zona de extracción ou verquido	926354,9884	0%
Zona verde artificial e arborado urbán	941,7004901	0%




Táboa 25. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello da Gudiña.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	775,09	5%
Coníferas	2.097,65	12%
Cultivos herbáceos e prados	1.130,14	7%
Cursos de auga	33,31	0%
Edificación	27,91	0%
Encoros	0,00	0%
Frondosas caducifolias	677,42	4%
Frondosas perennifolias	26,03	0%
Frutáis	166,84	1%
Horta	0,10	0%
Lámina de auga artificial	0,02	0%
Matogueira	7.873,78	46%
Outras construcións	3,69	0%
Pasteiros	313,21	2%
Pasteiro-matogueira	2.428,74	14%
Pasto arborado	102,79	1%
Solo non edificado	87,65	1%
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	473,98	3%
Viñedo	5,78	0%
Outros usos	888,28	5%
Zona de extracción ou verquido	8,83	0%
Zona verde artificial e arborado urbán	0,04	0%
Total	17.121,29	100%

Táboa 26. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello da Mezquita.




Táboa 27. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Castrelo do Val.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	226,87	2%
Coníferas	3.585,59	29%
Cultivos herbáceos e prados	538,94	4%
Cursos de auga	0,00	0%
Edificación	25,09	0%
Encoros	167,11	1%
Frondosas caducifolias	611,71	5%
Frondosas perennifolias	5,48	0%
Frutáis	47,29	0%
Horta	0,13	0%
Lámina de auga artificial	0,01	0%
Matogueira	4.065,37	33%
Outras construcións	0,14	0%
Pasteiros	280,19	2%
Pasteiro-matogueira	673,52	6%
Pasto arborado	69,97	1%
Solo non edificado	7,82	0%
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	387,80	3%
Viñedo	82,24	1%
Outros usos	1.424,63	12%
Zona de extracción ou verquido	1,06	0%
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0%
Total	12.200,96	100%

Táboa 28. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Cualedro.




Táboa 29. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Laza.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	961,11	4
Coníferas	7.318,00	34
Cultivos herbáceos e prados	742,32	3
Cursos de auga	3,72	0
Edificación	33,02	0
Encoros	0,00	0
Frondosas caducifolias	1.279,76	6
Frondosas perennifolias	16,31	0
Frutáis	48,15	0
Horta	0,43	0
Lámina de auga artificial	0,04	0
Matogueira	7.989,10	37
Outras construcións	3,17	0
Pasteiros	253,25	1
Pasteiro-matogueira	876,89	4
Pasto arborado	223,88	1
Solo non edificado	21,05	0
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	461,47	2
Viñedo	29,83	0
Outros usos	1.321,83	6
Zona de extracción ou verquido	0,00	0
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0
Total	21.583,32	100

Táboa 30. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Monterrei.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	341,64	3
Coníferas	2.487,31	21
Cultivos herbáceos e prados	643,61	6
Cursos de auga	0,00	0
Edificación	43,61	0
Encoros	0,00	0
Fronosas caducifolias	0,06	0
Fronosas perennifolias	44,92	0
Frutáis	23,55	0
Horta	1,38	0
Lámina de auga artificial	0,06	0
Matogueira	2.914,01	25
Outras construcións	1,99	0
Pasteiros	948,42	8
Pasteiro-matogueira	1.102,71	9
Pasto arborado	277,30	2
Solo non edificado	0,08	0
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	543,28	5
Viñedo	451,03	4
Outros usos	1.802,14	15
Zona de extracción ou verquido	0,30	0
Zona verde artificial e arborado urbán	0,05	0
Total	11.627,44	100

Táboa 31. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Oimbra.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	56,09	1
Coníferas	276,80	4
Cultivos herbáceos e prados	521,52	7
Cursos de auga	16,81	0
Edificación	26,42	0
Encoros	0,00	0
Frondosas caducifolias	287,52	4
Frondosas perennifolias	0,76	0
Frutáis	27,50	0
Horta	1,02	0
Lámina de auga artificial	0,03	0
Matogueira	3.405,03	48
Outras construcións	1,10	0
Pasteiros	257,69	4
Pasteiro-matogueira	529,18	7
Pasto arborado	204,34	3
Solo non edificado	5,59	0
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	234,55	3
Viñedo	433,95	6
Outros usos	820,30	11
Zona de extracción ou verquido	43,38	1
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0
Total	7.149,58	100

Táboa 32. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Riós.




Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	250,84	2
Coníferas	1.959,60	17
Cultivos herbáceos e prados	1.344,99	12
Cursos de auga	0,00	0
Edificación	27,54	0
Encoros	0,00	0
Frondosas caducifolias	1.825,73	16
Frondosas perennifolias	1,98	0
Frutáis	228,50	2
Horta	0,05	0
Lámina de auga artificial	0,01	0
Matogueira	2.210,41	19
Outras construcións	1,35	0
Pasteiros	346,97	3
Pasteiro-matogueira	463,37	4
Pasto arborado	316,25	3
Solo non edificado	3,22	0
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	485,01	4
Viñedo	35,39	0
Outros usos	1.922,55	17
Zona de extracción ou verquido	0,00	0
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0
Total	11.423,75	100

Táboa 33. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Verín.



Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	26,67	0
Coníferas	1.746,27	19
Cultivos herbáceos e prados	1.016,17	11
Cursos de auga	18,65	0
Edificación	128,05	1
Encoros	0,00	0
Frondosas caducifolias	300,74	3
Frondosas perennifolias	21,70	0
Frutáis	17,89	0
Horta	0,65	0
Lámina de auga artificial	0,69	0
Matogueira	1.694,73	18
Outras construcións	10,63	0
Pasteiros	421,50	5
Pasteiro-matogueira	528,28	6
Pasto arborado	319,29	3
Solo non edificado	170,77	2
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	708,10	8
Viñedo	543,36	6
Outros usos	1.623,70	17
Zona de extracción ou verquido	9,97	0
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0
Total	9.307,79	100

Táboa 34. Superficie dos usos do solo a nivel municipal – concello de Vilardevós.





Usos do solo	Superficie (ha)	Porcentaxe
Bosque mixto	506,94	3
Coníferas	1.480,18	10
Cultivos herbáceos e prados	1.516,47	10
Cursos de auga	0,00	0
Edificación	43,44	0
Encoros	0,00	0
Frondosas caducifolias	892,47	6
Frondosas perennifolias	3,07	0
Frutáis	463,77	3
Horta	0,11	0
Lámina de auga artificial	0,00	0
Matogueira	4.450,25	29
Outras construcións	0,82	0
Pasteiros	660,04	4
Pasteiro-matogueira	1.020,28	7
Pasto arborado	877,95	6
Solo non edificado	6,41	0
Vial, aparcadoiro ou zona peonil sen vexetación	441,03	3
Viñedo	179,30	1
Outros usos	2.707,70	18
Zona de extracción ou verquido	0,00	0
Zona verde artificial e arborado urbán	0,00	0
Total	15.250,24	100



Figura 11. Ecosistema de matogueira na Serra das Penas Libres, Vilardevós.


Mapa 1. Usos do solo. Fonte: cartografía facilitada por AGADER a partir de SIOSE 2017 e SIXPAC 2020.





Figuras 12 e 13. Comparativa entre os usos do solo 2005 (arriba) – 2014 (abaixo).

Fonte: <https://estrategiasgdr.laborate.es/visor/>



Táboa 35. Coberturas do solo máis presentes en cada municipio e no ámbito do GDR.

	<i>Matogueira</i>	<i>Pasteiro- matogueira</i>	<i>Coníferas</i>	<i>Frondosas caducifolias</i>	<i>Cultivos herbáceos/prados</i>
A Gudiña	46%	14%	12%		
A Mezquita	32%	16%	12%		
Castrelo do Val	33%	6%	29%		
Cualedro	32%	14%	12%		
Laza	37%		34%	6%	
Monterrei	25%	9%	21%		
Oímbra	48%	7%			7%
Riós	19%		17%	16%	
Verín	18%		19%		11%
Vilardevós	29%		10%		10%
Total	33%	9%	19%		

En base a esta análise, pódese constatar que as coberturas do solo máis presentes no territorio do GDR son as matogueiras, nun 33%, seguidas polas plantacións forestais de coníferas (19%) e zonas que combinan pasteiros con matogueira (9%). Na análise detallada por ámbito municipal, a dinámica resulta similar, sendo a matogueira a cobertura máis representativa en 9 dos 10 concellos, exceptuando a Verín, onde a matogueira e as plantacións de coníferas comparten porcentaxes moi similares de superficie (18 e 19%). Certamente, as coníferas son a seguinte cobertura máis representativa en máis da metade dos concellos do ámbito, exceptuando A Gudiña, A Mezquita e Cualedro, onde existe maior representatividade de coberturas que mesturan pasteiros e matogueiras. Outras coberturas destacadas nalgúns ámbitos municipais son as frondosas caducifolias en Laza e especialmente en Riós, dada a importancia que teñen neste ámbito as plantacións de castiñeiro. Finalmente, nos ámbitos de Verín, Vilardevós e Oímbra destaca tamén, aínda que en terceiro lugar, o uso do solo para cultivos herbáceos e prados, ocupando nos dous primeiros concellos entorn a un 10% da superficie municipal.

As conclusións que arrojan os datos analizados de ocupación do solo apuntan claramente a **un territorio cun porcentaxe moi alto de abandono, onde a matogueira é a cobertura dominante**, expandíndose cara a ámbitos do val onde non é a vexetación característica e ocupando valiosas áreas que adoitaban ser superficie agraria útil, tal e como se pode apreciar na análise comparada entre as superficies de SIOSE entre 2005 e 2014 (mapas das figuras 2 e 3).

E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio

O agro galego, ao igual que o de numerosas rexións europeas, experimentou fortes mudanzas que levaron ao cambio do paradigma do sistema produtivo tradicional, baseado na subsistencia e multifuncionalidade, cara á modelos intensivos e especializados que cambiaron as lóxicas establecidas, xerando ás veces disfuncións sociais e mesmo afeccións ambientais. Tal e como se observa no apartado anterior, os cambios de cuberta actúan como principal indicador das mudanzas estruturais que as sociedades rurais contemporáneas foron experimentando dende a segunda metade do século XX. Estas mudanzas maniféstanse a través de diversos síntomas como poden ser o éxodo rural, o abandono, os incendios forestais, a banalización da paisaxe ou a desprotección do patrimonio cultural, tendo todos eles como factor común a ausencia de manexo da terra, singularmente a superficie agraria.

Para avaliar a situación da xestión agrogandeira e forestal no territorio, realízase unha análise da orientación produtiva da SAU e da superficie forestal a nivel do GDR e de cada municipio, a partir da información dispoñible nas bases de datos existentes.



Figura 14. Portocamba, Castrelo do Val .

Análise da orientación produtiva da SAU

En base aos datos das fontes cartográficas empregadas na análise dos usos do solo (SIXPAC 2020 – SIOSE 2017), pódense avaliar as coberturas que se corresponden coa SAU e a superficie que ocupan no territorio, tal e como se recolle na seguinte táboa.

Táboa 36. Distribución da SAU no territorio do GDR. Fonte: Cartografía elaborada cos datos SIXPAC 2020 – SIOSE 2017.

Usos do solo - SAU	Superficie (ha)	Porcentaxe
Cultivos herbáceos e prados	9.629,30	7,5%
Froiteiras	1.141,19	1%
Horta	4,14	0%
Pasteiros	4.833,55	3,5%
Pasteiro-matogueira	10.873,62	8,5%
Pasto arborado	2.567,41	2%
Viñedo	1.833,51	1,5%
Total	30.882,72	24,00%


Como se pode apreciar na táboa, a SAU ocupa aproximadamente unha cuarta parte do territorio no ámbito do GDR. As coberturas máis significativas son as de pasteiro-matogueira (a terceira máis presente en todo o ámbito), cultivos herbáceos e prados (arredor do 8% da superficie), e pasteiros. Isto indica unha clara vocación gandeira da comarca, cun bo potencial para a gandería extensiva. As coberturas de viñedo, froiteiras e horta ocupan porcentaxes máis modestas¹, aínda que teñen a capacidade de ser potenciadas.

¹ Hai que ter en conta que parte da cobertura correspondente a castiñeiros pode non aparecer englobada na categoría froiteiras e estar asociada á de frondosas caducifolias, polo que non resulta posible facer unha avaliación fiable e detallada deste uso a partir da base cartográfica empregada, e será preciso recorrer a outras bases de datos para analízalo.

Táboa 37. Superficie dos usos do solo no territorio do GDR.

Concello	Tipo de cultivo	Superficie (ha)	Porcentaxe	Total SAU
A GUDIÑA	Cultivos herbáceos e prados	1.130,14	7%	25%
	Froiteiras	166,84	1%	
	Horta	0,10	0%	
	Pasteiros	313,21	2%	
	Pasteiro-matogueira	2.428,74	14%	
	Pasto arborado	102,79	1%	
	Viñedo	5,78	0%	
A MEZQUITA	Cultivos herbáceos e prados	1.151,81	11%	35%
	Froiteiras	91,57	1%	
	Horta	0,11	0%	
	Pasteiros	679,31	6%	
	Pasteiro-matogueira	1.660,06	16%	
	Pasto arborado	115,96	1%	
	Viñedo	1,96	0%	
CASTRELO DO VAL	Cultivos herbáceos e prados	538,94	4%	14%
	Froiteiras	47,29	0%	
	Horta	0,13	0%	
	Pasteiros	280,19	2%	
	Pasteiro-matogueira	673,52	6%	
	Pasto arborado	69,97	1%	
	Viñedo	82,24	1%	
CUALEDRO	Cultivos herbáceos e prados	1.023,33	9%	31%
	Froiteiras	26,14	0%	
	Horta	0,17	0%	
	Pasteiros	672,97	6%	
	Pasteiro-matogueira	1.590,59	14%	
	Pasto arborado	59,69	1%	
	Viñedo	70,67	1%	
LAZA	Cultivos herbáceos e prados	742,32	3%	9%
	Froiteiras	48,15	0%	
	Horta	0,43	0%	
	Pasteiros	253,25	1%	
	Pasteiro-matogueira	876,89	4%	
	Pasto arborado	223,88	1%	
	Viñedo	29,83	0%	
MONTERREI	Cultivos herbáceos e prados	643,61	6%	29%
	Froiteiras	23,55	0%	
	Horta	1,38	0%	
	Pasteiros	948,42	8%	
	Pasteiro-matogueira	1.102,71	9%	
	Pasto arborado	277,30	2%	
	Viñedo	451,03	4%	
OIMBRA	Cultivos herbáceos e prados	521,52	7%	27%
	Froiteiras	27,50	0%	
	Horta	1,02	0%	
	Pasteiros	257,69	4%	
	Pasteiro-matogueira	529,18	7%	
	Pasto arborado	204,34	3%	
	Viñedo	433,95	6%	

RIÓS	Cultivos herbáceos e prados	1.344,99	12%	24%
	Froiteiras	228,50	2%	
	Horta	0,05	0%	
	Pasteiros	346,97	3%	
	Pasteiro-matogueira	463,37	4%	
	Pasto arborado	316,25	3%	
	Viñedo	35,39	0%	
VERÍN	Cultivos herbáceos e prados	1.016,17	11%	25%
	Froiteiras	17,89	0%	
	Horta	0,65	0%	
	Lámina de auga artificial	0,69	0%	
	Pasteiros	421,50	5%	
	Pasteiro-matogueira	528,28	6%	
	Pasto arborado	319,29	3%	
VILARDEVÓS	Cultivos herbáceos e prados	1.516,47	10%	31%
	Froiteiras	463,77	3%	
	Horta	0,11	0%	
	Pasteiros	660,04	4%	
	Pasteiro-matogueira	1.020,28	7%	
	Pasto arborado	877,95	6%	
	Viñedo	179,30	1%	



Nunha análise detallada por municipio, pódese apreciar como na meirande parte deles a SAU ten unha ocupación de entre o 25 e 30% do territorio. O concello con máis superficie dedicada a estes usos é A Mezquita, onde a SAU correspóndese co 35% do territorio, coincidente practicamente na súa totalidade con pasteiros e forraxes para gandería extensiva, así como outros cultivos herbáceos. Por enriba do 30% atópanse tamén os concellos de Cualedro e Vilardevós, este último cunha maior variedade de usos, aínda que predominando en ambos os cultivos herbáceos e prados. O maior uso de froiteiras aparece nos concellos de Ríos e Vilardevós, o que coincide cunha longa tradición de soutos en ambos municipios. Respecto ao viñado, as maiores superficies aparecen en Oímbra (6%), Monterrei (4%) e Verín (3%), feito motivado pola presenza da DOP Monterrei e as boas condicións do val para este uso. Sen embargo, existen cada vez máis viñedos en zonas de media ladeira cada vez máis altas, o que fai que concellos como Vilardevós, Castrelo do Val ou Cualedro teñan tamén o 1% da súa superficie dedicada a viñado, a pesar de que este último municipio non se atopa dentro do límite da DOP. Os concellos con menor ocupación de SAU son Laza (9%) e Castrelo do Val (14%).

Superficie agraria segundo o Censo Agrario e a Estatística Agraria de Medio Rural

Na liña do anteriormente comentado, os datos do Censo Agrario constatan como nos últimos 20 anos Galicia perdeu un 16,5% da súa superficie agraria, sendo a falta de terra un dos maiores problemas para as explotacións que seguen en activo (

Táboa 38). No caso da provincia de Ourense este descenso é aínda maior, cunha perda do 31% de SAU. No ámbito de estudo a perda non é tan elevada como no conxunto da provincia pero segue a ser significativa, sendo a SAU no ano 2020 un 24,8% menor que no ano 1999. Esta situación de perda de superficie agraria dáse en 8 dos 10 concellos do GDR-9, a excepción da Gudiña, (que nos últimos anos case duplicou a súa SAU, pasando das 954 ha en 1999 ás 1.841 en 2020) e A Mezquita, cun balance positivo aínda que moito menor, (das 1.878 ás 2.074,2 ha). Ámbolos dous concellos son os que maior superficie agraria útil teñen na comarca sendo, como xa se viu, municipios onde predominan os pasteiros de máis de cinco anos.

Analizando a porcentaxe de SAU respecto do total da superficie de cada ámbito territorial, vemos que desde 1999 a 2020 a SAU total no GDR-9 pasou do 10,55 % ao 8,46 %.

Táboa 38. Superficie agraria por concello (ha) e porcentaxe de SAU respecto á superficie total do ámbito territorial. Datos do Censo Agrario (INE).

	1999		2009		2020	
Galicia	696.690	23,52%	647.598	21,87%	597.992,8	20,19%
Ourense	120.433	16,47%	95.679	13,08%	83.042,4	11,35%
Ámbito	13.540	10,55%	11.984	9,34%	10.849,4	8,46%
Castrelo do Val	828	6,78%	648	5,31%	344,4	2,82%
Cualedro	1.304	11,07%	1.326	11,26%	898,7	7,63%
Laza	618	2,86%	674	3,12%	665,0	3,08%
Monterrei	1.375	11,54%	1.048	8,80%	814,7	6,84%
Oímbra	872	12,20%	501	7,01%	628,6	8,80%
Ríos	2.193	19,19%	1.711	14,97%	1.204,2	10,54%
Verín	1.146	12,18%	641	6,81%	855,2	9,09%
Vilardevós	2.372	15,55%	1.860	12,19%	1.523,1	9,98%
Gudiña, A	954	5,57%	1.532	8,94%	1.841,4	10,74%
Mezquita, A	1.878	18,01%	2.043	19,59%	2.074,2	19,89%

Pola súa banda, tomando de fonde os datos de distribución de superficies de usos e aproveitamentos da Estatística Agraria da Consellería de Medio Rural, a SAU total nas comarcas de Verín e Viana² ascende a 25.329 ha. Destas, o 52,8% son prados e o 25,3% superficie dedicada a castiñeiros (en ámbalas dúas comarcas). O 13,8% da SAU correspóndese con viñedo na comarca de Verín (en Viana non é un cultivo significativo), mentres o 14,2% restante son cereais e cultivos forraxeiros.

² Os datos da Estatística Agraria están a nivel comarcal. O ámbito do GDR-9 está composto por todos os concellos da comarca de Verín e os concellos da Gudiña e A Mezquita, que se corresponden coa comarca de Viana.

Táboa 39. Superficie agraria por concello (ha) no ano 2019 segundo a Estatística Agraria.

	Cultivo	Verín	Viana
Cereais gran (ha)	Millo gran	256	77
	Trigo	379	0
	Outros cereais gran	518	839
Cultivos forraxeiros (ha)	Millo forraxeiro	18	0
	Pradeiras	135	119
	Col forraxeira	37	14
	Outras forraxeiras	119	30
Cultivos herbáceos (ha)	Tubérculos	304	109
	Leguminosas gran	18	11
	Hortícolas, flores e viveiros	268	92
Prados (ha)	Prados	6.032	7.353
Cultivos leñosos (ha)	Froiteiras	188	54
	Castiñeiro	3.440	2.973
	Viñedo	1.869	77
Total		13.581	11.748

Superficie agraria segundo as declaracións da PAC

A labor agraria e gandeira ten unha función de proporcionar servizos para a sociedade, máis alá da produción de bens de consumo. A relevancia da actividade agrogandeira repercute en aspectos sociais, económicos e sanitarios a través da preservación ecolóxica e do mantemento do patrimonio rural. A Unión Europea compensa a actividade dos produtores a través dun sistema de axudas que permiten que a agricultura europea siga a proporcionar alimentos, manteña unha actividade agraria e gandeira sostible e siga a contribuír na preservación do medio ambiente e da paisaxe.

Por tanto, unha fonte de datos relevante que aporta información acerca das características da superficie agraria son as declaracións realizadas polos solicitantes das axudas da PAC.

Táboa 40. Superficie (ha) por tipo de cultivo en cada concello (declaracións da PAC 2021).

	PASTEIRO>5 ANOS (ha)	CASTIÑEIRO (ha)	VIÑEDO (ha)	PASTO ARBUSTIVO (ha)	PASTO <5 ANOS (ha)	TRIGO BRANDO (ha)	CENTEO (ha)	BARBEITO TRADICIONAL (ha)	OUTROS CULTIVOS (ha)	TOTAL
CASTRELO DO VAL	105,9	7,3	28,7	5,9	15,6	5,1	0,9	0,9	8,3	178,6
CUALEDRO	305,2	44,6	37,5	95,2	125,5	25,6	46,7	27,8	42,2	750,1
LAZA	283,6	34,8	22,1	54,8	36,8	6,8	5,3	2,7	8,8	455,5
MONTERREI	168,5	8,6	210,1	2,3	33,4	7,4	55,3	18,6	32,0	536,3
OÍMBRA	26,1	7,3	299,8	7,5	2,1	7,4	3,6	4,4	17,4	375,6
RIÓS	629,1	127,5	19,4	19,1	29,9	0,2	0,2	1,8	17,1	844,3
VERÍN	106,9	10,4	531,8	7,5	52,1	59,0	2,45	4,9	63,6	836,3
VILARDEVÓS	496,9	130,3	141,9	41,6	67,5	4,5	6,4	0,6	10,8	900,6
A GUDIÑA	555,5	n.d.	3,1	270,3	46,4	6,1	20,9	34,4	28,4	965,0
A MEZQUITA	1.021,4	91,4	5,9	327,7	105,9	68,0	25,7	59,6	11,5	1.717,1
TOTAL	3.699,2	461,9	1.300,2	832,0	515,1	190,0	165,1	155,8	240,1	7.559,4

Neste apartado preséntase un resumo dos datos obtidos tras analizar as declaracións da PAC do ano 2021 (datos anonimizados) dos solicitantes residentes nos 10 concellos que se analizan neste traballo³ (

³ A superficie está asignada ao concello no que reside a persoa solicitante e non ao da parcela, xa que pode haber solicitantes residentes noutros concellos de fóra destes 10 concellos con terras neles, superficie declarada que pode estar fóra destes 10 concellos, ou algunha superficie que pode ser traballada por axentes que non solicita, a PAC.

Táboa 40). A superficie total nas declaracións da PAC ascende a 7.559,4 ha, das cales case unha cuarta parte (22,7%) está no concello de A Mezquita.

Os seguintes concellos no listado xa reflexan unha superficie moito menor, por debaixo do 13% da total: A Gudiña (965 ha), Vilardevós (900,6 ha), Riós (844,3 ha), Verín (836,3 ha), Cualedro (750,1). Os concellos con menor superficie declarada son Laza, Oimbra e Castrelo do Val, con menos de 500 ha en cada un deles.

En canto aos principais usos da SAU, os pasteiros de máis de 5 anos ocupan o 48,9% da superficie agraria, xunto co 11% do pasto arbustivo e o 6,8 % do pasto de menos de 5 anos, asociado principalmente á gandería extensiva, na súa maioría de gando bovino. Neste territorio ten tamén moita importancia a o viñado, sobre todo no tramo final do río Támega por Galicia ao seu paso polos concellos de Verín, Oimbra e Monterrei, ocupando un 17,2% da superficie total.

Os usos con menor representatividade son os cereais, ocupando un 4,6% da SAU e outros cultivos que engloban 40 especies diferentes, concentrando entre todos o 3,2% da superficie agraria.

Finalmente é preciso destacar, polo seu potencial e tradición na zona, a superficie dedicada a castiñeiros, cun 6,1%. O concello máis relevante neste aspecto é Vilardevós, con 130,28 ha, seguido moi de preto por Riós, cunha superficie de soutos de 127,45 ha. Segundo os datos das declaracións da PAC, o resto de concellos non superan as 100 ha deste cultivo⁴.

Superficie de castiñeiros segundo o Mapa Forestal Español

Dado a importancia do castiñeiro na comarca, resulta acaído contrastar os datos anteriores cos do Mapa Forestal Español do 4º Inventario Forestal Nacional (MFE25)

⁴ Non se inclúe a superficie declarada de castiñeiro no concello de A Gudiña dado a que se detectou un erro no dato de referencia. A análise deste cultivo específico complementábase no apartado seguinte a través dos datos do Inventario Forestal Nacional (2011) para esta especie en concreto.

do 2011, para obter unha imaxe complementaria da realidade dos soutos, xa que moitos destes non figuran nas declaracións da PAC.

Táboa 41. Superficie (en hectáreas) destinada a castiñeiros segundo o 4º Inventario Forestal Nacional, ano 2011.

	SUPERFICIE DEDICADA A CASTIÑEIROS (ha)
CASTRELO DO VAL	168,86
CUALEDRO	92,48
A GUDIÑA	175,95
LAZA	652,29
A MEZQUITA	373,51
MONTERREI	29,19
OÍMBRA	145,08
RIÓS	688,68
VILARDEVÓS	367,44
TOTAL	2.693,48

Segundo estes datos, o concello con maior superficie dedicada a castiñeiros é Riós, cun 25,57% do total, seguido de cerca por Laza (652,29 ha), A Mezquita (373,51 ha) e Vilardevós (367,44 ha), sendo o de menor superficie de produción de castiñeiros, Monterrei, con só un 1% do total. A Gudiña conta, segundo esta fonte, cunha superficie de 180,95 ha.

Segundo un estudo elaborado por AGADER para a recuperación de soutos tradicionais, que emprega como fonte estes mesmos datos do Inventario Forestal Nacional, os concellos de Riós, Laza, A Mezquita e Vilardevós contan con 1.839,09 ha de superficie continua superior ás 10 ha.

Cartografía da SAU

Para poder consultar o reparto territorial da SAU no ámbito do GDR-9, sintetízanse nun mapa as superficies de SAU a partir dos datos cartográficos das Declaracións da PAC do 2021, os datos do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) e os últimos datos dispoñibles do Rexistro Vitícola de Galicia (RVG).

Segundo estes datos, no ámbito de estudo existen 7.559,4 ha declaradas na PAC en 2021, o que se corresponde co 6% da superficie do territorio. Igualmente ocorre cos datos do REAGA, cunha ocupación de 7.713 ha. Por último, o RVG desvela unha superficie vitícola de 2.565 ha, correspondéndose ao 2% do ámbito de estudo. A distribución territorial destes datos pódese apreciar no seguinte mapa.


Mapa 2. Orientación produtiva da SAU no ámbito do GDR – Declaracións da PAC (SIXPAC) – REAGA – RVG.

Análise da produción gandeira

Como xa se mencionou, o ámbito do GDR-9 ten unha identidade claramente gandeira, o que se evidencia nos usos do solo que revelan un gran potencial para pasteiros. Por este motivo, é fundamental realizar unha caracterización da produción gandeira existente na comarca. O vacún de carne, en forma de reprodución ou cebadeiro, ovino e caprino para produción de carne, e o porcino en forma de cebadeiro son as especies que maior representación teñen neste territorio.

Bobino

Na Táboa 42 recóllense os tipos de produción de vacún en base ao número de



explotacións e o censo de animais por cada concello do ámbito do GDR-9.

Táboa 42. Número de explotacións e censo de animais por concello de gando bovino. Fonte: Consellería do Medio Rural, 2021.

	VACÚN DE LEITE		VACÚN DE CARNE		PRODUCCIÓN MIXTA		CEBADEIRO		CEBO AUTOCONSUMO	
	Nº EXPLOT.	CENSO	Nº EXPLOT.	CENSO	Nº EXPLOT.	CENSO	Nº EXPLOT.	CENSO	Nº EXPLOT.	CENSO
CASTRELO DO VAL	0	0	<10	50-100	0	0	<10	25-50	<10	<10
CUALEDRO	0	0	<10	>100	0	0	<10	>100	0	0
LAZA	0	0	10-25	>100	0	0	0	0	<10	<10
MONTERREI	0	0	<10	50-100	0	0	<10	>100	0	0
OÍMBRA	0	0	<10	25-50	0	0	0	0	<10	<10
RIÓS	<10	50-100	10-25	>100	<10	50-100	<10	25-50	<10	<10
VERÍN	0	0	<10	>100	0	0	<10	25-50	<10	<10
VILARDEVÓS	0	0	10-25	>100	0	0	<10	>100	0	0
A MEZQUITA	<10	50-100	25-50	>100	0	0	<10	>100	0	0
A GUDIÑA	0	0	10-25	>100	0	0	<10	>100	0	0
TOTAL	4	175	141	4.988	<10	69	36	5.449	7	10

Tal e como se pode observar, os tipos de produción que concentran un maior número de explotacións e de animais son os cebadeiros e a reprodución para produción de carne. O cebo para autoconsumo non supón cifras relevantes e a produción de leite non é significativa neste territorio, nin tampouco as explotacións de produción mixta, que presentan os valores máis baixos.

Por tanto, pódese concluír que a produción gandeira de carne é a máis salientable e representativa da comarca, dato que se confirma segundo a información da Estatística Agraria de enquisas a matadoiros, referindo que na provincia de Ourense se obtiveron 12.777,87 toneladas de carne de bovino en 2020, sendo isto un 13,37% da produción total de Galicia (95.603,09 toneladas).

Porcino

A tipoloxía de granxa porcina que máis abunda na maioría dos concellos deste territorio son os cebadeiros e as destinadas á recría de reprodutoras. Os cebadeiros son os que maiores capacidades teñen: soamente en 20 das explotacións de cebo acumúlanse 9.298 prazas para animais e, no caso de granxas de recría de reprodutoras, en menos de 10 explotacións concéntrase un número de 2.199 prazas. No resto de tipoloxías de granxas apenas se superan as 500 prazas.

Dando importancia á raza autóctona de porcino Porco Celta, cabe destacar que existen neste territorio dúas granxas produtoras, localizadas en Verín e Vilardevós, segundo os datos oficiais da asociación de criadores da raza porcina Porco Celta (Asoporcel).

No volume de produción de carne de porcino, consultando de novo a Estatística Agraria da Consellería de Medio Rural de 2020, a produción desta carne en matadoiros da provincia de Ourense⁵ é de 1.774,90 toneladas, o que corresponde a un 1,94% da carne de porcino producida en matadoiros de Galicia.

Táboa 43. Número de explotacións e censo de animais por concello de gando porcino. Fonte: Consellería do Medio Rural, 2021.

	CEBADEIRO		PRODUCCIÓN DE LEITÓNS		CEBO DE AUTOCONSUMO		RECRÍA DE REPRODUTORES		TIPO MIXTO	
	Nº EXPLOT.	CAPACID ADE	Nº EXPLOT.	CAPACID ADE	Nº EXPLOT.	CAPACID ADE	Nº EXPLOT.	CAPACID ADE	Nº EXPLOT.	CAPACID ADE
CASTRELO DO VAL	<10	>100	0	0	0	0	0	0	0	0
CUALEDRO	<10	25-50	0	0	0	0	0	0	0	0
LAZA	<10	50-100	0	0	<10	<10	0	0	<10	10-25
MONTERREI	<10	>100	0	0	<10	10-25	0	0	<10	<10
OÍMBRA	<10	>100	<10	>100	0	0	0	0	0	0
RIÓS	0	0	0	0	<10	<10	0	0	<10	<10
VERÍN	0	0	0	0	<10	10-25	0	0	<10	50-100
VILARDEVÓS	<10	25-50	0	0	0	0	<10	>100	<10	<10
A MEZQUITA	<10	>100	0	0	<10	<10	0	0	<10	25-50
A GUDIÑA	<10	50-100	0	0	<10	<10	<10	>100	0	0
TOTAL	20	9.298	<10	371	8	36	<10	2.199	9	112

⁵ Isto non significa que os animais sexan criados en Ourense, só que o sacrificio se produce nesta provincia.

Ovino e caprino

As cifras informativas de gando ovino e caprino son tratadas pola consellería de Medio Rural coma un conxunto, de xeito que non é posible diferenciar entre ambos tipos de gando. Tal e como se presenta na táboa, o número de explotacións é maior que no caso das de porcino pero, sen embargo, o número de animais é lixeiramente inferior. Isto significa que as explotacións de ovino e caprino son xeralmente máis pequenas que as de porcino en canto á capacidade, o que se explica pola tipoloxía de cebadeiros característica nestas últimas, que permite concentrar gran cantidade de cabezas (unha media de case 500) nunha única explotación, o que non acontece no caso de ovino e caprino (onde a media ronda as 35 cabezas por explotación).

Táboa 44. Número de explotacións e censo de animais por concello de gando ovino e caprino. Fonte: Consellería do Medio Rural, 2021.

	Nº EXPLOTACIÓNS	CENSO
CASTRELO DE VAL	10-25	819
CUALEDRO	25-50	1.727
LAZA	25-50	635
MONTERREI	25-50	1.051
OÍMBRA	25-50	258
RIÓS	25-50	891
VERÍN	50-100	1.299
VILARDEVÓS	25-50	1.572
A GUDIÑA	10-25	1.559
A MEZQUITA	10-25	1.292
TOTAL	320	11.103

Como se indicaba anteriormente, analizando os datos de 2020 de produción de carne en matadoiros na provincia de Ourense e no conxunto de Galicia, pódese constatar como a produción de carne de ovella en Ourense foi para 2020 de 94,89 toneladas, sendo a provincia que máis carne produce para este gando en toda Galicia, cun porcentaxe do 36,5%. O mesmo acontece coa produción de carne de gando cabrún, onde a provincia de Ourense produce o 56% da carne de Galicia, traducíndose isto en 28,14 toneladas en 2020.

Avícola

Dentro destas explotacións inclúense as destinadas a produción de carne e ovos. Neste caso, igual que en porcino, non se fala de número de animais senón de capacidade das explotacións, é dicir, do número de prazas existentes, xa que sendo especies con ciclo de vida curta, non permanecerán todos os animais que pasen por ela nun ano, xuntos ao mesmo tempo.

Táboa 45. Número de explotacións de aves e capacidade das mesmas. Fonte: Consellería do Medio Rural, setembro de 2021.

	Nº EXPLOTACIÓNS	CAPACIDADE
CASTRELO DE VAL	<10	67.971
CUALEDRO	<10	418.330
MONTERREI	<10	56.161
OÍMBRA	<10	58.094
RIÓS	<10	28.608
VERÍN	<10	148.599
VILARDEVÓS	<10	191.866
TOTAL	27	969.449

O total de explotacións avícolas no ámbito é de 27, non existindo en ningún dos concellos máis de 10. As capacidades varían entre uns municipios e outros, pero en xeral as explotacións teñen unha capacidade media de 35 prazas, podendo existir distintos modelos dentro deste ratio.

A maior parte das explotacións existentes de avícola producen carne, e só unha pequena minoría ovos. As especies avícolas empregadas son galiñas, pavos e parrulos, sendo estas dúas últimas as explotacións menos comúns, e con menos prazas. En Ourense producíronse un total de 31.078,46 toneladas de carne de aves en 2020 (un 6 ,3% do total de Galicia), 30.998,07 de broilers, 66,42 de galiña e 13,97 doutras aves.

Produción apícola

Outra produción de relevancia e que ten cabida mencionar é a produción apícola. Case o 50% do mel producido en Galicia en 2020, exceptuando autoconsumo, foi producido en colmeas asentadas en Ourense, sendo isto 1.039.776 kg de mel. Tamén Ourense foi a provincia con maior produción de cera (60.654 kg) en colmeas estantes, o 43,4% de Galicia. A provincia de Ourense non tivo produción de colmeas transhumantes nese ano.

Outras especies

A produción de coellos non é moi relevante neste territorio e tampouco o é a de gando equino, sector onde se leva a cabo reprodución para carne en granxas de pequena capacidade que non superan en conxunto os 50 animais. A produción de carne de coello en matadoiros de Ourense para o ano 2020 foi de 2.550,41 toneladas (un 31,4% da produción de Galicia). En canto ao gando equino, non se sacrifica na provincia, polo que os poucos animais criados neste territorio serán sacrificados fóra.

Análise da orientación produtiva da superficie forestal

Novamente, en base aos datos das fontes cartográficas empregadas na análise dos usos do solo (SIXPAC 2020 – SIOSE 2017), pódense avaliar as coberturas forestais e a superficie que ocupan no territorio. Os resultados a nivel do ámbito total do GDR recóllense na seguinte táboa.

Táboa 46. Distribución da superficie forestal no territorio do GDR. Fonte: Cartografía elaborada cos datos SIXPAC 2020 – SIOSE 2017.

Usos do solo: superficies forestais	Superficie (m ²)	Porcentaxe
Bosque mixto	36440360,64	3%
Coníferas	236566197,9	18,5%
Fronosas caducifolias	72197928,04	5%
Fronosas perennifolias	1358210,487	0%
Total	346562697,1	27%


Tal e como se aprecia na táboa, a superficie forestal ocupa o 27% do ámbito total do GDR, sendo o uso predominante as coníferas, que ocupan un 18,5% e supoñen a segunda cobertura máis predominante no territorio, seguidas de lonxe polas frondosas caducifolias (5%) e o bosque mixto (3%).

Avaliando o reparto por municipio, existe un salto importante entre o concello con menor superficie forestal (Oímbra, con tan so un 9% da súa superficie) e aqueles de maior vocación como Castrelo do Val (36%) e Laza (44%), onde arredor dun terzo da superficie municipal está ocupada por plantacións forestais de coníferas.

No resto de municipios a superficie forestal ronda o 20%, exceptuando o concello de Riós (35%), que destaca pola súa ampla superficie de frondosas caducifolias que, cun 16%, resultan a terceira cobertura máis abundante, o que pode relacionarse coa importancia de soutos tradicionais e novas plantacións de castiñeiro neste ámbito. A presenza desta cobertura é moi inferior no resto dos concellos, non superando en ningún outro caso o 6%, que soamente se alcanza en A Mezquita, Laza e Vilardevós.

Concello	Tipo de cultivo	Superficie	Porcentaxe	Total superficie
A GUDIÑA	Bosque mixto	775,09	5%	21%
	Coníferas	2.097,65	12%	
	Fronosas caducifolias	677,42	4%	
	Fronosas perennifolias	26,03	0%	
A MEZQUITA	Bosque mixto	188,31	2%	20%
	Coníferas	1.256,58	12%	
	Fronosas caducifolias	587,32	6%	
	Fronosas perennifolias	0,00	0%	
CASTRELO DO VAL	Bosque mixto	226,87	2%	36%
	Coníferas	3.585,59	29%	
	Fronosas caducifolias	611,71	5%	
	Fronosas perennifolias	5,48	0%	
CUALEDRO	Bosque mixto	210,48	2%	18%
	Coníferas	1.448,65	12%	
	Fronosas caducifolias	508,88	4%	
	Fronosas perennifolias	15,58	0%	

LAZA	Bosque mixto	961,11	4%	44%
	Coníferas	7.318,00	34%	
	Frondosas caducifolias	1.279,76	6%	
	Frondosas perennifolias	16,31	0%	
MONTERREI	Bosque mixto	341,64	3%	24%
	Coníferas	2.487,31	21%	
	Frondosas caducifolias	0,06	0%	
	Frondosas perennifolias	44,92	0%	
OIMBRA	Bosque mixto	56,09	1%	9%
	Coníferas	276,80	4%	
	Frondosas caducifolias	287,52	4%	
	Frondosas perennifolias	0,76	0%	
RIÓS	Bosque mixto	250,84	2%	35%
	Coníferas	1.959,60	17%	
	Frondosas caducifolias	1.825,73	16%	
	Frondosas perennifolias	1,98	0%	
VERÍN	Bosque mixto	26,67	0%	22%
	Coníferas	1.746,27	19%	
	Frondosas caducifolias	300,74	3%	
	Frondosas perennifolias	21,70	0%	
VILARDEVÓS	Bosque mixto	506,94	3%	19%
	Coníferas	1.480,18	10%	
	Frondosas caducifolias	892,47	6%	
	Frondosas perennifolias	3,07	0%	




Para realizar unha análise máis concreta das principais especies existentes na comarca recórrese ao Mapa Forestal Español (MFE25) do 4º Inventario Forestal Nacional que, a pesar de prestar información menos actualizada (2011), dispón dunha maior desagregación de categorías, tal e como se recolle no

Mapa 3.

O sector forestal é outro dos piares da produción primaria galega, e de grande importancia neste ámbito do GDR-9. Os dez concellos do ámbito deste plan forman parte do Distrito forestal XIV Verín-Viana, ao que pertencen tamén os concellos de Vilariño de Conso e Viana do Bolo, que xa non so obxecto deste documento. Segundo a estatística forestal autonómica de 2019, que non amosa datos por concellos, no Distrito Verín-Viana atópanse 5 montes públicos patrimoniais, cunha superficie total de 6.865,98 hectáreas, o que supón un 20% con respecto aos de toda a provincia de Ourense.

Analizando os datos do Mapa Forestal Español (MFE 25) do 4º Inventario Forestal Nacional, pódese concretar que, das 49.473,75 ha arboradas, o 38,61% é *Pinus pinaster* en rexión mediterránea, seguida en importancia polo *Pinus sylvestris*, cun 16,64%, e o *Quercus pyrenaica*, cun 16,29%. Isto significa que existe unha predominancia clara do piñeiro, superando a metade das hectáreas arboradas do GDR-9

Táboa 47. Superficie arborado por especie segundos datos do Mapa Forestal Español no ámbito do plan (MFE 25)



Chouperas e plataneras de produción	77,66	0,16%
Aciñeiro (<i>Quercus ilex</i>)	75,67	0,15%
Eucaliptais	70,61	0,14%
Mestura de coníferas e frondosas autóctonas na rexión bioxeográfica Atlántica	47,58	0,10%
Mestura de coníferas autóctonas na rexión bioxeográfica Mediterránea	21,26	0,04%
Pinar de pino salgareño (<i>Pinus nigra</i>)	20,40	0,04%
Pinar de pino salgareño (<i>Pinus nigra</i>)	20,40	0,04%
Outras coníferas alóctonas de produción (<i>Larix spp.</i> , <i>Pseudotsuga spp.</i> , etc)	16,65	0,03%
Repoboación de <i>Quercus rubra</i>	6,65	0,01%
Mestura de coníferas autóctonas na rexión bioxeográfica Atlántica.	5,33	0,01%
Freixo (<i>Fraxinus spp.</i>)	2,61	0,01%
Mestura de coníferas autoctonas con alóctonas	2,02	0,00%
Total	49.473,75	

Como se detallará no apartado 4.1 en relación á estrutura da propiedade, é moi salientable neste ámbito en relación ao sector forestal o papel que xoga a figura dos montes veciñais en man común. O ámbito do GDR-9 conta cun total de 164 MVMC cunha superficie de 71.025,61 ha, o que supón o 56,26 % do territorio. A pesares da importancia desta figura de propiedade do monte, tan so 93 MVMC contan cun instrumento de ordenación ou xestión forestal. Por outra banda, 112 destes montes son de xestión pública e soamente 50 de xestión privada

Na Estatística Forestal atópanse datos de aproveitamento declarado en montes e terreos de xestión privada e tamén nos de xestión pública.

Táboa 48. Aproveitamento (m³) declarado en montes e terreos de xestión pública e privada no distrito Verín- Viana en 2019. Fonte: Estatística Forestal da Consellería do Medio Rural.

	Pinus pinaster	Pinus radiata	Pinus sylvestris	OUTRAS OU MESTURA DE CONÍFERAS	FRONDOSAS CADUCIFOLIAS	Eucalyptus Spp.	OUTRAS CADUCIFOLIAS	TOTAL
XESTIÓN PRIVADA	58.331,49	14.192,30	1.187,15	113,43	8.436,48	5.679,20	2,22	87.942,27
XESTIÓN PÚBLICA	26.134,25	-	4.487,50	-	-	936,91	-	31.558,36

En canto á madeira, esta pode presentar distintos estados: pode ser seca, queimada ou verde. Nos montes ou terreos de xestión privada deste distrito, o aproveitamento en metros cúbicos é maior en formato de madeira verde, con 87.012,97 m³, mentres que o aproveitamento de madeira queimada en 2019 foi de 535,06m³ e de seca de 394,27m³. Nos montes ou terreos de xestión pública tamén se sacou maior aproveitamento da madeira verde (19.033,60 m³), pero o seguinte maior aproveitamento foi de madeira queimada (12.392,76 m³), sendo moi baixo en comparación o aproveitamento de madeira seca (132 m³).

En resumo, coas cifras da Táboa 48, os maiores aproveitamentos tiveron lugar en terreos de xestión privada, producíndose os maiores aproveitamentos, tanto en xestión pública como privada, en coníferas (un 42% dos aproveitamentos en xestión privada e un 48,5% nos terreos xestionados publicamente).

Neste distrito forestal, o aproveitamento do eucalipto é bastante residual nos casos de xestión pública (1,5%), tendo maior relevancia en xestión privada, pero sen ser unha produción salientable (3,2%).

É interesante analizar cantos montes contan con xestión forestal sustentable acreditada a través de sistemas de **certificación forestal**. A certificación forestal é un instrumento de mercado que lles garante dun xeito demostrable aos consumidores que ese recurso forestal provén de montes xestionados dunha forma sustentable. A certificación da xestión forestal sustentable pode servir tamén para validar a afirmación dun produtor de que aplica prácticas respectuosas co medio ambiente ou para proporcionar datos contrastados dun xeito obxectivo sobre os produtos madeireiros e o bosque do que proceden.

Na táboa seguinte preséntase o número de montes por concello que contan con algunha certificación forestal, sexa mediante o sistema PEFC ou a FSC, así como a superficie total por concello. O número total de montes certificados no ámbito deste plan é de 69, todos eles de xestión pública, cunha superficie total de 28.591,71 ha, principalmente en PEFC.

Táboa 49. Datos dos números de montes certificados por concellos, superficie total, e tipo de certificación asociada.
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Consellería do Medio Rural (2022).

CONCELLOS	Nº	SUP. (HA)	ADHESIÓN a PEFC	ADHESIÓN a FSC
A Gudiña	3	2.885,3	3	1
A Mezquita	1	759	1	1
Cualedro	9	2.186,24	9	0
A Gudiña	4	3.490,24	4	1
Laza	16	9.168,01	16	2
A Mezquita	4	1.312,25	4	0
Monterrei	4	2.820,2	4	2
Oímbra	5	944,05	5	0
Riós	8	1.789,29	8	0
Verín	8	1.983,43	8	0
Vilardevós	7	1.253,7	7	0
Total	69	28.591,71	69	7

Análise estrutural das explotacións agrarias como xestoras do territorio

Co obxectivo de analizar a capacidade de xestión territorial das explotacións agrogandeiras en función do tipo de cultivo, extraíse os datos do Censo Agrario de 2020 en relación ao número de explotacións e a superficie asociada ás mesmas.

Táboa 50. Explotacións por tipo de cultivo e SAU asociada 2020.

Tipo de cultivo	Número de explotacións	Superficie (ha)	S/Nº exp
SAU ao aire libre	1.783	10.845	6,08
Terras labradas	817	1.856	2,27
Cultivos leñosos	1.591	2.364	1,49
Pastos permanentes	692	6.608	9,55
Hortas para consumo propio	722	21	0,03
SAU en invernadoiro ou cultivo alto accesible	26	1	0,04

Táboa 51. Total de explotacións con SAU asociada 2020

Ámbito	Número de explotacións	Superficie (ha)	S/Nº exp
Castrelo do Val	94	344	3,66
Cualedro	131	899	6,86
Laza	103	665	6,46
Monterrei	320	815	2,55
Oímbra	224	629	2,69
Riós	169	1.204	7,12
Verín	370	855	2,31
Vilardevós	208	1.523	7,32
A Gudiña	93	1.841	19,80
A Mezquita	72	2.074	28,80
GDR-9	1.784	10.849	

Segundo os datos analizados, o tipo de cultivo con máis capacidade de xestión do territorio son os pastos permanentes, cunha media de 6 ha xestionadas por explotación. Despois da SAU ao aire libre, os cultivos leñosos son os que máis explotacións aglutinan, pero soamente xestionan 2.364 ha. Consecuentemente, os concellos con maior capacidade de xestión territorial a través de actividades agrogandeiras son A Mezquita e A Gudiña, municipios eminentemente gandeiros, en especial o primeiro onde, como xa se analizou, boa parte das explotacións dedícanse á gandería en extensivo, precisando grandes extensións de terra para desenvolver a súa actividade.

Pola contra, entre os cultivos máis intensivos atópanse as hortas para consumo propio e os invernadoiros, cun alto número de explotacións que xestionan moi poucas hectáreas. Isto fai que os concellos do val onde se desenvolve máis esta actividade, tales como Monterrei, Verín e Oímbra, sexan aqueles cun menor ratio de xestión de terra por explotación. Nun punto intermedio atópanse concellos como Cualedro, Laza, Riós ou Vilardevós, onde os usos están máis repartidos e, especialmente nestes últimos, as plantacións de castiñeiro xogan un papel fundamental.

E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono.

A tardía e forte desagrarización en Galicia xerou unha situación de desvinculación da terra: o emprego agrario caeu un 95% no período 1950-2020 (do 70% a menos do 5%). Esta situación deixou sen xestión a miles de parcelas nun país no que o rural ocupa 4/5 partes do territorio, pero só acomoda ao 25% da poboación. Existen tres cuestións básicas que deberían converxer pero cada vez o fan menos: habitantes dun territorio, propietarios rústicos e interese no aproveitamento. Ao non facelo o resultado é o abandono ou os usos non agrarios. (Corbelle, 2011).

Figura 15. Serra das Penas Libres, Vilardevós.



E.2.1 Caracterización da aptitude agraria dos solos


Para caracterizar a aptitude agraria dos solos no ámbito do GDR recórrase primeiramente á información dispoñible a nivel autonómico, analizando o mapa de capacidade produtiva de solos de Díaz Fierros e Gil Sotres, para os cultivos de referencia de millo e prado.

Tal e como se amosa no mapa, os valores máis altos concéntranse no val do río Támega, especialmente cara ao sur da comarca, nos concellos de Monterrei, Verín e Oímbra. Neste ámbito, os condicionantes climáticos, a topografía menos pronunciada e o solo establecido sobre depósitos sedimentarios do cuaternario, cunha textura e permeabilidade moi favorables, propician o correcto asentamento dos cultivos. Pola súa banda, os concellos de Cualedro e Vilardevós, tamén lindantes con Portugal, rexistran igualmente valores medios-altos de aptitude para os cultivos sinalados.

Sen embargo, aínda que esta base cartográfica pode presentar valores de interese a escala rexional, non semella suficiente para un achegamento a nivel do ámbito do GDR, tanto por unha cuestión de escala, como por falta de datos para os principais cultivos de referencia e identidade da comarca, tales como o viño, a horta e o pemento, ou a castaña.

Por este motivo, durante o proceso de participación pública fíxose especial énfase na recadación de datos de aptitude agraria para os cultivos de maior relevancia no ámbito do GDR, conseguindo cartografar áreas para a optimización dos distintos usos, en base ao coñecemento dos participantes, baseado na tradición e na sabedoría popular.

Mapa 4. Capacidade produtiva dos solos de Galicia (Díaz-Fierros e Gil Sotres), para millo e prado.




A información recolleuse nos talleres de participación en mapas a escala municipal, formulando a seguinte pregunta: *Onde están as mellores terras para desenvolver distintas actividades?*

Así, abórdase a cuestión de identificar a aptitude agraria do territorio para albergar distintas propostas de recuperación e posta en produción da terra agraria, dentro das liñas estratéxicas agrograndeira e forestal. En base aos datos recollidos, elaborouse un mapa participativo de aptitude agraria coas seguintes categorías:

- Cultivos de horta
- Cultivos herbáceos de gran ou cereais
- Outros cultivos leñosos
- Pastos permanentes
- Plantacións e castiñeiro
- Soutos
- Forestal protector
- Forestal produtor
- Viñado
- Outros usos

* Recolléronse tamén posibles aldeas modelo polo seu interese patrimonial e bo estado de conservación, así como ámbitos con necesidade de establecer polígonos cortalume, localizados nas zonas con maior incidencia de incendios sinaladas polos participantes.

Mapa 5. Mapa de aptitude agraria elaborado a través dos datos recollidos durante o proceso de participación pública.



Táboa 52. Distribución de usos da aptitude agraria por municipio do ámbito do GDR, en base ao proceso de participación pública.

	Superficies inventariadas (ha)										
	A Gudiña	A Mezquita	Castrelo do Val	Cualedro	Laza	Monterrei	Oimbra	Rios	Verín	Vilardevos	TOTAL
Cultivos de horta			1.006			13	402		556	371	2.346
Cultivos herbáceos de gran ou cereais		1.081	693	4.077			34			481	6.366
Outros cultivos leñosos			79	27		46		6		48	206
Pastos permanentes		1.878	2.341	2.183	13.502	390	206	650	232	4.787	26.171
Plantacións e castiñeiro	701	85	735	5.981	6.362	374	842	65		724	15.869
Soutos		117			311						428
Forestal protector				120	202			576		54	952
Forestal produtor	292		2.399	1.759	11.349	369	791		1.742	779	19.481
Viñedo	40	98	491	0,1		773	1.151	108	1.251	172	4.084
Outros usos			485	11		639	24				1.159
Aldea Modelo		51	31		100			116		32	330
	1.034	3.310	8.261	14.159	31.825	2.605	3.450	1.522	3.781	7.447	77.392

Na táboa e mapa amósanse os resultados do reparto das superficies inventariadas para cada categoría de uso nos distintos concellos do ámbito do GDR. Os tres usos para os que se recollen máis superficies aptas na totalidade do territorio son: en primeiro lugar o de pastos permanentes, o que fai alusión á aptitude da comarca para a gandería extensiva; en segundo lugar o forestal produtor, e finalmente as plantacións de castiñeiro.


Os concellos nos que se recolleron máis hectáreas de superficie de aptitude agraria para os distintos usos foron os de Laza e Cualedro, o que ten que ver co alto nivel de participación acadada nestes concellos. As superficies derivadas da análise desta base cartográfica deben ser tratadas atendendo á orixe dos datos, elaborados mediante participación pública en talleres municipais, polo que poden existir desigualdades entre os datos recollidos nos distintos concellos. Os resultados deberán ser tratados coa debida cautela, pero proporcionan información sobre unha posible distribución dos usos do solo en base á aptitude agraria.

E.2.2 Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal

Galicia conta con 35 produtos agroalimentarios con certificación de calidade. Algunhas destas certificacións abarcan todo o territorio galego, aínda que outras son específicas dalgúns territorios. Entre as primeiras, no ámbito deste plan, teñen relevancia fundamentalmente a IXP Ternera Gallega, (en menor medida a IXP Vaca e Boi galego, a IXP Mel de Galicia e a produción ecolóxica). Entre as certificacións cun ámbito máis reducido, dentro no territorio do Plan atópanse as seguintes:

- DOP Monterrei.
- IXP Castaña de Galicia.
- IXP Pemento de Oímbra.

Mapa 6. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria.



IXP Ternera Gallega e IXP Vaca e Boi

Dentro do ámbito do GDR-9, 8 dos 10 concellos teñen explotación vinculadas ás IXP Ternera Gallega e IXP Vaca e Boi. Dentro da primeira destacan dous modelos diferentes, o de cebadeiros e o de Ternera Gallega Suprema, máis vinculado á gandería extensiva. Neste último modelo destaca claramente o concello da Mezquita, con 33 explotacións e 555 animais vencellados ás mesmas. Trátase de explotacións de menor tamaño en canto a número de animais, pero con unha alta capacidade de xestión do territorio. O mesmo acontece coa IXP vaca/boi, no que este concello é tamén líder en número de explotacións (20), aínda que non en número de cabezas (19), debido ás 5 explotacións do concello de Monterrei, que acadan os 32 animais en total. Respecto ao modelo Ternera Gallega en cebadoiros, o concello con maior produción é A Gudiña, concentrando preto das 5.000 cabezas. Outros concellos destacados neste modelo son Cualedro, A Mezquita e Monterrei, contabilizando cifras de número de animais que rondan os 1.200-1.300. Dentro do modelo de Ternera Gallega Suprema, pola súa banda, son dignos de mención tamén os concellos de Vilardevós e Ríos, con 7 e 8 explotacións respectivamente que rondan as 150-160 cabezas.

Táboa 53. Número de explotacións e animais baixo a IXP Ternera Gallega e a IXP Vaca e boi 2011. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola IXP para a Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia.

Concello	Nº explot. Ternera Gallega Suprema	Nº explot. Ternera Gallega cebadeiros	Nº explot. vaca/boi	Nº animais Ternera Gallega suprema	Nº animais Ternera Gallega cebadeiros	nº animais vaca/boi
CASTRELO DO VAL	0	0	1	0	11	0
CUALEDRO	0	0	13	0	1175	0
GUDIÑA (A)	4	0	11	115	4489	0
MEZQUITA (A)	33	2	20	555	1322	19
VERIN	4	2	2	65	111	9
MONTERREI	1	1	5	36	1317	32
VILARDEVOS	7	0	3	147	2	0
RIOS	8	2	2	161	65	5
Total	57	7	57	1079	8492	65

Producción ecolóxica

Neste punto preséntanse os datos dos produtores ecolóxicos inscritos no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) no ámbito do GDR. As cifras da táboa seguinte indican que este tipo de agricultura aínda non está moi desenvolvida na comarca, cun total de 19 produtores inscritos, entre os que se inclúen 5 explotacións gandeiras, 1 produtor de mel e 4 maioristas/transformadores, dedicándose os 9 restantes a horta, conservas vexetais e cultivo de pequenos froitos.

Táboa 54. Número de produtores e tipo de producións ecolóxicas na comarca.

	Nº produtores inscritos	Subsector	Sector
CASTRELO DO VAL	0	--	--
CUALEDRO	0	--	--
LAZA	1	Tenreiros	Cárnico
MONTERREI	2	1. Cervexas e bebidas espirituosas 2. Tenreiros e castañas	Bebidas Cárnico e froiteiro
OÍMBRA	0	--	--
RIÓS	3	1. Castañas 2. Hortalizas, froitas e setas 3. Castañas, moras e tenreiros	Frutícola e cárnico
VERÍN	8	1. Hortalizas, froitas, tubérculos e raíces 2. Producción de carne 3. Conservas e envasado de vexetais e manipulación e envasado de mel 4. Tenreiros 5. Cordeiros 6. Bovinos e castañas 7. Viños e mostos 8. Carne de razas bovinas autóctonas.	
VILARDEVÓS	2		
A GUDIÑA	2	1. Tenreiros 2. Mel e polen	Cárnico Apícola
A MEZQUITA	1	Hortalizas frescas	Hortícola
ÁMBITO	19		

A Denominación de Orixe Protexida Monterrei abrangue o val de Monterrei e a ladeira de Monterrei, nos concellos de Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós, así como unha zona ao sur do concello de Riós e a metade suroeste de Castrelo do Val.

Esta DOP é a de menor peso social entre as cinco DOP de viño de Galica e contaba en 2020 con 382 viticultores inscritos, 27 adegas e 631 hectáreas rexistradas. Baixo este selo de calidade a produción de uva foi de 5.170.550 kg cunhas cantidades de uva tinta e branca bastante equilibradas (3.676.736 kg de uva branca fronte 2.033.814 de uva tinta).

En 2020 producíronse 4.023.052 litros de viño, entre branco e tinto, segundo datos da Estatística Agraria da Consellería de Medio Rural. En canto ao viño calificado, a produción de tinto foi de 1.139.110 litros e a de branco de 2.460.540 litros, cun prezo medio por litro para este viño no ano 2020 de 4,74 €.

A evolución da produción ao longo dos anos foi en incremento, pasando de 1.856.828 litros en 2017 a 4.049.195 litros en 2019, e manténdose en máis ou menos os mesmos valores para 2020. Das cinco denominacións vitivinícolas galegas foi a que experimentou unha mellor evolución: a colleita de uva multiplicouse por 2,3, o volume de viño cualificado triplicouse e o seu valor económico multiplicouse por 5. Ademais, foi a única das 5 D.O.P. que experimentou neste período un claro aumento do número de viticultores (11%) e da superficie inscrita (50%). O resultado foi un notable incremento do seu peso no conxunto das D.O.P. galegas.

O peso produtivo da D.O.P. Monterrei duplica o seu peso social, isto débese a que a superficie por viticultor alcanza un valor relativamente elevado, sendo a única D.O.P. galega que supera 1 ha. A isto únense uns rendementos por hectárea tamén altos, os máis elevados das 5 D.O.P.: 9.664 kg/ha en 2018, o triplo da media galega. A elevada produción por viticultor fai que esta sexa tamén, xunto con Rías Baixas, a única D.O.P. na que a produción media por industria superou os 100 mil litros de viño cualificado ese ano. Con todo, no contexto das D.O.P. españolas, trátase dunha produción media por viticultor e por industria relativamente pequenas.

IXP Castaña de Galicia

A IXP Castaña de Galicia ampara os territorios que se atopan dentro da delimitación marcada pola dorsal galega polo oeste, e coa Serra do Xistral polo norte, afectando a todos os concellos do ámbito do GDR e tamén a toda a provincia de Ourense, polo que os datos da Estatística Agraria fan referencia a toda esta provincia.

Nesta estatística indícase que a superficie inscrita nesta provincia é de 686,62 hectáreas, cunha produción (en kg calificados) de 12.181, cantidade que coincide coa comercialización calificada que se atopa en fresco. O valor desta produción de castaña en fresco estímase en 6,30 €/kg, sendo máis cara a conxelada (11.30 €/kg).

Con todo, a produción de castaña viuse reducida nos últimos anos, pasando dos 55.570 kg en 2017 aos 23.414 kg en 2019.

Aínda que Galicia é a principal rexión en produción e exportación de castañas no Estado España, o conxunto de empresas comercializadoras e da industria de transformación galegas precisan acudir aos mercados exteriores para cubrir as súas necesidades de produción ante a insuficiente cantidade e calidade de castaña recollida nas plantacións galegas. Na actualidade, están rexistradas en Galicia 10 empresas nas actividades de primeira transformación e a comercialización en fresco, e 6 empresas de elaboración de produtos procesados baseados na castaña. De feito, no ámbito deste Plan atopamos empresas transformadoras que, aínda que están baixo o selo de agricultura ecolóxica, non están adheridas a esta IXP.

IXP Pemento de Oímbra

Esta Indicación Xeográfica ampara a 8 dos 10 concellos do ámbito do GDR, correspondéndose cos da Comarca de Verín e quedando fóra, por tanto, os de A Gudiña e A Mezquita.

Segundo a Estatística Agraria, no ano 2020 había 14,54 hectáreas inscritas con produción de Pemento de Oímbra, das cales só eran declaradas 1,29 en Oímbra e 0,33 en Verín, todas elas ao aire libre. Os produtores inscritos en 2020 eran 13, dos cales soamente 2 estaban en activo. Estes deron lugar a unha produción calificada de 12.802 kg en 2020, cun prezo de 1,30€/kg.

Cabe dicir, para rematar con esta identificación, que o Pemento de Oímbra aumentou a súa produción calificada nos últimos anos, estando en 2017 arredor dos 2.000 kg, mentres en 2018 xa contaba con máis de 4.000 kg, valor arredor do cal se mantivo a produción durante uns anos, para pasar a triplicarse no 2020.

E.2.3 Caracterización do abandono das terras agrarias

Tal e como xa se mencionou en relación aos usos do solo, os cambios de cuberta actúan como principal indicador das mudanzas estruturais que as sociedades rurais contemporáneas foron experimentando dende a segunda metade do século XX. Estas mudanzas maniféstanse a través de diversos síntomas como poden ser o éxodo rural, o abandono, os incendios forestais, a banalización da paisaxe ou a desprotección do patrimonio cultural, tendo todos eles como factor común a ausencia de manexo da terra, singularmente a superficie agraria.

O resultado deste proceso de transformación histórica da sociedade galega tradúcese en casuísticas concretas referidas aos sectores produtivos con base territorial (Crespo Iglesias, 2014):

- A fragmentación parcelaria dificulta a xestión e reduce a viabilidade económica das explotacións.
- O aspecto demográfico limita o relevo xeracional, o que deriva na diminución continuada de explotacións.
- O necesario redimensionamento das explotacións avanza a un ritmo baixo e cunhas superficies menores das necesarias para unha optimización económica, debido aos atrancos vinculados á fragmentación parcelaria que dificulta a mobilidade da terra.

Como consecuencia de todo o anterior, redúcese a superficie agraria útil, a terra abandónase, incluíndo o monte, e existen consecuencias derivadas, nomeadamente os incendios forestais como expoñente sintomático por excelencia.

En canto as cifras vinculadas a estes fenómenos, a primeira aproximación debe facer referencia aos datos brutos da superficie agraria útil, cun descenso estimado de 80.000 ha. para o período 1970-2000 (Corbelle, 2011) froito do peche de explotacións e da non transferencia desas terras a outras explotacións debido á dificultosa mobilidade de terras. As terras abandonadas para o uso agrario non son reutilizadas por outras explotacións, o que xera uns novos usos, en moitos casos non planificados, que derivan na ausencia de xestión. A perda de SAU supón un risco para o tecido produtivo, dado que converte á terra nun activo non produtivo ou de produción de baixa calidade económica e ambiental.


Ao tempo, estes cambios do modelo agrario supoñen o crecemento da superficie forestal. En Galicia arredor do 70% do terreo forestal ocupa terreo rústico non cultivado, ao estar poboado por plantación forestal, matogueira ou vexetación espontánea (Xunta de Galicia, 2018). O abandono do rural xera superficies liberadas que pasan a ter usos non agrarios. A cuestión non é tanto o aumento de superficie forestal senón o tipo de terreo que ocupa, dado que gran parte de terreos con potencial agrolóxico son desvalorizados por vexetación espontánea non planificada. Este é precisamente o caso de Ourense, a provincia galega con máis monte (79,1 % do seu territorio).

No caso do ámbito do GDR-9 existen ademais casuísticas específicas vinculadas á localización xeográfica que teñen que ver tanto cos aspectos orográficos, que inflúen na capacidade produtiva, como á posición periférica que xera dificultades para a comercialización. Estes factores biofísicos e xeográficos combínanse con outros de carácter estrutural e socioeconómico.

Para caracterizar o abandono de terra agraria no ámbito de estudo recórrase á análise dos datos de capacidade produtiva de solos (Díaz-Fierros e Gil Sotres) e ao uso de mato rexistrado no mapa de usos do solo empregado anteriormente. Isto permite obter unha lectura das zonas de maior potencial agrolóxico que mudaron o seu uso a matogueira, o que indica o claro abandono destas terras produtivas.

O resultado desta análise arroxa uns datos de abandono de 4.937 ha nas zonas de maior aptitude agraria, que cómpre recuperar. Esta análise complementábase en relación aos MVMC polo seu potencial como recurso territorial, e constátase que desas cerca de cinco mil hectáreas abandonadas, 1.435 ha sitúanse en montes baixo este réxime de propiedade comunal, o que supón igualmente unha oportunidade de cara á súa xestión.

Mapa 7. Caracterización do abandono das terras agrarias.



E.2.4 Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras

O cambio dun modelo tradicional intensivo e multifuncional, autosuficiente e cunha base territorial ampla no que o monte tiña gran relevancia a outro de especializado e dependente do exterior, xerou disfuncións dende o punto de vista produtivo que se arrastran ata a actualidade.

Por unha banda, a base territorial das explotacións, pese á redución de explotacións e ao aumento continuado da superficie media das existentes, segue a ser baixa. A pesar do aumento exponencial das últimas décadas (2,6 ha. por explotación en 1989 a 8,15 ha. en 2009 segundo o censo Agrario) a superficie actual das explotacións galegas é aínda moi baixa respecto á media europea. Por outra, a dependencia excesiva do exterior respecto a abastecementos agrarios e gandeiros deriva na inviabilidade económica das explotacións.

Táboa 55. Dimensión e número de explotacións en Galicia. Fonte: INE. Censo Agrario 2009

DIMENSIÓN EXPLOTACIÓN	EXPLOTACIÓNS	SAU
<5 ha.	62,67%	13,88%
5 a 70 ha.	36,53%	73,98%
70 a 500 ha.	0,79%	10,55%
>500 ha.	0,01%	1,58%
Total	79.481	647.598,2 ha.

Aos factores específicos compre engadir outros como a diminución da poboación, motivada polo propio réxime demográfico, e o transvase de poboación activa dende mediados do século XX dende a agricultura a favor da industria, e modernamente do sector servizos, fenómenos estes comúns ao contexto europeo.

Os sectores especializados a través da formación e mellora tecnolóxica ven freada a súa capacidade de transformación pola problemática da accesibilidade á terra. O redimensionado da base territorial das explotacións non se ve acompañado do necesario dinamismo na mobilidade de terras, o que dificulta a ampliación das explotacións existentes e o establecemento das novas, tanto pola ausencia de oferta de terras como pola dispersión das parcelas dispoñibles, que dificulta as tarefas agrarias e incrementa os custes. Xeralmente as explotacións desaparecidas non son reutilizadas, quedando as terras abandonadas ou transformadas en usos forestais.

No período 1982-2016 desapareceron en Galicia arredor de 168.000 explotacións, que supúñan sobre 820.000 ha., das que só 319.000 ha. pasaron a novas explotacións (López Iglesias, 2019). Isto significa que a agricultura galega ten un problema estrutural dado que inxecta capital e aplica técnicas produtivas sobre unha base territorial reducida que limita o rendemento potencial do capital investido. En paralelo á redución de superficie total, mellorouse a produción global, o que se explica dende un proceso de intensificación agraria e gandeira que xera problemáticas a nivel de produto e de xestión ambiental e territorial.

As explotacións galegas xestionan 864.000 ha., o que supón o 29% do territorio galego, un dato afastado do 45,95 % da media de España ou do 40,0% da Unión Europea. O número de operacións sofre variacións anuais, se ben cunha tendencia xeral ao descenso, o que supón ademais unha redución na área total obxecto de compravenda, se ben na última década a caída dos prezos contívose.

Tomando como referencia o ano 2017, o número de operacións aproxímase ás 40.000 cunha superficie aproximada de 10.000 ha. transferidas. O prezo medio da terra neste ano foi de 1,04€/ m², resultado medio do prezo da SAU (1,79€/ m²) e montes (0,64€/ m²). Os prezos tiveron tendencia á caída entre 2008 e 2013, pasando a unha leve recuperación e estabilidade dende ese momento.

Galicia presenta notables variables rexionais, especialmente no relativo á taxa de transferencia (área total transferida respecto á área total) na que a provincia de Ourense presenta os rangos menores, tanto en tipo agrario como forestal. Ourense tamén é a provincia galega con maior vocación forestal no uso do seu solo, derivado dun inmovilismo na transferencia de terras que se vincula directamente a aspectos sociais e, sobre todo, á realidade demográfica.

Táboa 56. Número de titulares catastrais, superficie total, número de parcelas e valor catastral. Fonte Axencia Galega de Desenvolvemento rural, 2021.

TITULARES CATASTRAIS NO ÁMBITO DO PLAN	TITULARES CATASTRAIS (nº)	SUPERFICIE TOTAL (ha.)	PARCELAS REAIS (nº)	VALOR CATASTRAL (miles de €)
Castrelo do Val	3.772	11.967	28.400	5.288
Cualedro	5.461	11.711	52.051	5.555
Gudiña, A	2.804	16.981	24.159	4.057
Laza	4.448	21.464	39.487	4.378
Mezquita, A	2.481	10.417	25.335	3.854
Monterrei	8.156	11.698	66.664	5.223
Oímbra	4.214	7.101	45.788	3.106
Riós	5.393	11.341	68.305	3.779
Verín	9.134	9.067	39.852	5.339
Vilardevós	6.855	15.226	71.758	4.798
Total ámbito	52.718	126.973	461.799	45.377
Total Galicia	1.721.604	2.838.120	11.109.678	5.107.560

Pola súa banda, as axudas da Política Agraria Común (PAC) actúan como indicador directo do nivel de actividade dun ámbito xeográfico concreto, polo que a súa análise resulta esencial para a caracterización do modelo agrogandeiro.

En Galicia, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) é o organismo autónomo integrado no sector público da Xunta de Galicia encargado de xestionar as actividades derivadas da Política Agraria Común a través de programas de axudas directas (pago básico, pago verde, pago complementario a agricultores mozos e pequenos agricultores). Por outra banda, as axudas ao desenvolvemento rural FEADER SIXC son programas rexionais xestionados polo FOGGA que establecen medidas en relación a medio ambiente, clima e agricultura sustentable coa fin de promover un territorio vivo.

No caso das comarcas de Verín e Viana, os datos amosan unha actividade limitada, tanto en termos absolutos como relativos na comparativa coa media galega.

Táboa 57. Axudas da PAC na campaña 2019/2020. Fonte: Memoria do exercicio orzamento 2020 do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

AXUDAS PAC	AXUDAS DIRECTAS		AXUDAS DESENVOLVEMENTO RURAL SIXC	
	Nº Beneficiarios	Importe (€)	Nº Beneficiarios	Importe (€)
CASTRELO DO VAL	9	22.531,25	4	14.800,26
CUALEDRO	51	285.571,30	20	33.327,34
A GUDIÑA	38	353.876,02	18	100.316,78
LAZA	19	67.580,8	7	47.696,42
A MEZQUITA	50	485.794,93	43	248.051,78
MONTERREI	26	163.332,68	10	46.415,83
OÍMBRA	10	9.245,77	5	4.095,60
RIÓS	40	222.477,82	29	149.111,41
VERÍN	25	111.888,14	19	42.807,21
VILARDEVÓS	27	139.162,02	19	118.255,31
GDR-9	295	1861460,73	174	804877,94
GALICIA	73.546	169.842.145,45	17.569	33.807.807

E.2.5 Incidencia dos lumes forestais

A problemática dos lumes forestais é común a toda Galicia, sendo especialmente relevante nesta área suroriental debido aos condicionantes climáticos (temperaturas máis altas e menor grao de humidade) e a falta de xestión territorial motivada por un abandono progresivo do rural que responde a múltiples causas, tal e como xa se describiu en apartados anteriores. A isto súmase un aspecto esencial que caracteriza á casuística de incendios en Galicia: unha profunda raíz social e unha intencionalidade das máis altas de Europa (Vega e Fernández, 2020). De feito, existe unha correlación entre os días onde os índices de risco de incendio teñen valores altos ou extremos e o número de incendios (Vega et al., 2021) o que é un claro indicador de planificación.

O maior número de ignicións en Cualedro, A Mezquita e na parte Norte do concello de A Gudiña están asociadas a formacións de matogueira, que se foron estendendo nos primeiros casos polo abandono de actividade agrícola e, sobre todo nos segundos, asociados á actividade gandeira. Esta pauta xa é descrita por Chas-Amil et al. (2015) na súa análise dos lumes en Galicia para o período 1999-2011. Como xa é unha tendencia xeral en toda a comunidade, os concellos analizados van sufrindo unha perda de poboación nos últimos anos que redunda nun alto grao de despoboamento rural. A zona estudada representa o 8,9% da poboación da provincia de Ourense, segundo datos do INE, que xa é a máis despoboadada de Galicia, co 11% dos habitantes da Comunidade Autónoma. A isto hai que sumar que o 50% da poboación empadroada no ámbito do GDR-9 é maior de 60 anos, en todos os concellos estudados a excepción de Verín.


Ademais de todos estes factores que favorecen o incremento de combustible, sobre todo na interface “urbano-agrícola” que é onde se producen o maior número de sinistros (Vega e Fernández, 2020), os efectos esperados polo cambio global fan que a situación de risco estea a aumentar nos últimos anos significativamente. Estamos ante un cambio de paradigma motivado, por unha banda, polos efectos do cambio climático e, por outra, por esa presenza de combustible inusualmente elevada, derivada da nomeada escasa capacidade de xestión do territorio. Esta conxunción de factores está a derivar nos incendios coñecidos como de sexta xeración, capaces de mudar o clima e crear un ecosistema propio que escapa das capacidades humanas de extinción. A única solución viable a longo prazo é a mobilización e posta en produción de terra agraria para garantir un territorio xestionado, en mosaico, e con discontinuidades que axuden a frear a virulencia e efectos destes lumes.

Para analizar a recorrencia dos lumes do territorio e as áreas de maior risco, empréganse os datos dispoñibles de incidencia: por unha banda, as zonas de recorrencia de lumes de máis de 500 ha recollidas entre 1997 e 2019; por outra, os datos de zonas afectadas por lumes entre 2010 e 2020 (datos do Plan Básico Autonómico) e, finalmente, os datos máis recentes de zonas afectadas polos últimos lumes de 2022, proporcionados pola Consellería de Medio Rural.

Tal e como se observa no mapa, a incidencia no ámbito de estudo do GDR-9 é moi alta, sendo os concellos con maior superficie afectada os de Cualedro, Monterrei e Oímbra, dada a alta presenza de combustible en zonas abandonadas e a súa posición fronteiriza, que provoca a entrada de lumes dende Portugal. Os concellos de A Gudiña e A Mezquita, resultan igualmente afectados por diversos focos, especialmente na década entre o 2010 e o 2020.

Nos últimos lumes de 2022, o municipio de Verín resultou especialmente afectado, con tres focos que concentran unha extensión de máis de 3.400 ha. Igualmente resultou afectada a zona de Videferre, en Oímbra, con cerca de 1.000 ha queimadas. Como casuística diferenciada está o caso de Laza, ao norte do ámbito do GDR-9, no que a casuística dos lumes afecta esencialmente a plantacións forestais de piñeiro, sendo unha área especialmente recorrente na que só no último ano rexistráronse cerca das 3.000 ha queimadas. Esta área ten a problemática engadida de englobar unha zona de alto valor ambiental situada na ZEC Macizo Central da Rede Natura 2000, dentro da cal nos últimos incendios arderon máis de 7.000 ha só no veciño concello de Vilariño de Conso, moitas destas dentro do Parque Natural de Invernadeiro.

Mapa 8. Recorrenza de lumes forestais.



Para caracterizar mellor as áreas de afección e identificar zonas de actuación prioritaria, realízase unha análise comparativa entre as zonas de recorrencia de lumes nos períodos descritos e as zonas identificadas de maior aptitude agraria (Díaz Fierros e Gil Sotres). Realízase a mesma análise en relación aos MVMC, polo seu potencial e capacidade de xestión de extensións agroforestais de maior entidade.


Os resultados desta análise arrojan cifras de 10.443 ha de terras de alta produtividade afectadas entre os anos 2010 e 2020, sendo case 2.000 destas hectáreas zonas de alta recorrencia de lumes dende finais dos noventa. Só nos incendios de 2022 resultaron afectadas 1.734 ha en zonas de alto potencial produtivo, que poderían identificarse como áreas prioritarias para a súa recuperación.

Respecto ás zonas afectadas en MVMC, recóllense un total de 17.072 ha afectadas no período 2010-2020, con cerca de 3.400 que resultan de afección recorrente dende 1997. Nos últimos lumes rexistráronse un total de 4.381 áreas queimadas nestes montes de propiedade comunal.

Táboa 58. Incidencia de lumes sobre terras de alta produtividade agraria e afección a MVMC.

	Incendencia sobre terras de alta produtividade agraria	Afeccións a MVMC
Recorrencia 1997-2019	1.994 ha	3.370 ha
Incendencia lumes 2010-2020	10.443 ha	17.072 ha
Incendencia últimos lumes 2022	1.743 ha	4.381 ha

Mapa 9. Afección dos lumes forestais sobre a terra agraria e os montes veciñais en man común.



E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais.

Industria agroalimentaria

Tendo en conta as características da comarca e do territorio que conforman os concellos do GDR-9, na industria agroalimentaria poderían resaltarse, en relación ás actividades primarias, as industrias de produción cárnica, de viño e de castañas.

Segundo datos da Estatística Agraria, toda a carne de vacún producida en matadoiro no ano 2020 na provincia de Ourense foi de consumo directo, é dicir, canais sen transformar. O mesmo ocorre nos casos das carnes de cordeiro e de caprino, onde o 100% é de consumo directo sen procesar. Non acontece así en carne de porcino, onde se transforma un 22,14. Por outra parte, tamén existe unha escasa transformación na carne de aves (0,00049%), como acontecía nos primeiros casos comentados. Sen embargo, no caso dos coellos este valor se ve aumentado, sendo carne de consumo industrial un 29,1%.

Existen pequenas empresas de produción, pero antes debería darse unha visión das grandes empresas en forma de industria transformadora. En canto á **industria cárnica**, só pode falarse dun matadoiro. Este matadoiro, coñecido como o Matadoiro Municipal de Verín, está xestionado por *Cárnicas Hermanos Regueiro*. Esta empresa conta tamén cunha planta para a elaboración cárnica, denominada como “Fabrica” polo grupo. Está localizada en Feces de Abaixo, contan cunha sección de carnes frescas onde se realiza o despece, e con seccións de salazóns, elaborados, unha sección de secado onde se localizan as salas de curación, e unha sección para produto conxelado. Nesta industria cárnica as especies empregadas para a produción de carne, tanto fresca como elaborada, son:

- Vacún, con carnes como a Suprema Galega.
- Porcino, con carne de porco e de leitóns ibéricos.
- Cordeiros e cabritos de leite.

Entre as razas de porcino que se empregan para elaborados na empresa de Feces de Abaixo, atópase a raza de porco celta, a cal conta con dous produtores neste territorio, como xa se comentou no apartado dedicado a agricultura e gandaría.

A parte desta empresa que controla o matadoiro de Verín, existen outras empresas cárnicas de menor tamaño repartidas pola contorna da Comarca de Verín e nos concellos veciños de A Gudiña e A Mezquita. A maioría destas industrias cárnicas son empresas familiares pero cunha ampla traxectoria no tempo. Nalgúns casos, non son industrias como tales senón puntos de venda ao consumidor onde, como proceso industrial, só realizan unha preparación e envasado. Noutros casos, por contra, realízase dende a adquisición do animal, cando este se atopa nunha etapa xuvenil da súa vida, ata a venda como carne.

Algúns dos produtos tratados nestas industrias cárnicas son de alta gama e *delicatessen*.

A cabalo entre a industria e a produción primaria cóntase cunha iniciativa da empresa *Agrofríeiras S.L.*, a cal como industria cárnica non soamente realiza despece, preparados e venda, senón que cría aos animais para despois vender esa carne, que selecciona mercando o animal dende novo para a súa granxa. Do mesmo xeito que a carnizaría de Verín *Cárnicos Hermanos Boo* que compran a gandeiros de gandarías limítrofes á súa terra, sendo estes animais alimentados con cereais, millo, forraxes e herba seca. É dicir, seleccionan en vida a carne que van comprar, e logo vender.

No sector gandeiro existen tamén iniciativas, como é o caso da cooperativa *Biocoop*, unha cooperativa con 20 gandeiros que crían as súas vacas de razas autóctonas en ecolóxico, de forma que coidan da paisaxe e do territorio. Os seus rabaños son de vacas de razas autóctonas como a cachena, a vianesa, a frieiresa, caldelá, limiá e rubia galega.

Unha das poucas gandarías artesás en avicultura está localizada en Vilardevós e dedícase, entre outras cousas, á produción de Foie-Gras, despois da cría dos patos necesarios para isto. Esta empresa é *Ánades de Galicia*, e existe dende os anos 90. Trátase dun claro proxecto de dinamización do rural.

No caso do **sector da castaña**, destacan no ámbito deste plan varias empresas: *Castañas Rosendo* en Riós, que realiza compra e venda de castaña fresca e fai a súa distribución; *Souto da Trabe* en Vilardevós, que transforma a castaña para crear marmelos e produtos gourmets combinándoa con cogomelos, cabaza e figos ecolóxicos; e *Pecado de Outono* de Riós, que produce en ecolóxico distintos transformados de castaña, pero tamén noces e abelás.

Finalmente, como xa se adiantou no apartado anterior, falar de Monterrei significa levar o pensamento ao **viño**, polo que cabe dicir que existen 27 adegas inscritas baixo a DOP de Monterrei. Estas adegas son, na súa maioría, de pequena capacidade, pero son un importante elemento dinamizador do sector agrario. As adegas que se atopan amparadas pola denominación de orixe están repartidas xeograficamente nos seguintes concellos:

- Oímbra: 8
- Monterrei: 7
- Castrelo do Val: 2
- Verín: 10

Outro dos sectores de alimentación con gran relevancia no ámbito é o vinculado ás **Augas de Verín**, coas industrias de envasado de auga mineral de Cabreiroá, Sousas e Fontenova.

Industria forestal

No sector forestal existen diferentes tipoloxías de industria, como transformación da madeira en mobles, a de papel e cartón e a de pasta de papel.

Na táboa seguinte detallase as empresas da industria forestal existentes no ámbito do plan e o seu CNAE principal. Segundo estes datos, atópanse 8 empresas de silvicultura e outras actividades forestais, 3 de servizos de apoio á silvicultura, 3 de comercio por xunto de madeira, 2 aserradoiros e 1 de explotación de madeira.

Táboa 59. Nome e razón social das empresas da industria forestal e o seu CNAE por concello. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do directorio de industrias forestais da Oficina Virtual da Consellería do Medio Rural (2022).

Nome/Razón social	Concello	CNAES principais
PABLO	A Gudiña	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
ANGEL FERNANDEZ SANCHEZ	A Gudiña	0240: Servizos de apoio á silvicultura
FORESTAL FRIEIRAS, S.L.	A Gudiña	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
MARCOS DIEGUEZ RODRIGUEZ	A Mezquita	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
RICARDO PRIETO DOMINGUEZ	Ríós	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
SERVICIOS AGRICOLAS E FORESTALS BERNAN S.L.	Ríós	0220: Explotación da madeira
JOSE ESTEVEZ AS FERREIRAS SL	Ríós	0240: Servizos de apoio á silvicultura
AGRO-ESTEVEZ SL	Ríós	0240: Servizos de apoio á silvicultura
ALBINO RODRIGUEZ RODRIGUEZ	Monterrei	0220: Explotación da madeira
HERMANOS LOPEZ FLARIZ S.L.	Monterrei	1610: Aserrado e cepillado da madeira
MADERAS PRADA OIMBRA S.L.	Oímbra	1610: Aserrado e cepillado da madeira
FORESTAL LOSADA VILLARINO SL	Vilardevós	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
LUIS LOSADA DOSANTOS	Vilardevós	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
SERRAÇÃO DO TAMEGA LDA	Verín	4673: Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios
MADEIRAS MARIPELE S.L.	Verín	4673: Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios
FORESTE	Laza	0210: Silvicultura e outras actividades forestais
ALONSO FERNANDEZ ANTONIO	Laza	0210: Silvicultura e outras actividades forestais

E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.

A mobilidade de terras é un concepto amplo no que se considera a distribución dos dereitos sobre a terra. Esta mobilidade pode producirse a través de diversos mecanismos de transferencia definitiva, temporal ou parcial dos dereitos de uso da terra, máis alá do mercado de compra-venda. A alta mobilidade de terras posibilita obxectivos sociais, ambientais e económicos pero non é unha fin en si mesma. A estrutura da propiedade, a dimensión das explotacións ou a non intensificación agraria están relacionados co transvase de terras, sendo o volume de transaccións e os prezos da terra rústica un indicador esencial na xestión territorial. (Corbelle Rico, 2011).

Tal e como se amosou en apartados anteriores, é de especial importancia para este territorio a posta en marcha de iniciativas de recuperación e posta en produción da terra agraria, tanto para o desenvolvemento económico da comarca como para garantir un territorio xestionado con capacidade de reducir os efectos dos lumes. Así, neste apartado se realizará unha estimación de áreas de oportunidade, tendo en conta a caracterización das estruturas de propiedade e os instrumentos de recuperación aplicables, no marco da Lei 11/2021 e a Lei 4/2015.

E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade

Na actualidade, o medio rural galego presenta diversas problemáticas que directa ou indirectamente teñen á terra e o seu manexo como cuestión nuclear. A estrutura da propiedade da terra en Galicia presenta uns rasgos específicos en canto á súa distribución. Galicia conta con máis de 1'6 millóns de propietarios rústicos, o que representa cerca dun 20% do total de España, a pesar de que Galicia ocupa só o 5'8 % da superficie do estado.

A fragmentación parcelaria foi a base da economía de subsistencia tradicional durante séculos e sustentou, con casuísticas diversas, á sociedade galega como caso de éxito na xestión da terra. Pero a utilización da terra mudou nas últimas décadas, de forma que na actualidade coexisten áreas abandonadas con outras sometidas a presións dende o punto de vista produtivo ou urbanístico. A isto hai que engadir ademais a problemática que supoñen as 320.000 parcelas sen propietario coñecido en Galicia. Neste senso, o minifundio é responsabilizado frecuentemente como causante dos procesos de desagrarización, se ben as causas son máis complexas.

En xeral, as problemáticas do agro galego en relación á propiedade poden ser agrupadas en tres bloques distintos.

- Propietarios individuais: terras integradas en explotacións agrarias e gandeiras e monte particular xestionado polos mesmos propietarios.
- Monte abandonado en mans de propietarios particulares. Propiedade fragmentada e desvinculación do coidado do monte.
- Montes Veciñais en Man Común: propiedade privada colectiva que ocupa arredor dunha cuarta parte do territorio galego. Conforman unidades de grande tamaño para o contexto galego pero contan con problemas de xestión por causas demográficas.


Estrutura da propiedade segundo o SIXPAC

Para analizar a estrutura da propiedade no ámbito do GDR, recórrase a unha análise da superficie media das parcelas a través do Sistema de Información Xeográfica de Identificación de Parcelas Agrícolas (SIXPAC). A primeira lectura que se pode determinar é efectivamente a dun claro minifundismo, coincidente coas zonas de maior aptitude agraria, especialmente cara ao val do Támega e os principais cursos fluviais, así como arredor da agra produtiva das aldeas. Estes mosaicos de parcelas de pequeno tamaño, que en ocasións non alcanzan os 30 metros cadrados, contrastan coas bolsas de terreo nas que se levaron a cabo procesos de concentración parcelaria, perfectamente identificables pola súa estrutura cartesiana e acadando parcelas en torno ás 50 ha.

Táboa 60. Tamaño das parcelas segundo a superficie total do ámbito.

TIPO DE PARCELA SEGUNDO O TAMAÑO	SUPERFICIE DE PARCELAS DE CADA TIPO	% DE PARCELAS DE CADA TIPO RESPECTO AO TOTAL DO ÁMBITO
Pequena (< 1ha)	57.553 ha	45%
Pequena-media (1-10 ha)	21.099 ha	16%
Media (10-50 ha)	21.497 ha	17%
Media-grande (50-100 ha)	11.063 ha	9%
Grande (>100 ha)	17.129 ha	13%

Tal e como se aprecia no mapa, as áreas máis escuras correspóndense coas parcelas con superficies maiores de 100 hectáreas, concentrándose nas zonas de monte con maior pendente e altitude. Mentres, a maioría do territorio aparece cunha tonalidade gris, o cal indica que as parcelas teñen unha superficie menor dunha hectárea, o que evidencia a clara fragmentación existente. En valores numéricos, a análise de superficies permite constatar que estas parcelas de menos de 1 ha ocupan o 45% do territorio, mentres que unicamente un 22% do ámbito dispón de parcelas cun tamaño superior ás 50 ha.



Mapa 10. Superficie de parcela.

Estrutura da propiedade segundo as declaracións da PAC

A partir das declaracións da PAC tamén pode facerse unha estimación da estrutura da terra, tendo en conta as parcelas declaradas. En canto ao número de parcelas totais, estas ascenden a 60.952 ha. O maior número de parcelas por tipo de cultivo rexístrase para os pasteiros de máis de cinco anos (18.858 parcelas), 4.252 das cales están localizadas no concello de Riós. O tamaño medio das parcelas está condicionado por moitos factores, entre os que está a orientación produtiva do solo, con parcelas máis pequenas nas zonas onde predominan os pastos (0,2 ha para pastos de máis de cinco anos e 0,1 ha para pastos de menos de 5 anos) e as zonas de viñedo, con 0,1 ha. As parcelas máis grandes correspóndense coas destinadas a castiñeiros e pastos arbustivos (1 ha).

Táboa 61. Superficie (ha), parcelas e tamaño medio de cada parcela por tipo de cultivo (declaracións da PAC 2021).

	PASTEIRO >5 ANOS			CASTIÑEIRO			VIÑEDO VINIFICACIÓN			PASTO ARBUSTIVO			PASTO <5 ANOS			TRIGO BRANDO			CENTEO			BARBEITO TRADICIONAL			OUTROS CULTIVOS		
	S (ha)	Nº parcelas	Tamaño medio parcelas	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T	S (ha)	Nº	T
CASTRELO DO VAL	105,9	690	0,2	7,3	51	0,1	28,7	399	0,1	5,9	25	0,2	15,6	76	0,2	5,1	18	0,3	3,6	3	1,2	0,9	4	0,2	8,3	56	0,1
CUALEDRO	305,2	1.513	0,2	44,6	201	0,2	37,5	656	0,1	95,2	106	0,9	125,5	491	0,3	25,6	78	0,3	46,7	114	0,4	27,8	117	0,2	42,2	269	0,2
LAZA	283,6	1.927	0,1	34,8	264	0,1	22,1	358	0,1	54,8	154	0,4	36,8	280	0,1	6,8	21	0,3	5,3	24	0,2	2,7	10	0,3	8,8	102	0,1
MONTERREI	168,5	931	0,2	8,6	46	0,2	210,1	1.363	0,2	2,3	5	0,5	33,4	227	0,1	7,4	36	0,2	55,3	260	0,2	18,6	138	0,1	32,0	180	0,2
OÍMBRA	26,1	122	0,2	7,3	67	0,1	299,8	2.503	0,1	7,5	50	0,1	2,1	18	0,1	7,4	24	0,3	3,6	20	0,2	4,4	28	0,2	17,4	149	0,1
RIÓS	629,1	4.252	0,1	127,5	969	0,1	19,4	189	0,1	19,1	108	0,2	29,9	346	0,1	0,2	2	0,1	0,2	5	0,0	1,8	20	0,1	17,1	246	0,1
VERÍN	106,9	472	0,2	10,4	87	0,1	531,8	3.403	0,2	7,5	19	0,4	52,1	228	0,2	59,0	145	0,4	2,5	9	0,3	4,9	37	0,1	63,6	191	0,3
VILARDEVÓS	496,9	3.173	0,2	130,3	502	0,3	141,9	800	0,2	41,6	81	0,5	67,5	439	0,2	4,5	25	0,2	6,4	48	0,1	0,6	8	0,1	10,8	114	0,1
A GUDIÑA	555,5	1.985	0,3	n.d.			3,1	35	0,1	270,3	225	1,2	46,4	531	0,1	0,7	2	0,3	20,9	112	0,2	34,4	143	0,2	28,4	112	0,3
A MEZQUITA	1.021,4	3.793	0,3	91,4	501	0,2	5,9	42	0,1	327,7	508	0,6	105,9	732	0,1	6,1	15	0,4	25,7	153	0,2	59,6	206	0,3	11,5	219	0,1
TOTAL	3.699,2	18.858	0,2	461,9	2.688	1,0	1.300,2	9.748	0,1	1.294,3	1.281	1,0	515,1	3.368	0,1	122,8	366	0,3	141,7	748	0,2	96,2	711	0,1	240,1	1.638	0,1

Pola súa banda, nas zonas montañosas o número de parcelas diminúe drasticamente, rexistrándose superficies medias moito máis elevadas. Isto, en boa parte, débese ao modelo dos montes veciñais en man común, sistema de propiedade comunitaria que caracteriza especialmente a esta comarca.

Os Montes Veciñais en Man Común


Ourense é a provincia galega que conta cun maior número de montes veciñais en man común, 145 dos cales están dentro da comarca de Verín, aos que hai que sumar neste caso os 19 situados nos concellos da Gudiña e A Mezquita. En total, por tanto, o ámbito do GDR-9 dispón de 164 MVMC, cunha superficie total de 71.025,61 ha, o que supón o 56,26% do territorio. A pesares da importancia desta figura de propiedade do monte, tan só 93 MVMC contan cun instrumento de ordenación ou xestión forestal; 112 (o 74% da superficie) son de xestión pública, e soamente 50 (24%) de xestión privada.

No mapa pode observarse como máis da metade do territorio está baixo este réxime de propiedade. Existe no ámbito unha Mancomunidad de MVMC da comarca de Monterrei.

Táboa 62. Número de MVMC e superficie, número de MVMC con plan de xestión e número de MVMC con xestión pública e privada.

Concello	Número MVMC	Superficie (ha)	Plan de xestión	Xestión Pública	Xestión privada
Castrelo do Val	17	8.900,00	13	15	2
Cualedro	19	5.667,06	10	15	4
A Gudiña	10	11.634,81	8	8	2
Laza	22	15.297,58	14	15	6
A Mézquita	9	5.275,00	8	5	4
Monterrei	15	5.702,00	7	9	6
Oímbra	11	2.910,22	6	8	3
Riós	21	4.362,67	8	13	8
Verín	14	3.532,27	9	11	2
Vilardevós	26	7.744,00	10	13	13
Total	164	71.025,61	93	112	50
Ourense	1.264	277.434,35			
Galicia	3.326	663.488,96			

Mapa 11. Montes veciñais en man común con xestión pública ou privada.



E.4.2 Instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso

Como xa se mencionou, no caso galego, a mobilidade de terras está condicionada polos déficits estruturais vinculados á fragmentación da propiedade (1,6 millóns de propietarios) e á atomización do parcelario (máis de 11 millóns de parcelas). O dato bruto deixa unha media de 7 fincas por propietario, desagregadas e de pequeno tamaño, coas dificultades que iso supón.

Para dar resposta á complexa situación da propiedade galega, as políticas públicas experimentaron diferentes instrumentos de ordenación e xestión. Durante o século XX as concentracións parcelarias foron a estratexia principal de actuación, con resultados desiguais e, ás veces, escasa adaptación ás particularidades de cada ámbito.

No ámbito do GDR-9 existen un total de 12.585 ha de concentración parcelaria consolidadas, abarcando 8 dos 10 concellos da comarca, e outras 2.562 ha en curso, nos municipios de Verín e Vilardevós. Estes procesos de concentración da propiedade leváronse a cabo dende os anos 50 no ámbito, sendo os máis recentes rexistrados na segunda década dos 2000. O único municipio onde non se iniciou, polo de agora, ningún proceso de concentración da propiedade é o de Riós.

Táboa 63. Áreas de concentración parcelaria consolidadas (Fonte: Plan Básico Autonómico)

CONCELLO	ZONA	Superficie
A Gudiña	A Gudiña	273 ha
A Mezquita	Manzalvos	197 ha
	Cádavos	71 ha
Castrelo do Val	Santa María de Castrelo	320 ha
	San Vicente de Pepín	114 ha
Cualedro	Cualedro - Carzoá - Vilela	1.200 ha
	Saceda - Lucenza	319 ha
	Xironda - Pedrosa	2.200 ha
	San Millao	625 ha
Laza	Laza	3.272 ha
Monterrei	Albarelos - Vilaza	820 ha
	Flariz	638 ha
	Vences - Estevesiños - Nocado do Val	662 ha
Oímbra	Videferre	539 ha
	Rabal	320 ha
Verín	San Cibrao - Penelas	180 ha
	Tintores - Vilela	380 ha
	Cabreiroá	373 ha
Total		12.585 ha

Táboa 64. Áreas de concentración parcelaria en proceso. (Fonte: Plan Básico Autonómico)

CONCELLO	ZONA	Superficie
Verín	Mourazós - Tamagos - Tamaguelos	806 ha
	Mandín - Feces de Abaixo - Feces de Cima	1.209 ha
Vilardevós	San Bartolomeu de Berrande	547 ha
Total		2.562 ha



Mapa 12. Zonas de concentración parcelaria.

No tránsito ao século XXI xorden novas iniciativas dende as administracións que pretenden unha reforma agraria centrada nos usos e non na propiedade, en base a:

- Ordenación de usos
- Prioridade aos usuarios sobre os propietarios
- Incentivos públicos

O principal instrumento desenvolvido a principios de século para avanzar nesta liña é o Banco de Terras (2007), que favorece a mobilidade de terras agrarias regulando o uso e aproveitamento das parcelas para poñelas a disposición de usuarios que as precisen.

Isto evita as dificultades de acceso á terra agraria e pretende paliar o abandono e o conseqüente risco de incendios forestais. En todo caso, o Banco de Terras ten uns resultados limitados, especialmente no relativo ás superficies totais incorporadas ao modelo. En moitos casos trátase de masas comúns residuais de concentracións parcelarias ou fincas privadas en zonas de pouca demanda. O principal problema nestes casos é a disfunción entre a oferta do Banco de Terras e as necesidades de terra reais dado que, en xeral, a oferta de terras do modelo non se corresponde coas áreas de demanda.

No ámbito de estudo danse grandes diferencias zonais en canto a oferta e demanda.

Táboa 65. Número de parcelas e tipos de aproveitamentos permitidos nas parcelas do Banco de Terras para o ámbito de estudo⁶. Fonte: Banco de Terras, www.sitegal.xunta.gal. Consulta outubro 2021. ()*

BANCO DE TERRAS	Nº TOTAL DE PARCELAS	APROVEITAMENTOS AGROPECUARIOS(*)	APROVEITAMENTOS FORESTALS(*)	Nº DE PARCELAS DISPONIBLES
CASTRELO DO VAL	21	20	8	18
CUALEDRO	670	663	165	160
LAZA	3	3	0	3
MONTERREI	127	115	95	88
OÍMBRA	22	22	20	20
RIÓS	8	8	0	5
VERÍN	38	34	21	26
VILARDEVÓS	80	80	0	0
A GUDIÑA	0	0	0	0
A MEZQUITA	0	0	0	0
TOTAL	969	945	309	320

A diminución do peso do sector agrario non impide os prezos elevados da terra naquelas áreas nas que existe demanda especializada. Deste modo dáse o paradoxo, ás veces na mesma parroquia, de ter terra abandonada e á vez necesidade dunha base territorial máis ampla como factor de competitividade agraria. O fenómeno sucede pola difícil xestión, derivada da fragmentación da propiedade e da desvinculación dos propietarios respecto á terra. A baixa mobilidade de terras débese tamén a falta de intensidade de usos agrarios, á competencia dos usos urbanos e forestais á falta de ordenación territorial.

⁶ O número de aproveitamentos pode non coincidir co número total de parcelas ao existir parcelas con máis dun aproveitamento permitido. A categoría aproveitamentos forestais agrupa aproveitamentos madeireiros, biomásas, leña e outros aproveitamentos forestais.

Co obxecto de buscar solucións a estas problemáticas, recentemente aprobouse a *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, fundamentada na base de que unha xestión adecuada da terra é imprescindible para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles da Axenda 2030, os obxectivos do Pacto Verde da UE e os do Pacto Europeo polo clima.

A Lei, cuxas competencias administrativas recaen sobre a Consellería do Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ten como finalidade última garantir a sustentabilidade do sector agroforestal de Galicia e, polo tanto, mellorar a calidade de vida no medio rural, para o que establece un marco xeral para a xestión da terra:

- Ordenando os usos.
- Previndo o abandono e a infrautilización e fomentando a recuperación das terras abandonadas.
- Favorecendo a incorporación á actividade agraria.
- Protexendo o recurso.

Para promover a recuperación e posta en valor da terra produtiva, a lei establece os seguintes instrumentos de recuperación:


- **Os polígonos agroforestais.** Dentro desta figura contémlase, ademais, a dos polígonos cortalume orientados especialmente á prevención de incendios.
- **As aldeas modelo.** Dentro delas, establécese a figura dos Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo, que son instrumentos de planificación que formularán un programa plurianual que integrará actuacións a nivel arquitectónico e tecnolóxico.
- **As agrupacións e actuacións de xestión conxunta.**

No ámbito do GDR-9 existen varios proxectos piloto que poñen en marcha estes instrumentos de recuperación de terra.

Así, tal e como se recolle no seguinte mapa, existen xa un total de catro aldeas modelo declaradas: Carzoá en Cualedro, Infesta en Monterrei, Pedroso en Riós e O Seixo en A Gudiña. Ao tempo, impulsáronse catro polígonos agroforestais nos concellos de Cualedro, Monterrei, Riós e Oímbra, este último dedicado ao produto de horta característico da zona que da orixe a IXP Pemento de Oímbra.

Outros instrumentos salientables a considerar son as liñas de axuda que a Consellería de Medio Rural pon en marcha en relación ás actividades agrogandeiras. Existen varios Plans de Pastos tramitados nos concellos de Cualedro e Laza, e unha serie de zonas sinaladas para a recuperación de soutos tradicionais nos concellos da Gudiña e A Mezquita, tendo en conta a xa mencionada importancia do castiñeiro neste ámbito.

Mapa 13. Iniciativas de mobilidade de terras existentes no ámbito do GDR, no marco da Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria.




E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015

Para identificar zonas de actuación prioritaria para a posta en marcha de instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015, realízase unha avaliación a partir das terras abandonadas en zonas de alta produtividade agraria identificadas no apartado E.2.3.

Comparando estas áreas con aquelas onde se realizou concentración parcelaria, pódense establecer espazos de oportunidade para desenvolver **polígonos agroforestais ou agrupacións de xestión conxunta**. Deste xeito, identificáronse 3.357 ha abandonadas en parcelas concentradas, que teñen unha alta prioridade para ser recuperadas tanto polas súas boas condicións para desenvolver actividades agrogandeiras como por simplificarse, a *priori*, o proceso de investigación de propiedade, por tratarse de extensións cunha menor densidade de propietarios por hectárea.

Igualmente, resulta de interese identificar cales de estas zonas de alta aptitude agraria en estado de abandono están situadas en terreos propiedade de comunidades de montes, polo seu potencial para desenvolver proxectos con capacidade de xestionar extensións considerables de terra agroforestal. Á luz dos resultados da análise, existen 1.435 ha abandonadas con boa capacidade para produción agraria en MVMC.

Mapa 14. Áreas de oportunidade para a recuperación de terras.




A distribución territorial destas áreas de oportunidade tamén resulta de interese en relación aos núcleos, posibilitando a identificación de núcleos rurais con potencial para desenvolver **aldeas modelo**, dende o punto de vista da posta en produción de terra agraria abandonada e establecer ámbitos de protección das aldeas.

Algunhas aldeas de interese neste sentido poderían ser A Xironda e San Millao, no concello de Cualedro; Mandín, ou Feces de Cima, en Verín; Espiño e Videferre en Oimbra, Flariz en Monterrei, Lamasdeite ou Berrande en Vilardevós; Tamicelas ou Souteliño en Laza; Manzalvos na Mezquita.

En calquera caso, habería que realizar unha segunda lectura para avaliar o interese destas aldeas en termos históricos, de conectividade, patrimoniais, arquitectónicos, paisaxísticos, etc., antes da súa consideración como aldea modelo.

Mapa 15. Aldeas situadas en áreas de oportunidade para a recuperación de terras.



E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial

Os instrumentos de ordenación do territorio, derivados da lexislación en materia de ordenación do territorio, xunto coa regulación dos usos do solo contida na lexislación en materia de urbanismo, establecen fundamentalmente a zonificación do territorio e concretan unha normativa para os diferentes usos e actividades. Poden ter incidencia na execución dalgún dos instrumentos ou iniciativas contempladas.

Así a localización de determinados tipos de actuación pódese ver fortemente influída polos instrumentos de ordenación do territorio, polas figuras de regulación de usos ou polos instrumentos que operan no marco da xestión de terras, no sentido de priorizar, condicionar ou excluír expresamente ditas actuacións de determinadas zonas. Por outra parte, o réxime de compatibilidade entre diferentes tipos de actuacións pode encontrarse xa regulado polos instrumentos de forma máis ou menos detallada.

Neste sentido, o desenvolvemento de calquera dos proxectos derivados da estratexia deberá adecuarse ás determinacións recollidas nos seguintes instrumentos de ordenación territorial:

- Plan Básico Autonómico (PBA)
- Directrices de paisaxe de Galicia
- Estrategia nacional de infraestrutura verde y de la conectividad y restauración ecológicas (e, no momento da súa aprobación, a estratexia autonómica correspondente).
- Planeamento urbanístico.

Afeccións sectoriais en materia de patrimonio e á paisaxe

Patrimonio

Os valores patrimoniais son aqueles derivados dos bens materiais e inmateriais que constitúen o patrimonio cultural. Galicia conta cun rico legado neste sentido que se relaciona coa densa ocupación histórica que se fixo do territorio e con modelos produtivos moi apegados á terra. Isto xerou un fondo sentimento de pertenza e unha cosmovisión propia que se manifesta a través de prácticas sociais e medios culturais.

A protección, conservación e recuperación do patrimonio cultural pasa en primeiro termo polo seu coñecemento e clasificación a través de inventarios e catalogación. No caso do ámbito de estudo o número de bens inventariados é o seguinte:

Táboa 66. Número de elementos patrimoniais inventariados no ámbito. Fonte: Plan Básico Autonómico.

CONCELLOS	INVENTARIO PATRIMONIAL	
	ELEMENTOS TOTAIS	BIC
CASTRELO DO VAL	140	0
CUALEDRO	265	1
A GUDIÑA	97	0
LAZA	117	0
A MEZQUITA	50	0
MONTERREI	68	2
OÍMBRA	156	0
RIÓS	108	0
VERÍN	369	0
VILARDEVÓS	212	0
TOTAL ÁMBITO	1.574	3


Os Ben de Interese Cultural (BIC) son a figura de maior protección relativa ao patrimonio cultural. O ámbito conta con tres elementos con esta consideración:

- **Castelo de Monterrei** (monumento histórico-artístico): de orixe medieval, o conxunto foi declarado Monumento Nacional no ano 1931. A fortaleza e acrópole de Monterrei constitúese como elemento patrimonial referencial do sector pola súa relevancia histórica, artística e simbólica ao ser fto paisaxístico destacado do sector e promontorio con valores escénicos pola ampla amplitude des vistas do val de Monterrei e das serras circundantes.
O espazo consta de tres recintos amurallados que incluían o convento dos Franciscanos e o colexio dos xesuítas (ambas edificacións desaparecidas) e no sector intermedio o hospital de peregrinos. No ámbito superior destaca a monumentalidade da Torre do Homenaxe e a igrexa de Santa María. Na parte exterior, outra liña defensiva conformábase coa Torre da Atalaia.
- **Igrexa de Santa María de Mixós, Monterrei** (Monumento histórico-artístico): igrexa parroquial de fábrica prerrománica dos séculos IX-X. Presenta influencias arquitectónicas mozárabes e visigóticas. Localizada na veiga do río Támega, sitúase ao pé da Vía da Prata.
- **Castro de Saceda, Cualedro** (Monumento): coñecido como Castro da Cidá pola ampla superficie, foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2011. Localizado nun prominente outeiro, ten amplo dominio visual das terras de Cualedro coa serra do Larouco como fondo escénico. O xacemento ten gran valor pola súas estruturas e un completo sistema defensivo. Castro non romanizado, a súa cronoloxía abrangue dñede o século VI a.C. ata o século I d.C.
- **O Camiño de Santiago**, tamén con rango de BIC a nivel autonómico, actúa como conector de actividades entre o sur da península e a meseta través deste itinerario con prolongación a Galicia. A Vía da Prata é o eixo principal do Camiño de Santiago no sector. Logo de entrar en Galicia pola Portela da Canda, transita 16 quilómetros pola Mezquita e A Gudiña. A Vía da Prata bifúrcase na Gudiña, nun tramo norte que percorre a denominada serra Seca (transitando 46 km no ámbito de estudo) e un ramal sur que procura Verín (transitando 56 km no ámbito de estudo) e

saíndo do sector polo alto das Estivadas. O eixo principal da Vía da Prata recibe no sector outra variantes que ascende dende o norte de Portugal como é o camiño de Chaves a Verín.

A densidade de elementos patrimoniais mostra unha distribución desigual. Esta realidade espacial relaciónase coa ocupación histórica do territorio, sendo maior o número de elemento catalogados naquelas áreas de val de mellor condicións de habitación. Se ben os espazos de montaña contan con patrimonio etnográfico e arqueolóxico, é no val de Monterrei e, en xeral, a contorna inmediata das ribeiras do río Támega, onde se acumula o maior número de elementos patrimoniais. A vila de Verín e a súa contorna acumulan un gran número de elementos vinculados ao espazo construído. En canto ás tipoloxías de elementos catalogados, destacan dúas singularidades no sector. Por un lado, a presenza de 24 lagares inventariados (rupestres e tradicionais) que amosan a relevancia cultural do viño no ámbito. Por outra banda, a presenza de 21 minas inventariadas cunha distribución regular polo territorio pero con singular relevancia da presenza de volframio en Castrelo do Val e A Gudiña, nomeadamente o espectacular conxunto de Val Grande.

Mapa 16. Densidade de elementos patrimoniais.



A realización do Catálogo das Paisaxes de Galicia supuxo a identificación de Áreas de Especial Interese Paisaxístico. Esta figura aparece contemplada na propia Lei 7/2008 como mecanismo para a identificación de aquelas áreas con valores naturais e culturais co obxectivo de dispoñer a protección precisa que permita a preservación deses valores (Lei 7/2008). A selección destas áreas correspondeuse maioritariamente coas extraídas do proceso de participación pública realizado para a redacción do Catálogo das Paisaxes de Galicia polo que recolle as preferencias da cidadanía en canto a cales son os valores a protexer.

Táboa 67. Áreas de Especial Interese Paisaxístico no ámbito de estudo. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia.

AEIP	Superfície total	Superfície no âmbito	% no âmbito
Serra de Penas Libres	433,33 ha	433,33 ha	100%
Correchouso-Río de Cabras	917,65 ha	917,65 ha	100%
Río Edreira e Queixa	1.952,89 ha	280,99 ha	14%
Penedo dos Tres Reinos	1.489,61 ha	1.489,61 ha	100%
Serra da Queixa	13.719,64 ha	90,69 ha	< 1%
Río Támega	618,26 ha	618,26 ha	100%
Val de Laza	374,59 ha	374,59 ha	100%
Pena Maseira	1.427,18 ha	1.427,18 ha	100%
Penas da Serra do Larouco	182,06 ha	151,21 ha	83%

2 MEDIO HUMANO

2.4 Paisaxe e medio perceptivo

2.4.3 Paisaxes culturais

Fontes:

PBA - Plan Básico Autonómico [consulta 2021]
 Visor cartográfico do Castlego dos Paisaxes de Galicia [consulta 2021]
 Centro Nacional de Estudos Geográficos CNIG [consulta 2021]

Legend:

- AEIP - Áreas de especial importancia paisaxística
- Miradoiros
- Camino de Santiago
- Rutas BTT catalogadas
- Itinerarios BIC
- Itinerarios naturais
- Itinerarios panorámicos
- Itinerarios patrimoniais

Tal e como aparece recollido na *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia* (2019), “o conxunto do territorio galego posúe un incomparable patrimonio natural de excepcional valor, que constitúe un dos principais sinais de identidade da nosa comunidade autónoma e que exige a súa axeitada preservación para satisfacer as necesidades non só das xeracións actuais senón tamén as das xeracións futuras”. Así, ao abeiro das políticas da Unión Europea en materia de medio ambiente, enfocadas en garantir a súa conservación, protección e mellora, e especialmente baixo o marco da Directiva Hábitat (1992), o mantemento da biodiversidade precisa da definición dunha serie de hábitats naturais prioritarios para as especies de interese comunitario, que necesitan ser acoutados no territorio para garantir a súa preservación, e en determinados casos restauración, co obxectivo de garantir unha rede ecolóxica coherente a nivel europeo.

A estes efectos, delimítanse unha serie de ámbitos prioritarios para a conservación dos valores naturais baixo distintas figuras de protección, atendendo á súa relevancia en termos ambientais, de escala e/ou posición estratéxica respecto á rede ecolóxica, establecéndose áreas de conservación a escala europea, nacional, rexional e mesmo local. Consecuentemente, a Rede Natura 2000 creouse ao abeiro da DC 92/43/CEE coa finalidade de garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies ameazadas (Ramil Rego et al., 2012).

A nivel estatal, a normativa que regula os espazos naturais (Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) distingue tres categorías:

- Espazos Naturais Protexidos
- Espazos Protexidos da Rede Natura 2000
- Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais

En Galicia, os ámbitos de protección definidos pola Rede Natura 2000 decláranse zonas especiais de conservación (ZEC) polo *Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia*. Na actualidade existen un total de 374.716,86 ha catalogadas baixo esta figura de protección ambiental no conxunto do territorio galego.

No ámbito correspondente ao GDR-9 existen un total de 9.940 ha declaradas como ZEC da Rede Natura 2000, o que supón un 3% respecto do total catalogado baixo esta figura en Galicia. Esta superficie correspóndense cun 8% do territorio ámbito de estudo e está repartida en tres ZEC diferenciadas: dúas zonas de montaña, unha das cales está comprendida enteiramente na área de traballo, e un corredor fluvial que discorre asemade enteiramente dentro da delimitación da área suroriental.

[ZEC Pena Maseira \(ES1130008\)](#)

Esta ZEC forma parte da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, comportando unha superficie de 5.715,00 ha situadas enteiramente dentro do ámbito de estudo. A nivel estratéxico ten grande importancia dentro da rede ecolóxica europea pola súa conexión co Parque Natural portugués de Montesinho, que abrangue toda a raia lusitana desde Zamora ata Ourense.

Destacan na ZEC Pena Maseira a serra da Esculqueira (1.149 m) e o Penedo dos Tres Reinos (1.004m), punto de unión da tripla fronteira histórica dos reinos medievais de Portugal, Galicia e León. Tamén cabe mencionar as amplas masas de castiñeiros (*Castanea sativa*) que caracterizan esta comarca de media montaña. Nas zonas máis altas predomina o monte baixo acollendo poboacións estables de lobo e corzo.

En canto á vexetación característica, tal e como aparece recollido na *Memoria del Mapa de Series de Vegetación de España* (Rivas Martínez, 1987), toda a ZEC enmárcase dentro da serie supra-mesomediterránea carpetana occidental, orensano-sanabriense e leonesa humedo-hiperhumeda silicícola de *Quercus pyrenaica* o cerqueiro (*Holco mollis-Querceto pyrenaicae sigmetum*). VP, carballeiras de cerqueiros. Faciación supra-meso mediterránea con *Erica aragonensis* [18bb].

ZEC Macizo Central (ES1130002)

Esta ZEC atópase clasificada nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) compartidos entre a Rexión Bioxeográfica Atlántica e a Mediterránea. Comporta unha superficie total de 46.983,00 ha, das cales un 8% (3.642,00 ha) cara ao sur, atópanse dentro do ámbito de estudo.

En canto ás series de vexetación (Rivas Martínez, 1987), a parte da ZEC abranguida dentro do ámbito de estudo correspóndese con dúas series: por unha banda, a serie montana galaico-portuguesa acidófila do carballo ou *Quercus robur* (*Vaccinio myrtilli-Querceto roboris sigmetum*). VP, carballeiras acidófilas [8d]; por outra, cara ás zonas de maior altitude, a serie altimontana e supramediterránea juresiano-queixense, orensano-sanabriense e estrellense acidófila do bidueiros ou *Betula celtiberica* (*Saxifrago spathularis-Betuleto celtibericae sigmetum*). VP, abedulares [16c].

ZEC Río Támega (ES1130005)

Esta ZEC atópase igualmente clasificada nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) compartidos entre a Rexión Bioxeográfica Atlántica e a Mediterránea. Comporta unha superficie de 630,00 ha situadas enteiramente dentro do ámbito de estudo, conformando un corredor fluvial que continúa cara a territorio portugués, o que lle confire importancia a nivel estratéxico dentro da rede ecolóxica europea.


A zona protexida abrangue todo o curso do río Támega en territorio galego, ata a fronteira portuguesa, dende o seu nacemento nos altos da Alberguería (Laza), onde axiña conforma un corredor de bosques de ribeira e estreitos vales de montaña como o de Laza, que destaca pola boa calidade das augas. A zona protexida esténdese contemplando así mesmo as veigas e charcas naturais con rica vexetación flotante ao longo do val do Támega e do seu tributario Porto do Rei Bupal, para atravesar finalmente a zona vitivinícola de Verín, rica en augas mananciais.

En canto ás series de vexetación (Rivas Martínez, 1987), nesta ZEC atópanse ata tres series diferenciadas (unha dela subdividida en dúas faciacións) que vanse sucedendo conforme o río descende cara ao sur, partindo dunha morfoloxía máis característica de montaña augas arriba e transformándose progresivamente nun val cada vez máis amplo. Así, o norte da ZEC correspóndese coa serie montana galaico-portuguesa acidofila do carballo ou *Quercus robur* (*Vaccinio myrtilli-Querceto roboris sigmetum*). VP, carballeiras acidofilas [8d]. Posteriormente discorre por unha serie máis característica de val, a serie supra-mesomediterránea carpetana occidental, oreño-sanabriense e leonesa humedo-hiperhumeda silicícola de *Quercus pyrenaica* ou carballo cerqueiro (Holco mollis-*Querceto pyrenaicae sigmetum*). VP, carballeiras de cerqueiros, principalmente coa faciación típica con *Quercus robur* [18b], salvo na parte máis ao sur, na que se recolle a faciación mesomediterránea termofila con *Quercus suber* [18ba], coincidindo coas partes de val con menor pendente e maior proximidade ao río. Por último, a zona do leito do río correspóndese coa serie Geomegaseries riparias mediterráneas y regadios(R) [I].

Táboa 68. Espazos naturais protexidos dentro do ámbito de estudo

Espazos naturais protexidos	Sup. Total	Sup. no ámbito	% no ámbito	% do ámbito catalogada
ZEC ES1130002 - Macizo Central	46.983,00 ha	3.642,00 ha	8%	
ZEC ES1130005 - Río Támega	630,00 ha	630,00 ha	100%	
ZEC ES1130008 - Pena Maseira	5.715,00ha	5.715,00ha	100%	
Total ZEC	374.716,86 ha	9.940,34 ha	3%	8%
APA*	618.281,42 ha	58.447,13 ha	9%	46%

* Áreas prioritarias de avifauna



Mapa 19. Espazos naturais protexidos

Afeccións en materia de urbanismo

A estes efectos, o 90% dos concellos que forman parte do ámbito de estudo teñen algún instrumento de Planeamento Xeral, agás o Concello da Mezquita. A maior parte (80%) dispoñen dun PXOM, sendo Monterrei o único que se rexe por Normas Subsidiarias de 1989. Moitos dos PXOM foron redactados entre os anos 2008 e 2010, salvo os de Riós e A Gudiña que son anteriores (2001-2002) pero posúen modificacións puntuais máis recentes (2009-2010). Os PXOMS máis actuais son os de Verín (2014) e Oímbra (2016). Ningún dos concellos dispón de xerencia municipal de urbanismo e soamente o de Verín conta con servizo de oficina de rehabilitación.

Táboa 69. Instrumentos de ordenación dos concellos do ámbito de estudo.

Concello	Superficie (km2)	Poboación	Oficina rehabilitación	Xerencia municipal urbanismo	Planeamento xeral aprobado	PXOM	Normas subsidiarias	Planeamento de Desenvolvemento
Laza	215,9	1377	NON	NON	1	2008		0
Castrelo do Val	122	1067	NON	NON	1	2008		2
Cualedro	117,6	1792	NON	NON	1	2010		0
Monterrei	119,1	2713	NON	NON	1		1989	0
Oímbra	71,9	1894	NON	NON	1	2016		1
Verín	94,1	14031	SI	NON	2	2014	1986	4
Vilardevós	152,1	2036	NON	NON	1	2008		0
Ríos	114,4	1646	NON	NON	3	2001/2003/2009		1
A Gudiña	171,4	1345	NON	NON	4	2002/2003/2005/2010		1
A Mezquita	104,3	1070	NON	NON	0			0

En canto ás clasificacións de solo recollidas nos PXOM, é digno de mención que nun 30% dos concellos aparece contemplada a categoría de paisaxe dentro do solo rústico de protección, mentres que a protección de espazos naturais aparece recollida nun 40% e as proteccións patrimoniais nun 50%. É salientable tamén a distinción que se fai no PXOM de Laza de *solo rústico de protección forestal con vexetación autóctona*. As categorías de solo rústico de protección agropecuaria, forestal e de augas/leitos/ríos aparecen recollidas nun 70% dos concellos, sendo destacables as Normas Subsidiarias de Verín por facer mención específica á *vexetación de ribeira* dentro desta última categoría.

En canto á reserva de espazos para equipamentos e zonas verdes, nun 70% dos concellos aparecen representadas estas categorías na cartografía de ordenación.

A continuación recóllese unhas táboas por concello que permiten a análise comparada do contido dos planos de ordenación existentes nos PXOM e outros instrumentos de ordenación do territorio dentro dos ámbitos municipais obxecto de estudo.

Táboa 70. Instrumentos de ordenación do concello de Laza

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2008	
Tipos de solo	Solo urban	
	Solo núcleo rural	Tradicional
		Área de expansión
	Solo urbanizable	
	Solo rústico de protección	Agrícola
		Forestal
		Interese paisaxístico
		Forestal con vexetación autóctona
		Infraestruturas viarias
		Augas
		Espazos naturais
		Espazo natural Río Támega
		Patrimonio Camiño de Santiago
Sistemas xerais no solo rústico de protección ordinaria	S.X. Equipamentos públicos	Existentes
		De nova creación
	S.X. Espazos libres e zonas verdes públicas	Existentes
		De nova creación
Sistemas locais no solo rústico de protección ordinaria	S.X. Infraestruturas	
	Sistemas de espazos libres	Campo de hórreos e airas
		Espazos libres
		Zonas verdes
	Sistemas de equipamentos	Sociocultural
		Recreativo
		Asistencial
		Infraestruturas
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO - NON		

Táboa 71. Instrumentos de ordenación do concello de Castrelo do Val

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL		2013
Directrices de ordenación do territorio		2011
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2008	
	Solo núcleo rural	Tradicional
		Área de expansión
	Solo urbanizable	Non delimitado industrial (UNDI)
	Solo rústico de protección	Espazos naturais
		Agropecuaria
		Forestal
		Patrimonio
		Infraestruturas
		Augas
		Patrimonio arqueolóxico
Sistema Xeral de infraestruturas eólicas	Área de investigación Serra Seca	
Rede Natura 2000		
Espazos libres e zonas verdes		
Equipamentos	Sanitario	
	Deportivo	
	Cemiterio	
	Comercial	
	Administrativo	
	Educativo	
	Sociocultural	
	Servizo Público	
	Espazo libre	
	Relixioso	
		Turístico
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO		
Plan de sectorización	Do solo urbanizable non delimitado industrial (UNDI)	2010
Estudo de detalle	Para modificacións das aliñacións na estrada OU-113	2010

Táboa 72. Instrumentos de ordenación do concello de Cualedro

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011
Proxecto sectorial L.A.T. 132 kV S.T. Larouco-apoio 46 L.A.T. S.T. Xinzo-S.T. Verín		2010
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2010	
Tipos de solo	Solo urbano	Consolidado
		Non consolidado
	Solo urbanizable	
	Solo de núcleo rural	
	Solo rústico de protección	Ordinaria
		Especial
Sistema Xeral de zonas verdes		
Sistema Xeral de equipamentos		
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO - NON		

Táboa 73. Instrumentos de ordenación do concello de Monterrei

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	
Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	2013
Directrices de ordenación do territorio	2011
Implantación territorial de seis microplantas de transferencia de RSU,modelos T2 e T3	2008
PLANEAMENTO XERAL - NORMAS SUBSIDIARIAS ⁷	
DATA	1989
Tipos de solo	Solo no urbanizable en réxime normal
	Solo no urbanizable de aproveitamento agrícola
	Solo no urbanizable de protección forestal
	Protección fluvial e vexetación de ribeira
	Protección do patrimonio
	Protección do Castelo e contorna ambiental
	Equipamento
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO - NON	

⁷ Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado en 2014, anulado en 2017 polo Tribunal Supremo.

Táboa 74. Instrumentos de ordenación do concello de Oímbra

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL		2013
Directrices de ordenación do territorio		2011
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2016	
Tipos de solo	Solo núcleo rural	Histórico tradicional
		Común
		Complexo
		Sometido ao ámbito Plan Especial de Ordenación
	Solo urbanizable	Industrial delimitado (con planeamento incorporado)
	Solo rústico de protección	Forestal
		Forestal (autorizable actividades extractivas)
		Agropecuaria
		Augas
		Espazo natural (ZEC río Támega)
		Espazo natural
		Infraestruturas (viarias)
		Infraestruturas (derivados da política enerxética)
		Patrimonio cultural
Sistemas xerais	Equipamento público	Existente
		Nova creación
	Espazos libres e zonas verdes	Existentes
		Nova creación
Sistemas locais no solo rústico	Espazos libres e zonas verdes públicas existentes	
	Equipamento público	Sanitario
		Sociocultural
		Infraestruturas
		Deportivo
	Reserva equipamento	
	Equipamento privado	Relixioso
	Cemiterio	
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO		
Plan especial	Do parque empresarial	2012

Táboa 75. Instrumentos de ordenación do concello de Verín

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011
Plan sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia		2014
Parque empresarial de Tamagos		2011
Parque empresarial de Pazos		2011
Implantación territorial de seis microplantas de transferencia de RSU, modelos T2 e T3		2008
Modificación Puntual do plan sectorial de áreas empresariais de Galicia para o POL de Verín		2010
PLANEAMENTO XERAL – PXOM Nº 1 (Sen planos de ordenación)		
PLANEAMENTO XERAL – NORMAS SUBSIDIARIAS		
DATA	1986	
Tipos de solo	Solo urbano	
	Solo apto para urbanizar	
	Zona verde	
	Casco antigo	
	Equipamento	
	Solo urbano sen detallar	
	S.A.P.U	
	Solo urbano industrial	
	Zona vivendas unifamiliares	
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO		
Plan parcial	Polígono industrial C-I	1986
Plan especial	DE Dotacións e infraestruturas parcela 5001 Polígono 503	2011
Plan especial	DE Dotacións e infraestruturas finca San Roque o Touza	2009
Modificación puntual	PP Polígono industrial C-I	1990

Táboa 76. Instrumentos de ordenación do concello de Vilardevós

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2008	
Tipos de solo	Solo núcleo rural	Tradicional
		Zona de expansión
	Solo urbanizable	Non delimitado industrial
		Delimitado industrial
		Delimitado residencial
	Solo rústico de protección	Ordinaria
		De ríos
		Paisaxística
		Agropecuaria
		Forestal
		Infraestruturas
		Especial de patrimonio
Espazos libres e zonas verdes		
Equipamentos		Sanitario
		Deportivo
		Cemiterio
		Comercial
		Administrativo
		Educativo
		Sociocultural
		Servizo público
		Espazo libre
		Relixoso
		Turístico
		Instalacións
		Funerario
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO - NON		

Táboa 77. Instrumentos de ordenación do concello de Riós

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011
Proxecto sectorial do Parque empresarial de Riós		2008
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2001/2003/2009	
Tipos de solo	Solo rústico común	Uso vivenda unifamiliar
		Uso terciario industrial
	Solo de núcleo rural	Colmatado
		Consolidado
		Non consolidado
	Solo rústico de protección	Cauces
		Paisaxe
		Forestal
		Agropecuaria
Elementos catalogados		
Protección ruta de interés paisaxístico		
Sistemas xerais	Equipamentos	
	Espazos libres e zonas verdes	
Sistema viario		
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO		
Plan de sectorización	Reformado 2, “As venidas da barreira”	2009

Táboa 78. Instrumentos de ordenación do concello da Gudiña

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL		2013
Directrices de ordenación do territorio		2011
Implantación territorial de seis microplantas de transferencia de RSU,modelos T2 e T3		2008
PLANEAMENTO XERAL - PXOM		
DATA	2002/2003/2005/2010	
Tipos de solo	Solo urbano	
	Solo de núcleo rural	Tradicional
		En edificación extensiva
	Solo rústico común	
	Solo rústico de protección	Cultivos
		Forestal e de montes
		Cauces
PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO		
Estudo de detalle		1997

Táboa 79. Instrumentos de ordenación do concello da Mezquita

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO		
Directrices de ordenación do territorio		2011


E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais.

Durante os talleres municipais detectáronse unha serie de axentes con interese de levar a cabo iniciativas de recuperación de terra agraria no territorio para a súa posta en produción. Ao tempo, estes participantes amosaron interese polas figuras recollidas para tal fin na *LEI 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, así como posibles liñas de financiación da Consellería de Medio Rural, tales como o *Plan de Pastos* ou o *Plan de Soutos*.

Por este motivo considerouse de interese realizar unha fase de participación personalizada na que poder recoller estes espazos de oportunidade cunha maior precisión, a través de visores cartográficos que permitisen a xeolocalización precisa dos ámbitos solicitados. O resultado destas entrevistas é un mapa de solicitudes concretas de polígonos agroforestais, con especificacións detalladas sobre o uso previsto, a superficie requirida e o contacto dos axentes interesados en desenvolver a xestión dos mesmos.

Estes mapas recollen menos elementos que os realizados a partir da información dos talleres municipais, pero cunha maior precisión dos ámbitos de oportunidade e máis exactitude nas posicións xeográficas.

Mapa 20. Proposta de recuperación de terras elaborado a través das solicitudes de polígonos agroforestais recollidas no proceso de participación pública en entrevistas individuais cos axentes interesados.



Táboa 80. Solicitudes de axentes privados.

SOLICITUDES PRIVADAS	SUPERFICIES	PORCENTAXES
Tipos de parcela recollida		
Parcelas en propiedade/manexo	87,77 ha	5,5%
Parcelas MVMC	380,83 ha	23,9%
Parcelas solicitadas para polígono agroforestal	1123,55 ha	70,6%
Total parcelas recollidas	1592,15 ha	
Tipos de polígono solicitado		
Polígono gandeiro (vacún e ovino)	956,74 ha	85,2%
Polígono agrario (castiñeiros e viñado)	166,81 ha	14,8%
Total polígonos solicitados	1123,55 ha	
Outras solicitudes rexistradas		
Inclusion DOP Monterrei	16,5 ha	1%
Plan pastos (MVMC)	330,78 ha	20,8%
Axudas plantacións castineiro	269,62 ha	16,9%
Axudas enoturismo	20,46 ha	1,3%
Axudas para crear pastos en polígonos	956,74 ha	60%
Total outras solicitudes	1.594,1 ha	

Táboa 81. Solicitudes impulsadas por concellos

SOLICITUDES IMPULSADAS POR CONCELLOS	SUPERFICIES	PORCENTAXES
Tipos de parcela recollida		
Plan silvopastoral de Videferre (Concello de Oímbra)	87,77 ha	5,5%
Plantacións de soutos (Concello de Laza)	380,83 ha	23,9%
Cultivo tradicional de centeo (Concello da Mezquita)	1123,55 ha	70,6%

Táboa 82. Resumo das solicitudes

SOLICITUDES	SOLICITANTE	USOS	SUPERFICIES	PORCENTAXE
SOLICITUDES POR PARTE DE AXENTES PRIVADOS				
Creación de Polígonos agroforestais privados	Axente privado	Polígono gandeiro (vacún e ovino) 956,74 ha - 85,2%	1.123,55 ha	41,71%
	Axente privado	Polígono agrario (castiñeiros ou viñado) 166,81 ha - 14,8%		
Solicitudes de Plan de Pastos	Comunidades de Montes		330,78 ha	12,28%
SOLICITUDES IMPULSADAS DENTE OS CONCELLOS				
Agrupación de xestión conxunta	Concello de Oímbra	Plan Silvopastoral Videferre (soutos e gandaría)	591,40 ha	21,95%
Figura pendente de definir	Concello de Laza	Soutos	178,82 ha	6,64%
Figura pendente de definir	Concello da Mezquita	Plan para a recuperación do cultivo tradicional de centeo	469,22 ha	17,42%
TOTAL			2.693,77 ha	100,00%

En canto ás solicitudes recollidas nas entrevistas personalizadas, **rexistráronse máis de 1.500 ha de parcelas**. Deste total, arredor dun 5% correspóndese a parcelas en propiedade ou manexo por parte dos axentes solicitantes, mentres que preto do 25% son de comunidades de montes.

O 70% das solicitudes está relacionada coa formalización de polígonos agroforestais para a recuperación de terra agraria, fundamentalmente para pastos (956,74 ha, máis do 80%) pero tamén para plantacións de castiñeiros (216,86 ha, cerca do 20%). En total, solicitáronse **1.173,6 ha** para a recuperación de terras mediante a figura dos polígonos agrogandeiros ou forestais.

Por outra banda, tamén amosouse moito interese en posibles **vías de financiamento**, tanto para a creación de novos pastos como para a plantación de castiñeiros. Practicamente todas as propostas realizadas por parte de comunidades de montes están relacionadas coa solicitude dun **plan de pastos** (máis do 20 % de solicitudes de financiamento están nesta casuística). Igualmente, todos os solicitantes de polígonos agrogandeiros interesáronse pola posibilidade de acadar financiamento para a creación de novos pastos, así como o peche do polígono (956,74 ha, correspondéndose ao 60% de solicitudes de axudas rexistradas). En canto ao castiñeiro, a necesidade dunha xestión a longo prazo provoca que moitos axentes opten pola compra de parcelas. Tanto estes usuarios como aqueles que solicitaron polígonos para o establecemento de novos soutos fican interesados en posibles vías de financiamento para estes proxectos (un total de 269,62 ha, case o 17% das solicitudes de axudas, son para este fin).

Por último, recóllense tamén propostas de axudas para o desenvolvemento de **actividades de enoturismo**, así como a inclusión dalgunhas parroquias do concello de Cualedro na **D.O.P. Monterrei**, o que consideran xustificado por compartir os terreos as mesmas condicións bioclimáticas.

Figura 16. Contorna do Miradoiro do Corno en Toro, Laza.



Bibliografía

Bouhier, A. (2001) Galicia. *Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. (Colección Biblioteca de Clásicos Agrarios Galegos, 16). (Traducción do orixinal de 1979). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. (2021). [en liña]. Catálogo das paisaxes de Galicia. Dispoñible en: https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_Instituto_Estudios_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Catalogo_paisaxe_galicia/seccion.html&std=Descarga.html

Consellería do Medio Rural. (2019). Anuario de Estatística Forestal de Galicia. *Estatística Forestal*. <https://mediorural.xunta.gal/gl/recursos/estadisticas/estadisticas-forestais>

Consellería do Medio Rural. (n.d.). *Produtos galegos de calidade*. <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/agricultura/produtos-galegos-de-calidade>

Consellería do Medio Rural. (varios). Anuario de Estatística Agraria. *Estatística Agraria*. <https://mediorural.xunta.gal/gl/recursos/estadisticas/estadistica-agraria>

Corbelle Rico, E. (2011): *Abandono de la agricultura en Galicia. Una perspectiva territorial*. Editorial Académica Española. Leipzig.

Corbelle Rico, E.; Crecente Maseda, R. (2012) Urbanización, forestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia, 1985-2005. [Internet] *Revista Galega de Economía*, vol. 23, núm. 1, pp. 35-51. [Consultado o 19 de outubro de 2021]. Dispoñible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39133717006>

Corbelle-Rico, E., Vila-García, D., Crecente Maseda, R. e Díaz-Fierros Viqueira, F. (2014). Dixitalización do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia. *Recursos Rurais*. 35-44. 10.15304/rr.id3321.

Crespo Iglesias, A. (2014): As políticas de mobilidade da terra en Galicia. En: Saavedra Fernández, P. e Rodríguez González, R. (dirs.), *A terra en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Concello de Lalín.

DECRETO 37/2014, de 27 de marzo, por el que se declaran zonas especiales de conservación los lugares de importancia comunitaria de Galicia y se aprueba el Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia. [Internet] *DOG Núm. 62*, de 31 de marzo de 2014. [Consultado o 8 de outubro de 2021]. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140331/AnuncioCA02-270314-0001_es.pdf

DECRETO 69/2016, de 19 de mayo, por el que se crea la Red de parques naturales de Galicia. [Internet] *DOG Núm. 117*, de 21 de junio de 2016. [Consultado o 8 de outubro de 2021]. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160621/AnuncioG0422-100616-0004_es.html

Díaz Manso, J. M.; Santé Riveira, I.; Nieto Zas, E. (2018) A aptitude do solo na avaliación de terras para a planificación Territorial. [Internet] *Revista Galega de Economía*, vol. 27, núm. 2, pp. 155-160. [Consultado o 19 de outubro de 2021]. Dispoñible en: <https://revistas.usc.gal/index.php/rge/article/view/5665>

Directiva 92/43/CEE del Consejo, de 21 de mayo de 1992, relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestres. [Internet] «DOCE» núm. 206, de 22 de julio de 1992, p. 7-50. [Consultado o 8 de outubro de 2021]. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-L-1992-81200>

Fondo Galego de Garantía Agraria. (Campaña 2021). *SIXPAC. Sistema Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas*. Consellería do Medio Rural.. <https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>

LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. [Internet] *DOG Núm. 149*, de 7 de agosto de 2019. [Consultado o 8 de outubro de 2021]. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190807/AnuncioC3B0-020819-0001_gl.html

Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. [Internet] «BOE» núm. 299, de 14 de diciembre de 2007. [Consultado o 13 de outubro de 2021]. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21490>

Ley 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia. [Internet] «DOG» núm. 139, de 18/07/2008. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2008-14097&p=20080718&tn=2>

López Iglesias, E. (2019a). Realidade actual e retos futuros do medio rural en Galicia Realidade actual e retos futuros do medio rural en Galicia. En VVAA (2019), *Pasado, presente e futuro do mundo rural. Feiraco, un modelo cooperativo de 50 anos*, pp. 75-106. Editorial Galaxia, 300 pp.

Oficina virtual do medio rural. (n.d.). *Concentracións parcelarias – procesos*. Consellería do Medio Rural. <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentracion-parcelarias-procesos>

Oficina virtual do medio rural. (n.d.). *Montes veciñais en man común*. Consellería do Medio Rural. <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/montes-vecinais-en-man-comun>

Ramil Rego, P. et al. (2012) *Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia – Documento de síntese*. Xunta de Galicia

Rivas Martínez, S. (1987) *Memoria del Mapa de Series de Vegetación de España*. I.C.O.N.A. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. [Internet, consultado o 13 de outubro de 2021]. Dispoñible en: https://floramontiberica.files.wordpress.com/2012/09/mapa_series_vegetacion_1987.pdf

Vega, J., Fernández Filgueira, C., Arellano-Pérez, S., Fonturbel, T., & Ruíz, A. (2021). Os incendios forestais do cambio global xa estan aquí. Un desafío e unha ocasión para lograr unha resposta social consensuada. (pp. 49-119). *Unha nova xeración de lunes? Actas do Coloquio Galaico-Portugués sobre Incendios Forestales*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela. 240 pp. ISBN: 978-84-17802-29-5. D.L.: C 564-2021. DOI: 10.17075/unxl.2021

Vega, J.A., & Fernández, C. (2020). La interfaz urbano-forestal-agrícola en Galicia y el riesgo de incendio. *Retos en el manejo de combustibles en masas forestales y en la interfaz urbano forestal* (pp. 103-128) Pontevedra: CIF Lourizán. ISBN978-84-123245-1-8

Xunta de Galicia (2011): Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Memoria e Determinacións / Informe de Sustentabilidade Ambiental. Xunta de Galicia, 469 pp.

Listado de empresas referidas no documento:

Cárnicas Hermanos Boo. (n.d.). <https://es-es.facebook.com/carherboo/>

Mel de Galicia. (n.d.). <https://mieldegalicia.org/2018/gl/inicio/>

Asoporcel: Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta. <https://asoporcel.es/la-raza/>

Cárnicas Hnos. Regueiro. (n.d.). <https://www.carnicasregueiro.com/>

DOP Monterrei. (n.d.). <http://www.domonterrei.wine/inicio/>

Ruta do Viño Monterrei. (n.d.). <http://www.rutadelvinomonterrei.com/>

Ánades Galicia. (n.d.). <http://anadesgalicia.com/>

Castañas Rosendo. (n.d.). <http://www.castanasrosendo.com/>

Pecado de Outono. O sabor da nosa terra. (n.d.). <https://www.pecadodeoutono.es/>

Verín Biocoop S.C.G. (n.d.). <http://www.verinbiocoop.com/>

F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia

<i>F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia.....</i>	<i>283</i>
Introdución	284
F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades	284
F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia	284
F.1.2. Grupos de traballo (GT)	286
F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia.....	288
F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia.....	289
F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos	289
F.2.2 Grupos de traballo.....	289
F.2.3 Base de datos de proxectos.....	289
F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación	290
F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC	290
F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices.....	290
F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR	291
F.3.3 Reunións de seguimento	291
F.3.4 Gobernanza	291

Introdución

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR Monteval coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades

F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que “*Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia*”.

O GDR Monteval decidiu adherirse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.

- Utilización da “plantilla” ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
27/05/2022	Reunión de Xunta directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs
8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)

- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
 - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
 - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
 - G. Propostas de proxectos piloto.

F.1.2. Grupos de traballo (GT)

De modo complementario, o GDR Monteval, en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciarán a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaralle ao GDR Monteval, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poner en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

TEMÁTICA	GDR INTERESADO
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	X
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	X
C.-Auga e cambio climático	X
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	X
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	X
F.-Turismo en espazos rurais	X
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	X
H.-Novos modelos xestión do monte, loita contra incendios e sustentabilidade	X
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	X
H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	X

O GDR Monteval considera que con maior o menor alcance todas as temáticas propostas son relevantes para o seu territorio e que por tanto ten interese en colaborar en todos os grupos focais temáticos, destacando entre eles os seguintes:

- Grupo focal temático C (Auga e cambio climático):
 - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica nos efectos derivados do cambio climático que está a sufrir o territorio con períodos acusados de seca e lumes de sexta xeración.
 - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia no marco do Consorcio do Támega, no que participan os 10 concellos do GDR e que está a solicitar un PERTE de dixitalización do ciclo da auga para mellorar o saneamento e a calidade da auga do río Támega.
- Grupo temático D e F (Recuperación de terras agrarias e novos empregos, ferramentas para xestión do territorio):
 - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o territorio Monteval, polas súas características de abandono do territorio e perda de poboación, é un territorio piloto da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento das ferramentas que recolle a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. De feito estase desenvolvendo un Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental de Ourense (os 10 concellos do GDR) para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística.
 - (Existen xa un total de catro aldeas modelo declaradas: Carzoá en Cualedro, Infesta en Monterrei, Pedroso en Riós e O Seixo en A Gudiña. Ao tempo, impulsáronse catro polígonos agroforestais nos concellos de Cualedro, Monterrei, Riós e Oímbra, este último dedicado ao produto de horta característico da zona que da orixe a IXP Pemento de Oímbra.)
 - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a divulgar boas prácticas no desenvolvemento de aldeas modelo ou polígonos agroforestais co resto de GDR con problemas similares.
 - O GDR pode contribuír á coordinación deste grupo temático.
- Grupo temático B. Novos modelos enerxéticos e eficiencia.
 - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o territorio ten potencial para o desenvolvemento de enerxías renovables en torno á biomasa, a enerxía solar e a enerxía eólica; e que preténdese desenvolver un proxecto piloto relacionada coa creación de comunidades enerxéticas nas aldeas.
- Grupo temático I. Sector agrario e produtos alimentarios.
 - O principal interese en participar neste grupo de traballo é o interese por mellorar a competitividade e a posta en valor dos produtos agroalimentarios locais (horta, castaña, carne, etc....).

En canto a grupos de traballo por tipos de territorios, o GDR Monteval identifica oportunidades de colaboración en particular cos seguintes territorios ou GDR:

- Territorios: GDR Carballiño- Ribeiro, GDR Ribeira Sacra- Courel, GDR Condado Paradanta, GDR Valdeorras.
 - Motivación: GDR pertencentes a outras DOP de viño en Galicia:
 - Interese e oportunidades de colaboración: Crear rede de territorios produtores de viño, e poner en marcha actividades e proxecto en conxunto.
- Territorios: GDRs de Ourense e Sur de Lugo.
 - Motivación: territorios de interior con moito abandono e despoboación.
 - Interese e oportunidades de colaboración: definir e compartir accións para facer fronte a esta problemática desde os GDRs.
- Territorios: GDR Ribeira Sacra Courel, GDR Sil Bibeí e GDR Valdeorras.
 - Motivación: territorios con alta recorrencia de lumes forestais.
 - Interese e oportunidades de colaboración: definir e compartir accións para facer fronte a esta problemática desde os GDRs.

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que considere de interese, dos grupos de traballo nos que participe o GDR serán integrados no contido da súa estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicación na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Elaboración de propostas de proxectos concretos nesas temáticas.
- Outras actividades divulgativas.

F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia

O GDR Monteval establecerá contactos cos GDR que considere en función de outras temáticas de interese que podían xurdir e que sexan abordadas e compartidas por outros GDRs.

F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia

O GDR Monteval prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR Monteval contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

F.2.2 Grupos de traballo

Unha vez aprobada a estratexia do GDR Monteval, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

F.2.3 Base de datos de proxectos

O GDR Monteval colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluírá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR Monteval márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR Monteval recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Cabe destacar que no caso do GDR Monteval, é de suma importancia a colaboración e participación na execución do Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental de Ourense para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística, impulsado pola Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense e os concellos do GDR, que se atopa pendente de aprobar e presentar durante o ano 2023.

Tendo iso como base, o GDR Monteval propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas

prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR Montveal avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR Monteval considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR Monteval levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiados polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

F.3.3 Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, o GDR Monteval propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

F.3.4 Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR Monteval considera que sería oportuno constituír un “Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER”. O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

G. Propostas

G.1. PROPOSTA 1 GDR MONTEVAL	293
G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.	293
G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.....	293
G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.	294
G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación	295
G.1.5. Obxectivos a conseguir:	295
G.1.6. Actividades propostas:.....	296
G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego:.....	298
G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación.....	300
G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais	300
G.2. PROPOSTA 2.	301
G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.	301
G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.....	301
G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.	302
G.2.4. Ámbito xeográfico de actuación	302
G.2.5. Obxectivos a conseguir:	303
G.2.6. Actividades propostas:.....	303
G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego:.....	305
G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación.....	306
G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais	306

G.1. PROPOSTA 1 GDR MONTEVAL

G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Denominación

Polígonos privados para mobilización de terras e Living-Lab para a súa xestión multifuncional contra incendios

Breve xustificación

Desenvolvemento de polígonos privados para mobilización de terra agraria, respondendo ás demandas existentes por parte de axentes do territorio, facilitando as labores necesarias para a recuperación e posta en produción de terras abandonadas.

Mediante o Living-Lab búscase a co-creación dun modelo de xestión sostible e multifuncional destes polígonos, que poña en valor a produción local a través do establecemento dunha rede de emprendedores dos sectores agrogandeiro, forestal e turístico, acompañándoos para fomentar a súa colaboración, a mellora da súa competitividade e a xeración de emprego e oportunidades en torno aos produtos de identidade da comarca, resaltando a súa labor na prevención de lumes.

G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Entidade tractora

Denominación	Asociación Monteval (GDR-9)
Datos de contacto	asociacionmonteval@gmail.com 988590233
Sector e actividades	Grupo de Desenvolvemento Rural

Outras entidades participantes:

Colaboración	Si	X	Non	
Público/Privada				

Entidade 1

Denominación	Consellería de Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
Datos de contacto	infoagader@xunta.es 981 547 354
Sector e actividades	Administración Pública

Entidade 2

Denominación	Concellos dentro do GDR-9 implicados: 10
Datos de contacto	A procurar nos directorios dos concellos de: A Mezquita, A Gudiña, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós.
Sector e actividades	Administración Pública

Entidade 3	
Denominación	Propietarios e xestores
Datos de contacto	A determinar durante o desenvolvemento do proxecto.
Sector e actividades	Propietarios: - Persoas físicas que ceden as súas terras para o desenvolvemento dos polígonos. Sector agrogandeiro e forestal: - Persoas físicas e empresas a cargo da xestión directa dos polígonos desenvolvidos. - Persoas físicas e empresas a cargo da transformación e comercialización dos produtos desenvolvidos na rede de polígonos. Sector turístico: - Persoas físicas e empresas a cargo do desenvolvemento de actividades turísticas que poñan en valor o produto local desenvolvido nos polígonos.

G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

Descrición da innovación	
Tipo de innovación	Descrición e xustificación
1. Produto	A base do proxecto é o aproveitamento do recurso, actualmente sen explotar, que son as terras de alta produtividade agraria abandonadas na comarca do ámbito do GDR-9, a través das novas figuras da <i>Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia</i> , concretamente os polígonos agroforestais, aproveitando o capital humano existente no territorio con interese en xestionar estas terras para o desenvolvemento de actividades agrogandeiras e forestais vencelladas ao produto local de identidade da comarca.
2. Procesos	O desenvolvemento de modelos multifuncionais asociados aos polígonos (tales como combinar a gandería extensiva coa plantación de forraxes para minimizar a dependencia de insumos externos, o silvopastoreo ou a introdución da apicultura en combinación cos soutos para favorecer o servizo ecosistémico de polinización), contribúe á redución de custes na produción e no consumo de recursos naturais. Pola súa banda, o traballo en rede a través do Living-Lab con axentes locais e empresas de diversos sectores que colaboren para completar ciclos minimiza os recursos enerxéticos consumidos e axuda a reducir a contaminación. En definitiva, o funcionamento sinérxico de todo o proxecto resulta na mellora do servizo ecosistémico de prevención de lumes, esencial neste territorio.
3. Comercialización	O impulso e acompañamento, dende o Living-Lab, a iniciativas de comercialización dos produtos xerados na rede de polígonos desenvolvidos, baixo a premisa dunha xestión multifuncional contra incendios, resulta unha estratexia innovadora de cara a posicionar os produtos no mercado, apelando á crecente responsabilidade ambiental por parte da sociedade.

G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	10
Nº de núcleos de poboación (total)	24

Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	- A Mezquita - A Gudiña - Riós - Vilardevós - Castrelo do Val - Verín - Laza - Cualedro - Monterrei - Oimbra
Relación de núcleos de poboación (total)	- A Mezquita, A Esculqueira, Manzalvos - O Tameirón, O Seixo - Riós, O Seixo, Florderrei - Vilardevós, O Bustelo, Vilar de Cervos, Osoño - Castrelo do Val, Gondulfes - Tamagos, Mandín - Tamicelas, Trez - Carzoá, A Xironda, San Millao - Flariz, Infesta - Videferre

G.1.5. Obxectivos a conseguir:

Obxectivos xerais

- OX1. Mellorar o servizo ecosistémico de prevención de lumes.
- OX2. Recuperar terras de alta produtividade agraria en estado de abandono.
- OX3. Dinamizar os sectores produtivos para crear sinerxías e completar ciclos.
- OX4. Poñer en valor o produto local como identidade da comarca.

Obxectivos específicos

- OE1. Desenvolver polígonos privados para a posta en produción de terra agraria abandonada por parte de axentes do territorio.
- OE2. Co-crear un modelo de xestión multifuncional contra incendios testado no marco dun Living-Lab nos polígonos desenvolvidos.
- OE3. Acompañar aos emprendedores e empresas dos sectores agrogandeiro, forestal e turístico no proceso de creación de oportunidades de negocio vencelladas á transformación e comercialización dos produtos locais asociados aos polígonos.
- OE4. Difundir no mercado o labor antilume dos produtos xerados na rede de polígonos de xestión multifuncional.

G.1.6. Actividades propostas:

Listaxe de actividades	
Actividade	Descrición e xustificación
1. Identificación dos activos e posta en marcha do proxecto.	Para a identificación dos activos e posta en marcha do proxecto, contéplanse as seguintes accións: 1.1 Contacto aos axentes público-privados para involucralos no desenvolvemento do proxecto, contemplando: P1. Administración autonómica (Consellería de Medio Rural – AGADER). P2. Administracións locais (Concellos). P3. Axentes interesados no desenvolvemento de polígonos agroforestais. P4. Emprendedores e empresas interesadas en desenvolver novas oportunidades de negocio vencelladas aos sectores produtivos da comarca. 1.2 Celebración de xornada de presentación do proxecto con todos os axentes involucrados.
2. Desenvolvemento dos polígonos agroforestais.	Para o desenvolvemento dos polígonos agroforestais será necesario abordar as seguintes accións: 2.1 Delimitación dos ámbitos dos polígonos coas terras abandonadas que formarán parte do proxecto. 2.2 Establecemento de protocolos que faciliten aos axentes privados a investigación da propiedade nas parcelas delimitadas para o polígono. 2.3 Posta a disposición dun espazo común de mediación para as negociacións entre propietarios e axentes xestores que permita alcanzar acordos beneficiosos para ambas partes. 2.4 Establecemento do marco necesario para garantir a seguridade xurídica de todas as partes implicadas.
3. Posta en marcha do Living-Lab	Para a posta en marcha do Living-Lab establécense as seguintes accións: 3.1 Realización dun benchmarking de casos de éxito. 3.2 Organización de sesións de formación e visitas a casos de éxito. 3.3 Desenvolvemento de xornadas participativas para co-deseñar os modelos de xestión multifuncional dos polígonos agroforestais que contribúan á resistencia fronte ao lume a través da xestión responsable do territorio (produción sostible, sinerxías entre distintos cultivos, preservación de valores ambientais e culturais, infraestrutura verde e servizos ecosistémicos). 3.4 Desenvolvemento de xornadas de networking para co-crear iniciativas/oportunidades de negocio, de xeración de valor e de emprego local, vencelladas á rede de polígonos establecida (transformación, comercialización e actividades turísticas). 3.5 Definición e testado do modelo multifuncional en base ao estudo de viabilidade e de mercado das iniciativas propostas. 3.6 Dinamización do modelo cos actores interesados en lideralo.

4. Difusión resultados	dos	Para difundir os resultados do proxecto e garantir a súa permanencia e vocación de ser replicado, prevense as seguintes accións: 4.1 Deseño dun sistema de recoñecemento no mercado da labor antilume dos produtos locais elaborados na rede de polígonos multifuncionais. 4.2 Elaboración de contido audiovisual de divulgación do proxecto que contribúa a un cambio no discurso sobre o rural, co foco posto en atraer emprendedores potenciais que se incorporen e amplíen a rede de polígonos multifuncionais ou a repliquen noutros territorios.
-------------------------------	------------	---

Descrición das actividades enumeradas															
Actividade		Calendario												Participantes	
1.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	1.1	- ET, P1, P2, P3, P4
	2023	1.1	1.1	1.1	1.2									1.2	- ET, P1, P2, P3, P4
	2024														
	2025														
	2026														
2.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	2.1	- ET, P2, P3
	2023				2.1	2.1	2.1	2.1	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	- ET, P1, P2, P3
	2024	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.3	2.3	2.3	2.3	2.3	2.3	- ET, P2, P3
	2025	2.3	2.4	2.4										2.4	- P1, P3
	2026														
3.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	3.1	- ET
														3.2	- ET, P3, P4
	2023				3.1	3.1	3.1	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.3	- ET, P3, P4
	2024	3.3	3.3	3.3	3.3	3.3	3.3	3.3	3.3	3.4	3.4	3.4	3.4	3.4	- ET, P3, P4
	2025	3.4	3.4	3.4	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	3.5	- ET, P3, P4
	2026	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	3.6	- ET, P3, P4
4.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	4.1	- ET, P1, P2
	2023				4.2		4.2	4.2			4.2		4.2	4.2	- ET, P4
	2024		4.2			4.2			4.2			4.2			
	2025			4.2	4.2				4.1	4.1	4.1	4.1	4.1		
	2026		4.2			4.2			4.2	4.2	4.2	4.2	4.2		

G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego:

Descrición dos resultados esperados

Resultado 1. Rede de entre 3 e 5 polígonos agroforestais privados desenvolvidos.

Descrición	Desenvolvemento dunha rede de entre 3 e 5 polígonos agroforestais privados, incluíndo a investigación da propiedade, o acordo entre propietarios e xestores e a formalización do mesmo a través do marco xurídico establecido pola Consellería de Medio Rural no marco da <i>Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia</i> .	
Beneficiarios	Axentes xestores interesados. Propietarios dos terreos implicados.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX2. Obxectivos específicos aos que responde: OE1.	

Resultado 2. Entre 3 e 5 Plans de Xestión Multifuncional co-deseñados.

Descrición	Co-deseño de Plans de Xestión Multifuncional para os polígonos consolidados, no marco do Living-Lab e coa participación dos axentes implicados. Os plans axustaranse aos condicionantes de cada actividade, buscando a optimización e mellora da calidade dos produtos a través da introdución de prácticas sostibles e criterios de infraestrutura verde. As tipoloxías de polígonos poderán integrar, entre outras, as seguintes prácticas: - Polígono agrogandeiro para gandería extensiva (vacún/ovino) integrando prácticas de silvopastoreo e turismo sostible. - Polígono agrogandeiro para plantación de castiñeiros, integrando usos de apicultura, plantación de cereais e turismo sostible. - Polígono agrogandeiro para viticultura, plantas aromáticas e/ou medicinais e turismo sostible. Polígono forestal para plantacións de especies madeiras, micoloxía e turismo sostible.	
Beneficiarios	Axentes xestores interesados.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX1. Obxectivos específicos aos que responde: OE2.	

Resultado 3. Entre 3 e 5 iniciativas empresariais impulsadas para a transformación, comercialización ou valorización dos produtos locais desenvolvidos na rede de polígonos.

Descrición	Asesoramento e acompañamento, no marco do Living-Lab, a emprendedores ou empresas dos sectores agrogandeiro, forestal ou turístico, para a co-creación de entre 3 e 5 iniciativas vencelladas á posta en valor dos produtos locais desenvolvidos na rede de polígonos agroforestais implementada. As iniciativas poderán incluír proxectos de transformación e comercialización, así como experiencias turísticas e actividades que dean visibilidade aos produtos identitarios da comarca.	
Beneficiarios	Emprendedores e empresas dos sectores agrogandeiro, forestal ou turístico involucradas. Axentes xestores dos polígonos multifuncionais.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX3. Obxectivos específicos aos que responde: OE3.	

Resultado 4. Distintivo antilume para os produtos locais e campaña de difusión de resultados deseñados e lanzados.

Descrición	Deseño de distintivo común para a diferenciación dos produtos elaborados nos polígonos multifuncionais e a transmisión da súa labor antilume. Este distintivo integrarase no packaging de todos os produtos comercializados, que incluírán un enlace a unha peza audiovisual para difundir o proxecto e a labor dos polígonos agroforestais na prevención de lumes, como valor engadido no mercado.	
Beneficiarios	Emprendedores e empresas dos sectores agrogandeiro, forestal ou turístico involucradas. Axentes xestores dos polígonos multifuncionais.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX4. Obxectivos específicos aos que responde: OE4.	

G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	Cando menos, a metade dos axentes xestores e/ou emprendedores que integrarán o proxecto serán mulleres.
Mocidade	O proxecto incentivará a presenza da mocidade, tanto no desenvolvemento das distintas iniciativas e actividades como no deseño das campañas de difusión, que terán a este grupo como principal foco receptor.
Outros colectivos	

G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

Efectos medioambientais	
Positivos	A posta en produción de terras agrarias abandonadas a través dos polígonos mellora o servizo ecosistémico de prevención de incendios, establecendo descontinuidades no territorio que axuden a frear a intensidade dos lumes. Ademais, o establecemento de plans de xestión multifuncional para os polígonos desenvolvidos mellora a biodiversidade e outros servizos ecosistémicos tales como a captura e almacenamento de CO ₂ , a polinización, e servizos de carácter cultural vencellados ao recreo, á saúde ou ao mantemento do patrimonio.
Negativos	O desenvolvemento de iniciativas empresariais de transformación e comercialización dos produtos xerados nos polígonos levará consigo un inevitable efecto negativo de aumento da contaminación. Sen embargo, tendo en conta que se busca completar os ciclos e acadar unha economía circular, compensaranse as emisións de CO ₂ derivadas dos procesos industriais a través da xestión multifuncional dos polígonos, tentando acadar a neutralización da pegada de carbono.
Cuantificación económica	A determinar durante o desenvolvemento do proxecto a través do cálculo de CO ₂ emitido polas iniciativas empresariais a desenvolver e a absorción e almacenamento por parte dos ecosistemas xestionados dentro dos polígonos.

G.2. PROPOSTA 2.

G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Denominación	
Modelo de Comunidades Enerxéticas	

Breve xustificación
Desenvolvemento dun modelo de Comunidades Enerxéticas vencellado ás Aldeas Modelo da comarca, no marco do proxecto Aldeas Intelixentes, para dar resposta ás necesidades sociais e un acceso xusto á enerxía, mellorar a calidade de vida do rural e avanzar na transición enerxética cara a modelos máis sostibles e eficientes.
O establecemento das Comunidades Enerxéticas pasa por impulsar a colaboración de tódolos axentes implicados na co-creación do modelo máis axeitado para cada casuística concreta, determinando o recurso enerxético local que mellor se adapte aos requirimentos e implicando á sociedade na toma de decisións, no desenvolvemento e xestión da comunidade.

G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Entidade tractora	
Denominación	Asociación Monteval GDR-9
Datos de contacto	asociacionmonteval@gmail.com 988590233
Sector e actividades	Grupo de Desenvolvemento Rural

Outras entidades participantes:				
Colaboración	Si		Non	
Público/Privada				
Entidade 1				
Denominación	Consellería de Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)			
Datos de contacto	infoagader@xunta.es 981 547 354			
Sector e actividades	Administración Pública			

Entidade 2	
Denominación	Concellos dentro do GDR-9 implicados
Datos de contacto	-
Sector e actividades	Administración Pública

Entidade 3	
Denominación	Axentes privados
Datos de contacto	A determinar durante o desenvolvemento do proxecto.
Sector e actividades	Residentes: - Persoas físicas con residencia nos lugares de desenvolvemento das Comunidades Enerxéticas. Persoas físicas, empresas ou asociacións interesadas: - Persoas físicas, empresas, asociacións, comunidades de montes, etc. que leven a cabo a súa actividade nos lugares de desenvolvemento das Comunidades Enerxéticas.

G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

Descrición da innovación	
Tipo de innovación	Descrición e xustificación
1. Produto	O proceso de desenvolvemento das Comunidades Enerxéticas leva implícita a selección do recurso enerxético local que mellor se adapte aos requirimentos de cada Aldea Modelo, segundo criterios de proximidade e de economía circular. Deste xeito, buscarase o aproveitamento de recursos que actualmente non están sendo explotados, procedentes da xestión activa da contorna da aldea e derivados das actividades agroforestais que inciden, ao tempo, na prevención fronte a lumes. Algúns recursos enerxéticos a valorar poden ser a biomasa xerada en plantacións forestais próximas ou residuos acumulados en explotacións agrogandeiras que teñan potencial de ser transformados en enerxía.
2. Procesos	O obxectivo de establecer un modelo de Comunidades Enerxéticas é precisamente garantir unha redución de custes para os membros da comunidade, tanto residentes como empresas asentadas nas Aldeas Modelo, sendo este un incentivo para a atracción de novos emprendedores que desenvolvan a súa actividade no rural. Ao desenvolverse con criterios de proximidade e economía circular, asegúrase ademais unha redución da contaminación e unha optimización nos recursos enerxéticos e naturais.

G.2.4. Ámbito xeográfico de actuación

Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	4 ou máis
Nº de núcleos de poboación (total)	4 ou máis

Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	Monterrei Cualedro Ríós A Gudiña Outros municipios con Aldeas Modelo en proceso de declaración.
Relación de núcleos de poboación (total)	Infesta Carzoá Pedrosa O Seixo Outras Aldeas Modelo que se declaren no proceso de desenvolvemento do proxecto e poidan ser incorporadas.

G.2.5. Obxectivos a conseguir:

Obxectivos xerais

- OX1. Mellorar as condicións e calidade de vida no rural.
- OX2. Garantir un acceso xusto á enerxía entre as comunidades rurais.
- OX3. Avanzar na transición enerxética cara a un modelo sostible.

Obxectivos específicos

- OE1. Constituír comunidades enerxéticas con capacidade para auto xestionarse nos municipios vencellados a Aldeas Modelo.
- OE2. Establecer sistemas autosuficientes de xeración de enerxía baseados nos recursos locais existentes.
- OE3. Crear oportunidades de inversión para cidadáns e negocios locais.

G.2.6. Actividades propostas:

Listaxe de actividades

Actividade	Descrición e xustificación
1. Identificación dos activos e posta en marcha do proxecto.	Para abordar a primeira fase do proxecto, contéplanse as seguintes accións: 1.1 Contacto aos axentes público-privados para involucralos no desenvolvemento do proxecto, contemplando: P1. Administración autonómica (Consellería de Medio Rural – AGADER). P2. Administracións locais (Concellos). P3. Axentes residentes nas Aldeas Modelo, asociacións e comunidades de montes que poidan estar interesados no desenvolvemento da Comunidade Enerxética. P4. Emprendedores e empresas interesadas en desenvolver novas oportunidades de negocio vencelladas ao Modelo de Comunidade Enerxética. 1.2 Celebración de xornada de presentación do proxecto con todos os axentes involucrados.

2. Formación, dinamización e co-creación do modelo de Comunidades Enerxéticas cos axentes implicados.	Para o proceso de co-creación do modelo de Comunidade Enerxética, será preciso dinamizar aos axentes, a través das seguintes accións: 2.1 Organización de sesións de formación en materia de Comunidades Enerxéticas, mostra de casos de éxito e visita a proxectos similares. 2.2 Realización de estudo sobre os recursos enerxéticos locais que máis se adaptan aos requirimentos do proxecto. 2.3 Determinación da viabilidade e sistemas de financiamento dispoñibles. 2.4 Desenvolvemento de xornadas participativas para co-deseñar o modelo de Comunidade Enerxética.
3. Definición do modelo xurídico da Comunidade Enerxética adaptado ao territorio.	Para poñer en marcha o modelo de Comunidade Enerxética, será preciso desenvolver as seguintes accións: 3.1 Acompañamento dos axentes para definición do modelo xurídico de Comunidade Enerxética máis axeitado á casuística concreta. 3.2 Constitución e tramitación da figura xurídica de Comunidade Enerxética, nos termos establecidos polos axentes implicados.

Descrición das actividades enumeradas

Actividade	Calendario													Participantes	
1.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	1.1	- ET, P1, P2, P3, P4
	2023	1.1	1.1	1.1	1.2									1.2	- ET, P1, P2, P3, P4
	2024														
	2025														
	2026														
2.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	2.1	- ET, P2, P3, P4
	2023				2.1	2.1	2.1	2.1	2.1	2.1	2.1	2.1	2.1	2.2	- ET, P1, P2
	2024	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.2	2.3	2.3	2.3	2.3	2.3
	2025	2.3	2.3	2.3	2.4	2.4	2.4	2.4	2.4	2.4				2.4	- P1, P2, P3, P4
	2026														
3.		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	3.1	- ET, P1, P2, P3, P4
	2023													3.2	- ET, P1, P2
	2024														
	2025										3.1	3.1	3.1		
	2026	3.1	3.1	3.1	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	3.2	

G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego:

Descrición dos resultados esperados		
Resultado 1. Figura xurídica da Comunidade Enerxética constituída e rexistrada.		
Descrición	Constitución da figura xurídica da Comunidade Enerxética, segundo o modelo definido e co-creado por todos os axentes implicados.	
Beneficiarios	Axentes residentes nas Aldeas Modelo, asociacións e comunidades de montes, emprendedores e empresas inversoras.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX1, OX2, OX3. Obxectivos específicos aos que responde: OE1.	

Resultado 2. Entre 1 e 2 recursos enerxéticos locais renovables aproveitados con criterios de economía circular.		
Descrición	Aproveitamento dos recursos enerxéticos locais que se consideren máis aptos e viables, segundo estudos correspondentes e proceso de co-creación con todos os axentes implicados, realizando unha medición das toneladas de CO2 neutralizadas no proceso.	
Beneficiarios	Axentes residentes nas Aldeas Modelo, asociacións e comunidades de montes, emprendedores e empresas inversoras.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX2, OX3. Obxectivos específicos aos que responde: OE1, OE2.	

Resultado 3. Redución en, cando menos, un 30% no gasto enerxético por parte dos membros da Comunidade Enerxética e xeración de 1 ou máis postos de traballo.		
Descrición	Aforro dun 30% ou máis no gasto enerxético dos residentes, emprendedores e empresas que forman parte da comunidade enerxética.	
Beneficiarios	Axentes residentes nas Aldeas Modelo, asociacións e comunidades de montes, emprendedores e empresas inversoras.	
Impactos esperados	Facturación (€)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
	Empregos (Nº)	A estimar no proceso de desenvolvemento do proxecto.
Outra información de interese	Obxectivos xerais aos que responde: OX1, OX2, OX3. Obxectivos específicos aos que responde: OE3.	

G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	Cando menos, a metade dos axentes xestores e/ou emprendedores que integrarán o proxecto serán mulleres.
Mocidade	O proxecto incentivará a presenza da mocidade, tanto no desenvolvemento das distintas iniciativas e actividades como no deseño das campañas de información, que terán a este grupo como un dos principais focos receptores.
Outros colectivos	-

G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

Efectos medioambientais	
Positivos	Unha Comunidade Enerxética ten entre as súas principais actividades a xeración de enerxía que proceda de fontes renovables (en réxime de autoconsumo compartido ou vertendo á rede para xerar beneficios comúns) e a mellora da eficiencia enerxética (tanto realizando investimentos como fomentando hábitos de consumo responsable). Todo isto ten uns efectos medioambientais positivos, contribuindo á transición enerxética e a unha xestión sostible dos recursos.
Negativos	Dependendo do modelo e do recurso seleccionado para a xeración de enerxía, poderán derivarse uns impactos medioambientais ligados ao proceso industrial. Estes impactos deberán ser cuantificados segundo proceda en cada caso e compensarse mediante outras actividades dentro da Comunidade Enerxética, planificando unha estratexia que tenda á neutralización das emisións de carbono.
Cuantificación económica	A determinar durante o desenvolvemento do proxecto a través do cálculo de CO2 emitido polos sistemas de xeración de enerxía seleccionados en base ao recurso enerxético máis apto, e a absorción e almacenamento por parte dos ecosistemas xestionados dentro da Aldea Modelo por parte dos membros da Comunidade Enerxética.